ANUARIO BRIGANTINO



2009 Nº 32



Arriba, Cantón Grande e Porta da Vila arredor de 1900. Foto: Francisco Javier Martínez Santiso.Abaixo, a desaparecida Ponte Nova quizais na década de 1940. Autor descoñecido.



ANUARIO BRIGANTINO

Historia - Arte - Literatura - Antropoloxía - Entidades culturais e deportivas - Acontecementos do ano - Administración Municipal

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité científico

Alfredo Erias Martínez (director)
Xosé Mª Veiga Ferreira (subdirector)
Xulio Cuns Lousa (secretario)

Fernando Alonso Romero
Manuel Ares Faraldo
Pablo Cancelo López
Concepción Delgado Corral
Mª Jesús Lorenzo Modia
Manuel Núñez Rodríguez
Xosé Ramón Barreiro Fernández
José Antonio Fernández de Rota y Monter
José García Oro
Antonio Meijide Pardo (†)
José Antonio Miguez Rodríguez (†)
Luis Monteagudo García
Carlos Pereira Martínez
Antonio Raúl de Toro
Xesús Torres Regueiro

Colaboradores técnicos:
Nadine Mary Couceiro Vicos
Alberto López Fernández
Ermita Rodríguez Pérez

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

2009 **nº 32**

Dos traballos asinados responden os seus autores; dos demais, a dirección do ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Excmo. Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais
Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña
Tlf. (981) 771946
anuariobrigantino@gmail.com
alfredoerias@gmail.com

Cuberta:
Porta do Lavadeiro das Cascas (Betanzos). Foto: Alfredo Erias.

Contracuberta:
Mes de Xuño no calendario medieval da igrexa de Santa María do Azougue, de Betanzos, Debuxo (e cromatismo hipotético) de Alfredo Erias.

Deseño da cuberta, composición e maqueta: Alfredo Erias.

Depósito legal: C-680/96
ISSN: 1130-7625
Imprime: LUGAMI -Betanzos-

O *Anuario Brigantino* é unha revista de investigación, editada polo Concello de Betanzos, que está considerada na categoría "C-Normal" segundo valoración do Ministerio de Cultura, e clasificada, así mesmo, pola UNESCO (080000, Multidisciplinares. Humanidades).

A presentación e a aceptación de traballos implica a cesión automática de dereitos de publicación por parte do autor, tanto en formato papel como en Internet. O *Anuario Brigantino* completo (desde 1948 ata hoxe) pode consultarse nas webs:

http://anuariobrigantino.betanzos.net
http://hemeroteca.betanzos.net

Ademais, intégrase nas bases de datos da BIBLIOTECA XERAL da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, accesible na páxina: **http://busc.usc.es**

Tamén aparece nas seguintes bases de datos: RISO e ISOC, esta realizada polo *«Centro de Información y Documentación Científica»* (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C; DICE (*«Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas»*); DIALNET (*«Portal de Difusión de la Producción Científica Hispana»*); RILM *Abstracts of Music Literature* (*Repertoire International de Litterature Musicale*); MIAR (*Matriu d'Informació per a l'Avaluació de Revistes*); LATINDEX (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); *Ulrich's Periodicals Directory*; REBIUN (Red de Bibliotecas Universitarias Españolas) Catálogo de Publicaciones Periódicas...



Ilma. Sra. Dona María Dolores Faraldo Botana

Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Betanzos

É un motivo de honra para min poder presentar este Anuario Brigantino 2009, nº 32, nun ano de plena crise económica, pero no que tamén fixemos entre todos o que puidemos para que Betanzos siga o seu rumbo e rexurda con forza o máis cedo posible. E así como o Globo destas festas de San Roque parecía que non ía subir, pero subiu, tamén agora sairemos cara arriba.


Sen entrar en outras consideracións, a actividade cultural seguiu o seu camiño coas *III Xornadas da Paisaxe Cultural do Noroeste*, o *XII Encontro de Bandas de Música*, as *Noites de Cine* no verán, o Festival Internacional de Títeres *Galicreques 2009*, o *II Festival Internacional de Cine Documental das Mariñas Xanela ao Mundo (XÓM)*, exposicións, teatro, actuacións musicais e moitas cousas máis, coma sempre. Cabe destacar tamén un feito insólito: a presentación de *Restauro: Revista Internacional del Patrimonio Histórico*, dirixida polo betanceiro, Juan María García Otero e que se edita en Betanzos para o mundo. ¡Noraboa!

Debo subliñar un acontecemento que se produciu a finais de ano e que xa está a ter transcendencia pública a través de Internet: a dixitalización da Hemeroteca Municipal e de outros fondos documentais do noso Arquivo. Agradezo á Consellería de Cultura e Turismo e tamén ó Consello da Cultura Galega a súa axuda.

O meu corazón está cos que se foron este ano e coas súas familias. Penso, por exemplo, en Dª Joaquina González García, neta de Don Juan García Naveira. E no que se refire ó mundo da cultura tivemos a perda de Carlos López García Picos, un dos músicos máis importantes da Galicia contemporánea. Tamén se foi o magnífico debuxante Eduardo Muñoz Vales. Lembramos a todos con agarimo.

E como de costume, agradezo á Deputación Provincial da Coruña, Banco Etcheverría, Caixa Galicia e Fundación Manuel Villuendas Pena a súa permanente axuda e, naturalmente, estendo o agradecemento ós autores, ó director, Alfredo Erias, ó subdirector, Xosé Mª Veiga e a todos os demais membros do Comité Científico e colaboradores técnicos.

PARABÉNS PARA TODOS!



Resumen por meses

Mes	Media diaria				Totales mensuales					
	Accesos	Archivos	Páginas	Visitas	Clientes	KBytes	Visitas	Páginas	Archivos	Accesos
May 2010	1732	536	138	41	3675	29897873	960	3178	12343	39841
Abr 2010	1801	589	144	47	4605	41849710	1434	4342	17670	54058
Mar 2010	1831	584	140	47	4981	47314527	1481	4367	18120	56784
Feb 2010	1716	556	129	45	4360	36304764	1284	3612	15570	48071
Ene 2010	1768	630	99	38	4525	52679276	1191	3086	19540	54825
Dic 2009	1763	598	125	41	4045	43327665	1299	3900	18538	54664
Nov 2009	1896	574	138	44	5059	47892646	1322	4142	17220	56887
Oct 2009	1707	570	105	35	4922	43670936	1112	3260	17683	52931
Sep 2009	1537	459	106	37	4267	38175311	1134	3201	13776	46116
Ago 2009	1274	375	87	35	3768	31858047	1114	2718	11632	39517
Jul 2009	1153	437	99	34	3083	30436997	958	2790	12249	32308
Totales						**443407752**	**13289**	**38596**	**174341**	**536002**

http://anuariobrigantino.betanzos.net

Estadísticas de uso para 11 meses (de xullo-2009 a maio-2010)

Se buscamos «Anuario Brigantino» en Internet atoparemos o seguinte: **«Aproximadamente 20.600 resultados»**

Acceso. Defínese como unha solicitude feita ó servidor WEB. É un acceso cada vez que un navegador require unha páxina HTML, a execución dun programa, a procura de bases de datos, unha imaxe ou un arquivo PDF. O número de accesos representa o total de requerimentos ó servidor, ós que este respostou. Nesta etapa houbo **536.002 accesos**.

Unha **Visita** son varios requerimentos feitos ó servidor WEB desde unha mesma dirección IP que non se distancien entre si máis de 30 minutos. Se un cliente require unha páxina ás 8:00 a.m. e solicita páxinas constantemente ata as 9:00 a.m., todo iso é unha visita, pero se consulta de novo ás 10:00, este novo requerimento contabilízase como unha nova visita. Nesta etapa houbo **13.289 visitas**.

Estas cifras falan claramente do impacto que ten o ***Anuario Brigantino*** no mundo gracias a Internet e explica a crecente presión por publicar nel. Esta política de apertura cultural coa maior liberdade posible, apoiada polo Concello e que ten como base as institucións culturais municipais (Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino), tivo a comezos de maio de 2010 outro fito histórico ó poñer a disposición de todo o mundo a web que contén toda a rica **Hemeroteca de Betanzos**. E nesa liña seguiremos. *Alfredo Erias*

http://hemeroteca.betanzos.net

ÍNDICE

Historia...

*Elmi greci e derivati, por LUIS MONTEAGUDO GARCÍA..... 10

*Novos gravados rupestres nas parroquias de Torres e Vilamateo -Concello de Vilarmaior- (I), polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS 11

*Descubrimiento en Galicia de un mapa estelar de hace cuatro mil años, por EMILIO FONSECA MORETON..... 31

* Aportaciones para una reinterpretación astronómica de Santiago de Compostela (El Dragón y el Libredón. Si te llamaras Pelagius o Teodomirus...), por ANTÓN BOUZAS SIERRA..... 47

*Intervención arqueolóxica no Castro de Chandebrito: avance de resultados, por LOIS LADRA e XULIA VIDAL IBÁÑEZ..... 93

*El folklore gallego sobre la viga de oro: su origen y significado, por FERNANDO ALONSO ROMERO..... 109

*Galicia y el Bierzo en el s. XV: DE PUENTES A FRONTERAS (Las luchas de los condes de Lemos por el dominio de El Bierzo) (II), por JOSÉ GARCÍA ORO y MARÍA JOSÉ PORTELA SILVA..... 125

*La casa da «Fonte Quintá» en San Esteban de Cos, por JOSÉ FRANCISCO SAAVEDRA RODRÍGUEZ..... 143

*Don Francisco de Aguiar y Seixas, por MANUEL ARES FARALDO..... 185

*Un clérigo, deputado nas Cortes de Cádiz de 1812, natural de Betanzos: Don Pedro Rivera e Pardo, por XESÚS ANDRÉS LÓPEZ CALVO..... 195

*De la beneficencia a la previsión organizada: Las Sociedades de Socorros Mutuos en Betanzos, por CARLOS M. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ..... 213

*Constancio Romeo Lasarte (1852-1917): un mestre laico na Coruña, por CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ e ANA ROMERO MASIÁ..... 225

*Sociedades de gando vacún no concello de Coirós, por MANUEL FIAÑO SÁNCHEZ..... 253

*Ilusiones y realidades: Betanzos, 1936, por MARTA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ 263

Arte, Literatura, Antropoloxía...

*O home que vomita ramas (*green man* ou home verde, Santiago o Verde), e algunhas figuras de resucitados da Galicia Medieval: reflexións a partir dalgúns casos, por ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ..... 285

*Vinganza heráldica contra Fernán Pérez de Andrade, por ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ..... 309

*El retablo mayor de la iglesia de Santiago de Ávila: aspectos

histórico-artísticos e iconográficos, por CARMEN MANSO PORTO y ABRAHAM RUBIO CELADA..... 321

*Emblemática y catequesis: el Catecismo explicado del Padre Daniel Llorente y Federico, por JOSÉ HERVELLA VÁZQUEZ..... 343

*Santiago de Compostela: lenguajes arquitectónicos y su reinterpretación en los primeros treinta años del siglo XX, por MÓNICA VÁZQUEZ ASTORGA.... 351

*Lavadeiro público gratuito de Betanzos, por JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ MOSQUERA..... 367

*El Palco de la Música de Betanzos, por ALBERTO ERIAS MORANDEIRA..... 383

*El Auto de Resurrección de Fisterra: análisis de una tradición dramática medieval, por CRISTINA MOURÓN FIGUEROA..... 407

*Juegos Florales de Galicia (I), por JOSÉ-DOMINGO VALES VÍA..... 433

*Nove poemas galegos e un conto de Salvador Golpe (1850-1909), por XESÚS TORRES REGUEIRO..... 465

*Figuras importantes de Betanzos no panorama cultural da primeira metade do século XX: Homenaxe a Salvador Mosteiro Pena, por CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL..... 489

*Poemas de un poeta hijo de gallegos, por CARLOS PENELAS..... 499

*Don José Fariña: un recuerdo en el XXV aniversario de su fallecimiento, por COTÉ ABARRATEGUI..... 509

*Prediccións populares do clima na provincia da Coruña (I), por LOIS VILAR HERMIDAS..... 511

Entidades culturais e deportivas...

*Fundación CIEC: Centro Internacional de la Estampa Contemporánea, 2009..... 525


*Outras entidades..... 535

Acontecementos do ano 571

*Pregón da Feira Franca Medieval, por XESÚS FRAGA..... 574

*Pregón das Festas Patronais de San Roque, por ANTOLÍN SÁNCHEZ PRESEDO 579

*Función do Voto, por MARIA DOLORES FARALDO BOTANA..... 583



ELMI GRECI E DERIVATI

1-5 Elmi ad apertura facciale rettangolare. Grecia insulare: 1 (Zurigo) €40 av. Cr. 2 (Berlino) 500 a. C. 3 Con incavo per l'orecchio (Vienna) 480 a. C. 4 A 5 pezzi, Magna Grecia? (Milano) 680 a. C. 5 A 6 pezzi, Olimpia, 660 a. C. 6-7 E. a pilo, 6 Cnossos M. R. II 1450-1400 a. C. 7 Puglia? 350 a. C. 8-17, 28 Famiglia corinzia. 8 Olimpia, 720 a. C. 9 (Vienna) 630 a. C. 10 Olbia, NE. Odesa col. de Mileto, 570 a. C. 11 Montelcone Spoleto (New York) 530 a. C. 12 (Londra) 530 a. C. 13 (Londra) 510 a. C. 14 Skyphos attico, 490 a. C. 15 Apulo, Carnia, 500 a. C. 16 Cretese, Axos, 520 a. C. 17 Corinto-attico, unguentario, 450 a. C. 18-27 Familia calcido-attica. 18 E. calcidese, anfora, 540 a. C. 19-21 E. Calcido-corinzi. 19 Olimpia. 500 a. C. 20 (Londra). 490 a. C. 21 Caltanisetta, Sicilia (Milano) 480 a. C. 22 Attico-etrusco, Todi, 490 a. C. 23 Calcido lucano (M. Poldi Pezzoli, Milano) 470 a. C. 24 Fregio del Partenone, 437 a. C. 25 Etrusco-perugino, Perugia-Frontone, 380 a. C. 26-27 Sannito-Lucani 26 Capua, pittura tombale 350 a. C. 27 Paestum, 330 a. C. 28 E. corinto-etrusco, Orvieto, 530 a. C.—*Disegno e studio del Prof. L. Monteagudo, Univ. di S. Jacomo di Compostella.*

*** Luis Monteagudo García** fue director del Museo Arqueológico de A Coruña y, hoy día, es miembro del *Deutsches Archäologisches Institut* de Berlín, colaborador de *Prähistorische Bronzefunde* y correspondiente de la Real Academia de la Historia.

Mientras los años corren a toda velocidad y esta magna obra del autor, la de los cascos griegos y derivados, no se llega a publicar, sirva esta reedición de una rara tarjeta suya como homenaje al arqueólogo más internacional de Galicia y, desde luego, al mejor dibujante arqueológico de toda nuestra historia.

Novos gravados rupestres nas parroquias de Torres e Vilamateo -Concello de Vilarmaior- (I)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

De novo a localización dunha cantidade importante de inéditos gravados de arte rupestre en Vilarmaior (NL da provincia da Coruña), e máis concretamente ás parroquias de Torres e Vilamateo, veñen a converter a este pequeno concello nun referente dentro da arte rupestre galega.

Abstract

Once more the finding of an important quantity of previously unknown cave drawings in Vilarmaior (N.E. of the province of Coruña), and more particularly the parishes of Torres and Vilamateo, make this small area a reference within Galician cave drawings.

Como xa indicabamos á finalización do artigo do ano pasado, a falta de tempo fixo que non fora posible a publicación de tódolos gravados atopados por aquel entón. Un ano máis tarde engadimos a localización dunha importante cantidade de novos gravados rupestres que veñen a completar o *«corpus»* deste pequeno concello.

Este artigo é, por tanto, a continuación dos traballos desenvolvidos pola nosa Asociación na última década no concello de Vilarmaior, e, neste caso, centrado nas parroquias de San Xurxo de Torres e a de Santiago de Vilamateo.

Se ben no 2008[1] o traballo centrouse case exclusivamente no Monte do Castro e Monte da Calvela (parroquia de Torres), no presente fixemos un repaso a esta mesma zona coa aparición de novos paneis, e intensificamos o noso traballo entre estes montes e os denominados Monte Grande[2] e Penedo do Boi[3]; que é onde localizáramos os primeiros petroglifos deste concello. A pesares de ser as zonas máis habitadas e, por tanto, onde máis se deixou sentir a man do home, os resultados non deixan de ser sorprendentes unha vez máis.

Este traballo ó igual que o anterior, realizouse coa colaboración e supervisión da empresa Adóbrica Arqueoloxía, e foi financiado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

SITUACIÓN XEOGRÁFICA

Vilarmaior é un pequeno concello duns 30 km² que se sitúa na área xeográfica das Mariñas orientais. As parroquias onde se centrou o traballo son a de San Xurxo de Torres, situada ó SL do concello, cunha superficie de 4,26 km² e a de Santiago de Vilamateo,

---

* A **Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos»** constituíuse en Ferrol en 1991, ten por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

1 GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS, «O monte da Calvela: unha estación rupestre singular no concello de Vilarmaior», *Anuario Brigantino, nº 31*, 2008: 11-32.

2 G.A.T.T., «Gravados rupestres en San Xurxo de Torres (Vilarmaior, A Coruña)», *Anuario Brigantino nº 22*, 1999: 21-34; e «Gravados rupestres na comarca do baixo Eume», *Anuario Brigantino nº 26*, 2003: 51-76.

3 G.A.T.T., «Gravados rupestres .....», Opus cit., *Anuario Brigantino nº 26*, 2003: 51-76.

situada ó S/SO do concello con 5,55 km^2. O seu clima pode englobarse no dominio oceánico-húmido propio da costa setentrional galega. No aspecto litolóxico está composto por rochas de xistos, granitos gnéisicos e granitos granulados de dúas micas, nestes últimos é onde se atopan os gravados.

SAN XURXO DE TORRES

Como xa indicamos nos traballos anteriores é unha parroquia situada na parte SL do concello. Linda polo N con Vilachá (Monfero) e Doroña, polo L con Vilachá (Monfero), polo S con Vilamateo e polo O coas de Vilarmaior e Callobre (Miño). Na zona oriental da parroquia é onde se atopan as maiores altitudes (Seixo Grande e Monte do Seixo), que é precisamente onde localizamos no ano 1999[4] os primeiros paneis de gravados rupestres desta parroquia, un total de sete, xunto con outro localizado na zona baixa de cultivo (estación de Rego de Pazos).

Posteriormente, no 2008[5], localizamos na parte occidental da parroquia (Monte do Castro e Monte da Calvela), un total de trinta e un paneis de gravados, que xa por si conformaban un conxunto moi importante. Sen embargo, e a pesares da intensidade coa que fora realizado no seu día ese traballo, este ano ampliamos os paneis denominados Calvela-2 e Calvela-4 có achado dunha magnífica figura que describiremos posteriormente e sete novos paneis de gravados na zona de Monte do Castro e Chousa do Montañés.

Así pois este ano o esforzo centrouse en poder unir a zona occidental e a oriental da parroquia, separadas entre si apenas 1,5 km; engadíndose o condicionante de ser a zona máis alterada pola man do home, xa que nela se concentran as terras de labor e os núcleos poboacionais. Aínda así localizáronse oito novos paneis que fan que a día de hoxe existan nesta parroquia un total de cincuenta e catro paneis con gravados (Fig.1).

Para unha mellor comprensión do texto empezaremos a describir os localizados na zona de Monte do Castro e Monte da Calvela por pertencer dalgún xeito á zona xeográfica do traballo do 2008, para continuar có resto da parroquia seguindo unha liña de N-S, numerando os novos paneis e sinalando cunha letra aqueles que sexan unha revisión ou ampliación dun panel xa publicado.

1) Cainzo-2 (Coordenadas xeográficas 08º 07'27,69" – 43º 21'09,66" e UTM 570966-4800440, cota de altitude 300 m). Trátase dun afloramento orientado ó S, cortado polo SL e na zona central polos traballos de cantería. Ten unhas dimensións totais de 4,50 N-S x 9 L-O x 1,5 m de altura polo S. Na parte NL localizamos catro semicírculos, dous deles con cazoleta central; dúas combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros, un deles con cazoleta central e suco de saída; e un total de sete cazoletas de diferentes diámetros. Mentres que na parte SO localizamos unha combinación de círculos concéntricos de dous aros con saídas laterais paralelas ó suco de saída central; unha figura cuadrangular con esquinas redondeadas e divida en dous por un trazo central; un semicírculo con suco de saída, os restos de tres combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros; e tres cazoletas, das que dúas delas están unidas por un trazo.

2) O Castro-1 (Coordenadas xeográficas 08º 07'26,05" – 43º 20' 35,22" e UTM 571014 – 4799378, cota de altitude 265 m). Tanto este panel como o seguinte encóntranse situados

4 G.A.T.T., «Gravados rupestres…. », Opus cit., A*nuario Brigantino nº 22*, 1999: 21-34; e *Anuario Brigantino nº 26*, 2003: 51-76.

5 G.A.T.T., «O Monte da Calvela…», Opus cit., *Anuario Brigantino nº 31*, 2008: 11-32.




Fig. 1.- Mapa de situación dos gravados rupestres nas parroquias de Torres e Vilamateo.

na aba L do Castro de Torres, a uns 60 m da muralla da croa. O afloramento está orientado ó L e ten unhas dimensións de 6 N-S x 5,50 L-O x 0,50 m de alto polo S. Nel represéntanse dous semicírculos e unha gran combinación de círculos concéntricos de tres aros interrompidos polo NO, ten cazoleta central e un suco de saída que forma unha figura cuadrangular. No SO da pedra hai catro semicírculos, dous deles con cazoleta central, que se encontran entrelazados formando unha soa combinación.

3) O Castro-2 (Coordenadas xeográficas 08º 07’25,69" – 43º 20’35,44" e UTM 571022 – 4799385, cota de altitude 265 m). O panel está situado 8 m ó NL do anterior. Ten unhas dimensións de 2,50 N-S x 4 L-O x 0,30 m de altura polo S. Nel podemos ollar un semicírculo con cazoleta central, un pequeno círculo, tamén con cazoleta central, unha cazoleta simple, e un gravado de época histórica «M1», que en principio nada ten que ver cun linde parroquial ou de concellos.

A) Calvela-2 (Coordenadas xeográficas 08º 07’44,4" – 43º 20’26,9" e UTM 570603 – 4799117, cota de altitude 230 m). Trátase dunha ampliación do panel publicado en 2008[6], composto de «...catro combinacións de círculos concéntricos de entre 24 a 28 cm de

6 G.A.T.T., «O Monte da Calvela…», Opus cit., *Anuario Brigantino nº 31,* 2008: 19-20.




Fig. 2.- Conxunto de gravados de Calvela-4.

Foto 1.- Nova figura antropomorfa de Calvela-4. Foto: José M. Salgado.





Foto 2.- Conxunto de gravados de Calvela-4. Foto: José M. Salgado.

diámetro, de dous e tres aros, todas elas con cazoleta central e suco de saída, un deles de grandes dimensións que recorre case toda a pedra de O-L; dous círculos con cazoleta central e suco de saída; un semicírculo con cazoleta central e doce cazoletas.» A zona que agora ampliamos está situada ó O da anterior, e trátase dunha laxe de 1,60 N-S x 8 m de L-O. Na súa parte central podemos observar: unha combinación circular en forma de oito, da que sae na parte inferior un suco que a une a un pequeno círculo con cazoleta central; unha figura de forma triangular con un suco de saída; unha cazoleta e dous pequenos semicírculos con cazoleta central.

B) Calvela –4 (Coordenadas xeográficas 08º 07'43,8" – 43º 20'24,8" e UTM 570617 – 4799052, cota de altitude 222 m). O afloramento está formado na actualidade por tres rochas cunhas dimensións totais de 1,60 de N-S x 4,20 m de L-O (Fig.1 - Foto 2). Trátase dunha ampliación do panel publicado no 2008[7], que constaba de: «...unha figura antropomorfa de forma esquemática, moi inusitada de 70 cm de alto, con un motivo cuadrangular asociado e un círculo inacabado con cazoleta central e suco de saída.». Agora engadimos na rocha central unha cazoleta con suco de saída e os restos dunha combinación circular de dous semicírculos con dúas saídas laterais. Na rocha situada máis ó O destes gravados ollamos unha das figuras máis interesantes das localizadas ata a data neste concello (Foto 1). Trátase dunha figura cunhas dimensións de 1 m N-S x 0,75 m L-O, está tallada en distintas alturas e relevos, cunhas bacías interiores que serven para realzar e unir os diferentes gravados dos que consta. O conxunto resultante é unha figura moi elegante e simétrica, que ben puidera ser unha representación antropomorfa aínda que outros queren ver nela unha deidade.

7 G.A.T.T., «O Monte da Calvela…», Opus cit., *Anuario Brigantino nº 31*, 2008: 20.




Fig. 3.- Vista xeral dos gravados de Chousa do Montañés-12.

Chousa do Montañés: Á localización de catro novos paneis con gravados foi posible grazas á limpeza das dúas fincas que quedaban entre os paneis de Chousa Montañés 1 a 3, e os paneis 4 a 9 publicados en 2008[8].

4) Chousa do Montañés-10: (Coordenadas xeográficas 08º 07'49,92" – 43º 20'16,94" e UTM 570505 – 4798809, cota de altitude 200 m). Trátase de dúas pequenas pedras orientadas ó O. Están situadas 25 m ó NNO do panel de Chousa Montañés-9. A inferior ten unhas dimensións de 4,50 NNO-SSL x 1,20 m L-O, na que se representa unha pequena combinación de tres círculos concéntricos con cazoleta central e, posiblemente, os restos doutra combinación hoxe en día non identificable debido á erosión e á alta alteración que sofre o granito. A pedra superior cunhas dimensións de 2 N-S x 1,20 m L-O, amósanos dúas cazoletas, un semicírculo simple e outro con cazoleta central.

5) Chousa do Montañés-11: (Coordenadas xeográficas 08º 07'48,46" – 43º 20'18,05" e UTM 570515 – 4798843, cota de altitude 203 m). Está situado 35 m ó NL do panel anterior. Trátase dunha pedra orientada ó O cunhas dimensións de 4 N-S x 3,60 m L-O, nela podemos ollar unha pequena combinación de dous semicírculos con cazoleta central e outra combinación situada nun teto da pedra que consta de dous semicírculos con dúas saídas laterais.

6) Chousa do Montañés-12: (Coordenadas xeográficas 08º 07'51,52" – 43º 20'18,49" e UTM 570446 – 4798856, cota de altitude 184 m). Está situado no fondal dunha finca, preto do regacho de Monduriz, a 70 m ó O do panel anterior. Trátase dunha gran rocha a ras do chan polo L formando unha prolongación da aba do monte e cunha caída case vertical polo O. O afloramento ten unhas dimensións de 10,50 N-S x 5 L-O x 2 m de alto polo O. Nela podemos ollar dous grupos de gravados, separados entre si por unha zona gretada L-O, na parte central da rocha (Fig.3). Sector sur: nel aparecen representados oito círculos; dous deles simples e o resto con cazoleta central e suco de saída. Seis combinacións de círculos concéntricos de dous e catro aros, todas elas con cazoleta central e suco de saída. Na parte central deste sector debemos destacar un círculo con cazoleta central, que ten dous sucos de saída; o orientado ó O, ten preto de 1,30 m de longo e une este círculo con outro semicírculo e coa combinación de círculos concéntricos máis grande deste sector, que ten 35 cm de diámetro con catro aros, e que, á súa vez, ten un suco de saída cara ó O de preto dun metro de longo, no que se asocian motivos rectangulares e cuadrangulares. Tamén dende as combinacións situadas máis ó S parte unha raia duns 2,50 m de longo que recorre a práctica totalidade do sector cara ó N, ata unirse cunha combinación de círculos concéntricos de tres aros (Foto 3).

8 G.A.T.T., «O Monte da Calvela…», Opus cit., *Anuario Brigantino nº 31*, 2008: 21-30.



Foto 3.- Gravados do sector S, Chousa do Montañés-12. Foto: José M. Salgado.

Foto 4.- Gravados do sector N, Chousa do Montañés-12. Foto: José M. Salgado.



Sector norte: separado do anterior 3,50 m. Nel represéntanse catro combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros; catro círculos, tres deles con suco de saída e tan só dous con cazoleta central, e outra combinación circular con dúas saídas laterais. Tanto neste sector como no anterior existen un pequeno círculo con cazoleta central e suco de saída, na cornixa situada antes da caída da pedra (Foto 4).

7) Chousa do Montañés 13: (Coordenadas xeográficas 08º 07'51,24" – 43º 20'18,05" e UTM 570452 – 4798873, cota de altitude 186 m). Formado por dúas pedras, está separado 12 ó N do panel anterior (Fig. 4).

A pedra superior, cunhas dimensións de 6,65 N-S x 3,60 m L-O, ten unha parte plana na que se concentran a maioría dos gravados e unha forte inclinación ó O na que non ollamos ningún gravado. Nela represéntanse, cinco combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros, con cazoleta central, catro delas con suco de saída. Entre elas tamén ollamos outros tres semicírculos e dúas cazoletas. Todos estes motivos están moi concentrados na parte superior da pedra, como xa dixemos, pero un pouco máis separado cara ó S, hai unha cazoleta e o que puidera ser a representación dunha figura en forma de tridente. É posible que sexa un cadrado inacabado (Foto 5).




Fig. 4.- Vista xeral do panel Chousa do Montañés-13.

Salientar que tamén na parte alta, da pedra hai varias «cazoletas» producidas polas cadeas empregadas para realizar a limpeza do monte.

A pedra inferior está situada ó O da anterior, ten forma de socalco e é continuidade do panel Chousa do Montañés –12. Ten unhas dimensións de 3,60 N-S x 1,80 L-O x 1,70 m de alto polo O. Nela podemos ollar na actualidade un pequeno círculo con suco de saída que o une a unha cazoleta; e unha combinación de círculos concéntricos de 56 cm de diámetro, que na actualidade nos amosa parcialmente tres aros. Esta combinación ben puidera ser un labirinto, a xulgar polas voltas cara o interior que fan o segundo e o terceiro aro. Pero esta hipótese na actualidade é indemostrable, xa que o interior da combinación está totalmente alterado.

8) Coto da Fraga: (Coordenadas xeográficas 08º 06' 26,07" - 43º 20' 54,79" e UTM 572358 – 4799996, cota de altitude 315). Trátase dun afloramento orientado ó O fragmentado en 3 partes, cunhas dimensións totais de 4,50 N-S x 4,50 L-O x 1 m de alto, situado nunha pradería. Nel ollamos unha pequena combinación circular con cazoleta central e suco de saída; hai outra pequena figura de difícil interpretación e restos doutra maior. No resto da pedra hai sete cazoletas de diferentes diámetros.

Bordello: nesta zona foron localizados catro paneis moi cerca do lugar de Eirexa, á esquerda da pista que vai dende ese lugar ó Monte Grande.

9) Bordello-1: (Coordenadas xeográficas 8º 06' 45,08'' - 43º 20' 48,97'' e UTM 571932 – 4799812, cota de altitude 272 m). Os gravados están na parte alta dun afloramento cunhas dimensións totais de 5,50 N-S x 3 L-O x 2 m de alto polo O. Nel represéntanse unha combinación de círculos concéntricos de dous aros incompletos; un semicírculo, un círculo simple, dúas pequenas combinacións circulares con cazoleta central, unha delas con suco de saída; e espalladas polo afloramento catro cazoletas de diferentes diámetros.

10) Bordello-2: (Coordenadas xeográficas 08º 06'45,30 – 43º 20'48,97" e UTM 571927 –4799812, cota de altitude 273 m). Está apartado 11 m ó L do panel anterior. Trátase do panel máis grande deste grupo, o afloramento descende gradualmente cara ó S, cunhas dimensións totais de 8 N-S x 8 m L-O (Fig. 5). Debido á súa extensión dividirémolo en tres sectores:

Sector N: (Na parte superior do afloramento) A representación maioritaria son as cazoletas, cun total de trinta e sete. Os diámetros das mesmas oscilan entre os 5 e 16 cm. Tamén podemos ollar tres círculos, dous deles con cazoleta central. Dous semicírculos, e parte dunha combinación de círculos concéntricos de tres aros, interrompidos por varios trazos rectilíneos de difícil interpretación.

Sector Central e S: (Na parte máis inclinada do afloramento) Represéntanse seis cazoletas, seis círculos (cinco deles con cazoleta central); tres semicírculos, unha figura rectangular, unha combinación de círculos concéntricos de catro aros con cazoleta central, outra combinación de círculos concéntricos moi estragada que está asociada a unha figura reticular de grandes proporcións que, probablemente, sexa de época posterior. Tamén aparece unha combinación de círculos concéntricos de dous aros nun teto exento do afloramento.






Fig. 5.- Vista xeral dos gravados Bordello-2.

Sector O: Nela hai unha combinación de círculos concéntricos de dous aros con cazoleta central e suco de saída, todo elo gravado moi profundo; dous semicírculos con cazoleta central, e doce cazoletas espalladas por todo este sector.

11) Bordello-3: (Coordenadas xeográficas 08º 06'44,60 – 43º 20'48,74" e UTM 571943 – 4799805, cota de altitude 273 m). O afloramento atópase a 9 m ó L do panel anterior, ó outro lado dun valo de pedras. Trátase dun pequeno afloramento a ras de chan cunhas dimensións de 2,50 N-S x 0,65 m de L-O. Nel tan só ollamos unha representación dun semicírculo con cazoleta central e suco de saída que remata en forma de cruz

12) Bordello-4: (Coordenadas xeográficas 08º 06'46,50" – 43º 20'52,26" e UTM 571889 – 4799913, cota de altitude 270 m). O afloramento sitúase uns 100 m ó N do panel 1 e 2. É unha pedra orientada ó O moi estragada e erosionada, cunhas dimensións de 3,80 N-S x 5 m de L-O, nel represéntanse dúas cazoletas e tres pequenos semicírculos moi erosionados de un e dous aros, todos eles con cazoleta central.

13) Roza Nova: (Coordenadas xeográficas 08º 06'39,68" – 43º 20'44,36" e UTM 572055 – 4799671, cota de altitude 290 m). É un afloramento orientado ó SSO, cunhas dimensións de 3,20 N-S x 3,80 L-O x 0,80 m de alto polo SO. Nel están representadas unha combinación circular con cazoleta central e suco de saída; unha combinación de círculos concéntricos de dous aros; unha figura cuadrangular de difícil interpretación é seis cazoletas.

14) Tras da Igrexa/Feira Nova: (Coordenadas xeográficas 08º 06'48,98" – 43º 20'37,46" e UTM 571848 – 4799456, cota de altitude 260 m). Trátase dun pequeno afloramento a ras de chan orientado ó O, cunhas dimensións de 2 N-S x 1,20 m L-O. Nel tan só se representan sete cazoletas de diferentes diámetros.

15) Pena Cadeira: (coordenadas xeográficas 08º 05'27,18" – 43º 20'38,73" e UTM 573689 – 4799525, cota de altitude 321 m). Atópase nunha rocha a rentes dun camiño, cunhas medidas totais de 5,50 N-S x 10 L-O x 1 m de altura. A parte superior da mesma está totalmente ocupada por pías naturais que a xente utilizaba para sentarse, de aí o seu nome de «Cadeira», o resto do afloramento está así mesmo moi alterado, agás unha pequena zona situada ó O, que é onde están os gravados. Nela hai seis cazoletas e unha pequena combinación circular con cazoleta central e suco de saída.

SANTIAGO DE VILAMATEO

É a parroquia situada na parte SL do concello. Linda polo N coa de Torres e San Fiz de Monfero, polo L con San Fiz de Monfero, polo S con San Tirso de Ambroa (Irixoa) e polo O coas parroquias de Torres e San Cristovo de Guimil (Vilarmaior). Na zona oriental da parroquia é onde se atopan as maiores altitudes: aba do Monte Grande e a Pena Francisca (264 m).

Os primeiros gravados desta parroquia foron localizados no ano 2003[9], dous na zona denominada Penedo do Boi e un na zona do Regueiro. Posteriormente no ano 2008[10], localizáronse outros catro paneis nunha parte do Monte da Calvela, que pertence a esta parroquia. Sen embargo a densidade de gravados na parroquia veciña, que comparte o mesmo filón e extracto granítico, fixo que empregaramos o noso esforzo na localización de máis gravados nesta parroquia. Ó igual que sucedera con San Xurxo de Torres os resultados aquí obtidos son máis que salientables: a ampliación dos paneis Penedo do Boi-2 e do Regueiro, e a localización de dezaseis novos paneis, co que esta parroquia conta na actualidade cun total de vintetrés.

Anido: É a parte máis noroccidental da parroquia, e por tanto a máis próxima ó Monte da Calvela. Nela encontramos catro pequenos afloramentos disgregados e utilizados como canteira.

16) Anido-1: (Coordenadas xeográficas 08º 07'13,81" – 43º 20'21,61" e UTM 571294 – 4798961, cota de altitude 238 m). Trátase de catro pequenas pedras situadas na parte máis alta dun outeiro, que foron utilizadas como canteira. En cada una delas podemos ollar entre dúas e tres cazoletas, excepto na situada máis abaixo (ó L) na que poden ollarse catro cazoletas e un pequeno círculo de 13 cm de diámetro con cazoleta central.

17) Anido-2: (Coordenadas xeográficas 08º 07'15,67" – 43º 20'15,78" e UTM 571254 – 4798781, cota de altitude 216 m). É un pequeno afloramento utilizado como canteira e cortado polo L. Ten unhas dimensións totais de 0'90 N-S x 2,40 L-O x 1,20 m de alto polo S. Nel podemos ollar un pequeno círculo con cazoleta central e suco de saída; e un pequeno semicírculo con cazoleta central.

18) Anido-3: (Coordenadas xeográficas 08º 07'13,91" – 43º 20'15,19" e UTM 571294 – 4798763, cota de altitude 209 m). É un pequeno afloramento situado 50 m ó SL do panel anterior. Ten unhas dimensións de 1 N-S x 1,70 L-O x 0,80 m de alto polo S e polo L. Nel podemos ollar, ó igual que no anterior, un pequeno círculo e un semicírculo con cazoleta central.

19) Anido-4: (Coordenadas xeográficas 08º 07'13,86" – 43º 20'14,96" e UTM 571295 – 4798756, cota de altitude 208 m). Trátase dun pequeno afloramento situado 11 m ó SL do panel anterior, cunhas medidas de 2 N-S x 1 L-O x 0,70 m de alto polo L. Nel hai unha combinación de círculos concéntricos de dous aros, con bacía central e un suco que a

9 G.A.T.T., «Gravados rupestres…», Opus cit., *Anuario Brigantino nº 26*, 2003: 51-76.
10 G.A.T.T., «O Monte da Calvela…», Opus cit., *Anuario Brigantino nº 31*, 2008: 30-31.




Fig. 6.- Vista xeral do panel Anido-



Foto. 6.- Vista xeral do panel

atravesa totalmente, e da que penden por un lado unhas figuras cuadrangulares, mentres que do outro extremo do suco hai un trazo rectilíneo que o une cun pequeno semicírculo con cazoleta central. Algo máis separado, tamén podemos ollar unha figura de forma triangular e unha cazoleta (Fig.6 - Foto 6).

Chousa do Monte: Trátase dunha zona moi interesante na que foron localizados ata o de agora tres paneis con gravados. Posiblemente haxa algún máis, xa que non puido ser prospectada na sua totalidade debido á densa vexetación.

20) Chousa do Monte-1: (Coordenadas xeográficas 08º 06'45,08" – 43º 20'15,81" e UTM 571943 – 4798789, cota de altitude 273 m). É o afloramento máis grande deste grupo cunhas dimensións totais de 8 N-S x 13 m L-O, está orientado maioritariamente ó S. Debido a súas grandes dimensións describirémolo en dous sectores.

Sector NNL: podemos ollar ata un total de vinte cazoletas de diferentes diámetros, das que destacan dúas delas na zona máis ó L da pedra, que están unidas entre si por unha canle. Catro combinacións de círculos concéntricos de dous aros, tres deles con cazoleta central; tres círculos con cazoleta central e dous semicírculos con cazoleta central unidos entre si por un suco.

Sector SL/SO, nel hai representadas, cinco cazoletas e cinco combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros. A situada máis ó O está aproveitando un teto da pedra, a súa parte central está plana e ten suco de saída (Foto 7). Das situadas cara ó L: unha delas ten cazoleta central e suco de saída que a conecta cunha pía; mentres que outra situada tamén nun teto da pedra ten un suco que a une ca situada máis o L. Na mesma zona hai varios trazos de difícil interpretación (Foto 8).

Foto 7.- Combinación de círculos concéntricos que aproveita unha protuberancia da pedra no sector O de Chousa do Monte-1. Foto: José M. Salgado.



21) Chousa do Monte-2: (Coordenadas xeográficas 08º 06’44,90" – 43º 20’15,42" e UTM 571947 – 4798777, cota de altitude 271 m). É unha prolongación do afloramento anterior é está situado 13 m ó SL. Ten unhas dimensións de 2 N-S x 4 m L-O, nel tan so podemos ollar seis cazoletas de diferentes diámetros.

22) Chousa do Monte-3: (Coordenadas xeográficas 08º 06'46,57" - 43º 20'14,14" e UTM 571910 - 4798737, cota de altitude 268 m). É un afloramento orientado ó O, situado uns 70 m ó SO do panel Chousa do Monte-1. Ten unhas dimensións totais de 6,30 N-S x 4 m L-O. Nel atopamos unhas representacións diferentes as atopadas ata o de agora neste concello: na parte superior da pedra hai un pequeno círculo con cazoleta central; tres cazoletas, unha delas con suco de saída que vai enlazar cunha figura axadrezada formada por trece cadrados. Ó O dela hai outra figura de forma rectangular dividida en dúas por un trazo horizontal. Ningunha delas debería formar parte dun tableiro de xogos, xa que foron gravadas nun plano inclinado da pedra.

Na parte inferior da pedra hai representada unha cazoleta e unha pequena combinación de difícil interpretación formada por un círculo con cazoleta central do que saen tres sucos, dos cales o central remata en cazoleta (Fig. 7).

Lugarexo: Esta zona esta situada ó S da anterior e é continuación da mesma. Xunto coa de Penedo do Boi é unha das máis interesantes desta parroquia. Está composta por catro afloramentos, todos eles con claras sinais de traballos de extracción de pedra. Están situados á esquerda da estrada que vai cara ó lugar de Lobeiras. Posiblemente haxa algún máis, xa que parte da zona non puido ser prospectada debido á densa vexetación.

Foto 8.- Gravados no sector SL de Chousa do Monte-1. Foto: José M. Salgado.



23) Lugarexo-1: (Coordenadas xeográficas 08º 06'39,60" – 43º 20'13,37" e UTM 572067 – 4798715, cota de altitude 260 m). É un pequeno afloramento con forma de batolito, con claras sinais de extracción de pedra. Na parte superior ten unha pía natural e ó redor dela pódense ollar oito cazoletas de diferentes diámetros.

24) Lugarexo-2: (Coordenadas xeográficas 08º 06'39,73" – 43º 20'13,60 e UTM 572064 – 4798722, cota de altitude 261 m). Trátase dun afloramento situado a 9 m do anterior en dirección NO, e ten unhas dimensións totais de 4,50 N-S x 6 m L-O. Ten sinais de ter servido como canteira polo SL. Os gravados que se conservan sitúanse ó N da pedra, xunto a un sendeiro. Nela vemos unha combinación de círculos concéntricos de 35 cm de diámetro con tres aros e tres sucos de saída. Preto dela unha figura en forma de «D» e unha cazoleta.




Fig. 7.- Conxunto de gravados de Chousa do Monte-3.

25) Lugarexo-3 (Coordenadas xeográficas 08º 06'39,37" – 43º 20'14,08 e UTM 572072 – 4798737, cota de altitude 264 m). Está situado a 20 m do anterior en dirección NNL. Trátase dun afloramento orientado ó O, cunhas dimensións de 6,50 N-S x 3 L-O x 0,80 m de alto polo O, a ambos lados da pedra existían dous batolitos dos que tan so se conserva parte do situado ó SL, aínda con claras sinais de traballos de cantería (Fig. 8).

É unha das pedras máis interesantes desta parroquia. Á maioría dos gravados localízanse na parte NO da mesma. Nela podemos ollar oito combinacións de círculos concéntricos de dous a catro aros, que chegan alcanzar os 42 cm de diámetro. Todas elas con cazoleta ou bacía central, e a maioría delas con suco de saída, que nalgún caso alcanza preto de 1,50 m de longo. Enmarañados no medio destas combinacións ollamos unha figura en forma de oito; seis círculos con cazoleta central; doce semicírculos, a maioría deles con cazoleta central e suco de saída; un cruciforme e catorce cazoletas (Fotos 9 - 10). No resto da pedra a única figura representada son as cazoletas, cun total de vinteseis, agás no batolito do SL no que tamén podemos ollar polo O dous semicírculos con cazoleta central .



Fig. 8.- Vista xeral do panel Lugarexo-3.





Fotos 9-10.- Conxunto de gravados de Lugarexo-3. Fotos: José M. Salgado.

26) Lugarexo-4: (Coordenadas xeográficas 08º 06'39,23" – 43º 20'14,60 e UTM 572075 – 4798753, cota de altitude 265 m). Trátase tamén dun gran afloramento roto e utilizado como canteira, ó igual que sucede con tódolos desta zona. Está situado a 12 m ó N do anterior e ten unhas medidas totais de 7,50 N-S x 9,20 m L-O. A maioría dos gravados encóntranse orientados ó S, aínda que na parte máis alta oriéntanse ó SO. Nel podemos ollar 3 pequenas combinacións de círculos concéntricos con cazoleta central e suco de saída, que nun dos casos se converte en cruciforme; oito pequenos círculos e semicírculos dos cales sete teñen cazoleta central; unha figura de dous pequenos semicírculos con cazoleta central e suco de saída, bordeados por un trazo periférico que os engloba. Espalladas pola pedra hai tamén trece cazoletas.

C) Regueiro: (Coordenadas xeográficas 08º 06'29,71" – 43º 20'19" e UTM 572288 – 4798891, cota de altitude 277 m). O afloramento está situado á esquerda dun vello camiño, ten unhas dimensións totais de 6 N-S x 7 m L-O. Como xa dixemos, trátase da revisión dun panel publicado no 2003[11] no que diciamos «... ten varias cazoletas, e moi esvaecido, un círculo simple con cazoleta central.». Na actualidade a parte que conserva os gravados é a máis baixa e está situada ó SO. Nela aparecen representadas dez cazoletas e tres pequenas combinacións circulares moi esvaecidas, de un e dous aros con cazoleta central, e unha delas con suco de saída.

Penedo do Boi: Desta zona foron publicados dous paneis no ano 2003[12], pero grazas o Klaus o panel-2 puido ser ampliado. Na aba S do monte localizamos outros dous paneis.

D) Penedo do Boi-2: (Coordenadas xeográficas 08º 06'23,03" – 43º 20'07,73" e UTM 572442 – 4798545, cota de altitude 262 m). O afloramento ten unhas dimensións de 12,50 N-S x 11 m L-O, e está cortado por un valo de pedras que serve de linde de fincas. Como xa dixemos é unha ampliación dun panel publicado no 2003[13], que constaba «dunha gran combinación de círculos concéntricos de 1,44 N-S x 1,58 m L-O composta por oito aros completos e un noveno incompleto e cazoleta central, abaixo dela unha combinación en forma de oito cunha raia que a subliña na parte inferior». Hoxe en día podemos engadir ó O destes gravados: unha pequena combinación de círculos concéntricos de tres aros con cazoleta central e suco de saída; outras 5 combinacións de círculos concéntricos incompletas, a maior delas con seis aros e 90 cm de diámetro; e outra figura de forma oval. O outro lado do valo de pedras, ollamos unha combinación de círculos concéntricos de catro aros incompletos con cazoleta central. Espallados polo afloramento localizamos dez cazoletas (Fig. 9 - Foto 11).

27) Penedo do Boi-3: (Coordenadas xeográficas 08º 06'21,72" – 43º 20'06,20" e UTM 572472 – 4798498, cota de altitude 259 m). Está situado 45 m ó SL do anterior. Son varios penedos de grandes dimensións aproveitados como canteiras e moi alterados. Neles podemos ollar na pedra superior dúas cazoletas e unha combinación de círculos concéntricos de dous aros, o interior incompleto, con cazoleta central. Na pedra inferior, unha cazoleta e un pequeno círculo de 13 cm de diámetro con cazoleta central.

28) Penedo do Boi-4: (Coordenadas xeográficas 08º 06'22,76" – 43º 20'05,30" e UTM 572449 – 4798470, cota de altitude 251 m). Está situado 35 m ó SO do anterior, trátase dun gran afloramento aproveitado para a extracción de pedra cunhas dimensións totais de 6,5 N-S x 24 m NO-SL. A pesares das súas grandes dimensións os únicos gravados localizados

11 G.A.T.T., «Gravados rupestres…», Opus cit., *Anuario Brigantino nº 26*, 2003: 75-76.
12 G.A.T.T., «Gravados rupestres…», Opus cit., *Anuario Brigantino nº 26*, 2003: 51-76.
13 G.A.T.T., «Gravados rupestres…», Opus cit., *Anuario Brigantino nº 26*, 2003: 74-75.



Fig. 9.- Vista xeral dos gravados de Penedo do Boi-2.

Foto 11.- Conxunto de gravados de Penedo do Boi-2. Foto: José M. Salgado.

encóntranse na zona SL do mesmo. Na actualidade podemos ollar na parte alta dúas combinacións de círculos concéntricos de dous e tres aros incompletos con cazoleta central, e un deles con suco de saída. Hai tamén uns trazos rectilíneos de difícil interpretación. Na parte inferior da pedra, despois dun chanzo, atopámonos con dúas combinacións circulares con cazoleta central e suco de saída de difícil interpretación, e unha pequena combinación de círculos concéntricos de 3 aros tamén con cazoleta central e suco de saída (Foto 12).

29) Parrocha-1: (Coordenadas xeográficas 08º 06'29,73" – 43º 19' 50,28" e UTM 570297 – 4798005, cota de altitude 245 m). Trátase dun afloramento situado nunha parte moi inclinada da aba NNO da Pena Francisca. O afloramento ten unhas dimensións de 1,50 N-S x 8,50 L-O x 1,80 m de alto. Nel ollamos unha figura rectangular de 25 N-S x 22 cm L-O cunha cruz no seu interior, e preto delas outra figura cruciforme moi similar á anterior, que puidera ser tamén parte dunha figura rectangular, pero inacabada.

30) Parrocha-2: (Coordenadas xeográficas 08º 06'35,01" – 43º 19'51,85" e UTM 572178 – 4798054, cota de altitude 217 m). Trátase dun pequeno afloramento a ras de chan situado á dereita da pista que leva cara á Ponte Vella do Lambre. Ten unhas dimensións de 3,70 x 3,70 m. Nel tan so podemos ollar catro cazoletas e os restos dun semicírculo que probablemente sexa de factura moderna.

31) Chousa do Cerquido: (Coordenadas xeográficas 08º 06'40,95" – 43º 19'32,99 e UTM 570050 – 4797469, cota de altitude 172 m). É unha pequena pedra de 0,46 N-S x 0'60 m L-O, situada no medio do camiño que leva a Ponte Vella de Lambre. Nela hai representadas oito cazoletas de factura moderna de entre 4 a 7 cm de diámetro. A súa proximidade ó linde co concello de Irixoa, fai pensar que a pedra posiblemente tivera unha función delimitadora.



CONCLUSIÓNS

Convén sinalar que a localización destes trinta e un novos paneis de gravados, que sumados ós corenta e sete xa publicados (contando o de Pena Branca na parroquia de Doroña), fan un total de setenta e oito paneis, e converten, sen dúbidas, ó concello de Vilarmaior nun referente da arte rupestre galega, máxime se temos en conta que esta incesante aparición de gravados encóntrase nun espazo aproximado de apenas 250 hectáreas.

Como ven sendo habitual non podemos facer unhas conclusións definitivas, posto que o traballo de prospección non está rematado, non obstante debemos sinalar que as figuras localizadas ata o de agora representan un mundo xeométrico do cal descoñecemos a súa significación, pero tamén temos coma excepción as figuras antropomorfas de Calvela 1 e 4. Esta dualidade debería ser tida en conta á hora de estudar e intentar comprender o por qué se fixeron os gravados e por qué foron situados neses lugares.

As rochas nas que se asentan, forman parte dun mesmo filón, e por tanto non hai diferenzas no soporte no que foron gravados os petroglifos. Sen embargo na zona de Monte Grande o grao da pedra é máis fino e está menos degradado que no resto dos afloramentos, agás o de Lugarexo-2. Do cal podemos deducir que semella que se elixiu a pedra máis branda como a mellor para gravar en detrimento da pedra máis dura; algo lóxico se temos en conta o material empregado para súa execución. Isto tivo como consecuencia que o estado de conservación no que chegaron os gravados ós nosos días é deficiente.

O que si parece claro é que non hai un patrón común de tamaño da rocha para a execución dos gravados. Estes localízanse en rochas pequenas, de apenas 1 m, ou grandes 42 m de longo (caso de Chousa do Penedo); en rochas a ras do chan, ou elevadas (2 m de alto, Chousa Montañés 12-13 e Chousa de Penedo, case 3 m); en planos horizontais ou case verticais (Chousa da Calvela).

Sobre a orientación das mesmas, a maioría fano ó O ou ó S, e en menor medida cara ó L, pero nalgún caso como en Lugarexo-2 os gravados están na esquina N da pedra.

Queridos camaradas de TIERRA Y LIBERTAD: Oportunamente recibí vuestra grata carta, y me place manifestaros, que agradecido acepto vuestro cariñoso requerimiento, por el que habéis tenido la bondad de invitarme a asociar mi nombre al *número extraordinario* que TIERRA Y LIBERTAD quiere publicar como sincero y sentido homenaje al finado camarada que en vida fue miembro de esta redacción, al fecundo publicista, al abnegado compañero de cuantos alientan esperanzas de liberación, al viejo y entrañable amigo del que esto escribe, esto es, al infatigable propagandista del ideal de redención, Anselmo Lorenzo.

ACLARACIÓN PREVIA

No juzgo el momento muy oportuno, -y supongo que al lector le sucederá otro tanto-, para en estas líneas disertar sobre uno de los múltiples temas que a diario llaman la atención de nuestra pluma, si bien con el noble propósito de deshacer entuertos y corregir injusticias, ora para tratar bajo el prisma de nuestros ideales temas de reconocida necesidad y trascendencia. Opinando, pues, como dejo dicho, permítaseme dedique estas breves líneas a hablar *de* y *con* Anselmo Lorenzo, cuya pérdida he sentido más, pero mucho más, que si hubiese perdido el hermano mío por consanguinidad.

¡Le quería tanto.....!

Cuando el 1º de diciembre supe, por telégrafo y con el laconismo aplastante que el sistema emplea, la funesta noticia del fallecimiento de mi viejo y querido amigo Anselmo Lorenzo, produjome ésta tan tremenda impresión, que durante un buen espacio de tiempo perdí la noción de todo cuanto me rodeaba y seguramente tal emoción hubiera durado largo tiempo a no rememorar –en medio de mi divagación- aquellos hermoso versos del «Manco de Lepanto», que dicen:

«Ven, muerte, tan escondida
que no te sienta venir,
porque el placer de morir
no me torne a dar la vida».

Pasada la tremenda crisis –todo es forzoso que pase en el mundo- que tan infausta nueva me produjera, dime a pensar en mi entrañable amigo Lorenzo, en mi antiguo compañero de pasadas luchas, en el buen esposo, padre ejemplar y altruista camarada; en el hombre que cimentara su vida sobre cuatro excelsos pilares llamados Amor, Bondad, Optimismo y Altruismo, y, enredado en un intrincado laberinto de conjeturas y deducciones, llegué a formular un interrogante que me pareció de momento una herejía, pero que, ahondando en él hube de preguntarme: ¿Qué sería la vida si en su incierta carrera no tuviese un término? A interrogación tan abstrusa contesté con presteza y sin eufemismos: ¡Sería, sin duda alguna, el más doloroso y horrendo de todos los tormentos!...

Porque es preciso no forjarse ilusiones. Todos queremos vivir, sí, vivir muchos años para laborar por el ideal y por él luchar como denodados soldados del ejército libertador que ha de liberar a la humanidad; pero ese tan noble deseo ha de ser forzosamente truncado cuando llegue el momento del inesperado término.

Cuando el físico del individuo se halla aniquilado por pertinaz padecimiento, y por ende ha de sobrellevar la pesada carga de luengos años, el sufrimiento de éste sería inenarrable y grandiosamente horrible si no viniere a poner término al mismo el cese de la vida.

Cuando el complicado mecanismo de nuestra máquina animal se halla gastado por el uso y toda esperanza se circunscribe a que tal desgaste aumente cada día más, ¿no sería horrorosamente triste sujetar al individuo a vivir en una inflexible eternidad de dolor...?

La vida de nuestro compañero y maestro Anselmo Lorenzo hallábase sujeta en gran parte al caso que dejo expuesto, pero, ¡ah!, ¿es que por prevista es menos sentida la irreparable pérdida del amigo querido? No. Díganlo sino las innumeras manifestaciones de pésame

sincero y sentido de los anarquistas de todos los países, las del proletariado en general y las de aquellos que aun militando en los diversos partidos políticos de cruda oposición a las ideas que siempre propagó Lorenzo, han sentido su muerte y así lo han hecho constar públicamente por medio de la prensa.

En edad avanzada (73 anos), Anselmo Lorenzo ha pagado su obligado tributo al inmenso laboratorio que llamamos Naturaleza.

Con todo y ser, él y yo, dos viejos, dos antiguos y verdaderos amigos, no pretendo en estas líneas, lector amigo, llorar su desaparición. No, nada de eso; no es el llorar la única forma de expresar el sentimiento. Unos antes, otros después, todos hemos de recorrer el trillado camino. Por la edad, no tardaría mucho tiempo el que esto escribe en seguirle en su camino hacia la tierra, pero en estos momentos quiero rendir un sentido atributo de recuerdo a su memoria, que bien merecido lo tiene el hombre que supo ser bueno y cariñoso hasta en las mayores adversidades, que con su propio esfuerzo consiguió ser útil a sus semejantes, y que supo ser, sin eclipses ni vacilaciones, heraldo y paladín del ideal más sublime que concebir puro cerebro humano.

Y de su labor literaria, ¿qué decir? Bastará con afirmar que durante largos años servirá de sano alimento intelectual a los desheredados y de severa acusación a tiranos, explotadores y farsantes políticos y religiosos. Para éstos, el inolvidable Lorenzo será eternamente su imperturbable y terrible acusador. Para los primeros, para sus hermanos los esclavos del capitalismo, Lorenzo será siempre el generoso y desinteresado guía que ha iluminado con su patente foco intelectual, el camino que conduce a la emancipación, a cuya meta se halla la Anarquía.

Anselmo Lorenzo, bien ganado tienes el sincero homenaje que hoy te tributan tus discípulos y amigos, tus compañeros de lucha, tus hermanos en ideas.

Con perseverancia poco común, tú supiste crearte un nombre que la generación actual pronuncia con singular respeto y el que las generaciones venideras lo recordarán con veneración exenta de toda idolatría.

Tú, con tu pluma, templada como las nuestras, pero la tuya mejor, en la horrible fragua del dolor que produce el conocimiento de grandiosas injusticias, has sabido luchar y herir de muerte durante el largo período de más de medio siglo al numeroso ejército de desalmados que, valiéndose de la materia prima que les da la tiranía y sus leyes, consiguieron forjar la pesada cadena que tiene aherrojada a la mayoría de la humanidad.

Tú, con tu pluma, has enseñado a los anarquistas y a los rebeldes a conocer los grados de perversión de los que defienden la ley, demostrando de una manera inconcusa que tras el legislador se ve siempre al inmundo carcelero, al guardia civil, al policía arrastrándose por el fango de sus vilezas para alcanzar el premio, la tradición, la delación y todos los vicios y maldades que con manto protector cubre la ley.

Amante siempre de la verdad y partidario de la luz, con los gavilanes de tu valiente pluma conseguiste en titánica contienda rasgar, en parte, el tupido cendal tras el cual el enemigo, cauto y cruel ocultaba, de tiempo inmemorial, para que el pueblo no las viese, las innumeras y hediondas úlceras que durante siglos corroen las entrañas de la corrupta sociedad capitalista, y por tu esfuerzo y el de otros el moderno paria pudo, al conocer gangrena tanta, darse cabal cuenta de la enormidad del cáncer que le aniquila y a la extirpación total de tan tremendo azote dedica todos sus esfuerzos, ayudado por ti, que en tan magna empresa pusiste toda tu vida, tus mejores energías físico-intelectivas.

Heraldo de la libertad, esforzado paladín de la igualdad económica e infatigable propagandista de la total emancipación humana, así en el orden político como en el económico y religioso, con tu bien templada pluma supiste proceder –cual si tu pluma fuese poderosa palanqueta- a forzar la dorada puerta del gabinete del potentado, del sabio y del farsante político, y diste a conocer a explotadores y tiranos el inmenso caudal de ira que el proletariado mundial tiene reconcentrado en su pecho, las ansias que éste siente de redimirse por

su propio esfuerzo aunque para conseguirlo haya de destruir cuanto tiene construido, y la sana rebeldía que de día en día crece como poderosa ola engendrada por el proceloso océano de indignación que le ahoga.

Con tu pluma, bien guiada por la luz de tu fecundo cerebro, penetrase en el oscuro taller, en la infecta fábrica, en el campo y gañanía, en el buque y en la peligrosa mina, y a las numerosas huestes de esclavos que en las ergástulas de la producción iracundos luchan y protestan contra la vil explotación les diste ánimo y aliento para continuar la lucha a la vez que les dejabas el más amplio conocimiento de su verdadera fuerza y de sus derechos como productores y como hombres.

Si, tu pluma, unas veces mojada en líquido rojo cual si fuera sangre proletaria vertida en el cadalso o en la pelea, y negra otra, supo siempre ejercer de piquera demoledora de todo lo arcaico e inhumano, sin arredrarte jamás las consecuencias que de tal labor podrían emerger.

Y supo más, supo abrir y planear anchurosa vía en el antes inaccesible Himalaya de la emancipación y liberación humanas, pero tan ancha y expedita la dejaste, *que ya es sólo cuestión de circunstancias* el que los esclavos del capitalismo se decidan a recorrerla sin detenerse hasta llegar a la cúspide, sin que por ningún concepto haya de repetirse el caso mitológico del pobre Sísifo.

Y el día que el esclavo moderno se decida y llegue a la cúspide del Himalaya de su liberación, un poderoso foco eléctrico de potencia incalculable colocará en la meta, y a sus fulgores, los pueblos emancipados buscarán los nombres de los precursores de su dicha para grabarlos en mármoles y bronces, y entonces hallarán, entre la inmensa pléyade de los que en el mundo fueron esforzados defensores de la Verdad, la Justicia y la Libertad, el de nuestro querido amigo, fecundo escritor, bondadoso maestro e infatigable propagandista de los ideales de redención, del ideal anarquista, Anselmo Lorenzo.

PARA TERMINAR

Con el plausible fin de que todos sepan y conozcan quién y qué fue, en vida, el inolvidable Anselmo Lorenzo, yo, que le traté y quise como hermano (siendo por él siempre correspondido), puedo afirmar que:

Siempre fue su dios, la Ciencia;
la Razón, su consejera;
su patria, la tierra entera;
el juez, su propia conciencia.
Su norma fue diligencia
y su escudo la Verdad;
él amó a la humanidad
sin razas, sectas ni clases,
y luchó por dar las bases
a la Nueva Sociedad.

Constancio Romeo. La Coruña, 26-XII-1914
(Tierra y Libertad. Homenaxe a Anselmo Lorenzo. Número extraordinario. 24-3-1915).

7. PROPOSICIÓN NO CONGRESO INTERNACIONAL DA PAZ DE FERROL

Romeo presentou no Congreso Internacional da Paz de Ferrol varias proposicións, das que destacamos a seguinte.

El compañero Constancio Romeo presentó la siguiente proposición, que fue aprobada. Dice así:

«Considerando en definitiva quiebra, sin vida y sin honor a la organización que, con la denominación de «Internacional de la Democracia Socialista» venía funcionando con la representación y apoyo de los socialistas parlamentarios de los diversos países, por haber sido sus jefes y directores los primeros traidores a las aspiraciones y principios de los verdaderos internacionalistas, según se ha demostrado de modo inconcuso desde los comienzos de la guerra europea.

Considerando, por otra parte, la imperiosa necesidad que el anarquismo mundial siente de una organización que, por los lazos de la más estrecha solidaridad sea fuerte y poderoso haz que una a los hombres que profesan el bello ideal y les ponga en condiciones de obrar de común acuerdo para contrarrestar la insana y prepotente fuerza de los gobiernos, y

Considerando, en fin, que la falta de una sana y revolucionaria orientación en el proletariado mundial ha sido, sin duda alguna, el factor más importante de que se han valido los gobiernos de los Estados beligerantes para arrastrar a los proletarios a los campos de batalla, a defender con su sangre y con sus vidas los insanos intereses de sus tiranos y verdugos, el representante que suscribe tiene la grata satisfacción de presentar a la consideración, estudio y aprobación del Congreso la siguiente proposición:

El Congreso nombrará, antes de terminar sus tareas, un Comité compuesto de cinco individuos, cual entidad se denominará «Comité Español de la Internacional Anarquista».

El Comité que se menciona tomará posesión a la terminación de las tareas del Congreso.

Las funciones del «Comité Español de la Internacional Anarquista» deberán dar comienzo por gestiones encaminadas a obtener la adhesión a la Internacional de todos los individuos, grupos y federaciones anarquistas existentes en España, y obtenida que sea, se pondrá en comunicación con el Comité de Londres, creado allí con idéntico fin y puestos ambos Comités de acuerdo podrán dirigirse a los anarquistas de los demás países hasta conseguir llegar a la constitución definitiva de la «Asociación Internacional Anarquista».

Una vez creada la «Asociación Internacional Anarquista» ésta creará a su vez una sección o Comité en cada país y el Comité nombrado por este Congreso habrá llegado al término de su cometido». (*Tierra y Libertad*, 19-5-1915. IV época, nº 258).

NOTAS

[1] Segundo os datos que figuran na solicitude para legalizar a escola da *Antorcha*, C. Romeo exerceu esta profesión desde 1878; con anterioridade (Iñiguez, Miguel (2001). *Esbozo de una enciclopedia histórica del anarquismo español*. Fundación Anselmo Lorenzo, Madrid: 527) indica que traballou como albanel.

[2] Brey, Gérard (1990). *Économie et mouvement syndical en Galice (1840-1911)*. Lille, Atelier National de Reprographie des Thèses (reprodución en microfichas): 835-836.

[3] *Cien cartas inéditas de Pablo Iglesias a Isidoro Acevedo*, 1976.

[4] Íñiguez, Miguel (2008). *Enciclopedia histórica del anarquismo español*, 3 vols., Asociación Isaac Puente, Vitoria: vol. II, páx. 1494.

[5] Como resultado da escisión fundouse o Círculo Católico de Elxe en 1901 (Mira Abad, Alicia; Moreno Seco, Mónica (2003). «Alicante en el cambio del siglo XIX al XX: secularización y modernidad», *Hispania Nova*, nº 3.

[6] Romeo, Constancio (1901). *Población de Alicante, lee y medita. ¿Tiene el hombre alma?* (tomado de Moreno Sáez, Francisco (1988). *Las luchas sociales en la provincia de Alicante (1890-1931)*. Universidade de Alacante: 274-275).

[7] Aisa, Manel (1999). *L´efervescència social dels anys 20. Barcelona 1917-1923*. Ateneu Enciclopèdic Popular de Barcelona, Barcelona. www.manelaisa.com/texto/Articulos/PagArticulos2.htm: nota 10.

[8] *Germinal*, 29-4-1905.

[9] Freán Hernández, Óscar (2008). «La libération des consciences: les anarchistes galiciens et la laïcité», *Cahiers de civilisation espagnole contemporaine*, 2, printemps 2008, http://ccec.revues.org/document1003.html.

[10] Fixéronse subscricións para facilitarlle o traslado de Alacante á Coruña entre as sociedades obreiras da cidade, aínda que non todas, caso dos canteiros de *El Trabajo*, quixeron participar (*EL Noroeste*, 11-7-1906). Iñíguez (2008), menciona unha posible conferencia de Romeo, na Coruña, en 1904, sobre química estelar.

[11] *Ayer tomó posesión del cargo de director de la Escuela Laica que, bajo la protección de La Antorcha Galaica está establecida en esta ciudad, el ilustrado maestro titular y periodista radical D. Constancio Romeo*. (EN, 4-9-1906).

[12] Os datos dos padróns municipais ofrecen algunha variante: no de 1912 (AMC. C-1434) figura que Acracia naceu en Cartaxena, mentres que o de 1917 (AMC. C-1437. Padrón municipal de 1917, barrio 4, fol.18) indica que naceu en Xixón. No caso de Liberto os dous padróns coinciden en que naceu en Alacante.

[13] Non sabemos cando comezou este apoio na escola, que ben puido ser ocasional ata a morte de C. Romeo, momento no que si temos constancia de que atendeu ás nenas da escola laica. Segundo o Padrón de 1917, a súa profesión era a das *súas labores* (AMC. C-1437).

[14] Segundo figura no expediente de legalización da escola en 1909, Constancio Romeo *No tiene título profesional ni ninguno otro académico* (AHUS, Serie histórica, leg. 461).

[15] Todo este material leva data do 26-9-1906.

[16] O número de alumnos descendeu un pouco desde comezos do século, cando alcanzaba a cifra de 160 (AMC. C-2446).

[17] Na relación de material de 1909, figura: 1 esfera terrestre de 0,28 m. de diámetro; mapas de Europa, Asia, África, América, Oceanía, Mundi e España; 8 cadros da Natureza; 5 láminas murais anatomía; 10 láminas murais de historia natural; 30 pizarras de 1m x 0,90 m.; 3 escudos de enxeñería; 25 cadros de debuxo; útiles para a xeometría; 10 cadros con pensamentos morais; 4 táboas murais para sumar, restar, multiplicar e dividir; 2 taboleiros contadores; 1 cadro completo de pesas e medidas e outro para medir distancias; 1 mapa meteorolóxico.

[18] O diario católico coruñés *El Eco de Galicia* celebraba esta clausura e comentaba con detalle o desterro a Fonsagrada (EEG, 3,5-9-1909). Tamén publicou varias críticas á subvención que o Concello concedía á escola (EEG, 7-9-1909; 17, 22-2-1910).

[19] AHUS, Serie histórica, leg. 461.

[20] EN, 30-9-1909. Romeo agradeceu publicamente, a republicanos e obreiros, o apoio que lle deron ao ser desterrado á Fonsagrada (LVG, 18-10-1909).

[21] EN, 8-10-1909. Novamente, ante as dificultades da escola laica, a redacción de EEG mostrou a súa ledicia e solicitou que non se abrise nunca máis (EEG, 9, 10-10-1909).

[22] AHUS, Serie histórica, leg. 461.

[23] LVG, 4-12-1909.

[24] Romero Masiá, Ana (2005). «Ferrol e A Coruña, pioneiras do laicismo escolar galego», en *Sociabilidade e librepensamento*, Instituto de Estudios Políticos e Sociais, A Coruña, pp.85-90.

[25] Esta situación irritaba aos católicos e seus órganos de prensa, especialmente *El Eco de Galicia*, que publicaba editoriais restando mérito aos éxitos alcanzados polo alumnado da escola laica e resaltaba os das escolas confesionais católicas. Como exemplo, o de 1912, cando logo de indicar que a escola de Romeo merecera –xunto coa Escola Popular Gratuíta e a de nenas da rúa Cancela- a distinción de mellores escolas da localidade pola xunta local de primeira ensinanza, restaba méritos á laica e remataba dicindo: *Tenga presente el maestro laico y quienes le dieron alas que no es mintiendo como se debe analizar su labor pedagógica. Pero no hay que hacerle; al Sr. Romeo le ha muerto la abuela o sin duda se habrá acordado de aquello que dice: Estamos en un tiempo tan miserable...* (EEG, 14-9-1912).

[26] LVG, 2-5-1907. EN, 2-5-1907. LVG, 2-5-1908. EN, 2-5-1908.

[27] LVG, 2-5-1912. *Gaceta de Galicia*, 2-5-1912.

[28] LVG, 23, 25, 27-11-1906. EN, 24, 27-11-1906.

[29] LVG, 31-3-1913. A muller de Romeo atendía unha escola integral para nenas, de ensinanza racionalista, na rúa Orzán, 42-2º.

[30] LVG, 14-4-1913.

[31] LVG, 23, 24-5-1917. EN, 23, 24-5-1917. EN, 16-6-1917.

[32] LVG, 4-5-1907. EN, 7-5-1907. LVG, 16-6-1907. EN, 16-6-1907. EN, 9-7-1907.

[33] LVG, 8 e 11-5-1909. EN, 11-5-1909. EEG, 11-5-1909.

[34] Xuntanza da sociedade de estibadores terrestres *La Armonía*, de 29-5-1909 (ARG. FGC.G-2155).

[35] EEG, 5, 6, 7-4-1910.

[36] EN, 17-10-1909. LVG, 17-1-1910. EEG, 18-1-1910. LVG, 25-4-1910. EEG, 26-4-1910. EN, 13-10-1910. LVG, 8-5-1911; 23, 26-6-1911. EN, 26-6-1911. EEG, 27-6-1911.

[37] EN, 21, 29-12-1912. LVG, 17-1-1913.

[38] LVG, 8, 10, 13, 14-2-1913; 18-2-1913.

[39] LVG, 15-6-1914. EN, 13, 15-6-1914.

[40] EN, 31-8-1913; 2, 3-9-1913; *Acción Libertaria* (Madrid) 5-9-1913; 12-9-1913.

[41] LVG, 2-5-1907. EN, 2-5-1907. EN, 24-1-1909. LVG, 26-5-1909. EN, 26-5-1909. LVG, 3-9-1913. ARG. FGC.G-1846.

[42] LVG, 31-5-1908. EN, 2-6-1908.

[43] LVG, 7-7-1908. EN, 7-7-1908.

[44] Pereira Martínez, Carlos, Romero Masiá, Ana (2003). *Germinal. Centro de Estudos Sociais. Cultura obreira na Coruña (1902-1936)*. Briga Edicións. Betanzos: pássim.

[45] Aisa, 1999.

[46] *Tierra y Libertad*, 12-5-1915. Fernández Fernández, Eliseo (2002). *José López Bouza. Do anarquismo ao republicanismo*, Edicións do Castro, Sada: 62, 63, 71, 156, 170, 172.

[47] LVG, 28-8-1917. Neste proceso víronse involucrados, xunto con Romeo, líderes obreiros e republicanos destacados: Germán Barreiro, Juan No, Severino Chacón, Manuel Suárez, Luciano Marchesi, Emilio Pan de Soraluce, Joaquín Martín Martínez (secretario do Concello), Santiago Casares Quiroga (ausente da Coruña durante a folga), Constantino Pazos e Gerardo Abad Conde, tenente de alcalde.

[48] Segundo figuran o libro-rexistro de ingresos do cemiterio municipal, os gastos do enterro foron unicamente de 15 pesetas, o custo do carro de 3ª categoría, pois non figuran ingresos nin por cruces nin por nicho. (AMC. C-2717).

[49] Segundo a referencia de *Tierra y Libertad* (19-12-1917) a nova compañeira era Dolores López.

[50] Liberto faleceu en febreiro de 1921 na Coruña e foi soterrado no cemiterio de disidentes o día 18 (AMC. C-2786).

[51] ARG. FGC. G-1846.

SIGLAS EMPREGADAS
AHUS: Arquivo Histórico Universidade de Santiago.
AMC: Arquivo Municipal da Coruña.
ARG. FGC: Arquivo do Reino de Galicia. Fondo do Goberno Civil.
EEG: *El Eco de Galicia* (A Coruña).
EN: *El Noroeste* (A Coruña).
LVG: *La Voz de Galicia* (A Coruña).

Sociedades de gando vacún no concello de Coirós

MANUEL FIAÑO SÁNCHEZ*

Sumario

Neste traballo descríbese a creación e funcionamento de dúas sociedades de gando vacún do concello coruñés de Coirós, a comezos do século XX. A través do estudio dos documentos oficiais de ambas sociedades, coñecemos os seus fins, composición das distintas xuntas directivas, veciños que forman parte das mesmas e a contabilidade de diversos exercicios económicos, así como outros datos de interés.

Abstract

This work describes the creation and functioning of two cattle-breeders' societies in Coirós, Corunna, at the beginning of the 20th century. Through the study of the official documents of both societies we know their aims, the composition of various committees, the members, and the financial accounts of various economic exercises as well as other items of interest.

1. *SOCIEDAD PROTECTORA DE GANADOS VACUNOS DE COIRÓS*

1.1. Introdución


Nos primeiros meses do ano 1918, nace en Coirós unha asociación de propietarios de gando vacún, que vai agrupar a varios veciños da parroquia de San Xulián de Coirós e que se denominará «*Sociedad Protectora de Ganados Vacunos de la parroquia de San Julián de Coirós*», tal como se establece no seu Regulamento, aprobado o día un de xaneiro de mil novecentos dezaoito.


Posteriormente, a sociedade denominarase simplemente «*Sociedad Protectora de Ganados Vacunos de Coirós*», segundo a documentación analizada para este traballo. Pese á súa denominación municipal, o seu ámbito vaise circunscribir á parroquia de San Xulián de Coirós.

Existe algunha discrepancia na documentación sobre a data concreta de constitución da mesma. O Regulamento da sociedade apróbase e asínase o día un de xaneiro de mil novecentos dezaoito, e presentase no Goberno Civil para a inscrición da sociedade o día 9 de febreiro. Sen embargo, non se remite a Acta de constitución, e despois dun requirimento do Gobernador, esta remítese en data doce de marzo. Nesa certificación da acta de constitución que se remite ao Goberno Civil, consta a data de: «*En Coirós a ocho de marzo de mil novecientos dieciocho, bajo la presidencia de D. Antonio Riva Vázquez, se reunieron los Sres. Vocales de la Junta Directiva de la sociedad protectora de ganados vacunos de esta que al margen se expresan, en el local designado como domicilio legal*

---

* **Manuel Fiaño Sánchez,** natural do concello de Coirós (A Coruña) ten publicado diversos artículos sobre a historia do seu concello natal. Colaborador habitual da revista «*As 4 aldeas*», publicada pola S.C.R.D. Fillos de Ois. Autor do libro «*Coirós por dentro*», editado pola Deputación de A Coruña. Coautor do traballo «*Sociedade Hijos del Ayuntamiento de Coirós 1906-2006*» editada con motivo do centenario da creación desta institución de emigrantes de Coirós en Bos Aires.


Reglamento
de
la
Sociedad protectora de ganados vacunos, constituída en la parroquia de San Julian de Coirós, Ayuntamiento del mismo nombre, partido de Betanzos, provincia de la Coruña, en 1º de Enero de 1918


Año 1918
GOBIERNO DE PROVINCIA DE LA CORUÑA
SECRETARIA
OBJETO
Sociedad protectora de ganados vacunos de Coirós.




Vocales
El Depositario
El Secretario

de la misma, con el fin de celebrar Junta general y proceder a constituir legalmente la Sociedad». Polo tanto, parece que cando se procede a constituír legalmente a sociedade, esta xa tiña o Regulamento aprobado e Xunta Directiva elixida. En certificacións posteriores emanadas da propia sociedade, dáse como data de constitución o día nove de febreiro dese ano, data en que tivo entrada o Regulamento no Goberno Civil. Como queira que sexa, daremos por boa a data do 8 de marzo de 1918, como a de constitución da Sociedade Protectora de Ganados Vacunos de Coirós.

Constituída a sociedade e aprobadas as normas polas que habería de rexerse, os socios acordan designar como domicilio legal da mesma a casa do socio Francisco Riva Díaz. Segundo o artigo 1º do seu regulamento, a sociedade tiña como obxecto «*redimir a los socios que la compongan de la pérdida que puedan tener en los animales o ganados incluidos en la misma*». E para isto, cada socio debía abonar unha cota de entrada que ascendía a unha peseta e vinte e cinco céntimos por cada res que quixera asegurar, ademais do pago mensual de vinte e cinco céntimos de peseta. Os pagos mensuais faríanse efectivos o primeiro día de cada mes no domicilio do Depositario Recadador da Sociedade.

Os animais que se pretendera asegurar debían estar sans e en boas condicións a xuízo da Xunta Directiva, quen podía nomear a dous árbitros co fin de examinalas previamente. Como contrapartida ás achegas feitas, a sociedade abonaría por cada animal asegurado que morrera o seu valor, que sería taxado por dous socios nomeados polo Presidente. Nunha posterior modificación do Regulamento, aprobada no ano 1931 estableceuse que o valor de cada res que morrera non podería ser superior a cincocentas pesetas (500 pts.).

En canto ás crías das vacas aseguradas que morreran despois dos dez días e antes dos dez meses de idade, serian abonadas pola sociedade de igual xeito que as vacas, polo seu valor. Tamén este articulo sería modificado no ano 1931, no sentido de que en vez de ser ata os dez meses de idade, fora ata os seis meses, e despois desa idade quedaría a cría a cargo do dono da vaca. Sen dúbida, os administradores víronse na obriga de limitar os


gastos producidos por unhas indemnizacións con valoración moi variable.

Da importancia que a pel dos animais mortos tiña naquela época, da conta o estipulado no propio regulamento da sociedade, ao establecer que quedaría a beneficio do dono da res morta. Este sistema de valoración de reses por parte de dous socios gozaba dunha certa garantía, a través da apelación que podía facer o dono que non estivera de acordo co valor sinalado, nomeando no seu caso o Presidente a outros tres socios de lugares diferentes, sendo a súa valoración inapelable. Pero os socios non só recibían compensación pola perda do animal, senón que tamén se abonaba a perda de algún dos cornos da res, polo valor que esta desmerecera coa perda, segundo a valoración da Directiva.

Dentro dos seus deberes para coa sociedade, tiñan a obriga de comunicar calquera golpe casual que recibira unha res asegurada. Establecíase tamén que se os fondos da Sociedade non chegaran para cubrir as perdas habidas, os socios debían abonar unha derrama entre todos e en proporción ao número de cabezas aseguradas.







1.2. Nómina de Socios

Non hai constancia do número total de Socios que constituíron a Sociedade Protectora de Ganados Vacúns de Coirós, ao longo da súa existencia. O que si está documentado é a nómina de Socios que a integraban no ano 1929, segundo Certificación do Secretario da entidade a requirimento do Gobernador Civil, e aos efectos de dar cumprimento da Circular nº 5029 do Goberno Civil da provincia da Coruña.

A citada Certificación copiada literalmente di:

«*D. Agustín Tomé Fernández, Secretario de la Sociedad Protectora de ganados de Coirós. Para dar cumplimiento al Circular nº 5029 del Boletín oficial del 13 del actual.*

Certifico que según aparece en los libros de contabilidad y inscripción de esta Asociación la componen 75 socios que son los señores siguientes:

Antonio Riva Vázquez, Antonio Barallobre Gayoso, Antonio Raposo Barreiro, Jesús Riva Hermida, Antonio Fuentes, José Vara, Antonio García, PedroValledepaz Blanco, Manuela García Valiño, José Purriños Castrillón, Pedro López, Fernando Otero, José Mosquera Castro, Leonardo Sánchez, Agustín Tomé Fernández, José Gayoso Tomé, Francisco Cotos, José Fraga Bugallo, Eugenio Crespo, Manuela Crespo, Manuela Rodríguez, Vitorio López, Antonia Pérez, Rafael Varela, José López Seoane, Domingo Valeiro Vía, Francisca Riva, Francisca Noguerol, Ramón Mahía, José Balado, José Sánchez, Manuela Rodríguez, Rosa Crespo, Angel Vázquez, Andrea Boado, Manuel Carro Vales, Dolores Varela, Domingo Paz, José Neira, Mercedes Santaya, Domingo Docampo Vázquez, José Rodríguez, José Golpe, Manuel Rivera, Juan Fuentes, Andrea Naveira, Antonio Mosteiro,

José Folla, Pedro Vara, Manuel Lage, Martín López, Antonia Nodar, José Blanco, Angel Castro, Hilario López, José Otero, Antonio Fagil, José Riva, Antonio Carro, Antonio Faraldo, Manuel Lata, Roque Pérez, Daniel Maceiras, Luis García, Antonio Mosquera, Andrés Gayoso, Eduardo Faraldo, Ramón Braba, Melchor Gómez, Andrés Sánchez, Manuel Pérez, Pedro Vara, Antonio Riva, Benito Faraldo, José Sánchez, Manuel Lage.

Resalta a presenza dun total de 13 mulleres que figuran á fronte da economía familiar e da explotación gandeira, representando o 17% do total de socios, unha porcentaxe importante dada a estructura de dominio masculino na vida familiar, e que se debe probablemente á situacións de viudedade ou mesmo de emigración.

1.3. Xuntas Directivas

Tal como establecía o propio Regulamento da sociedade, a xunta directiva estaría formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Depositario, tres Vocais e un Porteiro avisador. Os socios que a compoñían eran elixidos para os seus cargos por un período de dous anos.

Esta Xunta Directiva celebraba reunións con periodicidade mínima trimestral, establecéndoa nos últimos domingos dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro. Tamén podía reunirse cando o estimara conveniente o Presidente ou cando así o solicitaran as dúas terceiras partes dos seus membros. Ademais, os socios reuniríanse en xunta xeral dúas veces ao ano, nos meses de xuño e decembro, ou cando foran convocados pola Xunta Directiva.

A continuación dáse conta da composición das Xuntas Directivas que temos documentadas ata o ano 1941.

Primeira Xunta Directiva: Presidente: *Antonio Riva Vázquez*; Vicepresidente: *José Vara Pérez*; Vocais: *Francisco Darriba Díaz, Pedro López Mosquera, Jesús Riva Hermida*; Depositario: *Jesús Fraga Riva*; Secretario: *Antonio Raposo Barreiro*; Porteiro avisador: *José Varela Muiño*

Segunda Xunta Directiva (*Data elección 29-Abril-1923. Elexidos para os exercicios 1923-1924*): Presidente: *Pedro López Mosquera*; Vicepresidente: *Rafael Varela Amor*; Secretario: *José Sánchez Martínez*; Vocais: *Manuel Carro Vales, Leonardo Sánchez Vázquez, Agustín Tomé Fernández*; Depositario (interino): *Jesús Fraga Riva*.

Reestruturación da Segunda Xunta Directiva. En xaneiro de 1924, prodúcese unha reestruturación da Xunta Directiva, xa que o seu Presidente, Pedro López Mosquera presenta a súa dimisión por motivo de ausentarse ao estranxeiro.

Polo tanto prodúcense os seguintes cambios: Presidente (o Vicepresidente): *Rafael Varela Amor*; Vicepresidente (o Vocal): *Leonardo Sánchez Vázquez*; Vocal (interino): *Antonio Riva Rodríguez*.

Terceira Xunta Directiva. (*Data elección: 17-Febreiro-1925*). Presidente: *Antonio Mosteiro Rodríguez*; Vicepresidente: *José Rodríguez Darriba*; Tesorero: *José Riva Vázquez*; Vocais: *Pedro Manso García, José Fraga Bugallo, Francisco Cotos Castrillón, Joaquín Campos Vales*; Secretario: *Antonio García Manso.*

Cuarta Xunta Directiva. (*Data elección: 31-Xaneiro-1927*). Presidente: *José Gayoso Tomé,* Vicepresidente: *José Rodríguez Crespo,* Secretario: *Antonio Barallobre Gayoso*; Vocais: *Angel Vázquez Fiaño, Manuel Mosquera Vázquez, Martín López García, Domingo Valeiro Vía, José Purriños Castrillón*; Depositario: *Eugenio Crespo Noguerol.*

Quinta Xunta Directiva. (*Data elección: 18-Xaneiro-1929*). Presidente: *Rafael Varela Amor*; Vicepresidente: *José Fuentes Faraldo*; Vocais: *: Antonio Mosquera González, Leonardo*

Sánchez Vázquez, Antonio Carro Santaya, Manuel Lata, Secretario: *Agustín Tomé Fernández*; Depositario: *Eugenio Crespo Noguerol*; Porteiro avisador: *José Riva Otero*

Sexta Xunta Diectiva. (*Data elección: 25-Xaneiro-1931*). Presidente: *José Sánchez Martínez*, Vicepresidente: *Jesús Faraldo Neira*; Secretario: *Pedro López Lendoiro*; Vocais: *Manuel Carro Vales, Manuel Pérez Martínez, Pedro Manso García, Francisco Cotos Castrillón*; Depositario: *Eugenio Crespo Noguerol*; Porteiro avisador: *Antonio Faraldo Neira*.

Sétima Xunta Directiva (*Data elección 29-Xaneiro-1933*). Presidente: *José Fraga Bugallo*; Vicepresidente: *Antonio Raposo Barreiro*; Secretario: *Antonio García Manso*; Vocais: *José Carro Varela, Antonio Sánchez Rico, Antonio Purriños Cagiao, Eugenio Crespo Castro*; Depositario: *Eugenio Crespo Noguerol*; Porteiro avisador: *José García Santaya*.

Oitava Xunta Directiva (*Data elección: 17-Febreiro-1935*). Presidente: *Antonio Mosteiro Rodríguez*; Vicepresidente: *José Vara Pérez*; Secretario: *Agustín Tomé Fernández*; Depositario: *Eugenio Crespo Noguerol*: Vocais: *: Manuel Mosquera Vázquez, Antonio Carro Santaya, Daniel Maceiras Maceiras, José Gayoso Tomé*; Porteiro avisador: *Eduardo López Villamarín.*

Novena Xunta Directiva (*Data elección: 21-Abril-1937*). Presidente: *Antonio Barallobre Gayoso*; Vicepresidente: *José Fuentes Faraldo*; Secretario: *Antonio Darriba Rodríguez*; Depositario: *Germán Purriños Cagiao*; Vocais: *Jesús Babio, Manuel Estrada, José López, Pedro Rodríguez*; Porteiro avisador: *José Riva*.

Reestruturación da novena Xunta Directiva. En Maio de 1938, falece o Depositario Germán Purriños Cagiao, sendo sustituído por *Manuel Purriños Graña.* Posteriormente, en Outono de 1938, noméase a *Antonio Purriños* como Depositario, por ter que incorporarse a filas *Manuel Purriños Graña*.

Décima Xunta Directiva (*Data elección: 13-Marzo-1939*). Presidente: *Manuel Tomé Rodríguez*; Vicepresidente: *Leonardo Sánchez Vázquez*; Secretario: *Vicente Varela López*; Vocais: *Pedro Manso García, Manuel Lata Espiño, Antonio Faraldo Neira, Andrés Ois Docampo.*

Décimo primeira Xunta Directiva (*Data elección: 6-Xaneiro-1941*). Presidente: *José Roca Freire*; Vicepresidente: *José Darriba Santaya*; Secretario: *Aquilino Valeiro Otero*; Depositario: *Antonio Barallobre Gayoso*; Vocais: *Manuel González Dobén, Jesús Sánchez Rico, Enrique Cotos Gayoso, Andrés García Pena*; Porteiro avisador: *Francisco Pérez Barral*.

1.4. As contas

Tal como se deixa dito, os ingresos da Sociedade Protectora de Ganados Vacúns de Coirós, procedían basicamente das achegas realizadas polos socios, en forma de cotas de entrada e cotas mensuais.

ANO	INGRESOS	GASTOS	SALDO
1922	690´00 pts	690´00 pts	0´00 pts
1923	5.113´80 pts	5.113´80 pts	0´00 pts
1924	2.713´00 pts	2.532´00 pts	181´00 pts
1925	Non hai datos		
1926	Non hai datos		
1927	1.986´00 pts	1.986´00 pts	0´00 pts
1928	1.838´00 pts	1.838´00 pts	0´00 pts
1929	1.605´00 pts	1.605´00 pts	0´00 pts
1930	3.307´00 pts	3.307´00 pts	0´00 pts
1931	1.602´00 pts	Non hai datos	
1932	1.230´00 pts	1.230´00 pts	0´00 pts
1933	1.372´00 pts	1.352´00 pts	20´00 pts
1934	1.880´00 pts	1.824´00 pts	56´00 pts
1935	1.480´00 pts	1.454´00 pts	26´00 pts
1936	1.612´00 pts	1.509´00 pts	103´00 pts
1937	Non hai datos		
1938	1.780´95 pts	1.757´50 pts	23´25 pts
1939	4.739´25 pts	4.556´40 pts	182´85 pts
1940	5.065´50 pts	4.695´00 pts	370´50 pts
1941	6.124´75 pts	5.975´00 pts	149´75 pts

Táboa 1. Balance contable. Período 1922 a 1941.

As cotas anuais estaban establecidas en 1 peseta e 25 céntimos, por cada res asegurada, e as cotas mensuais a satisfacer ascendían a 25 céntimos de peseta por cada res asegurada.

Os gastos máis comúns que soportaba a sociedade eran os orixinados polas indemnizacións por morte ou accidente do gando asegurado, así como por gastos veterinarios e os propios do funcionamento burocrático da sociedade.

O primeiro balance do que dispuxemos para este traballo, corresponde ao ano 1922, que reflicte os seguintes datos: Ingresos: 690 pts; Gastos: 690 pts.

Na táboa 1 resúmense os datos de contabilidade existentes entre os anos 1922 e 1941, única franxa temporal da que se dispón. Os gastos que aparecen como máis habituais son os correspondentes a indemnizacións por morte ou inutilización de reses. Tamén se documentan os gastos de aluguer de local, que no ano 1939 ascendían a cincuenta pesetas, e os gastos de escritorio así como honorarios a veterinarios e outros de menor cuantía.

2. *SOCIEDAD DE GANADOS VACUNOS «LA PROTECTORA» DE COLLANTRES Y ARMEA*

2.1. Introdución

Seis anos despois de constituída a primeira Sociedade de ganados vacúns do concello de Coirós, e seguindo a senda da descrita anteriormente de San Xulián, xurde outra que vai ter por campo de acción ás parroquias de Colantres e Armea.

Así, o día 1 de marzo de 1924, reúnense varios veciños das parroquias de San Salvador de Collantres e de San Vicente de Armea, co fin de constituír unha sociedade protectora de ganados vacúns que se denominará «*La Protectora*». Deste feito dáse conta na Certificación estendida polo que foi o seu primeiro Secretario, D. Antonio Buyo Espada:

> «*Antonio Buyo Espada, Secretario de la Sociedad de Ganados Vacunos «La Protectora» de Collantres y Armea, en Coirós, Certifico de que esta sociedad celebró junta general de Constitución el día primero de Marzo de mil novecientos veinticuatro, en su local social, parroquia de Collantres, lugar de Queirís número treinta y dos*».

Ao igual que a constituída no ano 1918 en San Xulián de Coirós, a de Colantres e Armea ten como obxecto redimir aos socios que forman parte da mesma, da perda que sufran nos animais que teñan asegurados. A efectos de valoración do seguro, establecíanse dúas clases de animais: reses de 1ª clase con un valor asegurado de 500 pesetas, e reses de 2ª clases con un valor asegurado de 400 pesetas. Esta valoración era realizada pola Xunta Directiva no momento en que se daba entrada a unha res na sociedade.

Os socios debían pagar unha cantidade por cada res asegurada, que variaba en función da categoría da mesma. Así para reses de primeira clase, aseguradas en cincocentas pesetas, o socio pagaba unha cota de entrada de unha peseta e vinte e cinco céntimos, e unha cota mensual de vinte e cinco céntimos; para reses de segunda clase, asegurada en catrocentas pesetas, pagaba unha cota de entrada de unha peseta, e unha cota mensual de vinte céntimos.

2.2. Socios fundadores e capital asegurado (1-marzo-1924)

Cando se constitúe a sociedade «*La Protectora*» o número total de socios era de vinte e dous, con un capital asegurado de 27.700 pts. segundo se reflicte na táboa 2.

En febreiro de 1925, o número de número total de vacas aseguradas era de sesenta e unha, das cales corenta e unha tiñan un valor de 500 pesetas e as vinte restantes de 400

pesetas. Nesa mesma data o capital asegurado ascendía a 28.500 pesetas.

No ano 1941, os socios acordan subir as reses de primeira que eran de 600 pesetas a 750 pesetas, e as de segunda que eran de 500 pesetas a 650 pesetas. Este dato supón que desde a súa creación no ano 1924 e ata a reforma do ano 1941, as valoracións do gando asegurado tiveron que sufrir unha variación intermedia que non se atopa documentada, e que se cifrou nun aumento de 100 pesetas para as dúas clases.

No ano 1934 o número de socios era de vinte e sete.

Nome do Socio	Capital Asegurado
Jacobo Docampo Crespo	1.400 pts
Salvador Rodriguez Crespo	900 pts.
José Maria Otero Pen	2.000 pts
Ambrosio Rodriguez Santiago	1.400 pts
Rosendo Vidal Garcia	800 pts
Manuel Crespo Castro	800 pts
Antonio Vázquez Garcia	1.200 pts
José Sánchez Alvarez	1.600 pts
Manuel Cernadas N.	800 pts
Ursula Muiño Garcia	1.400 pts
Andrés Sobrino Gómez	1.000 pts
Francisco López Rodriguez	800 pts
José Golpe Tain	4.800 pts
Andrés Seoane Calvo	800 pts
Joaquin Crespo Rodriguez	1.500 pts
José Sánchez Fernández	1.400 pts
Manuel Crespo Fariñas	900 pts
Silvestre Valeiro Via	800 pts
Maria Otero	1.000 pts
Maria Manuela Otero Pena	1.000 pts
Ramona Seoane Carballeira	900 pts
Jesús Parga Carro	500 pts

Táboa 2. Socios e capital asegurado. Ano 1924.

2.3 Xuntas Directivas

Segundo o seu Regulamento, a Sociedade «*La Protectora*» estaría rexida por unha Xunta Directiva composta por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, catro Vocais, un Depositario e un Porteiro avisador, todos eles nomeados pola Xunta Xeral e para un período de dous anos.

A continuación damos conta da composición das distintas Xuntas Directivas das que temos constancia documental:

Xunta Directiva elixida o 1-Marzo-1924. Presidente: *Jacobo Docampo Crespo*; Vicepresidente: *Salvador Rodríguez Crespo*; Depositario: *José María Otero Pena*; Secretario: *Antonio Buyo Espada*; 1º Vocal: *Rosendo Vidal García*; 2º Vocal: *Manuel Crespo Castro*; 3º Vocal: *Antonio Vázquez García*; 4º Vocal: *José Sánchez Alvarez*; Porteiro avisador: *Manuel Cernadas*.

Xunta Directiva elixida o 27-Decembro-1925 (*rexirá durante os anos 1926 e 1927).* Presidente: *Jacobo Docampo Crespo*; Vicepresidente: *Salvador Rodríguez Crespo*; Depositario: *José Otero Pena*; Secretario: *José Golpe Taín*; 1º Vocal: *José Sánchez Alvarez*; 2º Vocal: *Rosendo Vidal García*; 3º Vocal: *Manuel Crespo Castro*, 4º Vocal: *Ambrosio Rodríguez Santiago*; Porteiro avisador: *Manuel Cernadas*.

Xunta Directiva de 1928 (*Elixida o 25-Decembro-1927*): Presidente: Jacobo *Docampo Crespo*; Secretario: *José Golpe Taín;* Tesorero: *José Otero Pena*; Vocais: *José Sánchez Alvarez, Ambrosio Rodríguez Santiago, Manuel Crespo Castro, Rosendo Vidal García, Salvador Rodríguez Crespo*; Porteiro: *Manuel Cernadas*.

Xunta Directiva de 1929 (*Elixida o 25-Febreiro-1929, para os ano 1929 e 1930*): Presidente: *Salvador Rodríguez Crespo*; Vicepresidente: *Manuel Crespo Otero*; Secretario: *Antonio*

Buyo Espada; Depositario: Joaquín *Crespo Rodríguez*; Vocais: *Manuel Estrada Morado, José Sánchez Alvarez, José Otero Pena, Manuel Muiño Crespo, Manuel Crespo Fariñas*; Porteiro: *Manuel Cernadas*.

Xunta Directiva de 1933 (*Elixida o 4-Abril-1933*). Presidente: *Manuel Estrada Morado*; Vicepresidente: *Rafael Valeiro Sánchez*; Secretario: *José López Vales*; Tesoreiro: *José Otero Pena*; Vocal 1º: *José Muiño Crespo*; Vocal 2º: Manuel *Crespo Fariñas*; Vocal 3º: *Salvador Rodríguez Crespo*; Vocal 4º: *Jesús Estrada Morado*.

Xunta Directiva de 1934 (*Elixida o 20-Xuño-1934*): Presidente: *Manuel Estrada Morado*; Secretario: *José López Vales*; Tesoreiro: *José Otero Pena*; Vocal 1º: *Salvador Rodríguez Crespo*; Vocal 2º: *José Muiño Crespo*; Vocal 3º: *Manuel Crespo Fariñas*; Vocal 4º: *Jesús Estrada Morado*.

Xunta Directiva de 1935 (*Elixida o 14-Abril-1935*): Presidente: *Manuel Estrada Morado*; Secretario: *Manuel Vía Parga*; Tesoreiro: *José Otero Pena*; Vocal 1º: *Salvador Rodríguez Crespo*; Vocal 2º: *Manuel Crespo Fariñas*; Vocal 3º: *José Muiño Crespo*; Vocal 4º: *Jesús Estrada Morado*.

Xunta Directiva de 1936 (*Elixida o 29-Febreiro-1936*): Presidente: *Jesús Estrada Morado*; Vicepresidente: *Raimundo Espiño Servia*; Tesoreiro: *Domingo A. Méndez Vales*; Secretario: *Manuel Vía Parga*; Vocal 1º: *Rafael Valeiro Sánchez*; Vocal 2º: *Manuel Crespo Castro*; Vocal 3º: *Andrés García Sánchez*; Vocal 4º: *Andrés Sobrino Gómez*; Porteiro: *Andrés Estrada Crespo*.

Xunta Directiva de 1938 (*Elixida o 6-Xaneiro-1938*): Presidente: *Rafael Valeiro Sánchez*; Vicepresidente: *José Manso Barrós*; Secretario: *Manuel Vía Parga*; Tesoreiro: *Antonio Cernadas Santaya*; 1º Vocal: *Salvador Rodríguez Crespo*; 2º Vocal: *José Otero Pena*; 3º Vocal: *José Estrada Moradas*; 4º Vocal: *José Muiño Crespo*.

Xunta Directiva de 1939 (*Non consta data de elección. A Certificación da Acta é de data 2-Abril-1939*): Presidente: *Ramón Vázquez Crespo*; Vicepresidente: *José Manso Barrós*, Secretario: *Antonio Crespo Fraga*; Tesoreiro: *Antonio Cernadas Santaya*; Vocais: *Manuel Estrada Morado, José Otero Pena; José Muiño Crespo, Salvador Rodríguez Crespo*. Porteiro: *Manuel Balado Pérez.*

Xunta Directiva de 1940 (*Elixida o 29-Xaneiro-1940*): Presidente: *Ramón Vázquez Crespo; Vicepresidente: José Manso Barrós; Secretario: Antonio Crespo Fraga*; Tesoreiro: *Antonio Cernadas Santaya*; Vocais: *Manuel Crespo Castro, Rafael Valeiro Sánchez, Jesús Ons Otero, Juan Edreira Rodríguez*; Porteiro: *Manuel Quintián Tizón.*

ANO	INGRESOS	GASTOS	SALDO
1925	743´10 pts	18´00 pts	725´10 pts
1926	Non hai datos		
1927	239´10 pts	848´40 pts	- 609´40 pts
1928	930´25 pts	802´75 pts	130´25 pts
1929	1.568´00 pts	1.568´00 pts	0´00 pts
1930	Non hai datos		
1931	Non hai datos		
1932	566´65 pts	500´00 pts	66´65 pts
1933	1.381´90 pts	1.378´65 pts	3´25 pts
1934	187´80 pts	0´00 pts	187´80 pts
1935	973´95 pts	912´75 pts	61´20 pts
1936	Non hai datos		
1937	371´20 pts	24´30 pts	346´90 pts
1938	536´25 pts	148´80 pts	356´20 pts
1939	982´25 pts	622´65 pts	359´60 pts
1940	842´25 pts	43´00 pts	799´25 pts

Táboa 3. Balance contable. Período 1925 a 1940.

2.4, As Contas

Fundamentalmente os ingresos da Sociedade proviñan das cotas de entrada e das cotas que mensualmente abonaban os socios polas reses aseguradas. Como gastos, os máis numerosos son os destinados a indemnizacións por perdas ou accidentes de gando, así como os propios do funcionamento da Sociedade.

Tamén atopamos gastos de servizos veterinarios. Entre estes destacamos o abonado no ano 1929 ao veterinario D. Juan Rof Codina por vacinación do gando, por un importe de noventa e unha pesetas. Juan Rof Codina foi, para moitos, o responsable das melloras introducidas no campo galego no primeiro terzo do século XX, decidido partidario do asociacionismo agrario e colaborador de sindicatos de labregos e gandeiros.

Destacamos un gasto aparecido no ano 1940 de corenta e tres pesetas, polo concepto de «*Gastos del Balance anterior y sueldo del Secretario*». Xa que é no único balance no que aparece o soldo do Secretario, non se pode afirmar se realmente este o tiña establecido ou se refire a abono de gastos do mesmo.

Na táboa 3 reflíctese o resume dos balances correspondentes ao período de 1925 a 1940.

2.5. Outros datos de interés

Na época de funcionamento destas sociedades, existía un férreo control sobre as asociacións de calquera tipo, e sobre os seus cargos directivos, levada a cabo polas autoridades gobernativas. Este férreo control queda patente no requirimento feito polo Gobernador Civil da Provincia con data trinta de xaneiro de mil novecentos corenta, dirixido ao xefe da Comandancia da Garda Civil. Nel solicitábase: «*Encarezco a V.S. me informe de la conducta y antecedentes de las personas que constituyen la Sociedad de ganado vacuno de Collantres (Coirós).*

Presidente: Ramón Vázquez Crespo, Vicepresidente: José Manso Barros, Secretario: Antonio Crespo Fraga, Tesorero: Antonio Cernadas Santaya, Vocales: Manuel Crespo Castro, Rafael Valeiro Sánchez, Jesús Ons Otero, Juan Edreira Rodríguez, Portero: Manuel Quintián Tizón.

Como contestación a este requerimiento, pola Comandancia da Garda Civil remítese con data vinte e dous de febreiro, o seguinte informe:

«*En contestación a su atento escrito del Negociado 3º , número 360, fecha 30 del mes anterior, relacionado con informe de los individuos que a continuación se citan, Directivos de la Sociedad de Ganados vacunos de Collantres (Coirós); tengo el honor de emitirlos a V.E., como sigue:*

Presidente, Ramón Vázquez, es de buena conducta, antes del Glorioso Movimiento Nacional era de ideología de izquierdas, moderado, desde aquella fecha observa buena conducta en relación con la Causa Nacional y está conceptuado como afecto a la misma.

Vice, José Manso, es de buena conducta, de la misma ideología que el anterior, moderado, se considera afecto al Glorioso Movimiento Nacional.

Secretario, Antonio Crespo, de buena conducta y antecedentes, apolítico, y es afecto a la Causa.

Tesorero, Antonio Cernadas, de buena conducta moral, pública; de ideología de izquierdas moderado, se considera afecto a la Causa Nacional.

Vocal, Manuel Crespo, buena conducta moral y pública, era de ideología de izquierdas, moderado, se considera afecto a la Causa Nacional.

Jesús Ons, de buena conducta y de la misma ideología que el anterior.Juan Edreira y Manuel Quintián, de buena conducta moral pública y privada, apolíticos y están conceptuados como afectos al Glorioso Movimiento Nacional.»

Tamén era habitual que os documentos oficiais procedentes das Sociedades se encabezaran ou se asinaran con frases alusivas ao réxime político que imperaba naquel preciso momento. Así, en documentos datados no ano 1934, en tempos da República, atopamos como antefirma a frase «*Salud y República*».

Posteriormente, a partir do ano 1936, moitos dos documentos dirixidos ao Gobernador Civil, levan o encabezamento de «*Saludo a Franco. Viva España*», e como antefirma a frase «*I Año Triunfal*», «*II Año Triunfal*» ou «*III Año Triunfal*». Tamén é habitual atopar despedidas como a que sigue: «*Dios guarde a Vd muchos años por el bien de la Patria*».

FONTES CONSULTADAS:

Arquivo do Reino de Galicia (ARG).
G.C. 32135/11;
G.C. 32135/12;
G.C. 32107/26



Ilusiones y realidades: Betanzos, 1936

MARTA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ*

Sumario

Esta es una serie de relatos apoyados en una colección fotográfica familiar de Betanzos, datada en la Guerra Civil de 1936-39.
É un sepulcro cheo de formas. Sorprende que na fronte haxa nada menos que oito *green mans*. E logo hai moitos *putti* (nenos ou querubíns empregados como ornamento na Antigüidade e redescubertos no Renacemento) xunto a animais reais ou fantásticos, case todos xirando iconograficamente arredor dunha forma protagónica: a árbore, xa sexa nova ou coa copa formada. Todo fala de rexeneración, de vida nova. Diríase que aquí se vislumbra o vello culto ós bosques de carballos sagrados galegos, (*roboiras sacras* e non ribeiras sacras), debaixo de formas cristianizadas a partir dos tres tipos de árbores do Paraíso do *Génesis* (un lugar real na desembocadura do Tigris e do Éufrates con outros ríos que hoxe non existen, pero que existiron), sen perder de vista tampouco a árbore de Jesé (derivada dun soño de Adán e que se compara á árbore da vida ou á árbore da Cruz), pai de David, que está na base da xenealoxía de Cristo. De feito, nun caso, o *putti* agárrase a unha árbore nova e remata a escena na parte superior cun home barbado (San Xosé?). Simetricamente, vemos ó outro lado a mesma escena, pero rematada por unha muller (a Virxe?).

[8]Y Jehová Dios plantó un huerto en Edén, al oriente; y puso allí al hombre que había formado. [9]Y Jehová Dios hizo nacer de la tierra todo árbol delicioso a la vista, y bueno para comer; también el árbol de vida en medio del huerto, y el árbol de la ciencia del bien y del mal. [10]Y salía de Edén un río para regar el huerto, y de allí se repartía en cuatro brazos. [11]El nombre del uno era Pisón; éste es el que rodea toda la tierra de Havila, donde hay oro; [12]y el oro de aquella tierra es bueno; hay allí también bedelio y ónice. [13]El nombre del segundo río es Gihón; éste es el que rodea toda la tierra de Cus. [14]Y el nombre del tercer río es Hidekel; éste es el que va al oriente de Asiria. Y el cuarto río es el Eufrates (Génesis 2:8-14)

[1]Saldrá una vara del tronco de Isaí, y un vástago retoñará de sus raíces. [2]Y reposará sobre él el Espíritu de Jehová; espíritu de sabiduría y de inteligencia, espíritu de consejo y de poder, espíritu de conocimiento y de temor de Jehová (Isaías 11:1-2).

[16]Yo Jesús he enviado mi ángel para daros testimonio de estas cosas en las iglesias. Yo soy la raíz y el linaje de David, la estrella resplandeciente de la mañana (Apocalipsis 22:16).



Fig. 26.- O home verde (aquí non vomita ramas) no caderno de debuxos do mestre de obras itinerante francés (s. XIII), Villar de Honencourt. Imaxe: <http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Villard_de_Honnecourt_-_Sketchbook_-_10.jpg>

Se a intercesión de moitos anxos como hai tivo éxito (que se dá por feito) o resultado é un Paraíso cheo de formas clásicas que se reconvirten automaticamente en formas cristiáns ó mesturarse cos cálices e cos anxos intercesores, ademais de estar todo presidido na cima por Cristo en maxestade amosando as chagas, xunto ós apóstolos e anxos músicos. Cálices sobre libros, o mesmo que a base da almofada, fórmula que vemos algo antes na catedral de Ourense («bachiller» e «canónigo» Alonso González, finado no 1460) e nalgúns outros lugares en persoeiros da igrexa ligados a cargos administrativos. Con acerto, o profesor Izquierdo (2001) subliña a rareza da existencia de dous retratos do finado: na fronte, con cáliz, e na lauda que cubre o sarcófago, sen el e rezando. Tamén lle sorprendeu que o da fronte teña un anxo que lle agarra os pés e outro que lle colle a cabeza. Na miña opinión, a referencia está no chamado sepulcro de Santa Froila (s. XII) da catedral de Lugo, no que un anxo empurra a barca, que leva á defunta, pola popa, ata o Máis Aló, onde outro anxo a recibe, mentres un terceiro desde o ceo empeza a levantar á defunta colléndolle as mans (o ollo e a man de deus guía a escena): un caso único de renacemento temperán que nos achega directamente á tradición grecolatina.

O *green man* aquí, non cabe dúbida, funciona en armonía coas demais formas, significando a resurrección da vida, polo que, en sentido estricto, non deixa de ser unha imaxe de deus (dun deus antigo apropiado polo Cristianismo) rexenerador, que se conservou ata ese tempo e chega ata nós, como un arquetipo que sempre volve.

REFLEXIÓNS SOBRE O *GREEN MAN*

Partindo da base de que o que me importou fundamentalmente foi dar a coñecer estes casos galegos para que se teñan en conta á hora de futuros traballos, permítome prantexar







Figs. 27-28.- Á esquerda, no Londres do s. XVIII, o desollinador Jack in the Green *danza con "Lord and Lady of the May" (o Señor e a Señora de Maio, tamén desollinadores) nun derroche de vitalidade, ledicia e provocación. Á dereita, en Betanzos (Galicia), vemos o último renacemento da Festa dos Maios (2009) que desaparece durante anos e décadas, pero sempre volve. En Londres tratábase dunha festa ligada a unha corporación, mentres en Betanzos é hoxe unha festa do pobo, pero as dúas e moitas outras máis na primavera europea, son manifestacións da ledicia que trae a nova vida, a resurrección das plantas e dos animais. Imaxes: 1)* <http://en.wikipedia.org>, *2) César.*

Fig. 29.- Festa dos Maios en Villafranca del Bierzo (León) no 2010. Foto: César Sánchez, tomada de <www.leonoticias.com>

algunhas ideas, que resultan do manexo destas formas, envoltas tradicionalmente nun certo misterio. Para empezar, teño a impresión de que o vomitador ou o devorador de vida, segundo os casos, é unha recreación de artistas dos séculos XI, XII e XIII (aínda que vin citado nalgures un referente francés do s. IV). O caso do caderno de Villar de Honencourt é moi significativo, porque se ve que retoma un motivo coñecido e dalle a súa personalidade.

Estamos diante dunha serie de imaxes que se inspiran claramente en formas antigas. Pero formas antigas de diversas fontes: iso é fundamental telo en conta á hora de estudiar cada caso concreto. O Cernunnos celta é unha, pero hai outros deuses do bosque primixenio euroasiático, que tiveron unha presencia relevante en Grecia e, sobre todo, no imperio romano, que son tamén, sen dúbida, base de inspiración dos artistas baixomedievais. Mesmo algúns poden aparecer coa cabeza chea de follas. Son, por exemplo:

Silvano, un *genius loci* romano herdeiro do etrusco Selvans, protector de campos de cultivo (e das lindes dos terreos), bosques e rebaños de gando (asimila tamén ó celta Sucellos, deus da agricultura e dos bosques, do sol e da noite, o do doble mazo co que mata ou resucita); semellante a Silvano era o eslavo Borevit. O etrusco Puphluns (deus das plantas, da felicidade, da saúde e do crecemento de todas as cousas); o seu semellante grego é Dioniso ou o romano Baco. O grego Sileno, deus dos borrachos, o máis vello dos sátiros, pai adoptivo e compañeiro de Dioniso; Dioniso (aínda que estranxeiro para os gregos, figura como fillo de Zeus), deus do viño, da agricultura, do teatro, libera da normalidade mediante o éxtase pola bebida e facilita a comunicación entre vivos e mortos.



Fig. 30.- Os oito green mans *do sepulcro de San Xulián de Ventosa en Agolada (Pontevedra).*

A relación de deuses (e deusas) é moito maior, pero sirva agora de mera referencia inicial.

Non cabe dúbida, por exemplo, que a imaxe de Dioniso ou Baco, e a figura que os pode acompañar como encarnación do viño (fig. 13), son un punto de partida seguro para algúns *green mans*: aqueles que vomitan sarmentos, zarcillos e racimos de uvas, como os de Teverga en Asturias (fig. 25) ou os da igrexa de Crowcombe no condado de Somerset do sudoeste de Inglaterra. Probablemente é esa procedencia a que xustificaría a popularidade desta figura nas tabernas e establecementos similares das Illas Británicas. Pero esta liña ten á beira outras moi diferentes: *green mans* que vomitan ramas de carballo ou de outras plantas, *green mans* como homes salvaxes cubertos completamente de pelo, «Jack in the Green» nas Illas Británicas, en España, *«Santiago el Verde»* (Vázquez, 1996), *«Hombres de Musgo»* de Béjar, ou *Busgosu* de Asturias (Álvarez, 2004)... Precisamente, o salvaxe ten no *Quijote* un texto moi revelador da súa popularidade:



Fig. 31.- Jesé recostado, do que sae a árbore, como derivación do soño de Adán. Biblioteca Mediceo-Laurenziana, Florencia, ms. Ashburn 1166.

> Tras esta entró otra danza de artificio y de las que llaman habladas. Era de ocho ninfas, repartidas en dos hileras: de la una hilera era guía el dios Cupido, y de la otra, el Interés; aquel, adornado de alas, arco, aljaba y saetas; este, vestido de ricas y diversas colores de oro y seda. Las ninfas que al Amor seguían traían a las espaldas en pargamino blanco y letras grandes escritos sus nombres. *Poesía* era el título de



Fig 32.- Sepulcro de San Xulián de Ventosa en Agolada (Pontevedra).

la primera; el de la segunda, *Discreción*; el de la tercera, *Buen linaje*; el de la cuarta, *Valentía*. Del modo mesmo venían señaladas las que al Interés seguían: decía *Liberalidad* el título de la primera; *Dádiva* el de la segunda; *Tesoro* el de la tercera, y el de la cuarta *Posesión pacífica*. Delante de todos venía un castillo de madera, a quien tiraban **cuatro salvajes, todos vestidos de yedra y de cáñamo teñido de verde**, tan al natural, que por poco espantaran a Sancho. En la frontera del castillo y en todas cuatro partes de sus cuadros traía escrito: *Castillo del buen recato*. Hacíanles el son cuatro diestros tañedores de tamboril y flauta. (*Segunda parte del ingenioso caballero don Quijote de la Mancha, Capítulo XX*). <http://cvc.cervantes.es/obref/quijote/edicion/parte2/cap20/>

No desenrolo ata hoxe da figura do *green man*, xogan todas estas tradicións, célticas unhas, grecolatinas outras, pero todas enraizadas nun mundo anterior indo ou preindoeuropeo do que subxacen cultos a deuses dos bosques, eses deuses que facían que a vida retornase puntualmente en primavera despois da morte invernal. Eses mesmos deuses que hoxe están a morrer á beira dos bosques que tamén desaparecen.

É importante ter en conta que, en todos ou na maioría dos casos, non ten por que haber relación de causa-efecto entre a cara medieval á que lle saen ramas pola boca (ou que as devora) e esas manifestacións populares festivas (figuras vestidas de verde ou envoltas en ramas, musgo, etc.). Sen embargo, si hai unha relación entre todas estas formas, sexa cal sexa o tempo, lugar e circunstancias en que aparecen, porque son facetas ou manifestacións dun arquetipo cultural: o que representa o renacemento da vida. A partir daí poden establecerse, e de feito establécense, un sinfín de derivacións: a vida como vexetación, a vida como festa, a vida como borracheira, a vida como volta ó mundo salvaxe, etc. E tamén, a antivida, é dicir, a morte que (é a miña hipótese) representa o outro *green man*, o de cara de monstro, de demo, que, en consecuencia non vomitaría plantas, senón que as comería.

Claro está que como estamos a falar dun arquetipo dos máis poderosos da cultura, non só occidental, senón humana, pode conter en maior ou menor grao, como un cadro repintado durante milleiros de anos -ó que se lle engaden ademais variacións- , restos de imaxes e rituais que pertenceron a tempos e a deuses e deusas moi diferentes, aínda que sempre ligados á idea de rexeneración da vida despois da noite invernal. Noite que é igual a negro, a escuro, a negativo, a morte, en definitiva, tanto real como simbólica. E este mecanismo continúa hoxe e continuará mentres quede algún ser humano agochado no último bosque do planeta.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO ROMERO, Fernando, 2010, «El folklore gallego sobre la viga de oro: su origen y significado». *Anuario Brigantino 2009*.

ÁLVAREZ PEÑA, Alberto, 2004, «El Busgosu, L'home verde y otros siñores se la viesca». *Asturies: memoria encesa d'un país*, nº 17.

CAL PARDO, Enrique, 1984, *El Monasterio de San Salvador de Pedroso* en *tierras de Trasancos: colección documental*. La Coruña, Diputación Provincial.

CHAMOSO LAMAS, M., 1979, *Escultura funeraria en Galicia*. Ourense, Diputación Provincial.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, 2009, «Na igrexa de San Francisco de Betanzos: unha representación cósmica do ano, restos dun calendario agrícola, algúns artesáns e retratos dos Andrade. *Anuario Brigantino 2008*.

FRAZER, James George, 1998 (1ª ed. 1890), *La rama dorada: Magia y religión*. México..., Fondo de Cultura Económica.

HARDING, Mike, 1998, *A Little Book of the Green Man*. London, Aurum Press Ltd.

HERAS Y NÚÑEZ, María de los Ángeles, 1989, «La máscara que arroja dos haces de caulículos por su boca». *Cuadernos de Arte e Iconografía*, t. II-3.<http://www.fuesp.com/revistas/pag/cai0311.html>

IZQUIERDO PERRÍN, Ramón, 2001, «Arquitectura románica en el municipio de Agolada». *Rutas cicloturísticas del románico*, nº 19.

MILLAR, Ronald, 1997, *The Green Man: companion and gazetteer*. Seaford, East Sussex, S. B. Publications.

RAGLAN, Lady J., 1939, «The 'Green Man' in Church Architecture.» *Folklore* 50: 45-57.

TEIJEIRO, L. Antonio, 1988, *Quiroga: Encomienda de San Juan (Historia, Monumentos y Linajes)*. Concello de Quiroga / Diputación Provincial de Lugo.

VÁZQUEZ, Lois, 1996, «Galicia en la fiesta de Santiago el Verde: (Breve apunte apetitoso)». *Ruta Cicloturística del Románico Internacional*, nº 14.

AGRADECEMENTOS: Daniel Manso, Andrés Pena, Alberto López, Xosé Mª Veiga e Aurora Lestón.

Vinganza heráldica contra Fernán Pérez de Andrade

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ©*
as imaxes son do autor

Sumario
En este traballo demóstrase como moi probablemente Pedro Fernández de Andrade, sobriño e herdeiro de Fernán Pérez de Andrade, se vingou deste para restituir a figura de seu pai, Iohan Freyre de Andrade (irmán maior de Fernán Pérez). E como se vingou? Pois eliminando a banda dalgúns escudos de Fernán Pérez na igrexa de San Francisco de Betanzos para así convertelos en escudos de seu pai.

Abstract
This work shows how, most probably, Pedro Fernández de Andrade, nephew and heir of Fernán Pérez de Andrade took vengeance against the latter to restitute the figure of his father Iohan Freyre de Andrade (elder brother of Fernán Pérez).
And how did he do this? Well, by eliminating the band of some of the coats of arms of Fernán Pérez in the church of San Francisco of Betanzos, thus changing them into the coats of arms of his father.

A igrexa de San Francisco, de Betanzos, é unha verdadeira caixa de sorpresas, porque cando un cre que comprende algo, sempre é probable que apareza un detalle que o cambie todo. Iso ocorreume cando, despois de publicar varios traballos sobre a caza medieval (Erias, 1998, AB1999, 2002, 2006), ollando o escudo que remata as escenas cinexéticas do evanxeo na ábsida, decátome de algo que nunca vira: o sol da mañá esvaraba pola pedra e alí, no campo liso, aparecía claramente a pegada dunha banda, que estivo colocada como barra, xa que entendo que se quixo situar esa figura de maneira simétrica co outro escudo (con banda), o da epístola (figs. 5-6). Polo tanto creo que non se debe aplicar aquí a teoría heráldica do significado da barra:

> *La Banda es una pieza honorable que atraviesa diagonalmente el escudo desde el lado diestro al siniestro [de la izquierda a la derecha del espectador], abarcando una tercera parte del escudo. La Barra no se diferencia de la banda sino que atraviesa el escudo del lado siniestro al diestro. Esta figura sirve generalmente como distintivo de los hijos naturales* (Armengol, 1933: 64).

Nesta igrexa, un escudo con campo liso e sen banda pertencería a Iohan Freyre de Andrade (fig. 1), pero se a ten (sen os posteriores dragantes que vemos nos Andrade do s. XV en Monfero), sería de Fernán Pérez de Andrade. Iso si, comparten a lenda da bordura que, con variacións, di: AVE : MARIA : GRACIA : PLENA : DOMINUS : TECUM : BENEDICTUS. Precisamente, a bordura (e en ocasións tamén a banda) é utilizada por Fernán Pérez para deixar unha mensaxe moi clara do seu protagonismo nas obras. Ocorre no escudo da parede que limita o primeiro tramo do cruceiro cara o norte (fig. 7). Aparece soportado por un gran porco bravo e sobre a bordura e a banda ten a lenda: FERNAN : PEREZ : DE : ANDRADE : FEZ : ESTE : MOESTEIRO : TODO. Ten sentido que esta lenda estea no norte, posto que é aí, pegado polo norte á igrexa, onde se ubicaba o mosteiro gótico de San Francisco construído por Fernán Pérez de Andrade e que hoxe non vemos, porque se destruíu nos anos 70 do s. XIX (Erias, 1982).

*** Alfredo Erias Martínez** é director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas, arquiveiro-bibliotecario municipal de Betanzos e coordinador xeral de *Restauro: revista internacional del Patrimonio Histórico*. <http://www.alfredoerias.com>, <http://anuariobrigantino.betanzos.net>, <http://hemeroteca.betanzos.net>, <http://www.revistarestauro.com>.

De maneira case simétrica, ó outro lado, na parede que limita o primeiro tramo do cruceiro cara o sur, un escudo similar (fig. 8), tamén sobre un gran porco bravo, ten a seguinte lenda na bordura (a banda aparece ornamentada con vexetación á maneira dos libros miniados da época): FERNAN : PEREZ : DANDRADE : CAVALEIRO : FEZ : ESTA : OBRA : SUAM.

Se no escudo norte se refería ó mosteiro, parece claro que aquí, con «... ESTA : OBRA : SUAM» se refire á igrexa. Os mesmos elementos aparecen ós dous lados do arco de acceso á absida da igrexa de Santa María do Azougue, en Betanzos. Pero aquí, na parte alta, o porco está á esquerda e o escudo á dereita do espectador: non había espazo para poñelos xuntos en vertical. E a lenda da bordura di: FERNAN : PERES : DANDRADE : FEZO : ESTA : CAPELLA : Impórtalle moito a Fernán Pérez deixar claro, ós presentes e ós que veñan, que el fixo estas obras, cousa que ademais subliña cos seus emblemas persoais.

Iohan e Fernán son irmáns. Iohan é o maior. Sen embargo, Fernán foi o máis poderoso, posto que participou cun exército propio na guerra civil entre Pedro I e Enrique de Trastamara e, á súa conclusión, este concedeulle moitas «mercedes» (señor de Vilalba, Ferrol, Pontedeume...), de tal maneira que foi o cabaleiro máis importante da segunda metade do s. XIV en Galicia. Fernán Pérez debía ter unha personalidade ególatra, debido en boa parte a que era un cabaleiro vido a máis desde unha posición de segundo nivel. Por outra parte, os acontecementos de Montiel nos que debeu participar, cando Enrique de Trastamara mata a Pedro I nunha farsa a maneira de torneo, debeulle crear unha mala conciencia que se ve na obsesión por facer e anunciar que fixo sete veces sete obras boas: mosteiros, igrexas, hospitais, pontes, etc. E, unha vez deixado moi claro iso, xa se atreveu a facerse figurar coa súa familia no Paraíso da ábsida de San Francisco (Erias, AB 2008), ó tempo que no sepulcro se facía representar como cabaleiro (con esporas, espada e armadura) e gran cazador á maneira dos heroes grecolatinos.

Publiquei de pasada o dato da destrución da banda e a teoría de por que e por quen nun traballo (Erias, 2006) e pasou tempo ata que me decatei de que había máis escudos ós

Fig. 1.- Sepulcro de Iohan Freyre de Andrade na capela absidal da epístola da igrexa de San Francisco, de Betanzos. Lenda: AQUI : IAZ : IOHAN : FREYRE : D : ANDRADE : PADRE : DE : P(edr)O : F(e)R(nan)D(e)S : DE : AND(ra)DE.









Figs. 2, 3 e 4.- Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, con dúas variantes do seu escudo, orixinariamente situado no lado do evanxeo da ábsida da igrexa de San Francisco, de Betanzos.



Fig. 5.- Escudo de Fernán Pérez de Andrade no remate das escenas cinexéticas do evanxeo da ábsida da igrexa de San Francisco, de Betanzos. Non é, como podería parecer, de Iohan Freyre, posto que se lle eliminou a banda situada ó revés (como barra) para facer simetría co escudo da epístola. Iso si, o obxectivo de tal eliminación era convertelo no escudo de Iohan, cousa que enganou a numerosos investigadores.



Fig. 6.- Reconstrución hipotética da banda destruida (situada como barra) do escudo de Fernán Pérez de Andrade no remate das escenas cinexéticas do evanxeo da ábsida da igrexa de San Francisco, de Betanzos.



Fig. 7.- Escudo de Fernán Pérez sobre o porco bravo (emblema persoal) na parede que limita o primeiro tramo do cruceiro cara ó norte (igrexa de San Francisco, Betanzos).

que lles quitaran a banda: concretamente un moi evidente no muro oriental do primeiro tramo do brazo norte do cruceiro, moi probablemente outro no muro oriental do primeiro tramo do brazo sur do mesmo cruceiro (non se ve ben, pero sería lóxico por simetría co anterior) e, alertado xa por este fenómeno, estou convencido de que outros escudos exteriores sufriron a mesma mutilación ou foron substituidos por outros xa sen banda.

De súpeto, quedaba descartada a participación de Iohan Freyre nas obras do cruceiro da igrexa onde está o seu sepulcro (capela absidal da epístola) e mesmo quizais tamén a súa presenza como cabaleiro nas escenas de caza da ábsida e do sepulcro de seu irmán que varios cremos ver (Manso, 2000...).

QUEN FOI O VINGADOR E POR QUE

Fernán Pérez de Andrade e Sancha Rodríguez tiveron dúas fillas, María e Ynés, clarisas en Compostela (Viader, 1976: 76), e un fillo, que aparece nunha concordia *do 20-V-1368* entre *don Francisco*, Bispo de Mondoñedo, e *Fernán Pérez d-Andrade*, quen se refire a *Sancha Rodrigues* como á súa *moller* e tamén cita ó seu *fillo erdeiro:*

> ... todalas terras et coutos et erdades et Iglesias que o dito Senor Bispo et sua Iglesia deren et outorgaren a min et a Sancha Rodrigues, minna moller... As quaes condiçoes et qualquer d-elas eu et a dita minna moller outorgamos por nos et por noso **fillo erdeiro** que nomearmos en noso testamento, a quen mandamos que garde as ditas condiçoes et cada huna d-ellas su penna de nosa maldiçion.



Fig. 8.- Escudo de Fernán Pérez de Andrade sobre o porco bravo na parede que limita o primeiro tramo do cruceiro cara ó sur (igrexa de San Francisco, Betanzos).

Figs. 9-10.- Porco bravo e escudo que están a ámbolos dous lados do arco de acceso á absida da igrexa de Santa María do Azougue, en Betanzos.









Figs. 11 e 12.- Á esquerda, escudo de Fernán Pérez de Andrade no inicio das escenas cinexéticas da epístola da ábsida de San Francisco, de Betanzos. Á dereita, escudo de Fernán Pérez de Andrade no muro oriental do primeiro tramo do brazo sur do cruceiro, ó que probablemente se lle eliminou a banda, aínda que resulte difícil de ver.

... mandeya seellar dos seelos meu et da dita *Sancha Rodríguez, minna moller...* («Concordia entre don Francisco, Obispo de Mondoñedo, y Fernán Pérez de Andrade para que éste no defienda a los clérigos de Trasancos contra el Obispo», Cal Pardo, 1984: 259-260).

Non se sabe o que pasou con este «fillo erdeiro», pero desaparece de súpeto da documentación ó tempo que súa nai tampouco aparece máis aló de 1373 (Erias, AB 1991: 185-222). Os dous deberon morrer por eses anos de principios dos 70 do s. XIV. A morte dese fillo trastocou completamente os plans de Fernán Pérez, quen empezou a planificar un novo matrimonio. A muller tiña que ser dunha das grandes familias de Galicia e esperaría a ter daquela o herdeiro que tanto necesitaba. Casaría finalmente con Constanza de Moscoso (sepulcro na igrexa de Santo Domingo de Bonaval en Compostela), máis nova ca el, pero non houbo fillo algún, polo que, finalmente, cando morre no 1397, ten que deixar á forza como herdeiro ó seu sobriño Pedro Fernández de Andrade, fillo de Iohan.

Non hai crónica que nos diga o que pasou, pero parece evidente que quen trastocou os escudos de Fernán para que pareceran de Iohan foi Pedro Fernández de Andrade. Seguramente levaba no corazón a tristura e humillacións varias que sufrira seu pai, o primoxénito, por causa do poderoso irmán, e agora, cando este xa non estaba, era o momento da vinganza, que quizais tivo tamén outras manifestacións que se descoñecen.

Unha das máis grandes humillacións que quizais Fernán fixo á memoria de Iohan moi probablemente foi o impedir que no seu sepulcro aparecera con espada. Se hoxe vemos o sepulcro de Iohan (fig. 1), comprobaremos con estrañeza como ten todas as características dun gran cabaleiro de finais do s. XIV, pero sen espada. Resulta incrible. A súa imaxe é moi semellante á de Fernán, pero este si leva unha ostentosa espada, con estrela de David no pomo, da mesma maneira que o outro irmán, probablemente Nuño Freire, Mestre da portuguesa Orden de Christus, que vemos no Museo das Mariñas (Erias, AB1991). Parece



Fig. 13.- Escudo de Fernán Pérez de Andrade no muro oriental do primeiro tramo do brazo norte do cruceiro da igrexa de San Francisco, de Betanzos. É moi evidente que se lle eliminou a banda.

claro que Fernán non quería que Iohan estivese á súa altura. Por conseguinte, isto, e outras cousas que non sabemos, envexas e demais, deberon crear na casa de Iohan un fondo odio familiar, deses que saen á superficie como un volcán á hora das herdanzas.

Hai outra cuestión que considerar no sepulcro de Iohan, que é o da lenda (fig. 1). A lenda vén dicir que a súa importancia está en ser pai de Pedro Fernández de Andrade. Isto pode querer dicir que sobre o sepulcro xa construído, Pedro, herdeiro xa de Fernán Pérez, mandou escribir esta nova lenda, aínda que non lle poido engadir a espada á imaxe de seu pai.

E agora aínda queda outra pregunta: por que a imaxe sepulcral de Iohan (fig. 18) presenta dúas bandas, mentres a de Fernán (fig. 19) ten unha soa? Como non parecen engadidas *a posteriori* semella que é unha forma de reivindicar que por herdanza de seu pai el tiña máis dereito ca ninguén a levar a banda. E parece que Fernán Pérez llo permitiu a cambio de que non a levara no escudo. Sen embargo, este feito demostra que o tema da banda era un asunto de conflicto entre eles.

Fernán Pérez era moi afeccionado ós símbolos que derivaban da antigüidade e agora, que voltas dá o destino!, sufriría un golpe típico dese mundo: unha especie de *damnatio memoriae* ('condena da memoria'), práctica corrente en Roma, que consistía en condenar o recordo do inimigo do Estado despois da súa morte. O inimigo, quen llo diría a este home que tanto se preocupou por pasar á historia e por engrandecer o seu nome e o da súa liñaxe!, era el mesmo.

Con todo, non foi unha *damnatio memoriae* radical, acaso porque era imposible borrar o que fixo Fernán Pérez. É dicir, Pedro non arrasou completamente cos seus símbolos: ó fin e ó cabo non deixaba de ser membro moi importante da súa linaxe, a quen, ademais, lle debía o poder. Digamos que foi unha *damnatio memoriae* parcial, familiar, reequilibradora e baseada, polo que agora se comproba, en converter algúns escudos de Fernán nos de Ioan a base de eliminar a banda.

Unha vez comprobados estes feitos no interior da igrexa, xa se ven con sospeita os escudos exteriores dos contrafortes. Vexamos:



Fig. 14.- Este escudo, nun contraforte moi visible da esquina sur-este do cimborrio de San Francisco, ten que ser necesariamente de Fernán Pérez, por ubicación e polos emblemas seus: porco bravo e Anunciación. Polo tanto, con toda probabilidade lle quitaron a banda.

1) O primeiro está nun contraforte moi visible na esquina sur-este do cimborrio (fig. 14) e sen dúbida lle quitaron a banda. Porque está flanqueado polas figuras da Anunciación, que é un emblema de Fernán, como se ve, entre outros exemplos, nun escudo do seu



Fig. 15.- Primeiro plano do escudo que vemos no contraforte da fig. 16.



Fig. 16 e 17.- Escudos sobre cans en contrafortes da ábsida de San Francisco que, ou ben eran de Fernán Pérez e se lles quitou a banda, ou se puxeron a posteriori cando gobernaba Pedro Fernández de Andrade. Nótese que, na cima, un ten un escudo de Fernán Pérez e outro un emblema seu: o porco bravo.

sepulcro e, por se fora pouco, algo máis abaixo está un porco bravo, outro dos seus emblemas. Ademais, este é o escudo exterior máis monumental e artístico e máis visible socialmente, polo que resulta incrible pensar que fora en orixe de Iohan.

2) No seguinte contraforte, xa da ábsida, aínda cara ó sur (fig. 16), hai un escudo orixinal de Fernán na parte alta, inalterado quizais pola dificultade de acceso. Lenda: AVE : MARIA : GRACIA : PLENA

3) No mesmo contraforte, na parte media e enriba dun can, outro emblema de Fernán, aparece un escudo sen banda e descentrado (figs. 15 e 16) que semella ter sido colocado *a posteriori* da obra orixinal.

4) Algo semellante ocorre con outro escudo (fig. 17), sen banda, descentrado e tamén enriba dun can, pero sen lenda, nun contraforte que dá ó este e que ten na cima un porco bravo. Nestes dous casos semella que os cans son orixinais, pero os escudos foron postos despois por remedo ós escudos interiores sobre cans ou porcos bravos, a menos que fosen de Fernán Pérez e lles quitasen tamén a banda, que non se pode descartar.

CONCLUSIÓNS

1) Os únicos escudos interiores sen banda que con seguridade pertencen a Iohan Freyre de Andrade son os tres do seu sepulcro.

2) Os demais escudos interiores sen banda, un no lado do evanxeo da ábsida e outros dous no cruceiro, eran orixinariamente de Fernán Pérez, polo tanto con banda, pero foilles destruída.

3) En canto ós escudos exteriores, o principal cos personaxes da Anunciación como tenantes, debeu ser orixinariamente de Fernán e, polo tanto, con banda, pero considero que lle foi picada. Logo hai un con banda de Fernán na parte alta dun contraforte e dous sen banda. Estes, na parte media de contrafortes, semella que foron postos con posterioridade á obra orixinal, aínda que non se descarta que foran de Fernán e se lles destruíra tamén a banda.



Fig. 18.- Iohan Freyre de Andrade.




Fig. 19.- Fernán Pérez de Andrade.

4) A hipótese máis lóxica é a de pensar que o autor destas alteracións foi o herdeiro de Fernán Pérez, o seu sobriño e fillo de Iohan, Pedro Fernández de Andrade, quen debeu engadir tamén a lenda que hoxe vemos no sepulcro de seu pai.

BIBLIOGRAFÍA

ARMENGOL Y DE PEREYRA, Alejandro de, 1933, *Heráldica*. Barcelona-Buenos Aires, Colecc. Labor, secc. VI, Ciencias Históricas, nº 320.

CAL PARDO, Enrique, 1984, *El Monasterio de San Salvador de Pedroso* en *tierras de Trasancos: colección documental*. La Coruña, Diputación Provincial.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, 11/12-XI-1982, "O fenómeno dos ensanches na cidade de Betanzos". *El Ideal Gallego*, <http://www.alfredoerias.com/autor/9-ensanches.htm>

-1998, *Debuxos de Galicia [e Portugal] (III): Caza medieval*. Betanzos, Briga Edicións.

-1992, «Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, muller de Andrade e Nuño Freire, Mestre de Christus». *Anuario Brigantino 1991, nº 14*

-2000, "La eterna caza del jabalí". *Anuario Brigantino 1999*, nº 22.

-2002, "El jabalí dios y el jabalí demonio en los sepulcros galaicoportugueses del siglo XIV" (Actas do Congreso, *La caza en la edad media*, Universidad de Valladolid).

-2006, "Un tema iconográfico da Idade Media: a caza do porco bravo". Actas do II Simposio de Estudios Humanísticos (De culturas, lenguas y tradiciones). Universidade da Coruña.

-2009, «Na igrexa de San Francisco de Betanzos: unha representación cósmica do ano, restos dun calendario agrícola, algúns artesáns e retratos dos Andrade. *Anuario Brigantino 2008.*

MANSO PORTO, Carmen, 2000, «El mundo profano en la imaginería gótica de los conventos mendicantes gallegos: la caza». *Boletín del Museo Arqueológico Nacional*, t. XVIII, núms. 1 y 2.

VIADER SERRA, José, 1976, «Santa Clara de Santiago en los siglos XIV-XV». Liceo Franciscano, 2ª época, año XXIX, núms 85-86-87. Colegio Franciscano, Santiago de Compostela.

El retablo mayor de la iglesia de Santiago de Ávila:
aspectos histórico-artísticos e iconográficos

CARMEN MANSO PORTO* Y ABRAHAM RUBIO CELADA**

Sumario:
El retablo de Santiago de Ávila es un ejemplo muy rico de la iconografía jacobea de las iglesias del Camino de Santiago en el siglo XVII. Gracias a una reciente restauración ha podido recuperar su organización original, que había sido alterada a lo largo de los siglos, sustituyéndose el relieve central de Santiago a caballo por un cuadro y colocando otro cuadro en el lugar que ocupaba una escultura de la Inmaculada, de la que sólo permanece la peana.

Abstract:
The «Santiago de Ávila» altarpiece is an excellent example of the Xacobean iconography in the churches of the «Camino de Santiago» in the 17th century. Thanks to a recent restoration, it has been returned to its original organization, which had been altered over the centuries, substituting the central relief of Santiago on horseback with a painting and putting another painting in the place occupied before by a sculpture of the Virgin Mary, of which only the pedestal remains.

La iglesia parroquial de Santiago se encuentra en el arrabal del mismo nombre, en la zona sur de la ciudad de Ávila. La tradición sostiene que en su altar se armaban los caballeros de la Orden de Santiago de la ciudad, por lo que en alguna ocasión se le ha llamado iglesia de Santiago de los Caballeros.

Es de origen románico, aunque el edificio actual es gótico construido en el estilo tardío del siglo XVI, con trazas del arquitecto Martín de Solórzano, bajo el mecenazgo del obispo fray Francisco Ruiz. Fue terminado por los maestros Pedro de Viniegra y Vicente del Canto. Es de una sola nave de cuatro tramos con bóvedas de crucería y capillas entre los contrafuertes. Destaca la torre de planta octogonal, única de la ciudad, originaria del siglo XIV según Gómez Moreno[1]. El acceso al templo se hace a través de una puerta de estilo renacentista. En la cabecera, de planta poligonal, se encuentra el gran retablo mayor y, a los lados, se ha decorado el zócalo de piedra con pinturas murales con los símbolos de la Pasión, dentro de arcos de medio punto, de mediados del siglo XVIII.

A lo largo de los siglos, la iglesia de Santiago sufrió algunas transformaciones, siendo las más importantes a consecuencia de la caída de un rayo en 1803, que hizo que la torre se desplomase sobre el tejado, afectando a la bóveda del presbiterio. La reconstrucción la

*** Carmen Manso Porto** es Doctora en Historia del Arte por la Universidad Complutense de Madrid, Académica correspondiente de la Real Academia de Bellas Artes de Galicia, de la Real Academia de la Historia y de la Academia Portuguesa da História y Directora del Departamento de Cartografía y Artes Gráficas de la Real Academia de la Historia.

**** Abraham Rubio Celada** es Doctor en Historia del Arte por la Universidad Complutense de Madrid, Académico correspondiente de la Real Academia de la Historia y Directivo de la empresa ECRA Servicios Integrales de Arte.

[1] GÓMEZ MORENO, 1983, p. 192.

hizo fray Cristóbal, arquitecto de El Escorial en el año 1804, construyendo una nueva bóveda en un estilo algo diferente y reconstruyendo la parte alta de la torre.

El retablo mayor de la iglesia de Santiago, colocado en la cabecera del presbiterio, presenta unas medidas de 7 metros de ancho y 14,7 metros de alto[2]. Fue construido en el primer tercio del siglo XVII, en un primer estilo barroco, pero todavía con influencias escurialenses. Se estructura en tres cuerpos, divididos en tres calles y rematado por un ático. La calle central es un poco más alta y ancha que las demás. No tiene banco y el primer cuerpo apoya directamente en un zócalo de piedra con una decoración en relieve de cajeados rectangulares que encierran rombos, enmarcados por basamentos prismáticos, decorado con pinturas murales imitando un marmorizado en tonos blancos, rojos y azules.

El retablo se compone de tres órdenes, al modo clasicista:

-En el primer cuerpo, de estilo dórico, presenta columnas acanaladas pareadas en la calle central y sencillas, en las laterales, sobre las que apoya un friso corrido con triglifos dorados en relieve y metopas con decoración pintada de discos y bucráneos. En las cajas laterales hay dos óleos sobre lienzo; a la izquierda se representa un milagro de Cristo en presencia del apóstol Santiago y a la derecha el traslado del sepulcro del apóstol Santiago. En la caja central, hay un Expositor de estilo barroco en madera tallada, dorada y pintada, que presenta forma de templete con cúpula, sostenido por columnas y estípites, que apoyan en unas ménsulas con cabezas de querubines. El nicho central presenta el interior decorado con espejos. Por la documentación encontrada en la restauración, es posterior a 1774, aunque parece más bien una recomposición hecha aprovechando algunos elementos de épocas anteriores, y en la parte inferior central se ha tapado con maderas del siglo XIX o XX la zona que ocupaba el Sagrario.

-El segundo cuerpo, de estilo jónico, presenta columnas acanaladas pareadas en la calle central y sencillas, en las laterales, sobre las que apoya un friso corrido con relieves vegetales entrelazados y tarjas con cabujones. En las dos cajas laterales hay dos pinturas sobre tabla: a la izquierda el bautismo de la reina Lupa, y a la derecha el martirio del apóstol. En la calle central hay un altorrelieve del apóstol Santiago a caballo en la batalla de Clavijo. Este relieve, original de la época de construcción del retablo, ya sufrió alguna componenda a mediados del siglo XVIII, en la que se pintó en un tono blanco imitando piedra.

-El tercer cuerpo, de estilo corintio, presenta columnas torsas pareadas, en la calle central, y sencillas, en las laterales, sobre las que apoya un friso corrido con relieves vegetales entrelazados, grutescos con cuerpo de putti y tarjas con cabujones. En las cajas laterales hay dos tablas de principios del siglo XVII, encargadas en el momento de la construcción del retablo, con historias del apóstol Santiago; a la izquierda un milagro de Cristo en presencia de Santiago, y a la derecha los discípulos del apóstol pidiendo ayuda a la reina Lupa para enterrarle. En la caja central había una escena en altorrelieve o bulto redondo de la Ascensión o Coronación, desaparecida de la que sólo queda la peana original con nubes y cabezas de querubines y la tabla del fondo, pintada con una escena de Gloria y en uno de los retablos de la iglesia.

-El ático presenta columnas torsas pareadas de estilo corintio, sobre el que apoya un friso corrido con relieves vegetales entrelazados, sobre el que se sitúa un frontón triangular, con un busto de Dios Padre bendiciendo, en el interior. En la caja hay un Cristo crucificado,

[2] Se puede contemplar ahora en todo su esplendor, gracias a la reciente restauración llevada a cabo por la empresa ECRA Servicios Integrales de Arte S.L.



1. Retablo mayor de la iglesia de Santiago de Ávila. Foto Andrés Valentín-Gamazo.

y el fondo con un tablero pintado con el Sol y la Luna. A los lados hay dos aletones con decoración pintada floral en el interior.

Documentación sobre el retablo

El retablo mayor de la iglesia de Santiago está muy documentado, y las cuentas sobre su construcción se encuentran en el Archivo Diocesano de Ávila, publicadas algunas de ellas ya en una tesis doctoral[3].

La primera noticia que tenemos data del 2 de octubre de 1602, en que en la visita del Provisor a la iglesia comenta que se haga el retablo según el modelo que tiene el cura párroco don Benito Sánchez de Guevara[4]:

> «Retablo. Para el altar mayor de la dha iglesia se haga un retablo de talla y para este efecto emos visto una traça y modelo que se halla en poder del cura de la dha iglesia que por n[uest]ro mandado se entregó a Fran^co^ Fernández de León, notario, para que conforme a la dha traça se haga el dho retablo. Por tanto mandamos al cura y mayordomo de la dha iglesia dentro de dos messes primeros siguientes parezcan ante sus a y ante nos en su nombre asaz y orden para que se haga el dho retablo según y cómo de la forma que se hordenase y mandare y que mejor y más cómodamente lo hiciere, lo qual cumplan los dichos cura y mayordomo dentro de este término, que corran y se cuenten desde el día que se les notificare, sopena de cada seis ducados que aplicamos por la fábrica de la dha iglesia. Firmado: Licen^do^ Contreras Pedro de Villar y Tolosa».

La obra se encargó a Juan Sánchez como escultor y a Diego González como ensamblador, los dos vecinos de Ávila. El retablo debía estar terminado poco antes de 1613, ya que ese año Luis de Morales, procurador de los maestros, pedía al Provisor que se tasase el retablo. La obra costó unos 10.000 reales, efectuándose los siguientes pagos[5]:

> -Carta de pago de 12 de octubre de 1607: «Primeram^te^ se le toman en cuenta ducientos y quarenta y tres mil mrs que dio y pago a Juan Sánchez e Diego González maestros que azen el retablo de la capilla mayor de la dha yglesia a buena cuenta de que dio dellos carta de pago… en doze de otubre de mil y seiscientos y siete»[6].
> -Carta de pago de 11 de diciembre de 1607: «Que se le tomen en quenta cien reales que dio al dho Juan Sánchez maestro que aze el dho retablo de buena quenta de que dio carta de pago en onze de diciembre de mil y seiscientos y siete» [7].
> -Carta de pago de 11 de marzo de 1608: «Que se le tomen en quenta treinta y siete mil y quinientos mrs que dio y pagó al dho Juan Sánchez, escultor que aze el dho retablo de que dio carta de pago a este Francisco de Medina… en onze de marzo de mil y seiscientos y ocho» [8].
> -Sin fecha de pago: «Que se le tomen en quenta ducientos reales que dio al dho Juan Sánchez de que dio carta de pago en su libro de gastos» [9].
> -Sin fecha de pago: «Que se le tomen en quenta trecientos reales que dio al dho maestro de buena quenta de que dio carta de pago en su libro de gastos» [10].

---

[3] VÁZQUEZ GARCÍA, 1991, tomos I y II.
[4] Archivo Diocesano Ávila, Libro XVIII, Folio 75.
[5] VÁZQUEZ GARCÍA, 1991, tomo I, pp. 499 y 500.
[6] Archivo Diocesano Ávila, Libro XVIII, Folio 88, 1610.
[7] Ibid.
[8] Ibid.
[9] Ibid.
[10] Archivo Diocesano Ávila, Libro XVIII, Folio 88v, 1610.

-Sin fecha de pago: «Que se le tomen en cuenta cien reales que dio al dho maestro de buena quenta de que tiene carta de pago en su libro de gastos» [11].
-Sin fecha de pago: «Que se le tomen en quenta mil y setecientos y setenta y ocho mrs que dio al maestro de que dio carta de pago en su libro de gastos» [12].
-Sin fecha de pago: «Que se le tomen en quenta once mil y novecientos y cinquenta mrs que a dado al dho maestro de que dio del carta de pago en su libro de gastos» [13].
-Sin fecha de pago: «Que le dio mas diez y seis reales de que tiene carta de pago en su libro de gastos» [14].

La tasación la hicieron Andrés Sánchez y Vicencio, ambos escultores vecinos de Ávila, que cobraron por ella 5076 maravedíes:

«Tasa del retablo. Iten dio por descargo cinco mil setª y seis maravedís que dio por mandamtº del señor provisor de la rretassa y tassa que vinieron hacer del retablo Andrés Sánchez y Vicencio escultores mostró cartas de pagos» [15].

El dinero que restaba del pago del retablo se fue efectuando de la siguiente manera:
-Carta de pago de 7 de mayo de 1616: «En data 120 reales y por otra otros 100 reales que dio en 7 de mayo 1616 que pagó a los oficiales a cuenta de la obra del dicho retablo» [16].
-Carta de pago de 5 de marzo de 1617: «J. Sánchez. 900 reales a Juan Sánchez en 5-III-1617 a quenta de los 110 ducados que dice se le deven a quenta de la obra del dicho retablo, lo que se pagó en virtud de un mandato de este tribunal que mostró carta de pago del dicho J. Sánchez» [17].
-Carta de pago de 7 de enero de 1621. Este último pago se hizo también a nombre de otro escultor de Ávila, Juan Hernández, que había intervenido en la construcción del primer cuerpo, donde se encontraba el tabernáculo: «Retablo y monumento. Iten se le rreciven e pasan en quenta mil y ducientos reales que por carta de pago otorgada ante Pº rrodríguez es[crib]anº de numº de esta ciudad en ella a siete de henero deste año de seiscientos y veinte y uno por aver pagado por libranza de el diho cura a Diego González de Montemayor, Juan Hernández y Juan Sánchez escultores vºs desta ciudad de lo que se les devía del retablo que hicieron para el altar mayor de la dha iglesia y primer cuerpo del monumento que ellos hicieron con la dicha cantidad se les acabo de pagar todo lo que se les devía del dho retablo y monumento….» [18]

En 1626, un cuarto escultor abulense figura en los pagos. Se trata de Joan de Arbites, quien también hizo la escultura del patrón que está sobre la puerta de entrada:

«Escultor. Más veinte rreales que dio a Juan de Arbites escultor de aderezar unas molduras y quiebras del retablo que fue necesario para dorarle y pintarle….» [19].

[11] Ibid.
[12] Ibid.
[13] Ibid.
[14] Ibid.
[15] Archivo Diocesano Ávila, Libro XVIII, Folio 133v, 1615.
[16] Archivo Diocesano Ávila, Libro XVIII, Folio 46v, 1616.
[17] Archivo Diocesano Ávila, Libro XVIII, Folio 146, 1617.
[18] Archivo Diocesano Ávila, Libro XVIII, Folio 161, 1621.
[19] Archivo Diocesano Ávila, Libro XVIII, Folio 204, 1626.

También se conserva documentación de los pagos de las pinturas en el Archivo Diocesano de Ávila. Antiguamente estuvieron atribuidas a Patricio Caxés, tal como comenta Antonio Veredas[20]. El historiador Francisco Vázquez, ya citado, autor de una tesis doctoral sobe los retablos barrocos de la diócesis de Ávila, atribuyó las dos pinturas del primer cuerpo a Juan de Ángulo, las del segundo cuerpo a un mismo autor sin especificar el nombre y las del tercer cuerpo a Pablo Camino. El otro pintor que aparece en la documentación, en relación con la pintura, dorado y estofado del retablo de Santiago, es Francisco Martín, del que piensa que tal vez sólo se dedicó al dorado y estofado.



2. Ático. Cristo crucificado. Retablo mayor de la iglesia de Santiago de Ávila. Foto Andrés Valentín-Gamazo.

En relación con los pagos de la pintura, dorado y estofado, la obra fue contratada por los tres pintores anteriores en 13.000 reales, que se pagaron de la forma siguiente, en 1628:

- 8.400 reales y 5.000 reales que recibieron de un terno rico (carta de pago de 6 de mayo de 1628): «Pintores. Iten mas se pasan en quenta al dho Domº de Ordas, mayordomo ocho mil y quatrocientos rreales que parece aver dado y pagado a Pablo Valisano Camino, Francisco Martín y Joan de Angulo de que otorgaron carta de pago ante Crisóstomo Gutiérrez nº (notario) del numº de Ávila en ella, a seis días del mes de mayo deste año en que confiesan que con la dha cantidad y con cinco mil rreales que rescibieron de un terrno rrico están pagados de los trece mil y quatrocientos reales en que se obligaron de pintar dorar y estofar el retablo de la capilla mayor de la dha iglª y la paga y contrato se hico por mandamiento del señor Procur[ad]or de Ávila ante el prebᵉ nosº, como dello pareció» [21].

Algunos datos sobre los escultores y pintores que intervinieron en el retablo de Santiago:

Juan Sánchez fue un conocido escultor abulense, del que se conoce su intervención en muchos otros retablos, como el de la capilla de San Segundo de la catedral de Ávila (1601) y el retablo de la iglesia de El Gordo (1604); también hace esculturas, como la imagen de San Roque para la iglesia de Mombeltrán (1601) y las imágenes para el retablo mayor de la iglesia de Adanero (1617), además de actuar de tasador en algunas ocasiones, como en el retablo de la iglesia de Aldehuela (1616).

[20] VEREDAS RODRÍGUEZ, 1935, p. 110.
[21] Archivo Diocesano Ávila, Libro XVIII, Folio 218, 1628.

De Diego González de Montemayor, ya se conoce a finales del siglo XVI su intervención en el retablo mayor de la iglesia de Blascoeles (1591), siendo autor de un grandísimo número de retablos en el siglo XVIII, como el de la iglesia de Cedeñosa (1602), el retablo mayor de la iglesia de Bernuy de Zapardiel (1606) o los retablos colaterales de la iglesia de las Berlanas (1614-1615); también hace otro tipo de obras como el púlpito de la iglesia de Sanchidrián (1612) y las puertas de la iglesia de Rinconada (1615), además de actuar como tasador en distintas obras, como para la custodia de la iglesia de Bularros, obra de Gabriel Campuzano (1615) y la cajonería de la sacristía de la iglesia de Cisla, obra de Gabriel Leal (1631).



3. El puente de la vida y la reina Lupa. Museo de la catedral de Astorga (León). Foto Carmen Manso.



4. Bautismo de La reina Lupa y el traslado del cuerpo del apóstol Santiago. Museo de la catedral de Astorga (León). Foto Carmen Manso.

Juan de Arbites es otro de los escultores que intervinieron en el retablo, aunque de una manera más tangencial, limitándose a algunos arreglos en 1621 para poder dorarle y pintarle. Se conocen muchas de sus obras, así como algunas de las relaciones con los escultores del retablo de Santiago, para cuya iglesia también hizo en 1633 la escultura de Santiago, destinada a la hornacina situada sobre la puerta de entrada. En 1631 reclamó junto con Diego González el pago por las esculturas que habían hecho para el retablo mayor de la iglesia de Sanchidrián. En 1634 es excomulgado, junto con Juan de Ángulo, por no respetar el plazo de terminación de unas andas para la cofradía de Nuestra Señora del Rosario de la iglesia de Mingorría.

Del pintor abulense Juan de Ángulo se conocen algunas obras documentadas, como la pintura del retablo de la iglesia de Villamayor (1605), la pintura del retablo mayor de la iglesia de El Gordo (1607), la pintura del retablo de la cofradía de de la Virgen del Rosario para la iglesia de Cabezas de Alambre (1615), la pintura del retablo de San Crispín y San Crispiano de la iglesia de San Vicente de Ávila (1617).

No quisiéramos pecar de irresponsables a la hora de aventar este «catálogo», ofreciendo una visión reducida de todos aquellos que irradiaron la geografía gallega o esconder, involuntariamente, otros que a buen seguro nos faltan por localizar, pero jamás achacable a carencias de importancia. No es esa nuestra idea. En estos últimos párrafos hemos querido dejar constancia para un posterior y rematado listado, de variados ceremoniales, de los cuales estamos faltos de información y, pese a los exiguos datos recopilados, se ofrecen -debidamente contrastados- con el mismo calor que los hemos descubierto.

En la seguridad de ser muchas las lagunas que podrán ser detectadas, pretendimos dar fe de aquellos localizados, con el ánimo de mostrar su variada gama en el ámbito de nuestra región gallega. Bien está que, al menos, se difundan lugares y fechas de cuantos tenemos alguna seria certeza de su existencia.

Antes de cerrar definitivamente este apartado, nos gustaría puntualizar un comentario que esbozábamos más arriba, relacionado con Galo Salinas Rodríguez y una obra por él presentada al «Certamen científico-artístico-literario organizado por el *Liceo Brigantino*, de La Coruña, en 1890», en el que le fue concedido el primer premio por el drama histórico *A torre de Peito Burdelo*, obra que sería estrenada en Betanzos y aplaudida en varias poblaciones gallegas donde con éxito se representó y cuyo título coincide con el poema que, firmado por X. X., fue «leído en los *Juegos Florales* de Ferrol en Agosto de 1879», como más arriba mencionábamos.

No podemos ampliar ni detenernos más en este rico abanico de solemnidades -así debe entenderlo el amable lector-, pues nuestro primitivo planteamiento y objetivo estaba centrado en los *Juegos Florales* que se celebraron en la señorial ciudad de Betanzos de los Caballeros desde 1886, por cuyos solemnes acontecimientos siento excepcional inclinación; no en vano, mi padre fue promotor y propulsor de alguno de ellos y a estos deseo entregarme, ofreciendo mi más cálido homenaje.

70 *Revista Gallega*, números 335-338. La Coruña, 18 y 25 de agosto y 1 y 8 de septiembre de 1901.



Cabeceras de periódicos utilizados en el presente trabajo.

Nove poemas galegos e un conto de Salvador Golpe (1850-1909)

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

A breve obra en lingua galega de Salvador Golpe, nove poemas e un conto, recóllese por primeira vez neste traballo que lembra a súa vida e obra no centenario da súa morte.

Abstract

A short work in the Galician language about Salvador Golpe. Nine poems and a tale, collected for the first time in this work, which remembers his life and work on the centenary of his death.

INTRODUCIÓN

Cumpriuse neste ano o centenario da morte do poeta e escritor Salvador Golpe Varela, autor que tivo certa resonancia na sociedade galega do seu tempo e que hoxe se atopa algo esquecido. Avogado, xornalista e escritor, persoeiro destacado do grupo rexionalista coruñés, foi un poeta valorado na súa época por máis que apenas publicou un feixiño de poemas en español e aínda non unha decena en galego, espallados por revistas e xornais, sen chegar a recopilalos nun libro ou folleto.

Pese a tan exigua produción, dous dos poemas de Salvador foron moi populares entre os seus contemporáneos, e ainda moitos anos despois da súa morte, musicados por Xoán Montes e por Baldomir, para introducilos en teatros e salóns coa pretensión de promocionar a lingua galega entre as capas da pequena burguesía cidadá, acadando o seu autor sona e certa notoriedade en toda Galicia.

NOTAS BIOGRÁFICAS

Nacera Salvador en San Pedro de Oza, nas Mariñas betanceiras, cando mediaba o século XIX e morreu na Coruña en 1909, uns días antes de cumprir os 59 anos. A súa vida desenvolveuse a cabalo da Coruña, onde tiña domicilio e bufete aberto, e o seu pazo de Paio, na parroquia de Oza, logo dos anos de estudos universitarios en Compostela. En varias publicacións en vida del aparece como nativo de Betanzos, cidade onde a súa familia tiña unha casa, máis o certo é que foi bautizado en San Pedro de Oza, parroquia na que se asenta o pazo familiar de Paio, onde debeu nacer. A súa partida de bautismo foi publicada por Vales Villamarín[1]. Nela dise que naceu o 26 de xullo de 1850[2], fillo lexítimo do matrimonio formado polo doutor don Manuel Golpe e Núñez e a súa muller dona Rita Varela e Sotomayor. Ademáis del naceron alomenos outros dous fillos: Juan e Jesusa. O pai nacera na parroquia de Santa María de Castro, actual concello de Miño, e a nai na compostelá de Santa María a Real de Sar.

Mais as raiceiras da familia Golpe Varela atópanse en terras melidenses, indirectamente no caso do pai, e directamente no da nai. O pai herdaría a casa de Panadeiros, en Zas de Rei, concello de Melide, onde casara súa irmá Ana Golpe Núñez, e antes a súa tía Rosa, co

* **Xesús Torres Regueiro** é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino*.

propietario Manuel Varela Sotomayor e Seixas, sen teren ningunha descendencia. Por tanto, don Manuel Golpe Núñez era cuñado e sobriño do señor da casa de Panadeiros. Por outra parte, don Manuel Golpe Núñez, da casa de Paio en Oza, casou como xa se dixo con Rita Varela Sotomayor, herdeira (entre outras propiedades) da casa de Lago na parroquia de Zas de Rei, en Melide, que á súa vez estaban emparentados cos Núñez da casa de Oza[3]. Como di Soqui Cea: «Queda así comprobado que as raíces maternas de Salvador Golpe están en Melide.» Esta mestra, directiva do Museo Terra de Melide e actualmente alcaldesa de Melide publicou en decembro de 2002 un «Estudio sobre a orixe melidense de Salvador Golpe Varela»[4]. A autora recolle unicamente tres poemas en galego («Unha cita», «Adios a Galicia», e «Dous amores»), quizais os máis célebres, e un en castelán («Piedad»), que quizá foi o derradeiro que escribiu. Aínda que o obxecto do traballo da autora melidense non sexa a poesía de Golpe, senón –como ben indica o seu título- a orixe, ou mellor, a ascendencia melidense do poeta de Oza.

Os Varela Sotomayor eran veciños da cidade de Betanzos xa dende mediados do século XVIII (cando o Catastro do Marqués de la Ensenada en 1753). En 1895, cando morre dona Rita, a nai dos Golpe, a crónica de *El Diario de Galicia* dá unha idea da importancia desta familia. O féretro foi conducido por colonos da finada e o funeral oficiárono trinta e seis cregos das aldeas da bisbarra. Acodiron tamén as forzas vivas de Betanzos (Agustín García, Sánchez Cordero, Agustín Leis, Marcelino Etcheverría...). Outro membro destacado da familia era Francisco Golpe, médico de Oza, que morre en 1897.

O segundo fillo do matrimonio e irmán de Salvador foi Juan Golpe Varela, personaxe que tería moito protagonismo como dirixente do movimento agrario de Solidaridad Gallega (1906-1910). Este, que ao parecer era solteiro, herdou as casas de Vilouriz e a de Panadeiros en Zas de Rei, terras melidenses, das que sería propietario absentista, pois a súa actividade, tanto de dirixente agrario como de avogado, centrouna en Betanzos e A Coruña. Nesta cidade foi concelleiro arredor do ano 1890.

O pazo de Paio, na parroquia de San Pedro de Oza, debrúzase no medio dun tupido bosque, e rodéase de diferentes construccións propias dun espazo pacego: hórreo, pombal, fonte e capela. Fronte a Paio érguese a aldea de Merille, do outro lado do río Mendo, pertencente á parroquia de Lesa e ao concello de Coirós. Este topónimo empregaríao Salvador como seudónimo (Pedro de Merille) nalgunha ocasión, concretamente na recolleita dun refraneiro do que falaremos despois. Salvador herdaría tamén a casa de Lago, en Zas de Rei, unha das propiedades que a familia tiña en Melide, e a de Boído en Boimorto. Eran, pois, os irmáns Golpe propietarios abastados que deixarían as terras en mans de apoderados para dedicarse ás súas profesións liberais.

Salvador casou en primeiras nupcias coa compostelá María Carmen Túñez Prado, coa que tivo varios fillos (María, Manuel...). Viúvo do primeiro matrimonio, casou en segundas no ano 1899, na parroquia coruñesa de Santiago, coa tamén compostelá María Carmen Rodríguez Bermúdez coa que tivo dous fillos: Carmen e Jesús. Este último sería o herdeiro do pazo de Paio.

Fixo Salvador a carreira de Dereito na universidade de Compostela, tempo no que colaborou no xornal local *El Diario de Santiago*, de talante liberal, xunto con Alfredo Vicenti e outros, que mantén polémicas con *El Libredón*, dirixido por Alfredo Brañas, e participa nos xogos florais de Santiago de 1875.

Establece na Coruña o bufete de avogado arredor de 1878. Nesta cidade desempeñou os cargos de fiscal municipal (un bienio) e logo o de xuíz municipal en dous bienios ate o

1891, cargo no que recuncaría en 1907. No 1891 foi electo concelleiro, intervindo como tal no movemento que se iniciou na Coruña con motivo da supresión da Capitanía Xeral que, por impulso dos rexionalistas, pasou de ser un problema local a ser sentido como un agravio a toda Galicia. Golpe formou parte da comisión que percorreu todo o país galego en resposta ao agravio, constituíndo «xuntas de defensa» para erguer o espíritu galego contra os atropelos do poder centralista. Por mor desta campaña sería encadeado un breve período xunto con outros membros da Xunta de Defensa. El mesmo contou as peripecias desta campaña no libro *De La Coruña a la cárcel pasando por Galicia* (A Coruña, 1894).

Cando a Xunta de Defensa se desprazou a Ourense, Lamas Carvajal, que non simpatizaba co movimento, dedicoulle a Gope e demais persoeiros da xunta unha «Mostacilla»:

Una fiesta patriotera
tenemos en perspectiva,
y habrá gaitas y cohetes,
y hasta vivas…
Sus oraciones caldeadas
en fuego regionalista,
serán oídas con gusto
y aplaudidas.
¿Qué piden? ¿Qué en La Coruña
quede la Capitanía?
Por tan poco no reñimos:
Concedido

Participou activamente no movimento rexionalista, como membro da tertulia da «Cova Céltica», e na fundación dos seus órganos políticos, a Asociación Regionalista Gallega primeiro e posteriormente a Liga Gallega, da que foi presidente, ao tempo que colabora na Sociedad Folklore Gallego, da que foi secretario.

Esta entidade créase en 1883, baixo a presidencia de dona Emilia Pardo Bazán, co obxectivo de recoller as tradicións populares seguindo a estela do Folklore Andaluz fundado un par de anos antes por Antonio Machado Álvarez («Demófilo»).

Golpe foi un dos integrantes da tertulia coruñesa que se reunía na «Librería Regional» de Uxío Carré Aldao. Na rúa Rego de Auga, primeiro, e despois na rúa Real, no número 16 da entón chamada rúa Luchana. Tertulia que foi alcumada como «Cova Céltica» por algún escritor alleo e inimigo das premisas políticas rexionalistas que defendía este grupo, e que estaba integrada ademais por Florencio Vaamonde Lores, Urbano González, Eduardo Pondal, Manuel Murguía, Manuel Lugrís Freire, Francisco Tettamancy, Eladio Rodríguez, Andrés Martínez Salazar, Galo Salinas e outros que pasaban por alí máis esporadicamente. En opinión de Fernández del Riego:

> «As xuntanzas alí realizadas chegaron a ter un interesante siñificado. Os escritores galegos daquel tempo, atraguidos polas publicacións e as tertulias de Madrid, onde esplendía o modernismo, arelaban —engaiolados polos ésitos da Pardo Bazán e de Valle Inclán— facer unha literatura de Galicia en lingua castelá. E frente desta actitude negadora dos valores espresivos da fala propia, a «Cova Céltica» trocouse en fogar case único no que se conservaba acesa a chama das esencias da lingua autóctona.»[5]

A Asociación Regionalista Gallega, na que confllúen liberais, federalistas e tradicionalistas, estivo activa entre 1890 e 1893. Constituíuse en Santiago, presidida por Manuel Murguía, formándose comités locais en Lugo, A Coruña, Pontevedra, Vigo e Tui. Tivo por órgano oficial *La Patria Gallega*. En 1890 Salvador funda na Coruña, xunto con Francisco de la Iglesia, o comité local da Asociación Regionalista, da que será vocal xunto co seu irmán Juan. Ao ano seguinte é eleito concelleiro do Concello da Coruña. Iniciativas suas foron a colocación de lápidas lembratorias nas casas dos persoeiros coruñeses María Pita, La Sagra e Cornide. Intervén afervoadamente, xunto con toda a corporación,

no movimento contra a supresión da Capitanía Xeral, con sé na Coruña, que pretendía executar o governo español. Como resultas desta mobilización (que narrará no libro *De la Coruña a la Cárcel pasando por Galicia*) será preso durante un tempo.

As diferenzas e tensións entre os seguidores do sector liberal encabezado por Murguía e os tradicionalistas impedíu a súa consolidación e levaría ao seu esfarelamento.

O sector liberal organizariase na Liga Gallega, fundada na Coruña, presidida por Murguía (aveciñado agora nesta cidade) e dirixida por un comité integrado por Lugrís, Carré e Golpe que redactan os estatutos en 1898 en idioma galego. A entidade tivo escasa actividade e o seu logro máis significativo foi a campaña e erección dun monumento aos «Mártires de Carral» nesta vila coruñesa.

Salvador aparece como presidente da Liga Gallega nese ano 1898. Nos seus últimos anos de vida colaborará co movimento agrario de Solidaridad Gallega, do que o seu irmán Juan era un dos líderes, especialmente na bisbarra das Mariñas, aínda que a doenza que sofre por eses anos impediralle participar activamente.[6]

Aínda que en Betanzos, cidade na que vivía a súa nai, non tivo Salvador moito protagonismo, si participou nalgúns eventos culturais. Así, en 1886 forma parte do xurado dos Xogos Florais celebrados nese ano. E en agosto de 1901 foi o mantenedor dos Xogos Florais dese ano, lendo un discurso que sería impreso pouco despois co título *Regionalismo y lenguaje*.

Na Coruña foi co-fundador de *El Clamor de Galicia*, de cariz conservador, continuando unha intensa actividade na prensa. Tamén colaborou na prensa galega de América; entre outros moitos fíxoo en *El Gallego*, o primeiro periódico galego de Sudamérica. Carteouse con relevantes personalidades da época, correspondencia da que Vales Villamarín deu a coñecer no traballo citado unha carta de Alfredo Brañas e outra de Miguel de Unamuno.

Moitas loitas xornalísticas e políticas realizounas en parcería co seu irmán Juan, co que tamén compartía a profesión de avogado. Este acadou sona como dirixente agrario do movimento Solidaridad Gallega. Con el fundou na Coruña en 1894 o diario rexionalista *Unión Gallega*, do que foi director. Un xornal dificil ou imposíbel de atopar hoxe nas hemerotecas galegas.

Un ano antes da morte de Golpe, o decenario *A Nosa Terra* dedicáballe a súa portada do nº 53 (7 de setembro de 1908) cun retrato e un artigo anónimo da redacción que comezaba dicindo del: «Es uno de nuestros primeros intelectuales de la región gallega, á la cual consagró siempre todos sus talentos de escritor brillante y todos sus amores de patriota sincero.» Destacan a súa actividade xornalística: «Su pluma, en aquellas épocas en que la Prensa aun no constituía como hoy determinados *fulanismos*, trazó innumerables artículos político-literarios que los periódicos acogían en sus columnas con verdadero entusiasmo…». Con respecto ás súas obras publicadas considera que «tienen un marchamo de sano doctrinarismo» e que *Patria y Región* «podría servir de texto en nuestras escuelas de primera enseñanza; ¡qué mucho ganarían los niños en sistema educativo!...» Tocante á poesía, «Salvador Golpe es un poeta popularísimo: no hay periódico ó revista regional, sin excluir las publicaciones gallegas de América, que no recojan é inserten, con asaz complacencia, sus versos llenos de ternura, de ritmo cuidadoso, y de una inspiración elevada y espontánea.». Destacaba, por último, o boletín rexionalista coruñés a súa gran cultura. Este artigo sería reproducido uns días despois polo semanario betanceiro *La Defensa* (nº 111, 13-IX-1908), voceiro do movimento Solidaridad Gallega no que Juan, irmán de Salvador, era un dos principais animadores.

Salvador morreu na Coruña o 23 de xuño de 1909, na praza de Azcárraga onde moraba e tiña o seu bufete, sendo soterrado no panteón familiar de Oza. Aínda non cumprira os cincoenta e nove anos. O seu enterro constituiu unha grande manifestación de dó. O cortexo que despideu os seus restos ate a praza de Ourense era numeroso e representativo da sociedade coruñesa. Presidiuno o capitán xeral da rexión militar, figurando nel o presidente interino da Audiencia Territorial, o gobernador civil, o alcalde da cidade, o presidente da Academia Galega e outras autoridades e representacións. Nunha nota necrolóxica que lle dedicou o xornal coruñés *El Noroeste* ao día seguinte, destacan o Golpe literato e xornalista por riba do seu cargo oficial:

> *«El señor Golpe desempeñaba el cargo de juez municipal de esta ciudad; pero por encima de su personalidad jurídica estaba su personalidad literaria, su personalidad periodística y su personalidad de poeta tierno y delicado.»* [7]



Salvador Golpe arredor dos trinta anos.

ICONOGRAFIA DE GOLPE

De Salvador Golpe coñecemos só cinco retratos. O máis antigo é unha fotografía de cando Salvador tiña arredor dos trinta anos. Foinos facilitada hai moitos anos por dona María Baltar, nora de Salvador, viúva do seu fillo Xesús e publicámola xa en dúas ocasións en artigos que dedicamos a Golpe (véxase bibliografía) e de onde a recolleu S. Cea para o seu traballo citado. O seguinte é un gravado sobre un retrato realizado por Román Navarro. Publicouse como portada de *La Pequeña Patria*, a revista que editaban en Santiago Labarta Pose e Xosé Tarrío, en decembro de 1890. Tiña, por tanto, Salvador corenta anos. Ao pé do retrato (que, curiosamente, aparece reproducido en espello, como denuncia a sinatura do artista) figura a sinatura de Golpe, homenaxeado por Labarta nun longo poema biográfico-louvatorio en clave «labartiana» e que reproducimos como apéndice.

Os outros retratos son xa dos últimos anos da súa vida e foron publicados acompañando unha nota louvatoria na portada de *A Nosa Terra* (nº 53, 7 de setembro de 1908) un, e outro a necrolóxica que lle adicou Andrés Martínez Salazar no *Boletín* da Academia Galega (nº 27, 30 de xuño de 1909), ocupando o retrato a portada do mesmo. Outra publicación que lle dedicou un retrato a toda páxina foi o *Almanaque Gallego* para 1907 publicado en Bos Aires por Castro López, e coa lenda «Escritor ilustre» ao pé do seu nome. Mais este retrato é o mesmo que vai campar dous anos despois na capa do *Boletín* da Academia. Coetáneo deses é outro retrato similar que se publicou no artigo que lle dedicou a Salvador na Gran Enciclopedia Gallega (tomo 16, páx. 62) A. Vilanova Rodríguez. Existe tamén un retrato ao óleo, realizado a través dunha fotografía moitos anos despois da morte de Golpe, da autoría de Quintas Goyanes.



Vista do pazo de Paio (tomada de Martínez Barbeito, 1978).

Non debía ser moi amigo Golpe dos propios retratos e menos de distribuílos, a xulgar por esta quintilla que apareceu en *El Eco de Galicia* da Habana (nº 156, 2ª época, 21-VI-1885):

Con mi retrato
Ver mi imágen al espejo
Ó en un cartón, me dá enojos;
Sólo mi disgusto dejo
Si contemplo mi reflejo
En las niñas de tus ojos.

ACADÉMICO E PRIMEIRO SECRETARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

Salvador foi un dos 40 académicos numerarios fundadores da Academia Galega, acto fundacional que tivo lugar o 4 de setembro de 1905. Foron estes, por orde alfabética dos apelidos: Manuel Amor Meilán, Ramón Armada Teixeira, Manuel Banet Fontenla, Xoán Barcia Caballero, Ramón Bernárdez González, Salvador Cabeza de León, Uxío Carré Aldao, Pablo Constanti Ballesteros, Bieito Fernández Alonso, Salvador Golpe Varela, Marcial Miguel de la Iglesia Vázquez, Manuel Lago González, Valentín Lamas Carvajal, , Antonio López Ferreiro, Manuel Lugrís Freire, Marcelo Macías García, Federico Maciñeira e Pardo de Lama, Andrés Martínez Salazar, Manuel Murguía, Eladio Oviedo e Arce, Xosé Pérez Ballesteros, Rafael Pérez Barreiro, Eduardo Pondal Abente,Wenceslao Requejo Pérez, Eladio Rodríguez González, Xesús Rodríguez López, Francisco Romero Blanco, Xosé Salgado Rodríguez, Casto Sampedro e Folgar, Leandro de Saralegui e Medina, Emilio Tapia Rivas, Francisco Tettamancy e Gastón, Ramón Tojo Pérez, Florencio Vaamonde Lores, Indalecio Varela Lenzano, Arturo Vázquez Núñez, Xosé Vega Blanco e Ramón L. De Vicuña.

Non aceptaron o cargo por diversas razóns Ángel Amor Ruibal (nomeado logo académico honorario), Celso García de la Riega, Manuel Leiras Pulpeiro (por enfermidade) e Víctor Said Armesto (ausente de Galicia). Alomenos unha ducia dos académicos fundacionais formaban parte da tertulia da «Cova Céltica»

Golpe ocupa o número 10 na orde de académicos electos, figurando Betanzos como lugar da sua «Naturaleza». Foi elexido secretario o 1 de decembro de 1906, sustituíndo a

Uxío Carré Aldao, o primeiro secretario, que cesou no cargo por enfermidade o 20 de de novembro de 1906, para volver a ser reelixido logo da morte de Golpe durante un período de dez anos. Salvador desempeñou o cargo de secretario da corporación que presidía don Manuel Murguía, asinando xunto con este os documentos e actas oficiais, ate a súa morte, durante case catro anos. E inclusive sustituiría ao vello patriarca e presidente nalgunha ocasión, tal como lemos no Boletín académico de xullo de 1906:

> «*Durante la ausencia en Curtis del Sr. Académico Presidente don Manuel Murguía, le sustituye en sus funciones con arreglo al artículo 27 de los Estatutos, el Académico de Número D. Salvador Golpe.*»[8]

Á morte de Salvador, a Academia dedicoulle a portada do número 27 do seu *Boletín* (30-VI-1909) cun seu retrato e no interior unha nota necrolóxica asinada por Andrés Martínez Salazar:



Portada de La Pequeña Patria, dedicada a Golpe (Santiago, 20-XII-1890).

SALVADOR GOLPE

Murió para este mundo. Nos abandonó, ahora, cuando eran tan necesarias su buena voluntad, sus preclaras luces. Y no sin luchar á brazo partido con la fatalidad –que triunfó al fin—é interesarse en todo momento, hasta el suyo último, por lo que es objeto de nuestra labor y nuestros cariños.

Nació en Galicia y para ella vivió. Amaba á su tierra con sincero entusiasmo; creía y esperaba con verdadera fe en destinos venturosos para su Patria. Era su firme paladín, su defensor ardiente. Desde sus años de juventud comulgó en la idea regionalista; trató de encauzar á la vida política el provincialismo literario que hacía unos lustros venía dando cultivo á las lenguas de las regiones españolas. Y lo hizo cuando la palabra Regionalismo no había tenido aún en esta tierra nadie que la explicase y defendiese su espíritu. Murguía y Brañas fueron luego los verbos de esta doctrina: el nombre de Salvador Golpe debe asociarse á ellos, porque nadie fue propagandista más constante y animoso que él. Obra suya fueron la Asociación Regionalista, y la Liga Gallega, de la Coruña. Todas sus obras están inspiradas en la misma idea: De la Coruña á la Cárcel pasando por Galicia –escrita con motivo de la formación de aquella célebre Junta de Defensa de la Coruña—, Patria y Región; Regionalismo y Lenguaje; sus tres libros, llevan en el título noción de la alta estima en que tenía á su patria regional.

Buen poeta, de la escuela romántica, cantó á Galicia, á sus héroes y sus hechos memorables en cultos y sentidos versos. En lengua gallega escribió pocas poesías, y de éstas, las más conocidas y apreciadas son las compuestas para poner en música, cumpliendo el propósito que formaron él y su entusiasta amigo –ya muerto también—D. Francisco de la Iglesia, de llevar el idioma gallego á los salones ciudadanos, haciéndolo cantar, por interés de vulgarizarlo así entre las gentes ilustradas, que tal inconsiderado desvío mostraban

hacia él. De esas composiciones, es seguramente la que con toda sinceridad revela el alma de su autor la titulada Meus amores, que, puesta en música por Baldomir, ha tenido la suerte de traspasar las fronteras nacionales.

Periodista distinguido desde aquellos tiempos de organización en que el periodismo no era un oficio para ganarse el sustento, sinó unha profesión de trabajo, de idealismo y de sacrificios, hizo sus primeras armas en el Diario de Santiago, con Alfredo Vicenti, Alvaro López Mora, Rafael Villar y otros, dirigidos por D. Manuel Bibiano Fernández. Se estableció, después, en la Coruña, entrando en la redacción de El Comercio Gallego, y luego en la de El Clamor de Galicia; y fundó más tarde con su hermano D. Juan, en 1894, la Unión Gallega, primer periódico diario que se consagró en Galicia á la propagación y defensa del Regionalismo.

Doctor en ambos Derechos, ejerció hasta su muerte la Abogacia en la Coruña, habiendo sido agraciado en el año último de su vida con el cargo de Juez Municipal de esta Capital, que ya en otras varias ocasiones habia desempeñado.


REAL ACADEMIA GALLEGA

Orden del dia

Lectura del acta anterior.
Comunicaciones recibidas.
Asuntos de carácter interior.
Otras cuestiones.

Se convoca á V. para la Junta Ordinaria que se celebrará el 1º del Noviembre á las 5 de la tarde y que se ocupará en los asuntos indicados al margen.

Se lo participo á V. para que se digne asistir á dicho acto, ó en otro caso, enviar su delegación, á tenor de lo dispuesto en los Estatutos.

Dios guarde á V. muchos años.

Coruña 24 de Octubre de 190 9

El Secretario,

Vº Bº
El Presidente,

Sr. D.

Convocatoria da Real Academia Galega na que Golpe, como secretario, se convoca a si mesmo, compartindo sinatura con D. Manuel Murguía

Fue socio fundador y Secretario del Folklore gallego, establecido por Emilia Pardo Bazan, en 1880, con el objeto de dar á conocer la historia, el arte, los sentimientos y la ciencia popular de Galicia.

Publicó numerosos artículos literarios é históricos y el interesante folleto Lámbrica, el último de su vida. En esta revista salieron á luz repetidas veces escritos suyos en que demostró sus conocimientos –que eran vastos é intensos—en lingüística y literatura, especiales y generales.


La Real Academia Gallega, tan maltratada por la muerte desde que se fundó, pierde en él uno de sus miembros más distinguidos. Galicia, con sus compañeros, habrá de llorarle y recordarle siempre, desde hoy en que su cuerpo, que tanto sufrió, reposa en la aldea donde despertó á la vida hace 59 años –en aquella hermosa aldea, gloria de la histórica tierra de Pruzos, embeleso de los ojos y contento del espíritu, que se siente tranquilo entre sus castaños fortísimos y sus sombrías robledas y sus cerrados pinares, que aun dejan espacio abundante á los campos ubérrimos y alegres que fertiliza el Mendo delicioso…

Descanse en paz el queridísimo amigo, que ya encontró en el sepulcro alivio á una vida de sufrimiento!

OBRAS IMPRESAS EN LIBRO OU FOLLETO

De la Coruña a la cárcel, pasando por Galicia publicouse na coruñesa tipografía da papelería Ferrer (rúa Real, 61) en 1894. Leva un prólogo de José Rodríguez Carracido e a adicatoria «A la Juventud Gallega». Neste libro voluminoso (528 páxinas) narra as peripecias da Xunta de Defensa da Capitanía Xeral da Coruña que o governo español quería trasladar

a Valladolid, cousa que os rexionalistas (aproveitando o lóxico malestar dos coruñeses) consideraban unha afrenta a Galicia desenvolvendo unha campaña por todo o país ao longo de 26 días.


PATRIA Y REGION

OBRA PREMIADA

EN EL CERTAMEN LITERARIO DE LUGO EN 1896

AMPLIADA CON LIGEROS APUNTES

ACERCA DEL REGIONALISMO

POR

SALVADOR GOLPE

PRIMERA EDICIÓN

LA CORUÑA
TIPOGRAFÍA DE "EL NOROESTE"
Plaza de María Pita, 15
1897

Portada interior de Patria y Región, 1897.

Patria y Región, obra premiada no certame literario de Lugo de 1896, publicouna na Coruña ao ano seguinte, «ampliada con ligeros apuntes acerca del Regionalismo», na Tipografía de «El Noroeste». (Plaza Mª Pita, 18). É un ensaio de 223 páxinas máis VIII de apéndice. Salvador fai nel esta adicatoria: «A los gallegos ausentes de su patria, dedico este libro, por si en sus páginas encuentran algo que endulce las amarguras de la ausencia.»

No prólogo explica as circunstancias en que redactou esta obra:

> «*Cansado de los tráfegos de la vida, lleno de disgustos, y afligido por las contrariedades que la suerte me preparaba a diario, hube de encerrarme en casa, en el verano de 1896, para vivir a solas con mis pesares. Necesitaba allí algo que entretuviese mi imaginación asaz excitada. […] y en el folletín de El Noroeste, cuyas planas me ofreció expontaneamente mi ilustre amigo el señor Abad de esta Colegiata D. Ramón Bernárdez, intento dar a conocer mi modesto trabajo, ampliado con algunos capítulos acerca del regionalismo…*»

Consta de dezaoito capítulos: I Introducción. II La Patria. III La Humanidad no es la Patria. IV El Estado no es la Patria. V La Nación no es la Patria. VI Noción del patriotismo. VII ¿Qué es la Patria? VIII Cuales son los límites de la Patria. IX La Región. X ¿Qué es la Región? XI Apuntes acerca del regionalismo. XII Consideraciones generales. XIII La centralización y sus efectos. XIV La centralización es incompatible con la libertad. XV Definición del regionalismo. XVI El regionalismo no es carlista, ni federal, ni menos separatista. XVII Justas aspiraciones regionalistas. XVIII Conclusión.

Algúns destes capítulos foron publicados posteriormente por separado. Así, *A Nosa Terra* publicou traducido ao galego «O Estado non é a Patria».

Regionalismo y lenguaje. Discurso lido nos Xogos Florais de Betanzos o 29 de setembro de 1901. Imprimiuse na Escola tipográfica da Casa de Misericordia na Coruña en 1902. É un folleto de 32 páxinas. Leva unha dedicatoria á raíña dos Xogos a señorita Águeda Garcia Iribarne (filla do indiano e logo grande benefactor betanceiro don Juan García Naveira) e á súa corte de amor, «y á todas ellas como distinguida representación de mi nunca olvidada y siempre amadísima ciudad de Betanzos».

Na presentación «Al lector», Golpe xustifica a edición deste discurso:

> «*La tribuna de un certamen literario tiene, generalmente, muy poca resonancia, si la imprenta no recoge las ideas allí emitidas entregándolas al comercio intelectual. Lo que se*

confía solo á la memoria de un público, por numeroso y escogido que sea, pronto se olvida y desaparece, y á la inteligencia le gusta que sus obras perduren.»

Refraneiro agrícola-meteorolóxico. Publicouse por entregas no semanario betanceiro *La Defensa*, Órgano de las Sociedades de Agricultores, dende o 17 de agosto (nº 3) ao 7 de outubro de 1906 (nº 10). En 1994 a Asociación Cultural Eira Vella, de Betanzos, fixo unha edición facsímile deste folleto.


Biblioteca de "La Defensa,,

REFRANEIRO AGRICOLA-METEOROLÓXICO

RECOLLIDO NA SUA MAORÍA

POR

PEDRO DE MERILLE

LA CORUÑA
Imp. de «Tierra Gallega», San Andrés, 153
1906


Portada do Refraneiro Agrícola-Meteorolóxico, publicado co pseudónimo «Pedro de Merille».

O refraneiro de Golpe é unha pequena colleita de apenas douscentos cincoenta e seis refráns, clasificados por orde alfabética, máis uns corenta que engade como apéndice ao remate e que lle foran enviados por colaboradores anónimos, por iso di na portada «Recollido na sua maoría por Pedro de Merille». Este seudónimo utilizado polo escritor nesta única ocasión, que nós saibamos, fai alusión ao lugar dese nome na parroquia de Lesa, que Golpe podía ollar dende o seu pazo de Paio, río Mendo por medio. Os refráns van seguidos duns «Prenósticos do tempo», que son ditos populares relacionados coa meteoroloxía. Se ben non é unha recopilación moi extensa, ten o mérito de ser unha das primeiras publicadas como tal e non de apéndice a outras obras.

Lámbrica (fragmento). Impresiones de un viaje por Las Mariñas. Imprimiuse na coruñesa Imprenta Ferrer en 1907. É un folleto de 29 páxinas, adicado ao Marqués de Figueroa.

No semanario *La Defe*nsa (nº 51, 21 de xullo de 1907) apareceu unha reseña crítica anónima sobre esta obriña:

«...Se trata de un folleto de 29 páginas en donde el sr. Golpe, utilizando datos de una irrebatible claridad, demuestra hasta la evidencia la situación de la antigua ciudad de Lámbrica, sobre la que tan disconformes andan los historiadores.
Opiniones de 11 de éstos cita el sr. Golpe para demostrar esta disconformidad e incertidumbre, y vemos que, de guiarnos por ellos, Lámbrica habría ocupado once lugares en el mapa.
Toda esta confusión es rebatida perfectamente y desvanecida por el sr. Golpe, que prueba que Lámbrica «floreció a orillas del rumoroso Lambre (río de Betanzos), en un lugar de este mismo nombre y en un risueño y fértil valle denominado Ambroa».
Todo el folleto, que es un compendio de datos y un alarde de indagación etimologica y científica, está escrito con ese sencillo estilo que sabe usar el sr. Golpe, desprovisto de la petulancia hieratica y empalagosa con que suelen vestir sus obras los que se dedican a estas convenientes indagaciones.
Con los datos y notas que existen en las 29 páginas pudiera y bien el autor llenar bastantes más, por poco que hinchase el estilo y retorciese los argumentos, y dar a la obra un carácter de pomposidad mayor. Pero el sr. Golpe ha preferido, y esto merece nuestras



Partitura da «Balada Gallega», composta por Xan Montes coa letra do poema «Adios a Galicia» de Salvador Golpe, premiada no Certame Musical da Coruña de 1890 e publicada no número especial que A Monteira (Lugo, 13-IX-1890, nº 50) dedicou «ó eminente maiestro Xan Montes Capón».

alabanzas, presentar el asunto adornado tan solo con su propia importancia: más mérito alcanza la obra a nuestros ojos cuanto que se advierte claramente que no es un alarde del autor, que muchos pudiera hacer y con mayores motivos que otros, sino un deseo estimabilisimo y patriotico de hacer un bien a la historia de su región,que ha tenido siempre todos sus cariños.…»

Posibelmente Salvador tivo outros proxectos para levar á imprensa. Así, en 1892, o semanario betanceiro *Las Mariñas* anunciaba que tiña en preparación «una notable colección de biografías de *mujeres célebres gallegas* desde los tiempos antiguos…»[9] Daquela Golpe aínda non publicara ningún libro ou folleto.

Coñecemos algún texto máis en prosa de Golpe editados en diversas publicacións. Así en *Extracto de Literatura* (nº 3) publicou o artigo «Los caciques de antaño y ogaño». No *Boletín de la Real Academia Gallega* (tomo I, 1906) un artigo de tema lingüístico: «Cuestión gramatical sobre el uso de ao».

E no *Almanaque Gallego*, publicación anual que se editou en Buenos Aires durante moitos anos, o texto que ten máis importancia para nós por tratarse da única mostra narrativa en galego: «Contos d´aldea. Nas portas do ceo», un conto popular dedicado a Manuel Castro López, propietario e director da publicación, que veu a luz no volume do ano 1907.

GOLPE POETA

Pese a non ter recollidos os seus poemas en volume e a ter unha produción escasa, Golpe acadou no seu tempo sona de poeta. Moitas revistas da época quixeron telo por

colaborador e así aparece en moitas delas, ainda que as colaboracións foran mínimas. Os seus primeiros poemas están escritos en español, lingua que despois alternaría coa galega, na que escribiría os poemas máis coñecidos del, especialmente «Meus amores» e «Adios a Galicia», que tiveron extraordinaria proxección ao seren musicados por Baldomir e Montes.

Temos localizados un total de vintesete poemas en español publicados en diferentes revistas galegas, da Terra e da emigración, que abranguen dende 1875 a 1908. Algúns deses poemas publicaronse en varias revistas e en diferentes anos.

Os máis antigos son os publicados na súa época de estudante en Santiago. En *El Diario de Santiago* apareceron en 1875 «¡Viva el Rey!» (cunha aclaración do xornal dicindo que non era un periódico político e que insertaba o soneto en atención a «su indisputable belleza literaria»), «A ….», «Sueños y lágrimas» e «Mi flor». En 1879, publica en *El Gallego* de Bos Aires «A Galicia. En la inauguración del Dique de la Campana», «A Fortuny», «Memorias» e «Soneto». En 1880, en *La Ilustración Gallega y Asturiana* «A la Torre de Hércules», que se repetiría logo en varias publicacións de Galicia e da emigración. En 1885, en *El Ciclón,* de Santiago «A Rosalía Castro» e «El periodista» (lido nunha homenaxe a Vincenti, que fora seu compañeiro en *El Diario de Santiago,* poemas que se repetirán noutras publicacións. En 1885, en *El Eco de Galicia,* da Habana, «Con mi retrato». En 1888 en *Galicia Humorística* aparecen sete poemas en diferentes números: «Letrilla», «Cuento», «Dios sobre todo», «Nieves del alma», «Madrigales», «Ni en el cielo» e «Epigramas». En 1890, en *La Pequeña Patria,* de Santiago saen unha «Rima» e «Piensa mal y acertarás», ademais doutros que xa foran publicados anteriormente. En 1893, en *Extracto de Literatura*, de Pontevedra ven a luz máis «Epigramas» e o poema «Justicia al uso». En 1898 en *El Eco de Galicia,* de Bos Aires edita máis «Epigramas» e «Desde la brecha», que sairá tamén en *Revista Gallega*. En 1905, en *Centenario del Quijote en Galicia* publícase o seu poema «A Cervantes». Por último, en 1908, en *Aires da miña terra*, de Bos Aires a «Letrilla» que comeza Que sude el pobre… Póstumo é o poema «Piedad»

Seguramente haberá máis poemas en español de Golpe espallados por publicacións diversas mais estes son os que temos recollidos polo momento.

Foi Uxío Carré Aldao, compañeiro de Academia e doutras angueiras, o primeiro en incorporar a Salvador como poeta galego na súa antoloxía *Literatura Gallega* [10], recollendo os seus poemas «Meus amores», «Unha cita» e «Adios a Galicia». Tamén recolleu «Meus amores» o ourensán Eugenio López Aydillo no seu libro *Los mejores poemas gallegos*, publicado en Madrid en 1914.

Segundo o estudoso coruñés, un dos primeiros da nosa literatura, «a musa de Salvador, tenra e soñadora, presentase en ocasións, robusta e de acción segundo os sentimentos que a evocan, especialmente cando fustiga as inxustizas sociais.»

Quéixase Carré, quen escribe pouco despois da morte de Golpe, da súa escasa obra en galego:

> «*Poco, por desdicha de las letras gallegas, ha dejado escrito en nuestra armoniosa lengua él, que tanto y tan hermoso podía habernos legado en herencia. Arrebatóle la muerte á su país y al cariño de los suyos, cuando más podía esperarse de él y sin dejarnos, como pensaba, coleccionadas en un volumen sus sentidas poesías galegas, diseminadas aquí y allá en las efímeras páginas de varias revistas.*»

A NOSA TERRA

AÑO II NUM 53 Coruña 7 de Septiembre de 1908

El Regionalismo es un régimen de libertad, y tiene por objeto instaurar el principio natural de la variedad en la unidad, reconociendo la personalidad de las regiones dentro del Estado, y proclamando el derecho que tienen de regir por sí propias sus particulares intereses.

Los regionalistas gallegos reconocen y declaran como absolutamente necesaria para la felicidad de la Patria, la más estrecha y fraternal unión de todas las regiones que constituyen el Estado español; pero también anhelan vivamente en todos los órdenes de la vida de los pueblos, el particular bienestar de Galicia mediante una amplísima libertad regional y municipal.

SALVADOR GOLPE VARELA

Es uno de nuestros primeros intelectuales de la región gallega, á la cual consagró siempre todos sus talentos de escritor brillante y todos sus amores de patriota sincero.

Su pluma, en aquellas épocas en que la Prensa aun no constituía como hoy determinados *fulanismos*, trazó innumerables artículos político-literarios que los periódicos acogían en sus columnas con verdadero entusiasmo; porque Salvador Golpe, como Faginas Arcuaz, periodistas actualmente en situación de reserva pasiva, defendían con el calor de una vocación decidida de sectarios, las conquistas del Poder encarnadas en un partido vigoroso, sin otras miras que la lucha por la democracia y la libertad bien entendidas.



Las obras de Golpe tienen un marchamo de sano doctrinarismo: *De la Coruña á la Cárcel pasando por Galicia*, nos evoca los recuerdos cívicos de aquella Junta de Defensa, la primera institución popular creada en la Coruña en estos últimos tiempos, que sirvió de troquel á las regiones españolas para reclamar y protestar contra las incongruencias del poder centralizador; y *Patria y Región* admirable trabajo que obtuvo el primer premio en los Juegos Florales de Lugo el año de 1891, nos impone de cual es el verdadero concepto de la patria; y cuales son las condiciones peculiares de la región, tanto bajo el aspecto étnico como el político. Esta última producción de Golpe podría servir de texto en nuestras escuelas de primera enseñanza; ¡qué mucho ganarían los niños en sistema educativo!...

Salvador Golpe es un poeta popularísimo: no hay periódico ó revista regional, sin excluir las publicaciones gallegas de América, que no recojan é inserten, con dulzor complacencia, sus versos llenos de ternura, de ritmo cuidadoso, y de una inspiración elevada y espontánea. El genio de Juan Montes puso en música la bella balada *As lixeiras anduriñas*, y otro músico de justa reputación como Baldomir, recogió *Meus amores* para inspirarse en otra balada hermosa que tiene el aliciente de cantarse en los alcázares regios, y que los primeros artistas del mundo gustan cantarla también con verdadero deleite, produciendo honda emoción artística.

La última obra de nuestro amigo, titulada *Lámbrica*, pertenece al género proto-histórico: en ella pretende restablecer el punto exacto en donde estuvo situada la ciudad céltica, señalándolo con gran acopio de erudición; destruyendo así los diversos criterios de otros historiadores que quieren colocarla en diferentes puntos de la región galaica, especialmente cierto escritor que aun hace pocos días en un semanario de la provincia de Pontevedra, hablando de memoria, cual es costumbre en él, emplaza á Lámbrica «en donde desaguan dos ríos, uno por el Nordeste, el Lerez, y otro por el Norte el *Beam*, ahora Alba ...» fundándose en el texto de Pomponio Mela; cuando Golpe, con mejor sindéresis, interpretando de distinta manera dicho texto *(De situ Orbis)*, y con los argumentos de historiadores que subsiguieron á Mela, como Cayo Plinio y Ptolomeo, aparte de otros más, sin omitir razones geográficas, toponímicas y epigráficas, nos observa que *Lámbrica* «pudo tener su asiento únicamente en Betanzos ó en Ferrol y también en *Ambroa* á orillas del Lambre», atendiendo á que estas comarcas se hallaban enclavadas en el promontorio ártabro, territorio antiguo del convento jurídico lucense, de conformidad con el criterio del último de aquellos historiadores, esto es Ptolomeo, que rectificó los errores de Mela.

La gran cultura de Salvador Golpe llevóle á formar parte como vocal jurado en diversos certámenes literarios, siendo mantenedor en los celebrados en Betanzos, su ciudad natal, el año de 1911, leyendo un admirable discurso, que se imprimió en el mismo año.

A NOSA TERRA, se enorgullece publicando hoy el retrato de nuestro querido amigo y asíduo colaborador.


Non sabemos se Golpe pensaba realmente, como afirma Carré, recoller nun volume os poemas galegos que ía publicando e mesmo cos posíbeis que tivese gardado na gaveta. O certo é que os poemas en galego que coñecemos del apenas darían para un curto folleto.

Media ducia publicaronse en *A Nosa Terra* entre 1907 e 1908, e un séptimo en *El Eco de Mugía* en 1903. É dicir, nos últimos anos da súa vida. Son os seus títulos: «Meus amores», «Unha cita», «Adios a Galicia», «Trunfan ouros», «A Galicia. No aniversario da morte de Rosalía» e «N-un abanico», que viron a luz alomenos no semanario rexionalista *A Nosa Terra* que se publicaba na Coruña. «Un rogo», dirixido á Virxe da Barca, é, como non podía ser menos, o publicado no devandito órgano muxián. Outro poema, o oitavo, dedicado a Curros Enríquez sería lido por Golpe no acto de coroación do poeta de Celanova que tivo lugar na Coruña en outubro de 1904, dous días antes de partir este para Cuba, onde falecería. E o noveno que coñecemos publicariase en Madrid en 1906.

«Meus amores» estrearía o semanario rexionalista *A Nosa Terra* o 4 de agosto de 1907 acompañado dunha laudatoria e garimosa presentación do poeta que se atopaba enfermo.

No mesmo mes de agosto publicaría o semanario o poema «Unha cita», o día 25 no número 4. «Adios a Galicia» aparecería ao ano seguinte (nº 33, 7 de abril), ao igual que «Trunfan ouros» (nº 38, 13 de maio); «A Galicia» (nº 47, 22 de xullo) e «N-un abanico» (nº 53, 7 de setembro).

Mais, o certo é que esa media ducia de poemas en galego non foron escritos para *A nosa Terra* senón que esta recolleu, supoñemos que coa anuencia dun Golpe enfermo, poemas que xa tiñan ollado a luz noutras publicacións ou ben da propia man de Golpe e xa publicados anos atrás. Así, «Meus amores» xa fora publicado no


BOLETÍN

DE LA

REAL ACADEMIA GALLEGA

Año IV | Coruña 30 de Junio de 1909 | Núm. 27

SALVADOR GOLPE



Portada do Boletín da Academia dedicado a Golpe á súa morte (arriba) e retrato dos últimos anos do poeta.



EL SEÑOR

DON SALVADOR GOLPE VARELA

JUEZ MUNICIPAL DE ESTA CIUDAD, MIEMBRO DEL ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS, SECRETARIO DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA, ETC., ETC.

Falleció en la madrugada del día de ayer después de haber recibido los auxilios espirituales y la bendición apostólica

R I. P.

Su viuda D.ª Carmen Rodríguez Bermúdez, hijos, hermanos, hermanos políticos y demás parientes,

SUPLICAN á sus amigos se sirvan encomendar á Dios el alma del finado, asistir á la conducción de su cadáver que tendrá lugar hoy, 24, á las diez y media (hora oficial) desde la casa mortuoria, Azcárraga, 6, hasta la Plaza de Orense, y á las funciones de entierro y honras que habrán de celebrarse en la parroquia de Santiago, mañana, 25, á las nueve y media, por todo lo cual anticipan gracias.

No se recibe duelo, ni se reparten esquelas.

Esquela de Salvador publicada no diario coruñés El Noroeste o 24 de xuño de 1909.

número 2 da *Revista Gallega* en 1895. Tamén o soneto «A Galicia» fora publicado na mesma *Revista Gallega*, nun número adicado a Rosalía en 1899. Precisamente no semanario coruñés apareceu co subtítulo «No aniversario da morte de Rosalía». No primeiro caso tratariase do 14º aniversario e no segundo do 23º cabodano. En *A nosa Terra* aparece unha errata no segundo verso: célica no lugar de céltica. A Rosalía Castro tíñalle adicado Golpe outro poema, este en castelán, uns anos antes en *La Pequeña Patria*.

«Adios a Galicia» vímolo publicado no semanario rexionalista lucense *A Monteira* do 31 de maio de 1890, moitos anos antes de aparecer en *A Nosa Terra*. E ao día seguinte publicouse no diario betanceiro *El Mendo*, no número do 1 de xuño de 1890, O 13 de setembro dese ano volveuse publicar en *A Monteira* nun número especial adicado ao músico Xoán Montes co título «Letra da Balada Gallega. Adios a Galicia».

En 1904, na velada literaria que A Coruña dedicou a Curros Enríquez, un dos poemas que se leron esa noite no Teatro Principal foi o de Salvador Golpe «A Curros Enríquez no día da sua coronación», lido no acto polo propio autor. O poema de Golpe e os dos outros vintecatro poetas que lle ofrendaron en verso a súa admiración a Curros, foron impresos e repartidos en follas entre os concorrentes ao acto, como era costume. Unha colección entregouse ao homenaxeado e outra a Murguía, que presidira a velada. Anos andados serían publicados por Juan Naya, quen herdara a colección do patriarca Murguía a través de dona Gala Murguía, e consideraba que, para o caso, poideran considerarse inéditas.[11]

En 1906 publícase o seu poema «A terra miña» na revista *Galicia* que se editaba en Madrid. Poema que sería o noveno dos escritos en galego por Salvador, segundo este reconto.

E aínda existe outro texto poético de Golpe, poema de circunstancias pois trátase dunha receita, que deu a coñecer o célebre Picadillo en *La cocina práctica*:

Cóllese un molete,
Fanse unhas tostadas
E con gran coidado
Dóuranse n´as brasas.

Cóllense chourizos,
Córtanse en rodaxas
Que medio centímetro
Teñan de delgadas.

Traise unha tarteira
E con moita calma
Vanse n´ela pondo
O pan e as talladas.

Primeiro, das tostas
Déitase unha capa,
E enriba d´ela outra
D´aquelas rodaxas.

E vanse alternando
Chourizo e tostadas
Hastra que a tarteira
Se vexa mediada.

Vértese alí un caldo
De moita sustancia,
Que teña, a lo menos,
Dous dedos de grasa.

E logo a tarteira
Pónselle a sua tapa,
E, ferbo non ferbo,
Tense xunto ás brasas.

¿Xa chegóu a hora
De xantar? ¡Pois, hala…!
Enriba de todo
Uns ovos se escalfan.

E así, na tarteira,
No medio da táboa
Se pon esa sopa
Sin máis circunstancias.

Así ma serviron
A min, na montaña,
Fará corenta anos…
¡Qué tempos, caraina!

Un asterisco na verba montaña remitía á seguinte localización: «En San Pedro de Burrifáns pretiño de Cabruy xunta os montes chamados da Tieira». Esta receita de sopa montañesa, sopa de crego, sopa de abades ou sopa de San Brais recolleuna Xaquin Lourenzo no apartado de Etnografía do volume 2 da *Historia de Galicia* que se publicou en Bos Aires en 1962 (e da que hai unha edición en Akal, Madrid, 1979)

Por último, citaremos un pequeno texto poético que Salvador escribiu como «contra-adicatoria» no libro *Brétemas* (A Coruña, 1896) do seu amigo, contertulio e correlixionario Uxío Carré Aldao, un dos moitos libros dos persoeiros da Cova Céltica que se conservaban na biblioteca dos Golpe no pazo de Paio, onde nós o consultamos hai anos, e que quizá hoxe se atopen na Real Academia Galega. Di así:

Fuches deste libro autor;
Logo editor e impresor...
¡Debeslle ter bon cariño!
Pois eres do novo amor,
Padre, compadre e padriño.

S. Golpe a Eugenio Carré

OS POEMAS GALEGOS

Xa moito antes de que se deran a coñecer, *La Voz de Galicia*, do 7 de maio de 1890 dicía:

«*Nuestro amigo, el distinguido juriconsulto don Salvador Golpe, escribió una bellísima balada en nuestro dialecto, que ha de servir de tema a los maestros compositores que tomen parte en el certamen musical organizado por el Orfeón Coruñés número cuatro.*»

Debía referirse a «Meus amores» ou a «Adios a Galicia», os dous poemas que foron musicados. *A Nosa Terra* foi o órgano que publicou a maioría dos poemas galegos de Golpe. No seu nº 1, do 4 de agosto de 1907, cando publica «Meus amores», antecédeo deste texto:

«Ausente nuestro querido amigo Salvador Golpe, en San Pedro de Oza, para reponerse de pasada dolencia, nosotros que conocemos bien los sentimientos que caracterizan á nuestro compañero, sabemos el placer que experimentará con la aparición de A NOSA TERRA, placer amargado con la imposibilidad de colaborar, como quisiera, en el primer número.
De todos modos, no queriendo nosotros que el nombre de Salvador Golpe deje de figurar en este número, nos honramos reproduciendo la hermosa y sentida composición Meus amores.
Puesta en música y hecha popular, como sabemos, no todos la cantan como fue escrita, y hoy la insertamos tal como su autor la escribió.
Sirvan estas breves líneas de salutación al querido amigo, por cuyo pronto y completo restablecimiento hacemos votos.»

Na reprodución dos poemas respectamos a ortografía empregada en *A Nosa Terra* (no caso dos que se publicaron varias veces), aínda que poidan existir variantes en reprodución posteriores ou mesmo anteriores, por tratarse da máis próxima á morte do autor e supoñemos contaría coa súa aprobación.

Meus amores

Dous amores a vida
Gardar me fan:
A Patria, y-o que adoro
No meu fogar,
A familia y-a terra
Onde nacín.....
¡Sin esos dous amores
Non sei vivir!

Cando xa no meu peito
Non sinta amor;
Canda da miña terra
Non vexa o sol....
Ven, morte, ven axiña
Cabo de min,
¡qué sin amor nin Patria
Non sei vivir!

(*A Nosa Terra*, nº 1, 4 de agosto de 1907. Reproducido logo en: *Nós, páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste*, 15-X-1918; *Galicia*, Caracas, nº 1, Agosto de 1952).

Unha cita

Do crepúsculo â lus nacarada,
Mirando pr´a serra,
No curuto do monte mais alto
Lucía unha estrela.
¿Vel-a estrela da tarde? —lle dixen—
Se lonxe da terra
Os traballos y as loitas do mundo
Con vida me levan,

Mira a estrela que agora ch´amostro,
Que agora contempras,
Cal espello de amor, dos meus ollos
A lus verás n-ela.
E verás n-ese espello, duas almas
n-un solio de estrelas:
a tua alma co a miña, bicandose
moi lonxe da terra.

(*A Nosa Terra*, nº 4, 25 de agosto de 1907. Reproducido logo en *Nós, páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste*, 17-IX-1918).

Adios a Galicia

As lixeiras
anduriñas
pra Galicia
vindo van;
veñen ledas
tral-os niños
dos amores
d´outro vrán.

Deixan lonxe
n-outras prayas
os recordos
d´ un amor,
y aquí atopan
amor novo,
doces brisas,
craro sol.

¡Quén poidera
tel-as alas
qu´elas teñen
pra voar!
s´así fora
non sintira
tanta pena
por marchar.

Eu como elas
deixo a terra
dos recordos
da niñez;
deixo a patria
dos amores...
sin espranzas
de volver.

Mais Galicia
se un mal fado
separarme
vai de tí,
leva o corpo
porqu´ a yalma
toda enteira
deixo aquí.

¡Adios casa,
soutos, ríos,
veigas d´ ouro
craro sol...!
¡Adios berce
dos amores...!
¡Hastra sempre...!
¡Voume... ¡adios!

(*A Nosa Terra*, nº 33, 7-IV-1908. Antes fora publicado en *A Monteira*, Lugo, nº 35, 31-V-1890; *El Mendo*, Betanzos, nº 15; 1-VI-1890. Logo foi reproducido innúmeras veces en diferentes publicacións de Galicia e da emigración, comenzando pola betanceira *La Defensa*, nº 85, Betanzos, 12-IV.1908; ...)

Trunfan ouros

Sen coidarte de Dios ni de Satán,
Se n-este mundo quês pasalo ben,
Achégate á quen pode y-á quen ten
E non lle fagas caso ó que dirán.

Cobiza rico ser, fillo de Adán;
Se te chaman Caín, responde: ¡Amen!
O que é bô n-este mundo n´é ninguén
E miran ao qu´é pobre com´á un can.

S´eres rico, anque seas moi ruín
Anque teñas moi pouco corazón
No mundo has de pasar por serafín.

Os xueces rindiranche o seu bastón,
E serás poderoso mandarín...
¡Qué cárceres e leis pr´ os pobres son!

(*A Nosa Terra*, nº 38, 13 de maio de 1908. Antes publicarase no *Almanaque Gallego*, Buenos Aires 1902)

A Galicia
No aniversario da morte de Rosalía

Galicia, non te afrixas, ergue a frente:
Que se calou a céltica cantora
Das coitas tuas, xa chegou a hora
De vel-o Sol, da libertá, fulxente.
Tempral-a lira, non; tempral-a inxente
Espada rexional fai falla agora.
O que non teña corazón ¡afora!
Non é teu fillo o que non é valente.
Non te afrixas Galicia; pois xa late
N-esta xeneracion sangue bravía
Que vai da tua libertá ó rescate.
¿Qué importa que non cante Rosalía
Se o día que estrelece é de combate…?
Calou o rusiñol, comenza o día.

(*A Nosa Terra*, nº 47, 22 de xullo de 1908. Antes publicarase en *Revista Gallega*, A Coruña, 1899)

N-un abanico

Teño que escribir uns versos,
sexa de calquer maneira,
no abanico d´ unha amiga
que teño na miña aldea.

Ela é unha nena garrida,
moi xeitosa, moi ben feita,
que ten estrelas por ollos
e arreboles na meixelas.

E fresca como unhas rosas
que a brisa d´ Abril randea,
y é pura como esa brisa,
e pol-o sol é morena.

E ademais de todo, e boa,
y o decir boa na terra
ten un título mais grande
que se fora unha princesa.

(*A Nosa Terra*, nº 53, 7 de setembro de 1908)

Un rogo

Miña groriosa
Virxe da Barca:
xá qu´ en Galicia
botache o áncora,
Fai que s´amainen
as duras rachas
que tanto acóran
á miña Pátria.
Fai que s´ esperten
da probe España
os mariñeiros
que han de salvala.
Fai que o teu barco
con eles vaya
¡sempre contigo!
contra os piratas...
Contra os caciques
que sin entranas
fan sempre aos debles
derramar bágoas;
que aos probes rouban,
o pan que ganan
e contra os fortes
cobardes, gában...
¡Virxe groriosa
tripula a Barca
quero ir contigo
contra os piratas!

A Cruña, Setembre de 1903.
(*El Eco de Mugía*, nº 21, 13-IX-1903)

A Curros Enríquez
no día da sua coronación

Dis qué pidindo frores
De porta en porta,
Pra honrar á Rosalía,
Fuches agora.
E dís qu´eso fixeches
Botando á conta
De que non tés no mundo
Xardíns nin hortas!...
Mais eso non e certo...
(Curros, perdöa
Que destinta ó teu dito)
Pois tés de sobra
Frores no teu inxenio,
Frescas, fermosas...
Que valen mais que cantas
En Mayo botan
Os xardins de Valencia
¡con seren moitas!
Pro, xa, dend´hoxe en diante,
De porta en porta,
Non terás qu´ir pidindo
Cravés nin rosas,
Si qués, para os teus mortos
Tecer coröas,
Galicia enteira bríndache
Xardíns, é hortas,
Onde collerás frores
Pol á tua conta...
E si qués volver, cabe
Da ilustre morta,
Á colgar unha prenda
Sobre á sua tomba,
Tamen Galicia ofréceche
Linda coröa...
E así verás xunguidas
Grorias con grorias:
As tuas, é as do cisne
De «Follas novas».

A terra miña

Si saber queres
como é Galicia,
deixa á cibdade...
vente conmigo,
párate e mira.

¿Ves eses ecos,
onde se pintan
as alboradas
con arreboles
de casas lindas?

¿Ves esas prayas
que, ora mainiñas,
ora en son ronco,
bañan as ondas
da mar bravía...?

¿Ves esas veigas
cheas d´espigas,
qu´ondea ó vento
como dos mares
as aguas riza...?

¿Ves esos ríos
que feros brincan
sobr´os penedos
ou pasan mainos
pol-as campías...?

Ves eses montes
que dan cobiza
onde os carballos
y os castiñeiros
frescores brindan...?

Pois, prayas, soutos,
veigas, campías,
ríos e montes
qu´aquí contempras...
esa é Galicia

¡Galicia amada,
patria querida,
pol-a qu‘eu dera
todal-as grorias
da vida miña!

A Cruña, 1906

(*Galicia*, Madrid,
nº 9, decembro 1906)[12]

UN CONTO EN GALEGO

No *Almanaque Gallego* de 1907 que editaba en Buenos Aires Manuel Castro López apareceu publicado un conto de Salvador Golpe, o único exemplo de prosa en galego que coñecemos del. Vai dedicado ao propio editor e director da publicación.

A este conto refírese Otero Pedrayo nun artigo sobre Golpe:

> «*O conto atopado ó arranxar os libros e papés dun vello arcaz, é mais ben tópico, non siñifica hachádego ningún, pro o lenguaxe é bon ó xeito dos costumistas do XIX e hai movimento e pulo no estilo. Trátase dun escribán dos vultúridos e miñatos, sedentos de sangue labrego, que cando xa case cas suas más artes ten engaiolado e no saco ó San Pedro pra se colar no Ceu, é de sutaque papado por Lucifer.*»[13]

Contos d´aldea

Nas portas do ceo

(Dedicado á mi amigo y paisano
Manuel Castro López)

N´unha noite moi fera d´inverno, un curial vello morreu, é bulrando aos demos que o perseguían, chegou aas portas do ceo chamando á portería.

—¿Quen é?... —berrou S. Pedro abrindo ao mesmo tempo a porta, coidando qu´era unha alma bendita a que chamaba.

Non ben abreu entrou moi foncho e loumiñeiro o curial, e dixo ao santo:

—Son eu, siñor S. Pedro; eu, que sempre fun seu devoto, como vosté ben sabe, e que o teño honrado moitas veces na sua festa onomástica, como agora se dí. O saír do mundo acordeime de vostede, e dixen para min: alí teño o meu padriño que me ha de leixar entrar no ceo; e que, si eso non poidera ser, non me ha de negar, siquera, un currunchiño na sua portería. E por eso aquí me ten ¡meu santiño!

Sorreuse moi gozoso ó santo e díxolle:

—E vosté ¿cómo se chama, meu devotiño, e de onde é?...

—¡Eu!... ¿E vosté non s´acorda? ¡Si son mais conocido qu´un delor de moas! ¿Non sabe que eu son seu tocayo Pedro Falsiñas, Escribán de Número en Vilatorta de´Abaixo?...

Puxo as gafas S. Pedro, rexistrou os seus apuntes, e, dempois de ben mirados, dixo moi tristeiro fitando por enriba d´os anteollos:

—¡Ai meu filliño, meu filliño!... Eu ben quixera abrirll´a porta… pro ¡hai contra vostede unha sentencia condenatoria!...

—¿De negación de paso, tal vez?...

—Si, meu devoto.

—¿E non ten apelación?

—¡Cómo apelación, si está fallada na última istancia!... ¿Aínda estamos n´esas?

—¿E pódese saber por qué causa?

—¡Friolera! Entr´outras cousas, por falsedade, prevaricación, soborno, cohecho…

—¡Ta, ta, ta, ta!... Pois mire santiño, si pequei n´eso foille sin malicia. No mundo, os do meu oficio téñenlle todo eso por costume, e nin siquera llo confesan nin toman auga bendita. Maxistrados, jueces, gobernadores… ¡todos, todos fan eso! E si así non fora ¿cómo poderían vivir á gusto no mundo? Ademais, os costumes cando, como ese, son moi repetidos, volvénselle leises, por aquello de que: *Sine scripto jus venit…*

—¡Cale, cale!.... —Berrou o santo— ¿Seique coida qu´está en Vilatorta? Non diga herexías… Aquí non rixen as cousas do mundo; aquí non hay mais leises que as de Dios…

—¡Boeno, boeno!... Non se enfade, meu santo… Que lle habemos de facer… ¡Pobre de min! —dixo o Escribán chorando.

—Pro, siquera, léixeme que vexa o ceo pol-o burato da pechadura, e que descanse un pouco n´este cuartiño que ten tan abrigado… ¡Fai por fora tanto frío!...

E dito esto, principiouse á pasear pola habitación, mirando e remirando e facendo tempo por si alguén chegaba e S. Pedro se distraía e podíalle roubal-o espediente onde estaban apuntadol-os seus pecados.

Mais com´aquel día era un dos do Antroido no mundo, non chegaba alma bendita aas portas do ceo; aparte de que S. Pedro nin por nadie nin por nada se desporcataba de canto pasaba ó arredor d´el.

Como a alma do Escriban vise que S. Pedro estaba moi atento, ideou un recurso e preguntoulle:

—Dígame, meu santo tocaio: ¿hai moito tempo que vostede está n´este destino?...

—¿E non ha d´habere?... —respondeull´o santo. —Dendes do día que me crucificaron aló en baixo.

—Ai, pois d´aquela está seguro: xa ten prescripción inmemorial, porque na terra non hai ninguén que recorde esa fecha. Mais eu entendo, meu santiño, que para maor seguranza debía pedir á noso Señor que lle fixese un papeliño, inda que fora simpre… porque aas veces…

S. Pedro que non entendía moito de leises, quedouse cabilando; e pol-o si ou pol-o non, cerrou ben os caixós do escritorio, e, dempois de decirlle ao Escribán que ll´agardase fora, pechou todal-as portas e entrou no ceo, e alí falou con Noso Señor d´aquel negocio.

Noso Señor, non ben se procatou, ceibouse á rir e enseguida díxolle:

—¡Pedro, Pedro!... Ti seique tes un abogado na casa… Botao fora, Pedro, botao fora: que aquí non pode entrar esa xente…

……

Cando volveu S. Pedro á portería notou que ulía á xufre, e acordándose do Escribán que quedara fora, dixo entre dentes ao tempo que abría a porta.

—¿Onde andará o meu devoto de Vilatorta d´Abaixo?

Ao que lle contestou axiña un dos anxeliños de guardia:

—Leváronll´os demos.

Salvador Golpe
Coruña, Mayo, 1906

APÉNDICES

I. POEMA DE ENRIQUE LABARTA POSE DEDICADO A SALVADOR GOLPE

Falando da condición de poeta case inédito e da súa condición de xornalista.
La Pequeña Patria. Revista decenal (20-XII-1890).

GALLEGOS DISTINGUIDOS
SALVADOR GOLPE

Mi amigo Salvador Golpe
Es un hombre casi inédito,
Es decir, como escritor,
Que en lo demás no me meto.
En el cajón de su mesa
Guarda Salvador sus versos,
Como el sultán sus mujeres
Y el doctor Koch su secreto.
Esas plantas vigorosas
Y aromáticas que, al fuego
De la inspiración brotaron
En el jardín de su ingenio,
Trasplantolas en mal hora
Para un triste invernadero
Donde el sol no las anima,
Ni la abeja les dá besos,
Ni al pié de sus tallos canta
Trovas el grillo á sus pétalos,
Ni la lluvia las refresca,
Ni el aura les presta aliento.
Esclavas de la modestia
De un tímido jardinero´
Que al verlas tan lindas, quiso
Quizá ocultarlas, por miedo
A la escarcha de la envidia
O de la crítica al cierzo,
Allí están entre las tablas
De un cajón negro, muy negro,
Que mas que cajón, parece
El nicho de un cementerio,
«¡Libertad!» clamando á voces
Desde el fondo de su encierro.
Salvador: tus poesías
Piden lo que pide el pueblo:
«¡Libertad!» dásela pronto
Y no hagas como el Gobierno.
Solo esperan, cual los justos
Por el santo advenimiento,
A que del cajón las saques
Y al público las dés presto
En forma de ramillete
Tan hermoso y tan perfecto,
Que las musas de seguro
Regocijaranse al verlo
Y aquel día en el Parnaso
Habrá música y festejos.
Cese, pues, amigo Golpe,
Tu papel de carcelero
Y sálvalas del olvido:
Que las vea el universo;
Porque entonces, Salvador,

Darás un Golpe de efecto
¿Pero quien me mete á mi,
Señores, á dar consejos
A quien no los necesita
Ni me los pidió ex profeso?
He seguido la corriente
Moderna sin pretenderlo:
¡Hoy todo el mundo aconseja,
Pero nadie dá dinero!

Aunque los versos de Golpe
Están cual si fueran reos
Todos juntos encerrados
En una sala de hierro,
Muchos burlar su modestia
Mas de una vez consiguieron;
Y á modo de golondrinas
Que tornan de su destierro,
Fueron á colgar sus nidos
Y á posar su fácil vuelo
En revistas, almanaques
Y periódicos, á cientos.
El primero que escapó,
Fue un bellísimo soneto
Que «¡Viva el Rey!» titulábase,
Y en verdad con mucho acierto;
Que si en vez de «¡Viva el Rey!»
Modulando otro gorgeo
Dice: «¡Viva la República!»
Acaso sin darle tiempo
Para repetir, de fijo
Que lo enjaulaban de nuevo.

Si como poeta es Golpe
Notable por mil conceptos,
También como periodista
En verdad que no lo es menos
Cuando joven escribió
Para La Moda, El Comercio,
El Diario de Santiago,
El Noroeste y el Correo.
En El Clamor del País
Colaboró también luego
Y en El Clamor de Galicia,
Que suman dos clamoreos
En los que colaboramos
Juntos todos los gallegos.
Mas ¿qué importa, si clamamos
Como quien clama en desierto?
Más tarde, ya no es posible
Seguir á Golpe en su vuelo
Y enumerar las Revistas,
Periódicos y folletos
Que se honraron con la firma
De este escritor tan correcto,
Tan atildado y castizo,
Que si el fruto de su ingenio
Adquiriese humana forma,
Vestiría, lo estoy viendo,
De frak, sombrero de copa,
Guante blanco y traje negro.

He bosquejado á mi amigo
Golpe, bajo dos aspectos,
Y puede el lector sentarse
Porque aun me falta el tercero:
Hablar dél como abogado,
Que lo es sin duda muy bueno,
Y las leyes del estilo
Las sabe en todos los terrenos.
Mucho pudiera decir;
Mas, con harto sentimiento
Me callo, porque ya quedan
Poco espacio y menos tiempo.

Es Salvador, en resumen,
Un bellísimo sujeto,
Guapo como ustedes ven,
Listo cual todos sabemos,
Dulce, simpático, amable…
Y si tiene algún defecto
¿Saben ustedes cual es?
El ser sobrado modesto.
Séame, pues, permitido
Al dar cima á este boceto,
Saludar con un «¡aprieta!»
Al buen soldado gallego,
Que por la pequeña patria
Lucha siempre en primer término.

Enrique Labarta Pose

II. EUGENIO CARRÉ ALDAO EN «LITERATURA GALLEGA». 1911

Pérdida grande y reciente han experimentado las letras patrias con la muerte de Salvador Golpe, entusiasta defensor de Galicia, distinguido letrado, periodista de renombre, autor de Regionalismo y lenguaje, Patria y Región, De la Coruña a la cárcel pasando por Galicia y otras varias obras de mérito y fama reconocidas y poeta inspirado.

Murió Golpe rendido, mas que por el peso de los años, por dolores y tristezas de la vida que se mostró bastante ingrata con este ilustre hijo de Galicia.

La musa de Salvador, tierna y soñadora, se presenta en ocasiones robusta y de acción según los sentimientos que la evocan, especialmente cuando fustiga injusticias sociales. Poco, por desdicha de las letras gallegas, ha dejado escrito en nuestra armoniosa lengua él, que tanto y tan hermoso podía habernos legado en herencia. Arrebatóle la muerte á su país y al cariño de los suyos, cuando más podía esperarse de él y sin dejarnos, como pensaba, coleccionadas en un volumen sus sentidas poesías gallegas,diseminadas aquí y allá en las efímeras páginas de varias revistas.

Los dos grandes sentimientos de Golpe, los principales inspiradores de su musa, la patria y el hogar, los supo transmitir fielmente en sus celebrados Meus amores que no pueden leerse ni oirse cantar[1] sin que nos embargue dulcísima y tierna emoción que conmueve nuestra alma.

1. Puesta en música, como otras poesías de Golpe, por el maestro gallego Baldomir, es conocidísima en toda España.

BIBLIOGRAFIA

Carré Aldao, E., 1911, *Literatura Gallega*. 2ª ed. Barcelona, Ed. Maucci.

Cea, Soqui, 2002, «Estudio sobre a orixe melidense de Salvador Golpe Varela», en *Boletín do Centro de Estudios Melidenses. Museo da Terra de Melide*, nº 15, decembro de 2002, páx 77-86.

Fernández del Riego, F.,1971, *Historia da literatura galega*. Vigo, Editorial Galaxia.

Máiz, R. , 1984, O *Rexionalismo Galego: Organización e ideoloxía (1886-1907)*. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Sada, Ediciós do Castro.

Martínez Barbeito, C., 1978, *Torres, pazos y linajes de la provincia de la Coruña*. A Coruña, Publicacións da Deputación Provincial.

Naya Pérez, J., 1969-1970, «Los poetas gallegos y Curros Enríquez», en *Revista* del Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses, nº 5-6, A Coruña, páxs. 125-152.

Otero Pedrayo, Ramón, 1969, «No sulco e ronsel dun poeta bó: Salvador Golpe». *Revista Chan*, nº 20, II quincena, Madrid, decembro de 1969.

Torres, X., 1988, «Retrincos da historia: Os Golpe e a casa de Paio». *A Nosa Terra*, 25 III 1988, nº 336.

-1994, «Escritores das Mariñas. Salvador Golpe», en A Xanela, Suplemento cultural de *Betanzos y su Comarca*, nº 5, outubro de 1994.

Vales Villamarín, F., 2006, «Partida de bautismo del literato gallego Salvador Golpe Varela («Pedro de Merille»).— Año 1850". Recóllese na *Obra completa*, páx 1212-1221. Betanzos, Briga Edicións.

Vilanova Rodríguez, A., Voz «Golpe, Salvador», *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 16.

NOTAS

1. «Partida de bautismo del literato gallego Salvador Golpe Varela («Pedro de Merille») — Año 1850". Recóllese na *Obra completa de Vales Villamarín*, páx 1212-1221. Briga Edicións, Betanzos, 2006.

2. A. Vilanova na Gran Enciclopedia Gallega, tomo 16, dá erroneamente o mes de xuño como o do nacemento, ao tempo que tamén erra no lugar de falecemento.

3. Carlos Martínez Barbeito: *Torres, pazos y linajes de la provincia de la Coruñ*a. Publicacións da Deputación Provincial, A Coruña, 1978.

4. *Boletín do Centro de Estudios Melidenses. Museo da Terra de Melide*, nº 15, decembro de 2002, páx 77-86.

5. Fernández del Riego, F.: Historia da literatura galega. Editorial Galaxia, Vigo, 1971.

6. Para a comprensión desta etapa rexionalista do pensamento e política galeguista véxase: R. Máiz: O Rexionalismo Galego: Organización e ideoloxía (1886-1907). Ed. do Castro, 1984.

7. El Noroeste, nº 4989, A Coruña, 24-VI-1909.

8. Quizá se tratase de Cuntis, e non Curtis, a onde o presidente Murguía iría tomar as augas.

9. *Las Mariñas*, nº 134; Betanzos, 4-XII-1892.

10. E. Carré Aldao: Literatura Gallega. Edt. Maucci, 2ª ed. Barcelona, 1911.

11. Juan Naya Pérez: «Los poetas gallegos y Curros Enríquez», en *Revista* del Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses, nº 5-6, A Coruña, 1969-1970, páxs. 125-152.

12. O meu agradecemento ao amigo Xulio Rozados polas súas eficaces e áxiles xestións na Hemeroteca Nacional de Madrid.

13. Otero Pedrayo, R.: «No sulco e ronsel dun poeta bó: Salvador Golpe». *Revista Chan*, nº 20, II quincena, Madrid, decembro de 1969.

Figuras importantes de Betanzos no panorama cultural da primeira metade do século XX: Homenaxe a Salvador Mosteiro Pena

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario
Homenaxe a Salvador Mosteiro, traballador infatigábel pola causa de Galicia.
Abstract
A tribute to Salvador Mosteiro Pena, a tireless worker for the Galician cause.

A imaxe de Galicia no primeiro terzo do século XX é a dun lugar atrasado onde a única perspectiva de progreso económico e social resulta ser a emigración. Mais tamén é certo que entre os anos 1900 e 1936 se produce unha tendencia para a modernización das estruturas socioeconómicas do país. E tamén nestes anos a cultura galega experimenta un desenvolvemento e esplendor extraordinarios que poden levarnos a considerar este período como unha segunda idade de ouro despois da primeira localizada na idade media.

A organización do movemento agrario, o conflito máis importante da época, vai provocar unha relativa transformación da agricultura, coa finalización do sistema foral que ademais trouxo consigo a desaparición da clase fidalga como clase dominante e a conversión dos campesiños en propietarios.

O galeguismo, movemento iniciado na segunda metade do século XX coa intención de conseguir o poder de decisión para Galicia, tivo como finalidade prioritaria a promoción da lingua galega e da cultura. Foi así primeiro cos provincialistas e máis tarde cos rexionalistas. Coa creación na Coruña o 18 de maio de 1916 da primeira das Irmandades da Fala iníciase a fase nacionalista. Créanse irmandades en todas as cidades e vilas importantes de Galicia, entre elas Betanzos, e a lingua galega e a cultura reciben un impulso fundamental.

Entre o 17 e o 18 de novembro de 1918 tivo lugar en Lugo a I Asemblea Nacionalista Galega, dela saíu a redacción dun manifesto que contiña as bases programáticas do nacionalismo galego.

Na IV «Asemblea», celebrada en 1922 en Monforte de Lemos, produciuse unha escisión entre moitos integrantes da Irmandade da Coruña que seguirían utilizando o nome de Irmandades da Fala e rexentando *A Nosa Terra*, e o resto das agrupacións lideradas por Vicente Risco coa denominación de Irmandade Nacionalista Galega (ING) cunha liña cultural.

Tras o golpe de Estado de Primo de Rivera en setembro de 1923, o nacionalismo galego centrouse case exclusivamente na actividade cultural.

Entre as institucións culturais máis importantes está o Seminario de Estudos Galegos, creado o 12 de outubro de 1923 para elevar ao nivel científico e universitario a investigación

*** Concepción Delgado Corral, betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.**

en galego. O Seminario ademais preocupouse por divulgar os seus estudos a través de conferencias, publicacións e cursos.

A institución máis representativa de Galicia, a Real Academia Galega, preséntase en setembro de 1906. Promovida desde a Habana por Fontenla Leal e Curros Enríquez tivo como primeiro presidente ao rexionalista Manuel Murguía ata a súa morte en 1923.

En gran parte dos movementos, institucións e publicacións importantes destes anos participaron activamente personaxes nados en Betanzos ou no seu entorno. Algúns deles figuran entre os nomes importantes na historia de Galicia como Salvador Cabeza de León, Salvador Golpe, Xohán Vicente Viqueira.



José Pascual López Cortón, promotor dos primeiros Xogos Florais de Galicia. Foto: Alfredo Erias.

Salvador Golpe, nado en San Pedro de Oza, o 27 de xullo de 1850 foi un importante galeguista na liña rexionalista ademais de un importante xornalista, ensaísta e poeta. Na cidade da Coruña exerceu como avogado e xuíz municipal. Participou na fundación da Asociación Regionalista Gallega e na da Liga Rexionalista, da que foi presidente e fundou o xornal *Unión Gallega*, do que foi director.

Desenvolveu unha importante actividade cultural participando como membro da tertulia coruñesa da Cova Céltica na librería de Carré xunto cos tamén rexionalistas Manuel Murguía, Eduardo Pondal e Lugrís Freire. Con todos eles foi fundador, membro numerario e secretario da Real Academia Galega. Foi tamén membro e secretario da *Sociedad para el Folck-lore Gallego*, presidida por dona Emilia Pardo Bazán.

Na súa obra escrita en prosa destaca o xénero ensaístico utilizado para defender e divulgar as ideas rexionalistas. *Regionalismo y Lenguaje*[1] foi o discurso pronunciado nos Xogos Florais de Betanzos de 1901. É autor do *Refraneiro agrícola-meteorolóxico*, publicado baixo o pseudónimo de «Pedro de Merille», primeiro en folletín no semanario *La Defensa* de Betanzos ao longo do ano 1906, e posteriormente en edición aparte.[2]

Bo poeta, é autor de poemas que se publicaron soltos en revistas e xornais. A temática principal é a paisaxe galega e a saudade da terra.

Salvador Cabeza de León natural de Betanzos, onde naceu en 1864, licenciouse en Dereito en Santiago de Compostela en 1884 e obtivo a cátedra de Dereito Internacional en 1903. Ademais de decano da súa facultade, foi alcalde da cidade de Santiago de Compostela. Destacado galeguista, sucedeu a Armando Cotarelo Valledor na presidencia do Seminario de Estudos Galegos de 1925 a 1934. Participou na comisión que redactou o estatuto de autonomía no ano 1932 xunto con Lugrís Freire e Alexandre Bóveda. Figura tamén entre os primeiros 40 membros de número da Real Academia Galega. Don Salvador é unha figura importante no campo da oratoria e da composición poética, dominando a forma do soneto.



Celestino Luís Crespo, autor do primeiro libro de poesía en galego publicado na posguerra.

A importancia da quinta de San Victorio, no lugar de San Fiz de Vixoi, a tres kilómetros de Betanzos, remóntase ao século XIX cando José Pascual López Cortón reconstrúe o antigo pazo e fixa aquí a residencia coa súa dona Julia Viqueira Flores-Calderón. O emigrante cedeirés fixo unha considerable fortuna dedicándose ao comercio.[3] Amante e cultivador da literatura destaca sobre todo polo labor de mecenas. Foi o promotor dos primeiros Xogos Florais de Galicia, celebrados na Coruña en xullo de 1861, e dos que sairía o *Álbum de la Caridad* con varias composicións escritas en lingua galega.

Na quinta de San Victorio nacerían as súas fillas María Luísa e Carmen, e o fillo José López-Cortón Viqueira, todos educados na «Institución Libre de Enseñanza», en Madrid. López Cortón morre o 15 de xaneiro de 1878, cando a súa filla maior, Carmen, tiña once anos, e tivo que encargarse da educación dos fillos a súa esposa coa axuda do seu irmán Vicente, quen acabaría casando coa súa sobriña Luísa.

Carmen coñecerá alí ao discípulo de Francisco Giner de los Ríos, Manuel Bartolomé Cossío seu parente polos Flores y Calderón, co que casará, residindo na casa da Institución e colaborando en todas as actividades programadas xunto coa súa irmá Luísa. San Victorio era o lugar de descanso onde pasaban temporadas e recibían a figuras tan importantes como Giner de los Ríos. Era tamén o lugar a onde chegaban cartas de todas as partes do mundo e de personaxes ilustres da ciencia e das letras e sobre todo foi o espazo onde algúns dos protagonistas máis importantes da cultura do século XX entraron en relación coa cultura galega, coa paisaxe da zona de Betanzos e coa propia cidade. Foi o auténtico cenáculo da comarca das Mariñas de Betanzos.

O neto de José Pascual López-Cortón, fillo de María Luísa, Xohán Vicente Viqueira López, sería un dos grandes humanistas do século XX, cunha formación filosófica, ética, psicolóxica e lingüística enciclopédica. Naceu en Madrid o 22 de outubro de 1886 pero con poucos meses de vida chegou con seus pais á quinta de San Fiz de Vixoi, herdanza da familia no concello de Bergondo, onde residiría durante os primeiros 12 anos. Comeza os seus estudos en Betanzos. Por indicación do amigo da familia, Giner de los Ríos e por ser

sobriño de don Bartolomé Cossío –sucesor do fundador da Institución-, marcha a Madrid para continuar estudando na «Institución Libre de Enseñanza», aquí dará clases rematados os seus estudos e sendo xa doutor en Filosofía pola Universidade de Madrid. Por motivos da súa osteomelite viaxa a París onde asiste a clases maxistrais de Bergson e Durkheim. Acabada a carreira de Filosofía en Madrid trasládase como bolseiro a Alemaña para ampliar estudos nas universidades de Leipzing e Berlín[4]. No laboratorio de Psicoloxía da Universidade de Gotinga traballa cos profesores Katz, Jaensch e Müller. En 1917 gaña a cátedra de Psicoloxía, Lóxica e Ética do Instituto General Técnico de Santiago de Compostela e casa coa profesora de ascendencia portuguesa Jacinta Landa Vaz-Coronado. Un ano despois trasládase ao Instituto da Coruña.



Salvador Golpe, membro da tertulia da «Cova Céltica».

Foi membro e presidente das Irmandades da Fala[5] e publica numerosos artigos en *A Nosa Terra*. En Galicia e logo da viaxe a Portugal coa súa muller, entra en contacto coa cultura e a literatura de Portugal manifestando interese pola obra dos portugueses Leonardo Coimbra, Teixeira de Pascoães e Lopes Vieira. Extraordinario ensaísta, orador e poeta. Publicou traballos de pedagoxía en alemán, castelán e galego[6]. Como defensor da lingua galega propón a galeguización no ensino dentro dunha «nova educación galega». Morre en Bergondo o 29 de agosto de 1924.

Estes tres nomes e algúns máis como Francisco Vales Villamarín e Celestino Luís Crespo teñen un importante lugar na historia de Galicia e son ben coñecidos polos estudos diversos sobre eles aos que non aportamos agora nada novo. Pola contra, de Betanzos e da mesma época hai figuras importantes pouco ou nada coñecidas e este traballo quere render unha homenaxe a un traballador infatigábel pola causa de Galicia que sorprende pola discreción e modestia, Salvador Mosteiro Pena.

Fillo de Antonio Mosteiro e Rita Pena naceu en Betanzos o 24 de febreiro de 1896. Fixo a carreira de medicina e odontoloxía en Santiago e Madrid, exercendo esta profesión en Lugo e máis tarde na Coruña. Realizou unha importante actividade galeguista e como membro da Irmandade de Betanzos participou na asamblea das Irmandades da Fala os días 17 e 18 de novembro de 1918, asinando o Manifesto Nacionalista de Lugo. Sobre os anos vinte fundou en Madrid, con Fermín Penzol, a organización nacionalista Mocedade Céltiga integrada por estudantes universitarios entre os que se encontraban os irmáns López Cortón, Álvaro Gil, Emilio González López e outros. Fundou e dirixiu en Betanzos a revista *Rexurdimento* que xunto con *Céltiga* en Ferrol e *Alborada* en Pontevedra aparecen no ano 1922 como importantes publicacións galeguistas. Dirixiu tamén *A Nosa Terra* e a Irmandade da Coruña dato que figura no número 271 da citada publicación onde se dá a coñecer o

consello directivo da Irmandade formado por Salvador Mosteiro como conselleiro primeiro e encargado principal da irmandade e da publicación.[7]

A Nosa Terra saúda a aparición de *Rexurdimento* como unha iniciativa da «Irmandade da Fala» de Betanzos, recoñecida tamén polo feito de ter traballado moito por implantar o teatro galego na cidade.[8]

A revista *Nós* recolle tamén o nacemento da publicación betanceira o 25 de agosto de 1922 facendo unha descrición da mesma e unha enumeración dos autores que nela publican. En canto aos promotores non dá ningún nome e tampouco o do director:

«Os mozos de Betanzos –porque é iste un emprendimento de mocedade- enfían ben. Iste xurdio esforzo dos betanceiros é ben merecente de gabanzas e non ha ser Nós a regatearllas, posto que iles as saben ganar de seu».



Salvador Mosteiro Pena, traballador infatigábel pola causa de Galicia.

Só unha vez aparece o nome do director na revista betanceira, na carta – onde manifesta o profundo respecto e amor polas terras portuguesas- datada o 31 de xullo de 1922 enviada a Júlio de Lemos pola Delegazón da Irmandade Nazonalista de Madrid con motivo do artigo que este publicara no número extraordinario de *A Aurora do Lima* de Viana do Castelo, adicado ao Día de Galicia. Asinan a carta O Conselleiro, Mosteiro Pena, e o Segradario, Lois C. de Arroyo[9]. E indirectamente cando, no número seis, se dá conta da súa marcha a Madrid para rematar os estudos de Medicina e realizar tamén xestións para a mellora da revista, nun traballo titulado «O viaxe do noso direitor». Este pequeno traballo confirma a nosa idea de Mosteiro como persoa discreta e modesta:

> O temor a incurrir na súa xenreira i o non ser nós os máis chamados a gabalo, dado-los vínculos que ó querido Mosteiro nos xuntan, obrígannos a dar romate ó noso escrito.[10]

Estando en Madrid, Salvador Mosteiro recibe unha carta de Vicente Risco desde Ourense o 12 de outono de 1922, na que lle indica a necesidade da utilización da revista *Rexurdimento* como órgao da Irmandade Nazonalista Galega, ao perder el o control de *A Nosa Terra* que se editaba na Coruña. En xaneiro de 1923, suspendida a publicación nos dous últimos meses do ano 1922 polo traslado de Mosteiro, reaparece como órgao oficial da Irmandade Nazonalista Galega, liderada por Risco.

Nos seis primeiros números, a revista quincenal *Rexurdimento*, subtitulada «Órgao dos intereses mariñás», seguiu co traballo de personalidades importantes de finais do

século XIX e dos primeiros anos do XX de estreitar os lazos entre Galicia e Portugal.[11] Así, no número 1 no traballo titulado «De Portugal», anúnciase a conmemoración por Portugal do centenario da independencia do Brasil, pobos considerados do noso sangue; falarase unha vez máis desta conmemoración no número 4, onde Brasil se define como unha prolongación de Portugal e este como unha prolongación de Galicia. No mesmo número, na sección de «Libros e revistas» celébrase a aparición do número da publicación portuguesa *Aurora de Lima* do 25 de xullo dedicado a Galicia e onde colaboran moitos escritores galegos; publícase a carta enviada pola Delegación da Irmandade Nazonalista en Madrid a Júlio de Lemos e a resposta do mesmo desde Viana do Castelo. Tamén se dá a coñecer a morte no Porto do pintor Joâo Peralta.

A revista dá a coñecer textos poéticos portugueses. No número 2 publícase o soneto de Antonio de Cértima «Oraçâo a Dionyso». Nos números 3, 5 e 6 tres poemas do mesmo autor, «Fala do sol» acompañado dun debuxo de Cebreiro do autor, Teixeira de Pascoaes, «Dos cantos indecisos» e «Nascimento».

A revista *Rexurdimento* expón as ideas reintegracionistas de Mosteiro, que eran tamén as de Xohán Vicente Viqueira en relación coa lingua. En «Ficamos ledos» do número 2, reprodúcese o seguinte fragmento de Viqueira publicado no ano 1917 en *A Nosa Terra*:

> Os leitores do galego poden ser numerosos; é decir que quen escrebe en galego escrebe cuasi para *meio mundo*. Debemos lembrarnos de que no Portugal e paises de lingua portuguesa a nosa literatura ten ardentes partidarios. Derradeiramente en Coimbra no gran teatro da vila oín eu aplaudir con todo entusiasmo as poesías de Rosalía de Castro, recitadas con enxebre acento por unha grande artista portuguesa, Amelia Rey que os galegos debían conocer!

Con respecto á lingua di que primeiro é necesario afirmar a nosa linguaxe literaria imitando aos países que se encontraron na nosa situación como Grecia, Flandes ou Cataluña e segundo, admitir a ortografía do portugués:

> Debemos estudar os clásicos galegos e os *cuasi nosos* clásicos portugueses así como a nosa literatura portuguesa, e non como algunhos fan transcribir a fala de aldeias xa corrompida e que corresponde ao castelán de López Silva. Segundo, para adaptar a nosa literatura aos leitores portugueses temos que admitir a súa ortografía, é decir a hoxe válida en Portugal somente con aquelas modificaciós (ben pequenas por certo!) que esixen as diferencias da lingua.

Os dous autores participaban dos mesmos propósitos das Irmandades e da Xeración Nós en favor da afirmación da singularidade do galego fronte ao castelán e da aproximación ao portugués que era a lingua de referencia.

Na segunda época, aínda que todos os membros da xeración Nós contribuíran ao achegamento cos intelectuais portugueses o que importa fundamentalmente é a propagación das ideas nacionalistas de Risco, en consecuencia as referencias a Portugal non existen e a publicación sométese enteiramente ás ordes do ourensán, así se declara no anuncio da «V Asambreia Nazonalista»:

> No próuximo número falarase con longura da V asambreia da Irmandade Nazonalista Galega que tivo logar na Cruña no salón de actos do Consello Provincial de Fomento, as datas 18 e 19 do mes de marzal, e na que foi reelexido coma Conselleiro Supremo o honorabre irmao Vicente Risco, cuias ordes e ispiracións ha seguir atendendo fielmente *Rexurdimento*[12].



Salvador Cabeza de León, destacado galeguista e presidente do Seminario de Estudos Galegos.

Salvador Mosteiro Pena caracterízase por ser un importante traballador de base que non gustaba de aparecer explicitamente nas publicacións que el mesmo dirixía ou nas que colaboraba de maneira calada. En cambio dáse a coñecer por motivos de traballo no anuncio da súa clínica publicado en *A Nosa Terra*: **Dr Mosteiro. Médico odontólogo. Mediciña e Ciruxía da boca. Electricidade. Rayos X. A clínica dental máis compreta de Galicia. Sánchez Bregua, 5-1º. A Cruña.**

Como autor e por absoluta necesidade o seu nome ten que figurar varias veces no período de tempo en que desempeña o cargo de director da Irmandade da Coruña e do seu voceiro *A Nosa Terra*, que corresconde aos anos 1930 e 1931. Así a reseña, asinada por S. Mosteiro, ao libro que sobre a tuberculose publicara o doutor e amigo Peña Novo por encargo do Dispensario Antituberculoso da Coruña. Autor e comentador tratan dun problema de saúde que provocaba moitas mortes na poboación galega e lámentase Mosteiro da pasividade dos galegos ao non protestar contra a carencia de medidas sanitarias. O problema, segundo el, agrávase coa chegada dos emigrantes que retornan con esta enfermidade. Pide ademais que se rematen canto antes os sanatorios da Lanzada e de Cesuras e, para isto, a colaboración económica de todos os galegos ricos e pobres.[13]

A súa discreción lévao a asinar coas letras iniciais do seu nome e apelido, S. M. o escrito titulado «Laboremos», publicado en *A Nosa Terra* o 25 de xullo de 1930. Defende aquí o uso do galego na liturxia e, partindo do aprobado por Inocencio III no Concilio Lateranense, fai unha chamada á igrexa e os bispos para que os cregos rurais utilicen para o templo o galego que tan ben falan cos seus fregueses nos actos normais da vida.

No texto lido o 15 de marzo de 1931 no cemiterio da Coruña nun acto para homenaxear aos galegos ilustres enterrados alí manifesta que ademais de utilizar ben a lingua podía ser un bo orador:

> O trunfo próisimo das ideas generosas dos ilustres galegos que aquí repousan. É tamén o millor homaxe que lles podemos render. Continuar con entusiasmo o vieiro que eles nos deixaron trazado.
> Ogallá no proisimo ano, ao voltar novamente a realizar este aito, podamos já vir aquí aureolados polo trunfo conquerido. Para que así seja, as Irmandades da Fala agardan de tódolos galegos unha aituación enérgica e persistente que nos permita entón pousar nas campas destes inesquecentes patriotas, as frores do trunfo e o latexar ledicioso dos nosos corazóns.[14]

Como portavoz e presidente da Irmandade da Coruña declara a adhesión desta ao réxime republicano nunha nota publicada o 1 de maio de 1931.[15]

Mosteiro é quen responde cunha carta[16], publicada o 1 de maio de 1931, ao cablegrama que a Irmandade da Coruña recibiu o 15 de abril da Sociedade Nazonalista Pondal de Buenos Aires, por considerarse inxustamente criticados pola adhesión á causa republicana sen defender os dereitos nacionalistas.



Quinta de San Victorio, cenáculo da comarca das Mariñas de Betanzos.

No número seguinte *A Nosa Terra* publica o texto «Do momento» asinado como S. M. onde fai unha chamada aos galegos a aproveitar o momento co goberno da república para o recoñecemento de Galicia como pobo diferenciado. A comparación dos pobos coas táboas dun «tillado» é unha novidosa imaxe para marcar as diferenzas:

> Decatados, pois, de que o mundo non é acordado como un tillado de parellas taboíñas, senón ás avesas, e tendo presentes os imperativos eternos, que decote mostráranse acesos, non desperdiciemos a hora crítica da que os nosos descendentes tormarnos haberán estreita conta.[17]

O 25 de xullo de 1931 na mesma páxina aparecen dous textos en defensa do galeguismo, «Encol do galeguismo» asinado por Salvador Cabeza de León, e «Por Galicia e pola humanidade» de Salvador Mosteiro. O texto de Mosteiro manifesta a esperanza no porvir de Galicia:

> O ano 1931, já meado, somella iniciar un vieiro ledo e ridente para a Terra, e ao chegarmos a este día de Galicia, fagamos votos para que o noso optimismo medre ate ollar realidades vizosas, que acaden para ben noso e da Humanidade o afianzamento dunha persoalidade que debe á Natureza os máis envexosos dons que por allur ela poida espallar.[18]

Intervén nas homenaxes a persoas importantes do galeguismo, así temos información sobre a lectura de «unhas cuartelas» da súa autoría no acto realizado en Sada en honor de Lugrís Freire quen estaba acompañado da súa dona e fillo.[19] Ao final do acto os participantes dirixíronse ao cemiterio de Ouces onde depositaron unhas flores na campa de Xohán Vicente Viqueira.

Como conselleiro primeiro da Irmandade da Coruña participou activamente na organización da Diada ou festa da lingua asinando xuntamente con Ramón Otero Pedrayo, Antón Villar Ponte e Antón Iglesias Vilarelle a comunicación enviada a entidades e persoas interesadas co rogo de organizar nas cidades e vilas galegas actos de homenaxe á lingua galega.[20] A celebración do «Día de Galicia» do ano 1930 tivo, en palabras de Ramón Villar Ponte, «unha solemnidade e un espallamento como non tivo nunca dende que foi

estabrescido polas asambreias nazonalistas»[21]. A este positivo resultado contribuiu, sen lugar a dúbida, o esforzo de Salvador Mosteiro Pena quen ademais foi un dos que dirixiu unhas palabras a máis de duascentas persoas no parque de María Pita. O acto da Coruña rematou coa saída para Betanzos, onde tería lugar un mitin na Casa do Pobo.[22]

Do 7 de setembro de 1931 é o «saluda» que Francesc Macià, Presidente do Goberno da «Generalitat de Catalunya», dirixe a Mosteiro como presidente de *A Nosa Terra*.

Reunida a Irmandade da Coruña en xunta xeral o 4 de novembro de 1931 noméase novo consello directivo. O presidente será Víctor Casas e Salvador Mosteiro ocupará o cargo de secretario ou tesoureiro, cargos que o liberaban da participación activa como orador e autor de textos que el asumía por forza.

A partir de aquí e como ben afirma Carballo Calero poucos textos seus aparecen publicados a non ser o titulado «Idiomas españoles y el gallego» do 1 de abril de 1967 do *Blanco y Negro* onde expresa o seu asombro pola actitude de Alfonso de la Serna ignorando o idioma galego.



Xohán Vicente Viqueira, destacado humanista e galeguista, neto de José Pascual López Cortón.

O nome de Salvador Mosteiro por todo o labor calado que fixo non pode ser esquecido pero ademais debe figurar entre os importantes por ser o autor do *Vocabulario Castellano-Gallego* das *Irmandades da Fala* impreso nos talleres de Moret na Coruña no ano 1933, o primeiro no seu xénero e que, como afirma Carballo Calero, enchía un oco na bibliografía galega[23] e axudaba aos escritores na procura das palabras axeitadas. Este vocabulario consta de máis de trescentas páxinas e preséntase como unha obra anónima. Gerhard Rohlfs no seu *Manual de Filología Hispánica* confirma que o autor foi Mosteiro. Só nunha carta familiar á que Carvallo tivo acceso manifesta ser el o autor ao mesmo tempo que informa do éxito que supuxo a súa publicación:

> «Eu fun o que editou o Vocabulario Castellano-Gallego, que tanto se vendeu en toda a América Hispana e en Galiza».

Leandro Carré Alvarellos comezara a publicar en 1932 en folletón de *A Nosa Terra* o seu vocabulario castelán-galego, que quedara incompleto e que o autor incorporaría á segunda edición do seu *Diccionario galego-castelán* (La Coruña, imp. Zincke, 1933, pp. 507-589). Nese mesmo ano de 1933 as Irmandades publican o seu *Vocabulario castellano-gallego* afirmando que a súa empresa é a primeira que se realiza e considerándoa, polo seu reintegracionismo, útil para os escritores galegos e portugueses e para todos os amantes da filoloxía.

O traballo de Mosteiro constituiu a tentativa máis seria ata o momento de recuperación e depuración da lingua, superior á de Carré, supoñía un paso importante no camiño do coñecemento e dignificación do galego, útil para os escritores e defendendo a corrente etimolóxica tendente á converxencia co portugués.

NOTAS

[1] Neste discurso fai unha defensa do pensamento rexionalista, e unha breve historia dos Xogos Floraris afirmando que naceran para promover o uso das linguas propias.

[2] En 1994 foi reeditado pola *Asociación cultural Eira Vella*.

[3] José Pascual López-Cortón, nado en Cedeira, fixera en Puerto Rico unha considerable fortuna.

[4] Cf. «Influencias de la Psicología internacional en la Psicología Pedagógica (1919) de Xoán V. Viqueira», de Antón Costa Rico, en *XIV Coloquio Nacional de Historia de la Educación* (1907-2007).

[5] Cf.Torres Regueiro, X., *Xoán Vicente Viqueira e o nacionalismo galego*. Ediciós do Castro, Sada, 1987.

[6] Cf. Costa Rico, A., A reforma da educación (1907-1936). Xoán V. Viqueira e a historia da psico-pedagoxía en Galicia. Ediciós do Castro, Sada, 1996.

[7] Como conselleiro segundo estaba Francisco Abelaira, o secretario Xavier Pardo, vicesecretario Federico R. Chas, contador Benito Rodríguez e tesoureiro Carlos Monasterio. Os vocais eran Alfredo Somoza, Manuel Lugrís Freire, Antón Villar Ponte, Anxel Casal, Víctor Casas. Cfr. *A Nosa Terra*, 1 de maio de 1930, p. 12.

[8] *A Nosa Terra*, ano VI, nº 168, 15 agosto 1922.

[9] *Rexurdimento*, ano I, nº 6, 16 de Outono do 1922, Betanzos.

[10] *Rexurdimento*, ano I, nº 6, 16 de Outono do 1922, Betanzos.

[11] En «A re-ediçom de Rexurdimento: umha contribuiçom à historiografia galega», Agália 36, inverno 1993, Aracéli Herrero Figueroa fala das «referências constantes ao mundo lusófono» que aparecen na publicación.

[12] Edición Facsímile, p. 75.

[13] Cfr. «O problema tuberculoso en Galicia», *A Nosa Terra*, A coruña, 1 de xullo, de 1930, nº 273, pp. 7-8.

[14] «Homenaxe aos mortos», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1 de abril, de 1931, pp. 5-6.

[15] «Unha nota das Irmandades», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1 de maio, de 1931, p.3.

[16] «Unha carta», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1 de maio, de 1931, p.5.

[17] «Do momento», *A Nosa Terra*, A Coruña, 1 de xuño, de 1931, pp. 4-5.

[18] *A Nosa Terra*, A Coruña, 25 de xullo, de 1931, p.5.

[19] «Homenaxe a Lugrís Freire», *A Nosa Terra*, 25 de xullo de 1930, pp.18-19.

[20] *A Nosa Terra*, 1 de xullo de 1930, nº 273, pp. 9-10.


[21] Cfr. «Verbas dun galego», *A Nosa Terra*, 1 de setembro de 1930, pp. 3-4.

[22] Vid. Número cit. a. pp. 7-10.

[23] «Algunhas notas para a lembranza de Salvador Mosteiro», en *Grial* (Vigo), vol. 21 (1983), núm. 80 (abril-xuño 1983), pp. 220-224

Poemas de un poeta hijo de gallegos

CARLOS PENELAS*



Como un dolor la sirena del puerto. Y el tumulto en el río de los desaparecidos en reflejo ascendente. (Amigos, ella viene de mayo, de proclamas.) Y el temblor del alma bilingüe con su andar fugitivo, solitario. Después, manifestaciones y fatiga. Una mutación oye el saludo, noches que acarician ausencia, voces lastimadas, ahogándose.

Y la pobreza penetrando arrabales en un destierro de tristeza y desencanto. Desnuda, la amada separa las ardeduras de mis labios.

(De *Viajero con una soledad*, Bs. As. 2009)

* **Carlos Penelas** nació en Avellaneda, provincia de Buenos Aires, en 1946. Es poeta, escritor y conferencista. Publicó más de veinte libros de poesía y prosa, entre los cuales se pueden destacar *Poemas del amor sin muros* (1970), *La gaviota blindada y otros poemas* (1975), *Conversaciones con Luis Franco* (1978), *Los dones furtivos* (1980), *Finisterre* (1985), *Queimada* (1990), *El corazón del bosque* (1992), *El mirador de Espenuca* (1995), *Guiomar / Cantiga* (1996), *Los gallegos anarquistas en la Argentina* (1996), *Valses poéticos* (1999), *Desobediencia de la aurora* (2000), *Elogio a la rosa de Berceo* (2002), *Diario interior de René Favaloro* (2003), *El aire y la hierba* (2004), *Crónicas del desorden* (2006), *Romancero de la melancolía* (2007), *Viajero con una soledad (2009)*

Una extensa obra poética –saludada por Luis Franco, Raúl González Tuñón, Ricardo Molinari, Juan L. Ortiz, Elvio Romero, Osvaldo Bayer, David Viñas, Eduardo Blanco Amor, Héctor Ciocchini, Xesús Alonso Montero, entre otros– revela el devenir creador de Carlos Penelas, probablemente una de las voces más serias de la generación del '70. La crítica ha advertido una preocupación raigal por adentrarse en los símbolos expresivos y en las estructuras modernas, conciliando el peso y la medida de su lirismo.

Madrigal del huésped distraído

A mi lado el amanecer y el sueño.
La curva de su pubis, a mi lado.
Y la desmemoria en el clamor del silencio.
Así vienen los juncos, el río, la solitaria patria entre nieblas y arenas.
Nadie sabe hasta dónde llega el viento, la soledad, los cabellos melancólicos del día.
Nadie sabe. Ni de la inmovilidad o del atardecer que abre olvidos y naufragios.
¿Qué fue de vos, amada? ¿Qué fueron de ustedes, amigos?
Padre, ¿qué del amparo, de las historias replegadas?
Madre, ¿desde cuál jardín amas la hoja del mirto?
¿Dónde arrojaron la transparencia, hermanos perezosos?
¿Dónde el cielo con tanta soledad y huella e izamiento?
Decid, ahora, quién es el citarista,
quién el hombre que sueña en voces enaltecidas,
siempre desnudo en esta ausencia, en esta orilla,
en este espejo sosegado que nos mira.
Los ojos, tras los días, cambia el reino de la infancia.
Vuelve, a veces, por mi en esta vanidad que despierta la memoria.
Entonces, a veces pienso que estoy muerto,
que todo es un río de sutiles penumbras,
de insurrecciones, de destierros inútiles.
Preguntas, hastío y labios enterrando laúdes.
¿Por qué son insomnes estas rosas?
Y éste viento extranjero, ¿por qué sacude
melancolía en pastizales o en pesebres cimarrones?
¡Ah! Los hijos sin sumisión nos aman con sus brazos abiertos.
Ahora, entre las manos, ella me dice del aliento del cosmos,
recuerda aldeas, ofrendas, lejanías lluviosas.
A mi lado la vastedad del arrabal como leyenda,
sobre el suspirante murmullo de las olas.
Nadie sabe hasta dónde llega el viento.

Casida de una tarde en el parque

Nadie regresa a la espaciosa y abandonada soledad
ni la palabra evocará la noche con los ojos abiertos.
En el parque dirán al ver sus sombras
que la tarde excede la monótona rosa
o que el verdor antiguo de los cedros
no logró cubrir su luz y su ternura.
Días perdidos, transparentes,
bajo las ramas de los jacarandaes.
Desde el aire dirán la nostalgia, la impaciencia
de la muerte que habitará el vacío.
Una calle del sur y el resplandor último
como un ciprés olvidado.
Y tú allí, en el vagar disperso de las nubes
imposible y callada,
morada ansiosa, levísima,
cuando la mirada es un dormir deshabitado
en la vigilia que desnuda pudor.
Tal vez alguien pregunte, ¿cómo fue?
Y el desgano desapacible acompañe el lecho,
unicornios cautivos por el rumor del mar.
Irán desdeñosos empujando la hierba
recogiendo la ceguedad del amor,
el desnudo y encendido ensueño de la nostalgia
que crece en la morada como un destello.
Se mece la noche
mojándome los ojos distraídos.

Padre

Padre, ahora que necesito de tu voz
has partido. Sólo desconcierto indolente.
La amada me pide que te busque.
Me dice que la ausencia desvela al corazón perdido.
Dejaste la bruma,
la soledad que cuida su secreto,
el verso de amor y de experiencia.
Un consuelo que transita dormido
y ciñe el gozo en el orden de los días.
¿Qué hago, padre, ahora
que tienes la cabeza reclinada,
oculta en una barca fenicia,
inmemorial,
entre tanta hipocresía y palabras inútiles?

Exilio

Como aquel que atento a la lucidez
buscó su soledad,
la percepción del límite,
la noche traza su frontera.
Inacabable penetra el recuerdo,
amanece y distrae mi aliento.
Así se encuentra el extravío.
La quilla sobre la amargura
de la usurpación.
Entonces alcanzo a comprender
que no nos salva el amor ni la esperanza.

La amada

¿Quién mueve en nosotros
mitos altivos, espléndidos,
o éstos muslos que surcan oleajes
y dioses precarios? ¿Quién se desliza
en la lubricidad del mar?
¿Cuál es el nombre de la rosa inagotable?
¿De dónde ésta pasión
que es ansiedad y aladares sueltos
sobre la incertidumbre del asombro?
Y estas orillas ¿de qué anverso nacen?

En la somnolencia del tacto
arden tempestad y secreto.

El caballero del bosque

Al borde de la nube el hada del bosque
se ha sentado a respirar.
Respira el silencio,
la luz indecible que se desprende del follaje,
un violeta sombroso que musita su aroma.
Apoya la mano en mi pecho,
desborda ocio.
Soy Lancelote que busca en el lago
desencanto y amor y claridad mojada.
Llevo el fuego, la sombra del círculo.
La noche avanza sobre su imagen
cimbrante, alzada, esmorecida.
Cierro los ojos y el corazón desvaría.
El hada, desde una nube rojiza.

La novia de Espenuca

Siento en vos,
hembra atada a la niebla
en estas horas de ramajes y plazas,
mientras los días rememoran el vaho de la aldea
el combate de la lluvia,
la incertidumbre de la noche
en tus senos.
Bella desconocida
balanceas el cuerpo sonriente
húmeda de verano y muda ausencia.
Lengua sagrada que recoge mi miembro
pronunciando palabras oraculares.
Detenida, ¡oh, cielos! entre mis piernas.
Cansada de eternidad, perdida.

Cielo de Betanzos

De cristal, la palabra.
En el silencio ordena mi abismo
una lejanía dispersa
que da nombre a tumbas del exilio.
Ahí las estrellas y la alondra.
Y el borde de símbolos inmemorables
buscando jabalíes sobre la tierra.
La carne recuerda, entonces,
un reino de fantasmas,
el cansancio de plegarias absurdas;
el huir de la noche y la oquedad.
Estoy sentado en un banco de piedra.
Y miro.

Buenos Aires, febrero de 2010

Encuentro

Hoy has venido a verme, madre.
Estaba leyendo cuando te sentaste
-decorosa, nobleza de desvelo-
en el antiguo sillón de roble.
Me pediste repetir aquella historia;
en mi niñez solía hacerte sonreír.
La urdí como sólo puede hacerlo un hombre
que ha dejado de creer en ciertas profecías,
cuando la piedad expulsó de fantasmas su reino.
Te dije, además, que a veces
durante la nostalgia de la tarde,
en el torrente de las sombras,
evocaba tu muerte como una lejanía.
Y también dije que lo peor
no era ese hilo sutil de la memoria
ni el desvelo del muro,
ni la eternidad o la debilidad del alma.
Lo peor, lo peor… madre,
(recuerdo que lo confesé balbuceando)
era que no podías pensar más en mi,
ahora era imposible tu vigilia.
Luego, acomodaste tu mantilla
y tus ojos se abismaron en los míos.

Buenos Aires, enero de 2010

Elegía

…en la oscura, desierta y dura tierra.
Garcilaso de la Vega

Sin ellos el mundo está sin límite.
Desde cada lugar solitario, los miro.
Los evoco sin fatiga, en terca plenitud.
En ellos la sombra que protegió mi infancia,
la esplendente libertad y el fulgor.
Madre cruzando bandadas de pájaros,
volando junto a nubes, deslizante.
El hálito mágico del padre
repartiendo dones, regresando en partidas.
Permanezco continuo
como una mano tangible.
Me descubro colmando la mar
y la certeza del pecho.
Así son los dioses terrenales;
vuelan en las entrenoches, sorpresivos.
En este sendero de ondas y alboradas
aprisionan la luz, el aire, los talones.
Vitales renacemos en sus voces.
Inseparables, desvelados, impávidos de cielo.

Buenos Aires, 30 de diciembre de 2009

El banco

Miro el banco de la cocina. En este banco se sentaba mi padre. Lo descubrí muchas veces por la mañana, en silencio. Fumaba su cigarrillo negro y observaba los canarios. Tomaba mate amargo; un hábito de El Bolsón y de la soledad. Cuando me despertaba hacía tiempo que ya estaba allí. En silencio, conversando, con sus fantasmas. Seguramente tenía imágenes de la procesión das Xás, de los nuberos, de los trasnos. Al verme se le iluminaban los ojos, dejaba la presencia de dioses paganos, el olvido, el insondable mar, la Cordillera de los Andes. Ahora me doy cuenta de ello. Recién ahora, cuando descubro el banco en el mismo lugar donde él se sentaba. Pasaron más de treinta años. Más. ¿Por qué hoy?, me pregunto. ¿Por qué? Entonces me citaba a Cervantes o a Shakespeare. A veces me preguntaba si quería almorzar unas lentejas o si el domingo veíamos a los diablos rojos, en la visera. El banco está allí. De pie lo miro. Me parece escuchar una oración que no comprendo, fascinado por la menguada copa del alba y de la noche. Un apretado canto o himno surge de alguna parte. No sé si lo que evoco es real, si todo es sólo un viaje onírico. Si este hombre que está de pie, casado, con hijos, que regresó al principado de Espenuca, que escribe poemas, no huye del abismo, de la maledicencia y la congoja. A veces se queda ensimismado, como aquella perra fiel que miraba sus ojos.

Buenos Aires, diciembre de 2009

A Susana Rinaldi

Una voz que descifra la noche y la luz.
Descifra infancia y callejón y sur.
Y una sombra sobre el amanecer.
Una historia secreta, un murmullo.
Y el furor, la sangre, la palabra.
Ella dice lo que nadie puede.
Ella está aquí, tocándonos sensible.
Es la piel, el suburbio, la emoción.
Y el tacto, el recuerdo fabril.
Una leyenda,
En ella la soledad es una hembra viajera.
Vigila la esperanza, el empedrado, el cielo.
Yo la escuché. Eso no se olvida.
Como la muerte o como la vida
es una hondura en el alma.
Rebela llanto y alegría.
Yo la escuché. No miento.

A Susana Rinaldi

Unha voz que descifra a noite i a luz.
Descifra nenez e corredoira e sur.
I unha sombra sobor do amencer.
Unha segreda historia, un murmurio.
I a xenreira, o sangue, a verba.
Ela di o que ninguén pode dicir.
Ela está eiquí, preméndonos sensíbel.
É a pel, o arrabalde, a emoción.
I o preme, a obradoira lembranza.
Unha lenda,
Nela a soidade é unha fembra viaxeira.
Enxerga a esperanza, o adoquinado, o ceo.
Eu escoiteina. Iso non se esquece.
Coma a morte ou coma a vida
é unha fondura na ialma.
Rebela pranto e ledicia.
Eu escoiteina. Non minto, non.

Amo los viejos muebles

Amo los viejos muebles,
las manos antiguas que identifican
la intimidad del hogar.
Junto a la lámpara que descubre el poema
los dioses soplan y consuelan mi espíritu.
Una mujer me guía, me acompaña.
Los recupera del tiempo, los protege,
descubre el alma que habita la belleza.
Crea sitios mágicos en esta constelación
de libros, retratos y talismanes únicos.
Hay una liturgia, sutiles ritos.
Como una cripta en la iniciación
este sillón trasciende mi destino.

De "Elogio a la rosa de Berceo" (2002)

Trasveo en tus ojos

Trasveo en tus ojos. Tu mirar
regresa recogiendo el estío.
Una melancolía celta
consumida en el alma.
Así te gozo. Sin que sepas
del mundo,
del trasamor vencido
por donde entremiro impávido.
Te descubro distante.
Imagino entre noches
el hechizo que aventa
los cabellos. Esencia errátil
tu mirar. Húmeda, oculta.
Te escapas de mis brazos.
Cedida.

De "Guiomar / Cantiga" (1996)

Los relojes

Recién ahora son visibles los relojes,
las flores azures de la fatalidad,
la demencia. La ferocidad del odio,
el abismo. Tarde descubrimos
lo absurdo del ensueño,
las cartas de amor, el abandono
de una alcoba alucinada.
Y la furtiva presencia del mar
en las estrellas.

Buenos Aires, abril de 2008

Don José Fariña:
un recuerdo en el XXV aniversario de su fallecimiento

COTÉ ABARRATEGUI*

Para Josecho y Miluca

Sumario
Unas pocas palabras para recordar uno de los médicos más queridos de Betanzos: D. José Fariña.
Abstract
A few words in memory of one of the best-loved medical doctors of Betanzos: D. José Fariña.

Fue en el transcurso del año 1984, concretamente en el mes de julio; hace por lo tanto veinticinco años del triste fallecimiento de don José Fariña Martínez, quien todavía permanece en el recuerdo de numerosos betanceiros, de los que se ganó su afecto. Había nacido en La Coruña, llegando a nuestra ciudad en el año 1945, para ejercer su profesión cerca de cuatro décadas; después de haber finalizado la carrera de Medicina, con un amplio y brillante expediente académico, en el que sobresalían las matrículas de honor.



Vivió con pasión la Medicina, sin horarios, sin festivos. Allí en la calle Sánchez Bregua (hoy rúa do Castro), en una modesta consulta, estaba siempre dispuesto a atender a quienes le solicitaban su ayuda; o acudir a sus domicilios; también a la zona rural con la dificultad de los accesos para llegar a las viviendas, y hacer valer sus conocimientos para devolver la salud a quienes le esperaban con impaciencia soportando el dolor; una atención como si de un servicio de urgencias de veinticuatro horas se tratara.

Su humildad estaba presente en todas sus atenciones, su afecto lo transmitía a sus pacientes, su bondad llegaba hasta los más necesitados. Era la Residencia «García Hermanos», conocida como el Asilo, un lugar al que él acudía, en donde residían por aquél entonces los más necesitados. Y lo hacía no sólo como médico sin compensación económica, sino también como benefactor, entregando obsequios para los allí acogidos. Buen médico y excelente persona, los betanceiros no dejaron pasar por alto su incasanble trabajo en beneficio de los enfermos, y por ello se le

* Coté Abarrategui es funcionario del Instituto Nacional de la Seguridad Social en Betanzos.

rindió un emotivo homenaje popular en el verano del año 1976, en la sala de fiestas «Rey Brigo», en donde sin distinciones ni condiciones sociales, se le testimonió el afecto y cariño por su labor humanitaria; finalizando el acto con las intervenciones de varios betanceiros, a las que el propio don José, haciendo gala de su sencillez, tan sólo dijo «GRACIAS». Con todos los presentes en pie, recibió un caluroso y prolongado aplauso.

También el Ayuntamiento quiso testimoniar oficialmente el agradecimiento a su labor. Y así consta en el libro de actas:

Acta dela Sesión Plenaria Extraordinaria, celebrada por el Pleno de este Ayuntamiento.
En la Consistorial del Ayuntamiento de Betanzos, siendo las veinte cincuenta horas del día veintinueve de noviembre de mil novecientos setenta y nueve. Bajo la Presidencia del Sr.Alcalde, D.Vicente de la Fuente García y con asistencia de los señores concejales, que constituyen la totalidad de los que integran la Corporación, se reúne en primera convocatoria la sesión extraordinaria prevista para el día de hoy
Adopción de acuerdo de concesión del Título de Hijo Adoptivo de nuestra Ciudad al Dr.D.José Fariña Martinez.
Visto el expediente incoado y la propuesta que formula al Pleno de la Corporación Municipal el juez instructor del mismo en sentido que concurren méritos más que suficientes en el Dr. D. José Fariña Martínez, para que se le conceda el título de Hijo Adoptivo de nuestra Ciudad, por unanimidad de todos los asistentes, se acordó:
Primero: El concederle el título de Hijo Adoptivo de nuestra ciudad, al Dr. D.José Fariña Matínez.
Segundo: Que por el Sr. Alcalde se le entregue al interesado en acto público, de homenaje al citado Dr. el título acreditativo de tal concesión.
El grupo municipal socialista quiere hacer constar que aprueba sin ningún tipo de reservas el nombramiento o distinción al Dr. Fariña, por su labor ejemplar, y quiere expresar que el expediente refleja en la actualidad de un modo más favorable que anteriormente su numerosos méritos que justifican nuestro homenaje, haciendo una mayor justicia a su persona.
Apoyamos como Presidente del Liceo, si está dispuesto a restaurar una Sociedad de carácter abierto y popular.



El alcalde D. Vicente de la Fuente entrega al Doctor Fariña el título de «Hijo Adoptivo de la Ciudad».

Una calle de la ciudad, lleva su nombre y de este modo se perpetúa su recuerdo.

«Pepe», como cariñosamente se le llamaba, era felíz en compañía de los suyos, de sus amigos, disfrutaba en su casa enTeixeiro al lado de las aguas del Mandeo, amigo de la naturaleza y de los animales, allí transcurrieron sus últimos dias, hasta que la cruel enfermedad le impidió que siguiera haciendo lo que a él le gustaba: ayudar a los enfermos.

Sería injusto no mencionar a su querida esposa, Josefina Fariña Ponte, «Tita», a quien él cariñosamente le llamaba «Chelo» que de buena manera compartió su sacrificio y entrega en beneficio de los demás. Descansen en Paz.

Predicciónspopulares do clima na provincia da Coruña (I)

LOIS VILAR HERMIDAS*

Sumario

Ao longo dos tempos o paisano galego aprendeu a prever, xa que era necesario para a súa subsistencia, a meteoroloxía local. Dos métodos utilizados na provincia da Coruña falaremos neste artigo.

Abstract

Throughout the centuries, the countryfolk of Galicia learned to predict the local weather, because it was necessary for their subsistence. This article deals with the methods used in the province of Corunna.

Galiza, un país labrego, gandeiro, mariñeiro, un país en contacto coa natureza. Das terras e dos mares sacaban con traballo duro os produtos indispensábeis para a mantenza, para a vivenda, para os seus rituais, é dicir, para a vida.

Era necesario coñecer a fondo o medio de que extraían estes tesouros, coñecer a forma de facelo produtivo e saber das condicións máis óptimas para que o rendemento fose máximo.

Dentro destas condicións, a máis importante era o clima. Do clima dependía que a colleita fose boa, poder arrincarlle ao mar o alimento que contiña, e tamén que este, o mar, non se levase a vida de tantos homes.

Había que saber o tempo que ía facer para as mil e unha tarefas agrícolas, baixo que condicións climáticas había que sementar o trigo, maiar o centeo, segar, plantar os allos, rozar no monte... para as tarefas gandeiras, matar o porco, apastar o gando... para as tarefas do mar, botar as redes, recoller as algas etc.

Estes homes, observadores implacábeis da natureza valíanse, para prever o clima, de múltiples variábeis: a conduta animal, a dirección e a forza dos ventos, a cor das nubes, a situación das néboas, o aspecto do sol e da lúa, a luminosidade das estrelas, a orientación do arco da vella, a textura das pedras, a intensidade dos sons, a dirección da que viñan os cheiros, a humidade das areas da praia ou, simplemente, a forma de subir o fume pola cheminea.

Ás veces míranse todas esas cousas por separado, pero ás veces únense diversas variábeis para determinar con maior precisión o clima. Así, o mariñeiro, en expresión propia, *mira o semblante* ollando a cor do ceo, observando as nubes, a súa cor, forma, altura, velocidade, a dirección e forza dos ventos, e tamén as mudanzas nestas variábeis. Non queda atrás o labrego que as veces calibrará moitos matices antes de dar a opinión atinada sobre a meteoroloxía local.

O rigor ecolóxico das predicións daquela xente que nin sequera sabía ler nin escribir é máximo en moitos casos. Tamén hai que apuntar algunhas previsións banais de nulo

---

***Lois Vilar Hermidas, reporteiro gráfico, é autor de varios libros de tema histórico e etnolóxico relacionados co concello de Carral. Así mesmo, publicou artigos sobre toponimia (Sueiro, Culleredo) e aspectos culturais diversos do Monte Xalo. A nivel ecolóxico escribiu outros artigos, ademais de guións para a TVG.**

prestixio cultural, mais que xeralmente eran utilizadas dunha maneira cómica sen darlle ningún creto.

Apuntamos tamén previsións de tipo adiviñatorio, lonxe xa de calquera indicio de ciencia, pero que forman parte da bagaxe cultural do pobo, que as utiliza dende hai moito tempo. Trátase das sortes, das resortes, das témporas, do sal na fiestra ou da queima do fachuzo de pallas a principios de ano ou ao comenzo das estacións.

Todas elas irémolas vendo capítulo por capítulo.



Gato (Felix catus domestica).

ANIMAIS

Coñecido é que moitos animais teñen un sentido especial que os fai prever todo tipo de catástrofes naturais. Quen non oiu falar, ou viu nas películas, como cambian a súa actividade ou fuxen antes da aparición de terremotos, tsunamis, furacáns, tempestades etc? Esta sensibilidade e a súa conduta servíanlle ao paisano galego para aventar o tempo que ía facer.

Os animais de que se vale o galego para prever o tempo son de todo tipo zoolóxico: anfibios, reptís, aves, mamíferos terrestres e mariños, peixes, insectos, moluscos etc. Algúns viven ao seu carón na casa, nas cortes, ou na eira. Outros máis afastados, no monte, na costa ou mar adentro.

Canto á súa conduta, o paisano analiza moitas variábeis como a forma de voar, a situación dos animais en lugares distintos dos habituais, se están xuntos ou dispersos, a forma de nadar, o canto, e moitas cousas máis, como imos ver deseguido.

Ao remate deste artigo clasificaremos a eses animais que predín o tempo segundo a súa orde zoolóxica, mais para facelo máis axeitado á cultura popular imos distribuílos dende o hábitat máis perto do home, a súa casa, até o máis afastado, monte bravo ou mar aberto.

O labrego ou mariñeiro xa se atopaba con signos do clima na propia casa. Así, por exemplo, vería as moscas revoando. Se estas voan xuntándose moito, preto da fiestra por onde entraban os raios de sol, é o sinal de que virá a choiva. O tempo invernoso e incluso a tronada viña anunciado cando voaban dun lado para outro de forma anárquica, pousándose repetidamente sobre as persoas, animais ou cousas.

Outro indicativo dentro da casa era o gato. Este vaise achegando pouco a pouco ás brasas da lareira, ás veces case se mete dentro delas, sinal de que vai chover ou facer frío. Pasa igual cando tusen ou lavan a cara, incluso algúns din de xeito humorístico que segundo de que lado lave a cara coas súas patiñas, vira daquel lado o vento. Cando o gato corre como un tolo pola casa, é sinal de vento.

Non era difícil nos tempos de antes atopar arañas dentro da casa. Cando camiñan polas paredes cara a abaixo ou se meten nos buracos das paredes, indica treboada, igualmente cando camiñan xuntas, unha detrás da outra. Porén, cando fan a súa tea ou camiñan polas paredes cara a arriba, é xeralmente sinal de bo tempo.

Os mosquitos aparecen tamén dentro das casas, mais nós abriremos a porta para ver as nubes deles que xeralmente están perto das cortes. Tamén se poden ver nubes de mosquitos ao longo dos camiños. Cando se xuntan moito e zumban despois da posta do sol, ou ben

cando voan á altura dun home é sinal de que ao día seguinte virá un bo día; pola contra se aparecen á beira da noite e pican, ventan orballo.

Iremos agora cara aos pendellos e cortellos onde están os animais que axudan ao home na súa economía.

No canil o can ladrou toda a noite, mal tempo.

No galiñeiro, as galiñas explicarannos tamén coa súa conduta o tempo que vai facer. Se as vemos catarse e espiollarse, é dicir, fozando co pico entre as plumas, quedando estas mal acomodadas, é sinal de choiva, o mesmo que cando escarvan na terra ou se deitan sobre o polbo movendo as ás.



Galiñas (Gallus domesticus).

Cando os galos cantan e se recollen no galiñeiro é tamén sinal de choiva.

É doado ter na casa pombas domésticas. Se cando vai bo tempo voan dun lado para outro como atordadas e se bañan nos pozos e nos regueiros, ou se van para o pombal máis tarde do acostumado é sinal de que ao día seguinte cambiará o tempo para mal. Pola contra, se cantan e voan tranquilas, aventan bo tempo.

Nas cortes hai bois, vacas, ovellas, burros, cabras... todos eles axudarán tamén a predicir o tempo. Cando os bois pastan moi rápido despois da choiva é sinal de que volverá pronto a chover. O mesmo que se as vacas van con fuciño moi perto da terra, ou miran cara ao ceo de cando en vez, ou se deitan todas sobre a herba. Cando vemos as vacas nas partes altas dos pasto, separadas e pastando tranquilamente é sinal de bo tempo, en cambio cando están nos sitios baixos e pastando moi xuntas é sinal de mal tempo.

Coas cabras pasa o mesmo que coas vacas.

Cando os carneiros se topan cos cornos entre eles, ou cando carneiros ou ovellas miran ao ceo é sinal de tempestade.

Se os burros se rañan é sinal de mal tempo.

Cóntannos en Oza dos Ríos que unha vella que ía cun burro para coller herba viu uns señoritos que ían merendar ao campo. O burro ao chegar ao prado púxose a tirar cara á casa, coas orellas viradas para atrás. A vella avisou aos señoritos de que iso era sinal de que ía caer unha xurrispada (choiva forte e corta, segundo lle chama nesta zoa). Eles ríanse, xa que ía moi bo tempo, máis deseguida comezou a chover e molláronse todos.

Mini e Mero, no seu libro *Contos vellos para rapaces novos*, cóntannos unha historia parecida. Uns astrónomos americanos chegaron a Mesía para observar o tempo. Afastáronse na casa dunha vella, e esta prediciulles que nos días seguintes ía ir mal tempo. Así foi. Preguntáronlle como o sabía e contestoulles que era porque o seu burro se rañaba nas árbores. Os astrónomos tiveron que recoñecer que o burro era máis listo que eles.

No *Mentireiro verdadeiro* do ano 1989 atópamos, xa de forma irónica e divertida, o modo de adiviñar o tempo baseándose no rabo do burro:

- Se o burro ten o rabo seco ou enxugado, bo tempo.
- Se o zangonea ou abala aficadamente, vento.

- Se o mexe moi encabuxado ou esbravexado, furacán.
- Se o ten enrixadamente ergueito (e que quer), pedrazo.
- Se o ten coa réciga crecha, sarabia moi rexa.
- Se o ten arrepiadamente albeiro, neve.
- Se o ten mollado, non hai dúbida, auga
- Se o acobexa moi apremido ente as bestas, perigo.
- Se non se lle ve, néboa pecha.
- Se o ten moi teso e coruscante, xeo.
- Se o ten abaloufado por falta de arreto, oraxe.
- Se proxecta umbra, soleado.
- Se bambolea horizontalmente, variable.
- Se o ten escachizado ou esgazado, raios.
- Se o aproveita como xostra para escorrentar as moscas, verán
- Se o encarruxa moi ergueito, cambio do vento.

Tamén as colmeas axudan ao labrego nas súas predicións climáticas. Se as abellas andan revoltas, é dicir, voando sen sentido e cruzándose entre elas, ou ben se se meten rapidamente no cobo, é sinal de que vai vir a tempestade, «abellas revoltas, tempestades ás voltas».

Na mesma horta, ao lado da casa do labrego, hai outros animais que van servir de indicadores. A aparición de bolboretas e xoaniñas, papasoles ou mariquiñas é sinal de bo tempo. Os nenos cántanlle ás mariquiñas:



Burro (Assinus domesticus).

papasol, papasol
vai e dille ao teu señor
que traia cincoenta días de sol

Diversos paxaros viven e aniñan nas árbores froiteiras.

O melro, cando canta e, sobre todo, cando asubía como un home dá sinal de auga.

O peizoco ou paporrubio, ao que non lle gusta nada ver ao labrego, porque di que dá mala sorte, cando vai chover métese a cuberto no pendello ou no palleiro. Se entra na casa é que venta neve.

Se se vén os gorrións envorcallándose no pó, mal tempo.

Cando o tordo emite o seu fermoso canto no bico das árbores máis altas, é sinal de tempo nubrado. Por iso nalgúns lugares da provincia da Coruña, coñécese co nome de paxaro das tempestades.

Das andoriñas, que fan os seus niños nos aleiros das casas, di o refrán «Andoriña que alta voa non ten medo que chova». É dicir, se voan altas, bo tempo, non obstante dise que cando voan ao rastrexo, é dicir, a rentes da terra ou da auga, tocando coas ás no chan, virán ventos moi fortes e choiva, sendo peor o tempo se voan perto da terra que da auga, podendo chegar incluso a nevar. As andoriñas, ao revés que o paporrubio, dan boa sorte aos labregos.

Tamén é frecuente ver lavandeiras brancas nas hortas. O labrego coñéceas como o *paxaro da neve*, xa que adoitan aparecer abundantemente coas nevadas.



Parrulos de río
(Anas platyhynchos).

Para desesperación do labrego tamén é doado atopar na horta formigas e toupas. Das formigas din que cando se moven rápido unha detrás doutra formando un cordón, é que vai chover forte. Cando aparecen formigas con ás no verán é sinal de tempo bochornoso, ao que polo xeral segue mal tempo.

Cando a toupa fai moitos buracos, pronto choverá.

Mais sigamos ao labrego no seu duro traballo. Moi cediño, despois de tomar o caldo e atender o gando, colle o carro coas vacas e vai ao monte en busca de louza para estrar as cortes.

No camiño poden aparecer píntegas ou sapos, mal síntoma, ímonos mollar. Igual sucede cando, á beira do río, aparecen os sapos xuntos ou os vemos saltando e croando. Antes críase incluso que as gotas gordas de choiva que caían no verán producía cada unha o seu sapo.

En canto ás rás, xa o di o refrán «Cando as rás cantan en xaneiro, sinal de lama no rueiro».

Mais tamén no río pode haber parrulos. Se é no verán e se oen berrar e voar freneticamente, chapucando na auga, é sinal de que pronto aparecerá o mal tempo. O mesmo que se nadan berrando ao mesmo tempo, ou cando se espiollan. Neste último caso é ademais sinal de vento.

A garza, cando está queda na beira do río ou das lagoas, mal tempo, ao contrario que se vai para o mar «Cando a garza vai para o mar, colle os bois e ponte a arar».

Tamén é sinal de bo tempo cando os cisnes nadan tranquilamente facendo círculos, ou cando, como a garza, van para o mar.

Pode aparecer no camiño algunha cóbrega. Se iso ocorre, ou vemos algunha cóbrega sobre as pedras cando vai bo tempo, significa que este vai cambiar e pronto virán tronadas e frío. Hai tamén aquí un refrán que nos dí «Cobras en marzo, neve en abril».

Vai chegando o labrego ao monte, sobre as leiras próximas cérnese o lagarteiro anunciando choiva ou aire.

Se nas leiras aparecen bandadas de avefrías é sinal de invernía.

Os corvos vense arredor dos castaños e carballos. Cando van en bandadas pola mañá berrando de forma moi aguda ou traen herbas no pico, sinal de choiva. É sinal de vento cando estes berros son moi repetitivos, ou cando ao anoitecer voan facendo remuíños e berrando, puidéndose saber ademais a dirección do vento segundo o punto ao que os corvos se dirixan, xa que o fan na dirección en que ven o vento. Así, se veñen ventos do sur traen boas temperaturas, pero se vén vento do norte trae frío e mal tempo. Se os corvos aparecen perto dos ríos indicarán a presenza de neve. En cambio, se estando pousados abren o pico mirando para o sol, non haberá perigo de choivas nin de ventos.

Todos os paxaros que emigran e aparecen na primavera, como o paspallás, o cuco, a bubela, as papuxas, a rula etc, indican que vén tempo de verán, aínda que coa súa conduta pódennos indicar pequenos períodos de mal tempo.


Nas leiras próximas ao monte canta a bubela, un dos paxaros da primavera, sinal por tanto de bo tempo, «Cando canta a bubela, amaña todo para a sega», «Cando oias a bubela, deixa os bois e colle a gavela».

A rula síntese rular tamén por eses tempos de primavera «Cando sintas a rula rular, vai sementar».

Outro paxaro que aparece na primavera é o cuco, que non só nos adiviñará o clima senón que incluso adiviña o futuro dos labregos, como, por exemplo, o tempo que van

tardar as mozas en casar. Se canta seguido, bo tempo «Canta o cuco, tempo enxoito», «Cando sintas o cuco cucar, vai sementar». En cambio, cando o cuco non canta coa sua voz normal, senón con voz marmexa, ou, segundo os labregos, mesmo duplica o canto interpretando un son como un *cu-cu-cu, tapa o cú*, sinal de choiva.

Igual que o cuco, no monte pódense oír os petos, se se oen cantar, mal síntoma, moita auga, de xeito que nalgúns sitios coñécese ao peto como *paxaro da choiva*.



Paíño do mal tempo (Hydrobates pelagicus).

Se os bexatos voan tranquilamente sobre o bosque ou se van xogando uns cos outros, bo tempo. Se voan en liña recta e baten as ás moi rápido, sinal de tempestade. Xa no bosque máis profundo, se observamos ao furón rañarse contra as árbores, mal tempo.

Tempo de invernía virá se o lobo ouvea, xa que, segundo o labrego, é sinal de que ten fame e que non virán bos tempos para comer.

Acaba o labrego o seu traballo xa pola noite e volve para a casa. Nalgunha casa vella, ou mesmo na igrexa, verase a curuxa. Se canta na posta do sol, mal tempo «Curuxa na carballeira, caldeiros á gateira». Tamén se di «Auga noitega, curuxa tardexa».

Do moucho, outro paxaro da noite, din que «Cando o moucho mouchea (é dicir, cando canta), nen chove nen xea».

Outro importantísimo coñecedor da conduta animal é o mariñeiro. Xa na mesma terra, atopará numerosos indicios do clima e do estado do mar. Cando o mar está picado son varias as aves que o abandonan e se meten na terra. «Ave de mar que escarba na terra, mal tempo espera». Tamén din que os paxaros de mar que voan sobre a terra traen *a tormenta no rabo*.

Sen dúbida a ave máis famosa é a gaivota, sobre a que hai numerosísimos refráns. Como mostra: «Gaivotas á terra, mariñeiros, á merda», «Gaivotas na serra, mariñeiros á terra», «Gaivota á porta, mal tempo á porta». E, ao contrario, «Gaivotas no mar, mariñeiros a pescar». É síntoma de mal tempo cando as gaivotas chían e voan en remuíños, ou cando voan aqueladas, é dicir planean aproveitando as correntes de aire, tamén cando voan metendo o peteiro no mar. Se voan moi alto anuncian tempestades. Nalgúns lugares incluso din que cando voan moi alto vai vir vento do sur-suroeste. Se ademais chían virá vento do norte, e polo tanto, frío.

Outros paxaros de mar que cando aparecen na terra indican mal tempo son os biluricos, os mazaricos, os carráns, os pardelas, os corvos mariños, os araos, os paiños, os mascatos etc. E todos eles teñen refráns parecidos aos da gaivota.

Dos mazaricos tamén se di «Mazaricos a terra, mariñeiros á merda».

Dos corvos mariños dise en Cedeira «Corvos á praia, Cedeira mollada».

Dos biluricos dise tamén que se chian moito é señal de frío e choiva.

Cando os carráns se pousan na praia, sinal de auga e vento.

A respecto dos corvos mariños sucede o mesmo, pero ademais, se se espiollan, é sinal de vento.

Da pardela pódese dicir o mesmo. Se vai para a terra, mal tempo, se se espiolla moito tamén mal tempo. Pero tamén venta mal tempo cando voan moitas xuntas.

É sinal de mal tempo cando o paíño se pousa no mar ou se achega á costa. Nalgúns lugares da costa do sur da provincia da Coruña, coñécese esta ave co nome de *paíño do mal tempo*.

Cando o arao se mete na ría, mal tempo. En Malpica coñécese polo nome de *ave invernisa*, sinal do tempo que predí.

Tamén hai unha ave que anuncia a néboa. Falamos do caín, chamado tamén *paxaro da neboa*. Trátase do tamén chamado colimbo ártico ou gaivota ártica. É un palmípedo mariño grande como un pato de río procedente do norte e centro de Europa e que aparece por Galicia cando naquelas zonas as condicións do mar son moi duras.

Outro paxaro de que falan os mariñeiros é da *maruxaina*, ave descoñecida de carácter lexendario que ven a anunciarlles a tempestade.

Chega o mariñeiro á beira do mar e observa aos saltóns da praia. Se estes se separan da auga é que ventan choiva.

Se na praia aparecen ourizos ou arañas de mar, tamén é mal sinal. Das últimas incluso se di que cando aparecen na praia é que vai vir vento do sur «Araña de mar na costa, vento sur na porta».

O marisco, senón entra ao cebo, avisa da proximidade de temporais. Tamén se anuncian temporais cando a lura salta por riba da auga, ou cando o polbo aboia, é dicir, flota. Pola contra, cando o patelo aboia, barrunta néboa. Do chopo dise, «Chopo na potiña, mal tempo axiña».

No mesmo mar, algúns peixes tamén nos axudarán a predicir o tempo. Cando tanto os peixes de río como os do mar, saltan por riba da auga, bo tempo. Non obstante é sinal de mal tempo se o peixe anda revolto ou rola, é dicir, cando nada a favor de corriente ou cando anda algareado, é dicir, móvese nervosamente.

Dise do peixe araña que cando aparece pola costa é sinal de vento sur.

O peixe espada cando se acerca á costa barrunta temporal.

Se se ve por riba da auga a cabeza do ourellán, é sinal de néboa ou vento. Ao contrario, se nada coas aletas ao sol, vai entrar noroeste.

Mal tempo tamén é cando aparece a cabeza do muxe por riba das augas.

Cando as sardiñas están moi xuntas formando bandadas, é sinal de tempo malo.

Finalmente referiremonos a un típico mamífero mariño, o arroaz. Se dá saltos pola auga achegándose á terra, vento xeneralmente de tipo norte ou tormenta. Cando o arroaz se mete na ría, mar picado.

Insectos:

Moscas: na casa está a mosca doméstica *Musca domestica* e a mosca doméstica pequena *Fania canicularis.* Nas cortes está a *Stomoxys calcitrans.*

Mosquitos: varias especies, o común é o *Culex pipiens*. Nas casas tamén habita o *Theobaldia annulata.*

Abellas: *Apis mellifera, Apis liguistica...*

Formigas: varias especies da superfamilia *Formicoidea*. A do xardín é a *Acanthomyops niger.*

Bolboretas: moitas especies. Neste artigo referímonos ás diurnas, orden *Lepidoptera*, suborden *Ropaloceros.*
Xoaniñas: familia *Coccinelidos.* Destaca a *Coccinela puntacta.*

Arácnidos:
Arañas: orde *Arácnidos*, varias especies. A da casa é a araña doméstica común *Tegenaria domestica.*

Moluscos*:*
Lura: *Loligo vulgaris.*
Polbo: *Octopus vulgaris.*
Chopo: *Seppia officinalis.*

Crustáceos:
Saltón de praia: *Talitrus saltator, Orchestia gammarella.*
Patelo: *Polybius henslowi.*
Araña de mar: *Macropodia longuirostris, Macropodia rostrata.*

Equinodernos:
Ourizos: destacan *Paracentractus lividus, Psamechinus miliaris.*

Peixes:
Peixe araña: *Trichinus draco.*
Peixe espada: *Xiphias gladius.*
Ourellan: *Mola mola.*
Sardiña: *Sardina pilchardus.*
Muxes: *Shelon labrossus, Liza aurata* etc.
Anfibios:
Sapos: o común e o *Buffo buffo.* Hai outras especies.
Rás: rá verde *(Ra perezi)*, rá patilonga *(Ra iberica)*, rá vermella *(Ra temporaria).*
Píntegas: a común é a *Salamandra salamandra.*

Reptís:
Cobras, serpes...: destacan a cobra lagarteira *(Coronella austriaca)* e a víbora *(Vipera seoanei).*

Aves:
Galiñas, galos: *Gallus domesticus.*
Pombas: a do monte ou torcaz é a *Columba palumbus*, a doméstica é a *Columba livia domestica.*
Rula: *Stroptopelia turtur.*
Corvos: fundamentalmente *Corvus corax* e *Corvus corone.*
Petos: o verde é o *Picus viridis*, e o real é *Dendrocopus major.*
Parrulos de río: o alabanco real é o *Anas platyrbynchos* e outros moitos *Anatidae.*
Cuco: *Cuculus canorus.*
Bubela: *Upupa epops.*

Bexato: *Butteo butteo.*
Lagarteiro: *Falco tinnunculus.*
Paporrubio: *Erithacus rubecola.*
Lavandeira: destaca a *Motazilla alba.*
Tordo: *Turdus philomelos.*
Gorrión: *Passer domesticus.*
Anduriñas: a común é a *Hirundo rustica.*
Vencellos: *Apus apus.*
Merlos: *Turdus merula.*
Cisnes: xénero *Cygnus.*
Garzas: a real é *Ardea cinaria*, a imperial é *Ardea purpurea*, a garzota é *a Gretta garcetta*.
Avefría: *Vanellus vanellus.*
Moucho: *Athena noctua*, principalmente.
Curuxa: *Tyto alba*.
Gaivotas: varias especies, a chorona é a *Larus rudibundus*, a clara é *Larus argentatus*, a oscura *Larus fuscus.*
Mazaricos: destacan o común, *Tringa zocanus;* o curli, *Numenius arcuata;* e o bailón, *Actitis hypoleucus.*
Carráns*:* o máis abundante é o *Sterna hirundo.*
Corvos mariños: *Phalacrocorax carbo.*
Pardela: *Puffinus puffinus.*
Paiño do mal tempo: *Hydrobates pelagicus.*
Caín do mar: *Colimba arctica.*
Mascatos: *Sala bussana.*

Mamíferos:
Gato: *Felix catus domestica.*
Cans: *Canis familiaris.*
Bois, vacas: *Bos taurus brachicerus.*
Ovellas, carneiros: *Ovis aries.*
Burros: *Assinus domesticus.*
Toupa: *Talpa caeia.*
Furón: *Putorius putorius.*
Lobo: *Canis lupus.*
Arroaz: destaca o *Delphinus delphis.*

O ARCO DA VELLA

En moitos lugares da provincia coñécese tamén como arco iris.

Para que apareza no ceo é necesaria a presenza de sol e de choiva. A luz branca que chega do sol atravesa as gotas de auga descompoñéndose nunha gama de sete cores que, comezando dende o punto máis próximo ao espectador son: violeta, anil, azul escuro, verde, amarelo, laranxa e vermello. Actualmente din os científicos que só estaría formado por seis cores, xa que o anil non é unha verdadeira cor, senón que é producido pola interacción do violeta co azul escuro.



Ceo con dous arcos, o das mozas e o das vellas.

Ás veces a luz do sol rebota en dúas gotas de auga, producindo dous *arcos da vella*, o primeiro é máis nítido, é dicir, ten as cores máis intensas, e o segundo, ademais de ser menos nítido, presenta unha inversión das cores, é dicir, que neste caso a cor máis próxima ao espectador será a vermella e a máis afastada a violeta. O primeiro arco chámase *arco das mozas* e o segundo *arco das vellas*. Datos históricos moi illados fálannos incluso da observación de tres *arcos da vella* ao mesmo tempo.

Para observar o *arco da vella* é necesario que o sol fique ás nosas costas. Será máis definido cando o sol estea máis próximo ao horizonte, é dicir, ao mencer e ao atardecer, canto máis alto está máis nitidez vai perder e, cando o sol chega a formar un ángulo de 42 graos a respecto da Terra, adoita desaparecer, polo que é raro velo ao mediodía.

Como o sol ten de estar ás nosas costas, pola mañá verémolo mirando cara ao oeste, xa que é ben sabido que o sol sae polo leste. Porén, polo serán verase polo leste xa que o sol polo oeste. Tamén é moito máis frecuente no inverno xa que, ademais de chover moito máis, o sol está máis baixo.

Sen dúbida, o refrán máis coñecido sobre o *arco da vella* é o de: «Arco da vella ao poñente, colle os bois e vente; arco da vella ao raiante, dalle aos bois para diante».

Este refrán ten múltiples variantes: «Arco da vella ao poñente, solta os bois e vente; arco da vella ao raiante, ei boi, ei para diante!», «Cando vexas o arco da vella ao poñente, colle os bois e vente; cando vexas o arco da vella ao nacente, colle os bois e vaite», «Arco da vella ao levante, anda cos bois para diante; arco da vella ao poñente, recolle os bois e vente».

Tamén este refrán é utilizado polos mariñeiros, «Arco da vella ao poñente, amarra a lancha e vente».

Como vemos, todos nos dín que o *arco da vella* ao oeste ou poñente, indica mal tempo. En cambio se aparece polo leste (raiante, levante, nacente) vai vir bo tempo.

Xa dixemos que, pola mañá, o arco da vella aparece no poñente, en cambio polo serán aparece polo nacente, e isto nos leva aos seguintes refráns: «Arco da vella pola mañanciña, prepara a capotiña», «Arco da mañán, vento da tarde», «Mañán con arco, mal vai o barco; se á tarde ven, ven para o teu ben», «Arco da vella ao anoitecer, bo día ao mencer», «Arco da vella ao mediodía, chuvia todo o día».

Os vellos lunarios parecen confirmar tamén esta suposición, xa que nos din que cando o arco aparece pola tarde denota serenidade no tempo. Se aparece pola mañán haberá vento pola tarde.

Lóxicos son todos estes refráns e expresións do labrego xa que en Galiza as choivas e treboadas adoitan desprazarse do oeste ao leste, por tanto, a aparición do arco da vella polo oeste indica que as choivas se achegan. Se aparece polo leste, as choivas xa terán pasado.

Como sempre, algún refrán illado empéñase en contradicir esa sabedoría popular «Arco da vella pola tarde, non ven de balde; se non trae chuvia traerá aire».



Néboa no val desde o Pico Sacro (Boqueixón).

En toda a provincia dinnos que a súa aparición indica que vai virar o tempo. Se aparece no bo tempo indica ventos e se aparece en tempo chuvioso podemos esperar algúns momentos de serenidade.

Tamén nos falan en Irixoa e concellos limítrofes que o *arco da vella* trae sete días de inestabilidade.

AS NÉBOAS

A néboa son nubes baixas que se poñen en contacto coa terra ou co mar. Pertencen estas nubes ao xénero *estratus*, sendo polo xeral nubes densas, de baixa altura, de cor gris uniforme, que poden chegar a producir orballo e incluso xeo.

Na nosa provincia recibe diversos nomes: *néboa*, *nebla*, *neboeiro*, *brétema*, *buaza*, *borraxeira*, *mera*, *babuxa*, *parruma* etc. Ten numerosos nomes locais, así, na zona de Moeche chámase *buaza*, polo sul da provincia, *borraxeira*. Na zona de Santiago coñécese como a peste, xa que ataca aos cultivos como patacas, castañas, nabos, trigo, centeo etc. queimando as follas e dándolles mal sabor e botando a perder os froitos; tamén fai que aos cereais lles caia o gran e dobre a planta. Pénsase que son responsábeis do caruncho, masa de pó negro que se forma nas espigas do trigo, centeo ou millo, aínda que noutros sitios din que este se produce ao caer o sol moi forte despois de chover. Tamén, en moitos lugares, cando hai néboa suspéndense os labores agrícolas. En Irixoa, a esta néboa que provoca estas pestes chámaselle tamén *venidas*. En Cerceda, a néboa que aínda aparece co sol en primavera chámaselle *sesta*.

Dunha forma máis xeral, a néboa máis lixeira adoita coñecerse como brétema, se é densa fálase de neboeiro, cando é moi compacta e xa non se ve nada, *neboeira*, e se se



A néboa fai parecer máis misteriosa a medoña de Arteaga nos límites dos concellos de Carral e Culleredo.

move, *pavorela*. Se produce gotas de auga chámase *mexona* ou *chorona*; e se só produce humidade, *borrallenta*.

A néboa pódese formar de varias maneiras. Así, sobre o mar, prodúcese xeralmente pola noite, cando a superficie do mar está máis fría que a capa húmida de ar que se move sobre ela. Esta néboa sobrevive pola mañá mais vai desaparecendo cando empeza a quencer o sol, cousa moi frecuente nas nosas costas, que fai que ás veces pola mañá haxa un sol radiante no interior e apareza esta néboa mesta que incluso pode producir chuviscadas na costa. Se o sol non quence moito este tipo de néboa pode durar todo o día.

Tamén nos ríos, lagos, e incluso piscinas observamos outro tipo de néboa que se produce nos días fríos cando o vapor de auga vai penetrando no ar que está a ras da auga.

Na terra prodúcese tamén de diversas maneiras. Nos vales prodúcese ao enfriarse pola noite o ar do fondo do val. Na montaña prodúcese porque o aire do val empeza a subir polas abas do monte e vaise enfriando pouco a pouco. Non obstante a neboa máis común é a que se forma cando enfría a superficie da terra, esta néboa é máis abundante nas noites claras, sen nubes e adoita ser moi espesa e causar moitos perigos, sobre todo na condución terrestre ou aérea debido á escasísima visibilidade.

Como vemos, para que se produza néboa, é necesario o contacto dunha superficie que pode ser terra, mar ou ríos co ar que a rodea. Esta superficie ten que estar a distinta temperatura, provocando así o enfriamento do vapor da auga contido no ar e condensándoo, ou ben aumentando o nível de vapor de auga no ar.

Segundo a néboa apareza nas alturas, nos vales, no mar, ou ben pola mañán ou pola tarde, indicaranos o tempo que nos agarda. Así, se aparece nas montañas ou montes elevados, indica que o tempo vai virar a peor, podendo chover e incluso nevar, aínda que

esto último xa é máis infrecuente. O refrán máis esclarecedor é o que di «Néboa no alto, augas embaixo». Co mesmo significado utilízanse os refráns «Néboa na montaña, mariñeiros á cabana» e «Cando a serra se envolve na capa, non deixes a túa casa».

Non falta recuncho na provincia da Coruña no que non se recollan estes refráns a un nível máis local. Así, «Monte Louro con touca, auga pouca ou moita» ou «Cando o monte de Carnota (o Monte Louro) ten touca, moita leña ao pé da porta» (sinal de que vai vir moito frío), «Cando o Monte Pindo ten touca, temos choiva moita ou pouca», «Cando o Pedregal (Monte Pindo) ten touca, temos choiva moita ou pouca», «Cando o Pico Sacro cubre o seu capelo, neniñas do Ulla collede o mantelo», «Cando o Barbanza ten touca, temos choiva moita ou pouca», «Tenlle respeto á Curota cando lle vexas capota». En Irixoa dín: «Brétema no Oural, auga no curral». Tamén na zoa do Ulla se di: «Néboa en Padrón, cerrazón total».

Se aparece polo val, xeralmente trae bo tempo xa que corta a choiva e o sol quentara con máis forza.

Se a néboa aparece no mar, bo tempo para a pesca, xa que o peixe anda máis alto e ve con maior dificultade. Iso din os mariñeiros, «Néboa no val, pescador na terra; néboa no mar, mariñeiros a pescar». Se no mar é bo para a pesca, malo é para os que queiran gozar na terra de días soleados, «A borraxeira no mar vento en terra vai buscar». Dise que a borraxeira atrae o vento do norte ou nordestía, que traerá frío e choiva, polo tanto «Néboas no mar, auga a pingar», «Serralleira no porto, tempo revolto». A un nível local, en Ortigueira, dise: «Sombreiro no cabo (Ortegal), chuvia no Condado».

Bo sinal é que apareza a néboa pola mañá, «Néboa pola mañá, sereno hoxe, sereno mañá», «Néboa no monte, mellor pola mañá que pola tarde».

De todas as maneiras, como sempre, hai algún desconfiado que di «Día de néboa, bo día espera, se non chove ou neva».

A néboa, como o arco da vella, pode indicar que vira o tempo, así, se aparece no mal tempo poden vir días de serenidade e se aparece no bo tempo, e ao erguerse vai deixando nubes, virá bo tempo. Tamén pode indicar a chegada de xeadas «Néboas en marzo, xeadas en maio».



ENTIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS



Fundación CIEC

Centro Internacional de la Estampa Contemporánea 2009



La primera edición de los Cursos de Verano Gráfica en 1985 bajo la dirección del artista Jesús Núñez anticipó una nueva era en la difusión de la ESTAMPA. La Fundación CIEC es el resultado de esta amplia trayectoria reuniendo en un espacio integrado talleres y salas de exposiciones que albergan lo más sobresaliente del arte gráfico actual, reafirmando con cada proyecto su esencia cultural con una intensa actividad.

Cursos y talleres, conferencias, jornadas, colaboraciones e intercambios con otros centros y talleres, colección, salas de exposiciones, visitas guiadas y didácticas, muestras individuales y colectivas temporales, instalaciones, ediciones de estampas, publicaciones, conciertos, presentaciones de libros…. son un solo un ejemplo de las actividades que han tenido lugar en sus sede un año más.

Actividad formativa

Ampliamente conocida e importante desde la Fundación CIEC es la actividad formativa, con cursos y talleres durante todo el año, todos con el fin de formar profesionales dentro de este campo artístico, creando la figura del especialista en arte gráfico única en España.

Cursos de invierno, talleres libres, Cursos de Verano y Máster sobre la Obra Gráfica son un claro ejemplo para la consecución de este objetivo, siempre impartidos en la sede de la Fundación, que cuenta con unas instalaciones únicas para la práctica de cualquiera de las técnicas gráficas, tanto tradicionales: grabado calcográfico, litografía, serigrafía, xilografía y sus derivaciones, como experimentales, y también las últimas tecnologías aplicadas a la estampa.

CURSOS DE INVIERNO. MÁSTER SOBRE LA OBRA GRÁFICA. Cada año pasan por los talleres de la Fundación en estos cursos más de medio centenar de artistas en formación, convirtiendo al CIEC en uno de los centros especializados en Arte Gráfico más importante de España. En 2009 han sido 52, procedentes de Alemania, Argentina, Francia, Italia, Portugal, Rusia o, ya dentro de España, de ciudades como A Coruña, Barcelona, Bilbao, Lugo, Madrid, Pontevedra y Valencia.

Xilografía. Enero-Febrero. Del 7 de Enero al 26 de Febrero 2009. Profs. Alejandro Rodríguez-León, Alexandra Barbosa y Omar Kessel. 312 horas.
Litografía. Marzo-Abril. Del 3 de Marzo al 30 de Abril 2009. Profs. Valle Baranda, Lyubomir Jordanov, Ali Ali y Omar Kessel. 288 horas.
Serigrafía. Mayo-Junio. Del 5 de Mayo al 27 de Junio 2009. Profs. Soledad Barbadillo, Héctor Francesch, Manuel Silvestre y Mariano Durante. 320 horas.



Xilografía. Octubre-Noviembre. Del 7 de Octubre al 27 de Noviembre 2009. Profs. Fernando Evangelio, Javier Albar, Alexandra Barbosa y Omar Kessel. 368 horas lectivas

Colaboraciones como la Universidad de Vigo reconociendo los cursos con créditos de libre elección ven favorecida esta apuesta por el arte más actual en el trabajo de estas técnicas tan tradicionales. Las Facultades y Escuelas de Arte españolas son los principales centros formativos que solicitan la participación de sus alumnos en estos cursos tan especializados, suponiendo la mayoría del alumnado del CIEC. Además, contactos e intercambios con las Escuelas de Arte y Academias Europeas y Latinoamericanas, favorece que en cada edición participen alumnos de otros países que hacen al centro todavía más internacional, enriqueciendo el ambiente artístico, cultural y humano. Incluso pasan por los talleres estudiantes que visitan España como Erasmus y posteriormente vuelven para trabajar en este espacio común para el arte y en una plataforma de acceso al mercado artístico, o también participantes en el Premio Internacional de Arte Gráfico Jesús Núñez, que al conocer el proyecto deciden ampliar su formación plástica.

Además de la formación, los participantes realizan otras actividades culturales paralelas, como visitas guiadas a otros centros de arte, galerías, talleres, conferencias, ferias, conciertos o inauguraciones en toda la comunidad gallega.

CURSOS DE VERANO «GRÁFICA». Julio y Agosto fueron nuevamente los meses elegidos para la edición de «Gráfica 2009», que este año celebraba la número XXV, y cuya programación fue la siguiente:

1. Photoshop, herramienta para la estampación gráfica. Del 6 al 17 de Julio. Prof. Erik Kirksaether.
2. Litografía. Recursos de las planchas de aluminio graneadas. Del 20 al 31 de Julio. Prof. Anne Heyvaert.
3. Fotopolímero, la alternativa no tóxica. Del 3 al 14 de Agosto. Prof. Carmen Navarro.
4. Litografía, piedra y color. Del



3 al 14 de Agosto. Prof. Ali Ali.
5. Calcografía. Transformaciones y variaciones en el grabado a color. Del 17 al 28 de Agosto. Profs. Héctor Saunier y Shu Lin Chen.
6. Xilografía, superficie de expresión. Del 17 al 28 de Agosto. Prof. Omar Kessel.



Reconocidos también por la Universidad de Vigo, que siempre apoya las actividades formativas de la Fundación, contó un año más con numerosos participantes de procedencias muy distintas, como México, Alemania, Luxemburgo, Francia y, ya en España, A Coruña, Almería, Asturias, Bizkaia, Cáceres, Granada, La Rioja, León, Lugo, Madrid, Málaga o Sevilla, superando, como todos los años, el centenar de participantes.

VISITAS. La cultura de base y la afición al arte gráfico es otra de las prioridades en la programación de la Fundación CIEC. El Departamento de Didáctica cuenta con todo un programa de visitas guiadas y didácticas dirigidas a colegios, institutos, escuelas, facultades o asociaciones culturales.

Este proyecto dirigido al campo formativo es uno de los programas con los que la Fundación más se ha involucrado gracias a la colaboración de la Diputación de A Coruña. Desde que en 2001 comenzara este proyecto de manera estable, los talleres se llenan de escolares todos los lunes del periodo lectivo, asistiendo en grupo a visitas guiadas a la sede, Colección y exposiciones, con demostraciones de las técnicas gráficas y la posibilidad de realizar una pequeña estampa; actualmente los participantes realizan una punta seca en metal o en PVC, o una xilografía en linóleo, dependiendo de las edades de los asistentes.

Numerosos grupos también participan en visitas guiadas organizadas en las que, tras una introducción por la historia de la Fundación, se hace un recorrido por la Colección y salas de exposiciones temporales con comentarios de las obras expuestas y se pueden ver en los talleres alumnos y profesores que trabajan en ese momento.

IES como los de A Coruña, Betanzos, Cedeira, Mugardos, Pontedeume, Santiago de Compostela, Vimianzo, o Colegios como los de A Coruña, Betanzos, Pontedeume o Vigo fueron algunos de los participantes en esta edición en las que compartieron una mañana en los talleres trabajando en una de las técnicas gráficas, con obras que posteriormente han expuesto en sus centros formativos. Y también grupos como ADAYEUS, Asociación de Alumnos y Exalumnos de la Universidad de A Coruña, el jurado del Festival de Cortos de Betanzos 2009 o la Asociación del Casco Histórico de Betanzos.





Finalizada la programación de visitas didácticas, la temporada estival supuso un aumento del número de visitantes que se acercan a conocer de primera mano los espacios con una participación muy activa ya que, además de contemplar y admirar la obra gráfica, pueden ver el momento creativo en los talleres en un escenario común distribuido en dos plantas, con obra gráfica de reconocidos artistas y jóvenes valores en un intento permanente de dar a conocer las muestras más variadas de la creatividad artística de nuestro tiempo.

No podemos dejar de hacer constar las visitas de artistas que han apoyado a la Fundación compartiendo jornadas de talleres con profesores y alumnos, y también con todos los que han acudido a las inauguraciones de sus muestras, como Javier Aranguren, Pilar Cavestany, José Luis Galicia o Eva Santín, y también las institucionales, como la realizada por Roberto Varela, Conselleiro de Cultura e Turismo de la Xunta de Galicia, que visitó la Fundación CIEC el pasado 9 de noviembre y pudo comprobar in situ la intensa vida cultural de la institución de gran repercusión en la ciudad.

EDICIONES. Los talleres formativos de la Fundación se convierten en numerosas ocasiones en talleres de ediciones en los que los artistas trabajan. Ejemplo de ello ha sido el encargo realizado por Antonio Lagares, Diputado Provincial y Responsable del Área de Economía y Hacienda para la Conmemoración del XXX Aniversario de la creación de las Diputaciones Provinciales. En esta ocasión fue Omar Kessel el artista que bajo el título «Pazo de Mariñán», editó 250 litografías a una tinta que fueron entregadas en el mes de Diciembre o la realizada también para esta Diputación como contrapartida al Convenio de Colaboración, y que en esta ocasión fue la artista alemana Inga Scheibel, grabado



calcográfico a una tinta bajo el título «I fly», con una edición de cien ejemplares.

Otras ediciones fueron realizadas para la agencia Cultura de Comunicación de A Coruña por el artista Koki Varela de Madrid, y por la artista vasca Zaloa Ipiña.



WEB. www.fundacionciec.com es la página en la que se pueden ver las actividades y proyectos de la Fundación, así como toda una galería de fotografías renovada constantemente con la pretensión de difundir el conocimiento directo del CIEC y su programación al alcance de un clic. Desde el verano la Fundación también está en Facebook, en la que cuelga fotografías de sus actividades y cuenta con numerosos visitantes, antiguos alumnos, profesores y público en general, que dejan comentarios y fotografías.



ESTAMPA. Como viene haciendo desde su creación, la Fundación CIEC acude a Estampa, Feria Internacional de Arte Múltiple de Madrid, que tuvo lugar del 28 de Octubre al 2 de Noviembre.

En esta ocasión presentó una nueva edición del Premio Internacional de Arte Gráfico Jesús Núñez, y mostró el primer premio de Erik Kirksaether, la mención de honor de Antonio Domínguez y los dos accésits Celia de Melo Braganza y Norberto Bermejo Santos.

A estas obras acompañaron también las del artista Jesús Núñez, presentando la Carpeta «Formas», que se compone de 18 estampas de su autoría y los Poemas de los reconocidos poetas gallegos Cairo Antelo, Yolanda Castaño, Alfonso Costa, Miguel Anxo Fernán Vello, Francisco Fernández Naval, Miguel Mato, Manuel Patinha, Oga Patiño, Emma Pedreira, Ánxeles Penas, Luz Pozo Garza, Gabriela Rodríguez, Xavier Seoane, Antón Sobral, Dores Tembrás, Xulio Varcálcel, Diana Varela y Eva Veiga que participaron en este proyecto que aúna gráfica y poesía.



Durante una semana, la Fundación mostró sus actividades y realizó contactos con otros artistas, profesores, galerías,

centros de arte y talleres con los que realizar proyectos en 2010, tales como cursos o exposiciones temporales.

En esta ocasión, y nuevamente bajo el programa de becas de la Fundación CIEC y la Diputación de A Coruña, concedió becas a jóvenes artistas de la Feria, como Luis Pérez Ocaña, Dukessa, Gregori Valero o María Ángeles del Álamo.



COLABORACIONES. La Fundación CIEC no deja de participar en eventos culturales en el campo de la estampa, tales como exposiciones, conciertos, ferias de arte, conferencias o festivales con el fin de incrementar la comunicación entre artistas, galerías, instituciones, críticos y público destinatario de la creación artística.

III Congreso Nacional sobre Bibliofilia, Encuadernación Artística, Restauración y Patrimonio Bibliográfico. Encuentro celebrado en Cádiz del 3 al 6 de Febrero, a él asistieron invitados por el Ayuntamiento de Cádiz el Presidente y Director Adjunto, con un stand informativo y varios libros de artista realizados en los talleres del CIEC, con varias jornadas de talleres de arte gráfico en los que se mostraba la realización de una pequeña estampa. Para estas sesiones didácticas se contó con uno de los tórculos del IES Francisco Aguiar de Betanzos, que prestó al tal efecto en estas fechas.



Ingráfica. Segundo Festival Internacional de Grabado Contemporáneo. Jornadas de arte gráfico actual a las que asistió el Director Adjunto del CIEC, visitando las exposiciones, conferencias, recorridos guiados e intervenciones urbanas celebradas en la ciudad de Cuenca del 6 de Noviembre al 13 de Diciembre.

Segno09. Incontro Internazionale Sull´incisione contemporánea, Sardegna. Otra importante colaboración que realizó la Fundación fue la asistencia a las jornadas italiano-españolas que organizó la Casa

Falconieri de Cerdeña en la ciudad de Cagliari los días 28 y 29 de Noviembre. Este taller invitó al Presidente y Vicepresidente a participar en este encuentro, al que finalmente asistió el Vicepresidente Pedro Galilea, y que impartió una conferencia sobre la Fundación CIEC, teniendo una gran acogida entre el público asistente, y al que a sus palabras acompañó más de un centenar de imágenes que se proyectaron.




Espazos Sonoros. La Consellería de Cultura de la Xunta de Galicia, dentro de su programación musical en lugares de interés cultural uniendo patrimonio histórico y artístico eligió como uno de los escenarios a la Fundación CIEC. Aquí tuvieron lugar dos de los conciertos organizados, el primero del Cuarteto Ephimere, formado por profesores del Conservatorio de Vigo especializados en música de Cámara que interpretaron piezas de Mendelssohn y Mozart el viernes 22 de Mayo y, al mes siguiente, el viernes 12 de Junio, tuvo lugar otro del grupo de jazz 2uS, música instrumental de Fernando Abreu e Pablo Carrera.

IV PREMIO INTERNACIONAL DE ARTE GRÁFICO JESÚS NÚÑEZ 2009

Presentada esta IV edición por la Diputación de A Coruña a principios de año, Junio fue el mes elegido para la recepción de las obras en la sede de la Fundación CIEC, quien archiva y custodia las obras para la futura reunión del Jurado. Ésta tuvo lugar el pasado 15 de Julio en la sede betanceira, y estuvo compuesto por: Salvador Fernández Moreda, Presidente, y Caridad González Cerviño, Presidenta de la Comisión de Cultura, Educación y Patrimonio Histórico-Artístico, ambos de la Diputación de A Coruña; Jesús Núñez, artista plástico, fundador y Presidente de la Fundación CIEC; Ánxeles Penas, crítica de arte; Felipe Criado, artista y Académico de la Real Academia Gallega de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario de A Coruña; José Hernández, Académico Delegado de la Calcografía Nacional y Miriam Pérez Fernández, de la Galería Ana Vilaseco de A Coruña.

El Acta de la misma recogió como Primer Premio al artista Erik Kirksaether, una Mención de Honor a José Antonio Domínguez López y dos Accésits a Celia de Melo Bragança y Alberto Bermejo Santos. Los seleccionados fueron Clément Richem, Graciela Buratti, José Humberto Valdez Álvarez, Gabriela Shoeller, Izaskun Álvarez Gainza, Pablo Flaiszman, Yun-Yung Seo, Jesús Ruiz, Jesús Ruiz Bago, Desislava Kostadinova Unger, Samanta Sánchez Abadía, Jenifer Carey, Pilar



Valdivieso, Zaloa Ipiña, Javier Aranguren, Cristina Brea Lodeiro, Rosana Calvo Agraso, Regina Giménez, Pepa Satue, Juan Pablo Villalpando, Desislava Hristova, Óscar Valero, Valentino de Nardo, Rocío Rivas, Beatriz Moreiro, Stefano Luciano y Simone de Pizzol. Obras y biografías de estos artistas se recogen en un libro catálogo editado por la Diputación de A Coruña, en el que se podrán contemplar la calidad y diferentes propuestas que dan fe del interés por la creación artística.

Y así llegamos al final, no sin antes hacer constar las colaboraciones y ayudas de la Diputación de A Coruña y el Ayuntamiento de Betanzos, firmando Convenios de Colaboración para la financiación de actividades, y patrocinios privados como los de Gadisa, Banco Etcheverría o Lugami, y también el respaldo incondicional y estímulo constante del Presidente de la Fundación CIEC, el artista Jesús Núñez, sin cuyos apoyos estas actividades habrían sido muy diferentes.

Este agradecimiento queremos hacerlo extensible también a los profesores, alumnos, artistas, aficionados y visitantes de este 2009, con el deseo de volver a encontrarnos en 2010.



Grabado calcográfico de José Hernández. Donación del autor al CIEC.

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA

A actividade externa da AC Eira Vella comezou o 14 de abril, coincidindo coa conmemoración da II República e lembrando un ano máis ás vítimas betanceiras da represión do 36. Ese día foron colocadas unhas flores na entrada do Museo das Mariñas a carón da placa de homenaxe que a propia Asociación promoveu e que é unha réplica da placa existente no Centro Betanzos de Buenos Aires que recolle os nomes das 33 persoas asasinadas como consecuencia do levantamento militar fascista.

O programa continuou o 13 de maio cunha conferencia no marco das actividades en torno ao Día das Letras Galegas dedicado ao intelectual galeguista Ramón Piñeiro. Esta conferencia foi impartida pola profesora Mercedes Queixas, secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega e autora do libro Ramón Piñeiro, A expresión cultural dunha estratexia política.

O 22 de maio, presentouse no Salón Azul do Edificio Liceo o facsímile da obra Mariñanas (Retábulo Betanceiro) e a primeira edición do poema Cantiga da lembranza, ámbolos dous da autoría do segrel Xosemaría Pérez Parallé. Tanto Mariñanas como Cantiga da lembranza participaron nos Xogos Florais que se viñan celebrando en Betanzos, quedando a primeira como finalista no ano 1960, e gañando a segunda o primeiro premio ao ano seguinte. A presentación das obras en Betanzos correu a cargo de Xesús Torres Regueiro, principal impulsor da súa recuperación, e contou coa colaboración dalgúns nenos do CEIP Vales Villamarín de Betanzos que prestaron as súas voces aos poemas de Mariñanas.

O 30 de maio foi presentado no salón de actos da obra social de Caixa Galicia o poemario Elemental da autoría de Gabriela Rodríguez. O acto foi presentado pola secretaria da AC Eira Vella, Pilar Vázquez, e contou coa presenza na mesa da poeta Olga Patiño Nogueira e de Daniel López, responsable da versión audio de Elemental. Miguel Fernández foi o encargado do apartado musical, con temas propios e acompañando as versións dalgúns dos poemas do libro.

No mes de xuño, concretamente o día 13 no Salón Azul, presentouse o número 27 da Xanela. Este número contou coas colaboracións no apartado de creación literaria de Xoán Carlos Domínguez Alberte, Fernando Díaz-Castroverde, Olga





Patiño Nogueira e Gabriela Rodríguez García. A creación artística puxérona Sabela Arias, Víctor Tizón e Luís Otero. No apartado de letras de Portugal, Eduardo Olímpio, João de Castro Nunes, Fernando Botto Semedo, Antonio de Santos Silva e Cândido da Velha deixaron os seus versos nas páxinas da Xanela. A sección O noso patrimonio permitiu o achegamento á parroquia de San Xurxo de Queixeiro da man de Xosé María Veiga Ferreira e Juan Sobrino Ceballos. Manuel B. Dans interrogouse sobre que foi da Santa Compaña e Clodio González Pérez recuperou as láminas nas que Cano e Olmedilla reproduce unha parella betanceira do século XVIII, permitindo así coñecer como vestían as mulleres e homes da comarca naquela época. Non faltou espazo para ecoloxía no que Antón Fafián Porto asinou o artigo «Do Sigre a Sogama pasando por









Danigal», para o folclore da man de Moncho do Orzán que se adentra nos arquivos de Cántigas da Terra e para a música por parte de Xosé Luís Sobrino, que nos achegou aos novos cantautores asturianos. No apartado Viaxeiros puidemos visitar as Mariñas de Pérez Lugín, cunha reprodución do seru artigo A banda de Panchón.

A Xanela tampouco podía esquecer o centenario do poeta Xosemaria Pérez Parallé e a figura de Ramón Piñeiro, galeguista ao que se lle dedicaron as Letras Galegas do ano 2009. A revista reproduciu o artigo publicado por Piñeiro en Olladas do futuro en 1972 baixo o título O menosprezo social da lingua, ademais de dous dos seus textos editados en publicacións betanceiras. O número 27 da Xanela pechouse con Baraxeiro e a súa recompilación de novas publicacións.

O acto de presentación da Xanela foi acompañado da música de Xoán Curiel, que presentou os temas do seu primeiro disco de estudio Nai.

No mes de setembro Eira Vella botou unha ollada cara a arte. Do 15 ao 30 a Sala de Exposicións do Edificio Liceo acolleu obras da serie «paisaxe cotiá» de Sabela Arias, pinturas e esculturas que a autora agrupou baixo o título de diario. A exposición pretendía botar unha ollada reveladora aos obxectos que forman parte da vida cotiá como elementos definidores da mesma.

O 20 de novembro Eira Vella viaxou a Fene para participar no programa de actos do XXII Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, convidados polos Círculo Mercantil e Industrial Unidade de Fene. A participación da asociación concretouse na presentación de Mariñanas e Cantiga da lembranza nun acto no que interviñeron o Presidente do Círculo, José Rivera Ruibal, a presidenta de Eira Vella, Gabriela Rodríguez García e Xesús Torres Regueiro, socio fundador de Eira Vella e responsable da recuperación das obras presentadas que, seguindo a liña da presentación en Betanzos, fixo un achegamento á vida e obra de Xosemaría Pérez Parallé.

O ano de actividades pechouse coa presentación do número 28 da Xanela o 12 de decembro na que se puido escoitar ao grupo Cantata Vernacula, formado por Suso Vaamonde e Xoán Porto. Dentro do novo número da revista non faltou o apartado de creación ao que asomaron as súas



letras Marica Campo, Fernando Díaz-Castroverde, Paulo Martínez Lema, Maxi Rei, Gabriela Rodríguez e Olga Patiño Nogueira, acompañados dos traballos artísticos de Sabela Arias, Olaia e Luís Otero. Sabela Arias ademais agasallounos con unha das súas breves historias sobre Icía e a avoa e non faltou a súa cita coa viñeta Víctor Tizón. No apartado de Letras de Portugal contamos coa colaboración de Idalécio Cação, Fernando Botto Semedo e Cândido da Velha. Pola súa banda Xulio Rozados asinou o artigo Cinco poetas na Cañota. A sección O noso patrimonio serviu para Xosé María Veiga Ferreira e Juan Sobrino Ceballos nos achegasen á parroquia de Santa María de Sarandóns. Manuel B. Dans centrouse nesta ocasión no tema da toponimia, explicándonos o significado e a orixe do topónimo de Sada. En Memoria do 36, Xesús Torres Regueiro, lembra as figuras de Villaverde e Palacios, alcaldes que foron vítimas da represión. Na sección Historia, Manuel Pérez Lourenzo asinou un artigo sobre José Somoza Eiris e Ramón Suárez Picallo («o mestre aos ollos do alumno»). Pola súa banda, Felipe-Senén López Gómez lembrou o centenario de Manuel Chamoso Lamas (1909-1985) e a súa relación con Betanzos. No apartado de Folclore, Moncho do Orzan recuperou a a figura de Xosé Cardelle Portos e na sección Viaxeiros, ofrecéusenos a segunda parte de As Mariñas de Pérez Lugín. A revista pechouse co seu habitual apartado musical a cargo de Xosé Luís Sobrino e As novas que nos chegan da man de Baraxeiro.

Xunta Directiva.

CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA (GRAO ELEMENTAL)

Na sala de xuntas do conservatorio municipal de música, o día 29 de septembro de 2008, reúnese o claustro de profesores a fin de ultimar os preparativos do novo curso 2008-2009.

Na mesma data, mantense unha primera xuntanza por parte da dirección e do profesorado cos pais do alumnado, coa finalidade de informalos da posta en marcha do novo curso e tratar xa de concretar os horarios dos diversos instrumentos. A data do comezo do curso 2008-2009 queda fixada para o día 1 de outubro de 2008.

O número de alumnos matriculados, incluido os de iniciación á música foi de 104, distribuidos nos seguintes cursos:

Iniciación á música.....21
1º L.O.E. 25
2º L.O.E. 19
3º L.O.E. 16
4º L.O.E. 23
TOTAL 104

As materias regradas que se imparten son:
LINGUAXE MUSICAL (1º,2º,3º, e 4º L.O.E.)
EDUCACIÓN VOCAL (1º,2º,3º, e 4º L.O.E.)

INSTRUMENTOS:
VENTO-MADEIRA :(Clarinete, Frauta traveseira, Saxofón e Oboe.)



Veiga

VENTO-METAL : (Trompeta, Trombón, Trompa e Tuba.)
CORDA FREGADA : (Violín, Violoncello e Contrabaixo.)
GUITARRA E BANDURRIA.
PERCUSIÓN.
PIANO.
O número de profesores e de 7.

CONCERTO DE ILUSIÓN
Tivo lugar o domingo 28 de novembro de 2008 ás 20:30 horas da tarde na Igrexia de San Francisco.
Neste concerto, a cargo da Banda Municipal de Música, entraron a formar parte da mesma once novos integrantes, alumnos do noso conservatorio:

PAULA FERNÁNDEZ GARCÍA (Trompa)
ALEJANDRO COSTOYA SÁNCHEZ (Tuba)
MARTA RÍO REY (Frauta traveseira)
PABLO PAZOS GARCÍA (Trompeta)
ALBERTO FRAGA SEOANE (Saxofón)
DANIEL PENA DOCAMPO (Clarinete)
CARLA BLANCO MIRAZ (Violoncello)
CLAUDIA LÓPEZ GARCÍA (Percusión)
CLARA VEIGA RILO (Saxofón)
LUÍS TEIJO PAZ (Clarinete)
MIGUEL MEJUTO BLANO (Saxofón)

CONCERTO DE NADAL
Previsto para o 27 de decembro de 2008, tivo que ser posposto inevitablemente e celebrouse o Domingo 11 de xaneiro ás 20:00 horas na Igrexia de San Francisco, intervindo a Banda Municipal de música xunto co Coro de alumnos do Conservatorio, sendo do agrado do numeroso público asistente.

CONCERTO DE FIN DE CURSO
O domingo 28 de xuño de 2009, na Aula Municipal de Cultura, celebrouse o concerto de Clausura do curso 2008-2009 coa participación da maioría do alumnado. Presenciando o acto as autoridades municipais e numeroso público asistente que recoñeceron o acto con grandes aplusos polo esforzo, dedicación e calidade amosada polos imtérpetres.

A Dirección.

ESCOLA MUNICIPAL DE FOLCLORE

Dentro da Escola Municipal de Folclore desenvolvéronse varias actividades ó longo do curso escolar: grupos de aprendizaxe de bailes tradicionais, gaita, percusión (bombo, tamboril, pandeiro, castañolas,…), pandeireteiras-cantareiras e agrupación instrumental.
Durante o curso de actividades 2008-2009, dende o día 3 de outubro do 2008 ata o día 13 de xuño do 2009 impartíronse clases tódo-los luns, mércores, venres e sábados das semáns lectivas; e con un total de 211 participantes, sendo o seu reparto o que segue:
Grupos de baile tradicional: 112 asistentes.



Grupos de gaita: 33 asistentes.
Grupos de percusión tradicional: 19 asistentes.
Grupos de pandereteiras-cantareiras: 36 asistentes.
Agrupación instrumental: 11 asistentes
Estas actividades docentes foron impartidas por 5 profesoras/es, un de cada especialidade.
Aparte da actividade docente, e como mostra e estímulo para os seus membros, a Escola durante o ano realizou actuacións e participou en diferentes certámes, tanto como Escola, cos seus diferentes grupos correspondentes as actividades que nela se desenvolven, como a traveso do Grupo Azougue.
Tamén se organizaron outras actividades, e o resumen do feito nestes eidos durante o ano 2009, e de forma breve é o que segue:
Maio:
Día 1: Pola mañá: «Os Maios en Betanzos».
Pola tarde: asistencia de diversos grupos da Escola, no Día da Muiñeira de Cee, e participación do Grupo Azougue no concurso na categoría de grupos de baile onde acadou o primeiro premio.
Día 10: Participación na Festa do Viño de Betanzos do Grupo Azougue e a Escola Municipal con varios grupos de baile.
Día 16: Colaboración coa Asociación Cultural «Torres de Tallo» da Bugalleira en Ponteceso, no Día das Letras Galegas
Día 23: Dentro do Programa das Letras Galegas organizado pola Concellería de Cultura, Educación e Deporte, a Escola Municipal de Folclore participou cantando os maios na conferencia «os Maios en Betanzos actividade arredor desta tradición», impartida por Belén Mato Corral profesora de pandeireta da Escola, desenvolto no Salón Azul do Edificio Liceo.
Xuño:
Día 13: Actuación de tódolos grupos, tanto de baile, de música, de pandeireteiras da Escola, incluida a agrupación instrumental e o Grupo Azougue, na clausura do curso da Escola Municipal de Folclore, que se desenvolveu na Aula Municipal de Cultura do Edificio Liceo.
Día 19: Actuación da Escola e do Grupo Azougue na sardiñada/churrascada organizada pola Asociación de Veciños e Veciñas Rosalía de Castro.
Día 20: Actuación do grupo Azougue nas festas de Tiobre.
Dia 21: Actuación do grupo Azougue nas festas de Piadela.
Xullo:
Dia 4: Colaboración coa Asociación de Vecinos de Serantes – Laxe, nas festas Patronais de Serantes.
Dia 7: Actuación na praza da Constitución no encotro folclórico desenvolto dentro das actividades de intercambio co grupo italiano de Coleppasso (Italia).
Día 11: Actuación do Grupo Azougue na X Feira Franca Medieval de Betanzos.
Día 26: Organización do Festival do «Día de Galicia» na Praza García Irmáns, coa actuación dos seguintes grupos:

Grupo Folclórico «Principado» de Lugones-Asturias.
Grupo de Danzas Familia Castellana de Miranda de Ebro (Burgos).
Grupo Azougue da Escola Municipal de Folclore de Betanzos.
. Día 27: Actuación do grupo de música tradicional da Escola na festa/churrascada da parroquia de Requián.
Agosto:
. Días 14, 15 e 16: Participación da Escola Municipal de Folclore e do Grupo Azougue nas Festas Patronais de Betanzos «San Roque 2009».
. Día 17: Festival Folclórico en Betanzos. Encontró entre a cultura tradicional canaria e a galega que tivo lugar na Praza García Irmáns, no que participaron o Grupo «Azougue» e o grupo canario «Agrupación Folclórica Entre Amigos.»
. Día 24: Actuación do Grupo Azougue na Romería de San Paio.
. Días 29 e 30: Viaxe a Plasencia (Cáceres) do Grupo Azougue para participar no festival folclórico Ciudad de Plasencia.
Setembro:
. Día 12: Viaxe a Chafé en Viana do Castelo (Portugal), para participar nun Festival Folclórico
. Día 13: Actuación do Grupo Azougue na III Festa da tortilla de Betanzos.
Outubro:
. Día 10: Actuación dos profesores da Escola na inauguración do matadoiro
Decembro:
. Día 19: Dentro do XXVII Programa de Festexos do Nadal e Aninovo, a Escola Municipal de Folclore participou organizando un breve concerto de panxoliñas, desenvolto no árbore de nadal e no Belén Móvil do Edificio Liceo.
. Día 27: Dentro do XXVII Programa de Festexos do Nadal e Aninovo, a Escola Municipal de Folclore participou na xornada de convivencia coa Terceira Idade na Residencia de Anciáns García Hermanos.
Ó largo do ano desenvolvéronse varias colaboracións co Liceo Internacional Agarimo, no programa «Ruta Cultural de Galicia», con talleres de música e baile galego
Betanzos, 28 de febreiro de 2010.

A directora da Escola Municipal de Folclore de Betanzos

ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS E DE CONSUMO « LIAFAIL»

A muller, e en concreto a muller rural, é unha garantía para o equilibrio territorial, ó mesmo tempo que o soporte esencial da diversificación das actividades económicas.
A muller rural desenrola a súa vida en varios aspectos ou ámbitos: como traballadora das labouras do campo, como encargada da alimentación e cuidado da familia, como educadora, administradora, artesana, representante de comunidades, etc.
Desde a nosa asociación pretendemos cumprir o obxectivo de formar a estas mulleres á vez que ofrecerlles actividades de ocio, nunha situación de igualdade con respecto ás mulleres que non pertencen ó mundo rural, producíndose así unha continua confraternización entre ámbalas dúas.
Ó longo do ano 2009 tiveron lugar as seguintes actividades:

Artísticas e culturais:

Pintura ó óleo, taller de Cestería, Taller de Labores, Taller de bolillos, Taller de Manualidades, Obradoiro Infantil de Inglés, bailes de salón,.
Ademáis, como tódolos anos, tamén participamos na Feira Franca Medieval con un posto gastronómico e exhibición de taller de bolillos por parte dalgunhas das nosas socias, así como nas tradicionais procesións de Semana Santa.

Conferencias:

Celebráronse diversas conferencias atendendo ós temas de actualidade e as demandas das nosas socias, contando cunha amplia participación. Unha delas foi «A Gripe A». Pero tamén houbo outras que ofreceron gran interés, como «charla sobre o servicio de quiromasaxe».

Visitas culturais:

Viaxe Vilanova de Arousa.
Viaxe a Ponte de Lima
Viaxe ó Cebreiro e Samos
Viaxe a Valencia.
Viaxe a Coimbra

Confraternidade:

Cena – Aniversario no mes de febreiro.
Servicios Sociais:
En Decembro, como en anos anteriores, levamos a cabo a Operación Quilo-Litro na que se recolectaron alimentos para doar ás familias máis



Concerto conmemorativo do 40 aniversario da Coral de Betanzos, coa actuación conxunta das corais de Miño, Pontedeume, Sada e Betanzos, o día 7 de marzo de 2009, na igrexa de San Francisco.

desfavorecidas do concello.

Varios:

Asistencia a divesos programas da T.V.G.

Festa Infantil de Navidad, na que os maís pequeniños recibiron a Papá Noel.

Festa Infantil de Antroido, na que os nenos disfrutaron dunha tarde de ledicia.

Festa do Marisco

Festa do Magosto

Lotería. Como tódolos anos puxemos á venda a lotería das «Mulleres Rurais» coa intención de repartir ilusión ás socias.

Festa «Fin de Ano» para celebra-lo fin de ano en compañía das nosas socias na que se degustaron productos típicos do nadal.

Xunta Directiva.

AGRUPACIÓN MUSICAL «CARLOS SEIJO»

ACTIVIDADES:

Concierto el día 15 de mayo en el Aula de Cultura de Betanzos, en la presentación del libro *Apuntes históricos de la ciudad de Betanzos*, de Manoel Lousa Rodríguez.

Concierto de fin de curso en el aula de Cultura con los alumnos de las clases el día 26 de junio.

Participación en la Feria Medieval los días 10, 11 y 12 de julio con la instalación de un puesto.

Participación el día 13 de agosto en el *Concerto Cidade de Betanzos* junto a la Coral Polifónica y a la Banda Municipal de música.

Celebración el día 30 de noviembre del XXX Aniversario, actuando como invitada la Agrupación Musical Arousa de Villagarcía.

Actuación en Villagarcía el día 19 de Diciembre en el Liceo Casino invitados por la Agrupación Arousa.

Concierto de navidad de los alumnos de las clases el día 23 de diciembre.

Participación el día 27 de diciembre en la jornada de convivencia en el asilo de ancianos

Junta Directiva.

CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS

O 2009 e o ano do 40 aniversario

A Coral, neste ano, realizou unha ampla actividade musical e organizou numerosas e variadas actividades culturais e sociais. Todo esto se debe, claro está, en primeiro lugar, á ilusión e ó esforzo da Xunta Directiva e Compoñentes, ó sacrificio e comprensión dos familiares dos coralistas, ó apoio e axuda desinteresada dos socios, á colaboración de entidades oficiais, públicas e privadas, e a asistencia ós actos de numeroso público.

Todo o realizado durante o ano 2009, pódese resumir en dous apartados: Actuacións musicais e actividades culturais e sociais.

Durante este ano realizáronse 39 ACTUACIÓNS MUSICAIS: 24 en Betanzos e 15 en distintas vilas e cidades de Galicia: Aranga, Arteixo, A Coruña (2), Laracha, Matamá (Vigo), Muxía, Pontevedra (2), Rianxo, Valdoviño, e doutras Comunidades Autónomas: Castañar (Béjar), Mérida, Villamartín de la Abadía (Ponferrada), Villaviciosa (Asturias).

A ACTIVIDADE CULTURAL E SOCIAL pódese considerar moi positiva, tanto polos

actos realizados, como pola numerosa asistencia de público, especialmente socios.

Realizáronse 60 actos. Pódense destacar: a Asemblea Xeral Ordinaria; a Xunta Directiva reuniuse en 10 ocasións; participóuse na Asemblea Xeral Ordinaria da Federación de Círculos e Casinos Culturais, na Asemblea Xeral Ordinaria de FE CO GA, e na Asemblea de Caixa Galicia, en representación das Entidades Culturais. Duhna maneira especial conmemorouse o 40 aniversario da Coral e organizouse o Festival Santa Cecilia, en honor á Patroa da Música; e participouse no «II Festival Internacional de Cine Documental» das Mariñas XÓN (Xanela o Mundo), organizado polo Concello de Betanzos.

Organizáronse 3 Encotros de Corais, 2 Intercambios Culturais, 2 Exposicións, 2 obras de Teatro, unha película de Cine e varios documentales, varios Concertos de Corais, Banda de Música, Grupos musicáis de Cámara, Folk, música popular galega... Realizáronse 3 viaxes culturais a lugares de interese histórico, cultural e monumental, con guías especializados: unha de 4 días, por Extremadura; outra de 2 días por Asturias; e outra viaxe de un día, polas vilas da Costa da morte.

Os Compoñentes da Coral reuníronse en varias ocasións, ademáis dos ensaios, para conmemorar acontecementos tradicionais, como o Aniversario, Entroido, Festa do pemento, Festas Patronais, Magosto, Santa Cecilia, Nadal e Aninovo.

A Coral obsequiou a todos os participantes con recordos conmemorativos, e tamén foi obsequiada con recordos conmemorativos nas actuacións que realizou fora de Betanzos.

ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2009

16 xaneiro: Betanzos. Local Social. Asemblea Xeral Ordinaria. As actividades comenzan coa Asemblea Xeral da Coral que, conforme ós Estatutos, ten lugar no mes de xaneiro. A reunión comeza coa lectura, por parte do Secretario, da acta da última Asemblea Xeral Ordinaria.

Pola Presidencia faise unha exposición das actuacións e actividades realizadas durante o pasado ano.

Por parte do Tesoureiro preséntase o exercicio económico do ano anterior. A continuación procédese a elección de Presidente, saindo reelexida Lourdes Vázquez Gómez.

23 xaneiro: Betanzos. Local Social da Coral: Elección da Xunta Directiva. A Presidenta Lourdes Vázquez Gómez, nomea ós Compoñentes que van formar a Xunta Directiva: Vicepresidenta Mª del Carmen Álvarez Alonso, Secretario, Elías Martínez Martínez, Tesoureiro Ángel Fernández García, vogais Isabel Faraldo Gómez, Lucita González Suárez, Julia Insua Díaz e Mª Teresa Suárez López, continuando como Director Musical, Manuel López Castro. Acórdase nomear á Presidenta, Lourdes Vázquez Gómez como representante da Coral para as relacións co Concello de Betanzos, ó Director Musical, Manuel López Castro, para as relacións coa Xunta de Galicia, e á Vicepresidenta, Mª del Carmen Álvarez Alonso, para as relacións coa Deputación de A Coruña.Tamén se fai a programación dos actos que se van realizar no mes de marzo con motivo do 40 ANIVERSARIO da Coral, e acórdase enviar ós socios unha circular informando de todo ó programado.

25 xaneiro: Silleda. Asemblea Xeral Ordinaria de FE CO GA (Federación Coral Galega) que se celebra en Silleda, na Casa da Cultura. Participan varios membros da Xunta Directiva.

5 febreiro: Betanzos. Igrexa de Santiago. A Coral participa no Funeral polo artista local, Eduardo Muñoz Vales, un gran colaborador da Coral.

28 febreiro: Betanzos. Local Social da Coral. Os Compoñentes da Coral e familiares reúnense para celebrar a Festa do Entroido: Concurso de disfraces, música, baile e gastronomía típica.

A Coral cumpre 40 anos: 3 marzo 1969 // 3 marzo 2009.

3 marzo: Betanzos. Local Social da Coral: Os Compoñentes da Coral e familiares reúnense, para conmemorar o 40 aniversario. Realízase un breve Concerto Conmemorativo, interpretando as cancións que se cantaron no primeiro Concerto da Coral o 28 de marzo de 1969, no que foi o Teatro-Cine Capitol de Betanzos, con motivo do primeiro Pregón de Semana Santa: O Salutaris, Pópule meus, Stabat Máter e Resucitó. Resultou un momento moi alegre e agradable, cheo de moitos e bos recordos.

Cada compoñente da Coral, foi obsequiado cun recordo conmemorativo, unha figura de Sargadelos, «Homaxe» a Betanzos, con inscripción persoal.

7 marzo: Betanzos. Igrexa de San Francisco: ENCONTRO MUSICAL DE CORAIS.

CONCERTO CONMEMORATIVO DO 40 ANIVERSARIO DA CORAL DE BETANZOS.

Participan: Coral Polifónica e Rondalla «O

CASTRO» de Miño, Coral Polifónica da Sociedade R. C. D. de Sada, Coral Polifónica «EUMESA» de Pontedeume, Coral Polifónica de Betanzos e actuación conxunta das catro Corais interpretando catro cancións polifónicas. Catro cidades unidas xeograficamente e irmanadas con, desde, para e por á música.

Asistiron as autoridades locais, presididas pola Sra. Alcaldesa e ó Delegado de Cultura, e numeroso público, de Betanzos e arredores. Ó finalizar ó Concerto, ás Corais participantes foron obsequiadas con un recordo conmemorativo do acto, unha figura de Cerámica Sargadelos, «Homaxe» a Betanzos.

14 marzo: Betanzos. Sala de Exposicións do Edificio Liceo. Exposición «40 AÑOS DE HISTORIA: Recordos, obsequios, distincións, homenaxes..., recibidos pola Coral nas máis de dúas mil actuacións realizadas durante estes corenta anos de existencia.

A inauguración foi presidida pola Sra. Alcaldesa, ó Delegado de Cultura e varios Concelleiros, a Presidenta, Xunta Directiva, compoñentes da Coral, numerosos socios e simpatizantes.

A Exposición estivo aberta ata ó 29 de marzo e foi visitada por numeroso público.

27 marzo: Betanzos. Aula de Cultura LICEO. Teatro. O Grupo «Teatro da Lagoa» (Alumnos do IES de Viós, Abegondo), representaron a obra: «Comedia Bífeda». Ó remate do acto entregóuselle ó Grupo un recordo conmemorativo do acto, unha figura de Cerámica Sargadelos «Homaxe» a Betanzos. E o IES de Viós obsequiou á Coral cun cadro pintado por un alumno do Centro, alusivo ó 40 aniversario da Coral.

4 abril: Betanzos. Igrexa de Santo Domingo: Pregón de Semana Santa. Pronunciado polo crego betanceiro, D. Casimiro Fernández Núñez, Licenciado en Dereito Canónico e párroco de San Xulián de Mugardos. Ó finalizar ó Pregón, a Presidenta da Coral fíxolle entrega o Pregoeiro, dun recordo conmemorativo do acto, unha figura de Cerámica Sargadelos, «Homaxe» a Betanzos. A continuación, á Coral Polifónica de Betanzos ofreceu un Concerto de Música Sacra.

18 abril: Pontevedra. Real Basílica de Santa María, La Mayor. Encontro Mariano. Visita de numerosos betanceiros coa Imaxe da Virxe dos Remedios de Betanzos, á Real Basílica de Santa María La Mayor de Pontevedra, co gallo do Ano Xubilar no Milenio da Basílica. Realizouse unha Procesión desde a Capela de San Roque ata a Basílica. Recibemento na Praza de Santa María polas autoridades civís e eclesiásticas de Pontevedra e Betanzos; entrada da Imaxe da Virxe dos Remedios na Basílica, e Celebración da Misa Xubilar, que foi cantada pola Coral Polifónica de Betanzos.

Ó finalizar a Misa, a Coral de Betanzos ofreceu un breve Concerto de Cancións Marianas.

Asistiron numerosas persoas de Betanzos e de Pontevedra.

Antes da despedida, realizouse a elevación dun pequeno globo de papel, recordando o monumental Globo de San Roque de Betanzos.

24 abril: Betanzos. Centro Pai Menni. Colexio de Educación Especial «Nosa Señora do Sagrado Corazón», das Irmás Hospitalarias. Misa Solemne cantada pola Coral de Betanzos, co gallo da Festa de San Benito Menni, Fundador das Hospitalarias.

27 abril: Betanzos. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva.

Faise balance das actividades realizadas no primeiro trimestre, que se considera moi positivo, e prográmanse as actividades para os meses de maio e xuño.

30 abril o 3 maio: Extremadura. Viaxe Cultural visitando, con guías especializados, Plasencia, Trujillo, Monasterio de Guadalupe, Mérida, Cáceres, Candelario, Salamanca...

- Sábado, 2 maio: Mérida. Os Compoñentes da Coral que participaron nesta viaxe, realizaron unha breve actuación de cancións polifónicas galegas no Teatro Romano de Mérida, e foron moi aplaudidos polo numeroso público que se encontraba, nese momento, dentro do recinto do Teatro.

- Domingo, 3 maio. Béjar (Salamanca). Santuario de Nuestra Señora del Castañar.

Misa dominical, que foi cantada polos Compoñentes da Coral, que participaban nesta viaxe.

10 maio: Aranga. Igrexa Parroquial. Misa Solemne cantada pola Coral, co gallo da festa patronal da Santa Cruz. Esta actuación realízase en convenio coa Deputación de A Coruña e o Concello de Aranga.

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo, tivo lugar o Concerto Extraordinario de Reis a cargo da Orquestra de Cámara de Betanzos, *Camerata Brigantina*, dirixida polo profesor do conservatorio municipal, Florián Vlashi.

5 de xaneiro de 2009

Celebrouse a tradicional cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade. A organización correu a cargo do Concello.

9 de xaneiro de 2009

Na Sala Multiusos do Edificio Liceo inaugurouse un ciclo de conferencias con motivo do bicentenario da Guerra da Independencia, organizado pola Asociación Xuvenil Siglo XXI de Betanzos en colaboración co Concello. O acto foi presidido polo concelleiro de Cultura, D. Pedro Gómez e o presidente da asociación, D. Pablo Rodríguez Gómez. A conferencia inaugural foi pronunciada polo director do Anuario Brigantino, Alfredo Erias.

10-11 de xaneiro de 2010

Levouse a cabo na Praza do Campo a campaña *Comercio Galego Vivo*, organizada pola Consellería de Innovación e Industria en diversas localidades galegas para incentivar a demanda no pequeno comercio. Talleres, teatro de monicreques, parque inchable, área tecnolóxica, actuación de acróbatas... foron algunhas das actividades realizadas. A campaña foi inaugurada pola directora xeral de Comercio, Dª Ana Rúa, á que acompañaron a presidenta de ACEBE, Dª Antonia Anido e os concelleiros D. Xabier López e D. Henrique del Río.

10 de xaneiro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura celebrouse un Festival Folclórico organizado pola *Agrupación Cultural as Garelas* da Asociación Cultural Sto. Domingo de Betanzos e o Concello, no que participaron: Grupo Folclórico de Polvoreira (Guimaraes-Portugal), A Marola, de Mera-Oleiros, o Grupo de Gaitas de Doroña, e a propia Agrupación Cultural as Garelas.

11 de xaneiro de 2009

Celebrouse na Igrexa de San Francisco o Concerto Extraordinario de Nadal da Banda Municipal de Música de Betanzos coa colaboración do Coro do Conservatorio Municipal, organizado pola Asociación de Amigos da Banda e o Concello. O concerto serviu como peche do programa de festexos de Nadal e Aninovo.

13-31 de xaneiro de 2009

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada *As cores do vento*, de Marité Yuste.

16 de xaneiro de 2010

Dentro do ciclo de conferencias organizadas pola Asociación Xuvenil Siglo XXI de Betanzos en colaboración co Concello con motivo do bicentenario da Guerra da Independencia, celebrouse na Sala Multiusos do Edificio Liceo a impartida polo doutor en Historia e Xefe do Departamento de Historia e Humanidades do CEU San Pablo de Madrid, D. José Luis Orella Martínez, titulada «Aproximación histórica a la Guerra de la Independencia».


Pariente

16 de xaneiro

O concello a través da concellería de Muller, Infancia e Familia, dirixida por Dª Esperanza Sánchez, premiou con agasallos e cen euros ó

primeiro neno nado no Concello no presente ano, que foi Rodrigo Arufe Martínez, de Viladesuso. No acto estiveron presentes os pais do bebé, Sonia e Javier, representantes das firmas colaboradoras e a concelleira de Servizos Sociais, Dª María Jesús Teijo e o tenente de alcalde, D. Javier de la Fuente.


Erias

17-31 de xaneiro de 2009

No Edificio Liceo puido contemplarse unha mostra sobre a solidariedade e a paz, titulada *Galicia solidariedade*. Foi organizada polo colectivo *Marimanta* en colaboración coa Asociación Galega do Libro Xuvenil Galix, que reuniu a obra de ilustradores e escritores galegos.

23 de xaneiro de 2009

Foron numerosos os danos causados na comarca das Mariñas polos ventos furacanados e as choivas que trouxo consigo o temporal «Klaus».

24 de xaneiro de 2009

Na Sala Azul do edificio Liceo tivo lugar un obradoiro de creación literaria organizado polo Colectivo Marimanta e impartido polo escritor e editor Francisco Castro.

29 de xaneiro de 2009

Na Sala Multiusos do Edificio Liceo tivo lugar a presentación dun programa formativo de limpeza viaria co obxectivo de favorecer a integración social e a inserción laboral de mozos con discapacidade. No programa participaron un total de dez alumnos e foi posto en marcha polo Concello en colaboración co colectivo APEM (Asociación de Enfermos Mentais da Coruña) e o Consorcio das Mariñas. O acto foi presidido pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e nel estiveron presentes representantes destes colectivos así como a concelleira de Servizos Sociais, Dª María Jesús Teijo.

30 de xaneiro de 2009

Dentro do ciclo de conferencias organizado pola Asociación Xuvenil Siglo XXI de Betanzos en colaboración co Concello con motivo do bicentenario da Guerra da Independencia, celebrouse na Sala Multiusos do Edificio Liceo a impartida polo cronista oficial de Betanzos, D. José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro, titulada «La ocupación de Betanzos por los franceses 1809: la voz del pueblo».



30 de xaneiro

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra Cachai, interpretada pola compañía Miroscopio Perdicións, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

3 de febreiro de 2009

Faleceu D. Eduardo Muñoz Vales, polifacético artista betanceiro. Realizou excelentes debuxos para libros, revistas e periódicos, incluído o propio Anuario Brigantino. Tiña unha extraordinaria facilidade para a realización de caricaturas, que sobresaían pola súa agudeza e bo humor. Coñecido tamén pola súa faceta musical, coa súa guitarra participou en diversas agrupacións musicais da cidade ó longo dos anos, sen contar coa súa atracción pola maxia, que facía a ledicia dos seus amigos. Desde aquí recordámolo con moito agarimo.

5 a 27 de febreiro de 2009

Con motivo da exposición *Valle-Inclán: retratos, caricaturas e visións*, da autoría de Siro López, organizada polo Concello de Betanzos coa colaboración do Museo Valle-Inclán, celebráronse na Sala Multiusos do edificio Liceo dúas conferencias: A primeira, titulada «Mito e realidade do Valle-Inclán home», a cargo de D. Xaquín Valle-Inclán Alsina, profesor e neto do inimitable escritor arousán. A segunda, titulada «Ilustración e literatura con Valle-Inclán como modelo», pronunciada polo artista Siro López Lorenzo.

6 de febreiro de 2009

Na Sala Multiusos do edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro titulado *O monte do Seixo: paraíso perdido dos celtas*, do escritor Carlos Solla.

Febreiro de 2009

Realizáronse labores de limpeza das marxes dos ríos Mendo e Mandeo na zona urbana. Os traballos leváronse a cabo en colaboración coa Consellería do Medio Rural, que permitiu a contratación de seis persoas para realizar este traballo.

7 de febreiro de 2010

Dentro do programa *Vai de Camiño* que organizou a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, coa colaboración do Concello de Betanzos, celebrouse na Aula Municipal de Cultura un concerto a cargo de María Manuela, Pilocha, Susana Suances e Xiana Lastra.



Erias



Erias

13 de febreiro de 2009

Faleceu en Madrid Dª Joaquina González García, neta de D. Juan García Naveira. Os seus restos foron soterrados no panteón familiar do cemiterio municipal de Betanzos.

15 de febreiro de 2009

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Chicho e a Santa Compaña* interpretada pola compañía Lambríaca Teatro, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Febreiro

Na Sala Multiusos tivo lugar unha conferencia sobre nutrición e saúde, a cargo da técnica en dietética e nutrición, Dª Teresa Sánchez.

20 de febreiro de 2009

Visitaron Betanzos Dª Elina Naveira Velázquez del Carril e a súa filla Rocío, descendentes do benefactor Don Manuel Naveira. Foron acompañadas pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo Botana. En Madrid realizou xestións para

que a Federación de Neuroloxía Mundial (área demencias) coa que colabora, tivera 25 minutos nas xornadas do Día Mundial do Alzheimer, nas novas instalacións do «Proyecto Alzheimer» da *Fundación Reina Sofía*. Ofreceuse a colaborar coa alcaldesa na organización de proxectos desde diferentes áreas: saúde, voluntariado, recaudación de fondos, etc.

20-25 de febreiro de 2009

Desenvolveuse ó longo destes días o programa de festexos do Antroido elaborado polo Concello, con bailes, festas infantís e, como ven sendo habitual, rematou co Enterro da Sardiña.



Veiga

1 de marzo de 2009

Celebráronse as Eleccións Autonómicas Galegas, que trouxeron un cambio de goberno á Xunta de Galicia. En Betanzos a forza máis votada foi o PP con 3.674 votos (47,3 %), seguido do PS de G-PSOE con 2.558 (32,9 %), do BNG con 979 (12,5 %) e doutras forzas con 336 (7,3 %). En branco 214 e a abstención foi do 29,48 %.

1-12 de marzo de 2009

No Edificio Liceo puido contemplarse unha exposición do artista cubano Pango-Bárbaro Mirelys Reyes Mesa.

7 de marzo de 2009

O Parque Comarcal de Bombeiros, coincidindo co día do seu patrono, celebrou unha xornada de actividades na Praza do Campo, co obxectivo de mostrar ós cidadáns unha mostra dos materiais e equipamentos de que dispoñen, así como para facer unha demostración das diferentes técnicas que realizan nos servizos de emerxencias.

7 de marzo de 2009

Celebrouse a V Xuntanza de Labores Artesanais, que congregou no edificio Liceo a máis de medio milleiro de participantes de medio cento de colectivos de España. A organización correu a cargo da Asociación de Mulleres da Condesa e da Concellería de Servizos Sociais.

7 de marzo de 2009

No Centro Cultural de Santo Domingo celebrouse a asemblea xeral ordinaria do Consello Galego de Museos.

8 de marzo de 2009

Nun acto celebrado no edificio Liceo e coincidindo co Día Internacional da Muller Traballadora, concedéuselle a Dª Marieta Gómez Sánchez, a título póstumo, o Premio Úrsula Meléndez de Texeda, pola súa labor ó fronte da Asociación de Amas de Casa ó longo de máis de vinte anos. O premio foi instaurado polo Concello a proposta da concellería de Familia, dirixida por Dª Esperanza Sánchez, co obxectivo de recoñecer a persoas que destaquen pola súa actividade e traballo en favor da igualdade entre homes e mulleres.



Betanzos e a súa Comarca

11 de marzo de 2009

A alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e o concelleiro de Relacións Veciñais, D. Javier de la Fuente reuníronse co director executivo de Arriva en España e Portugal, D. Tony Williamson, que acudiu a Betanzos para participar na campaña que se levou a cabo na nosa cidade «Arriva Te Escucha», na que os usuarios aportaron as súas suxerencias para mellorar a oferta desta liña de transporte.

13 de marzo de 2009

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Rotas» interpretada pola compañía Pífano Teatro, organizada pola Asociación da Prensa da Coruña coa colaboración da Deputación da Coruña e do Concello de Betanzos.

14 de marzo de 2009

Os médicos de familia do Centro de Saúde de Betanzos, Dª Ana Prada, D. Eloy González e D. Antonio Asensi participaron nos «VIII Encontros dos Médicos Xerais e de Familia e de Galicia e I Encuentro gallego Asturiano», coa comunicación «La Salud en los medios de comunicación audiovisual. A propósito del programa Salud», que acadou o premio á mellor comunicación científica.

14 de marzo de 2009

Na Igrexa de San Francisco tivo lugar o concerto *Grandes Coros de Ópera*, interpretado pola Orquestra Sinfónica de Melide dirixida por Fernando V. Arias e coa colaboración especial da Orquestra do Norte e as corais Liceu Casino de Vilagarcía e o Eco da Coruña. O acto foi patrocinado pola Deputación da Coruña e contou coa colaboración do Concello de Betanzos.

14-31 de marzo de 2009

No Edificio Liceo puido contemplarse unha exposición de fotografía titulada *Raid de aventura, un deporte en la naturaleza*, organizada polo Club Gallaecia Raid coa colaboración do Concello de Betanzos.

17 de marzo de 2009

No Centro Cultural San Francisco tivo lugar un concerto didáctico-divulgativo organizado pola Orquestra Sinfónica de Galicia en convenio coa Deputación da Coruña, e coa colaboración do Concello de Betanzos.



21 de marzo de 2009

No edificio Liceo presentouse o programa *Cambiando actitudes*, organizado polo Concello de Betanzos co obxectivo de favorecer a igualdade entre homes e mulleres. O acto estivo presidido pola concelleira de Muller, Familia e Infancia, Dª Esperanza Sánchez. Dentro do mesmo realizouse o curso de «supervivencia doméstica» onde os participantes puideron aprender a realizar pequenos arranxos caseiros, ademais de cociñar ou limpar.

29 de marzo de 2009

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Chicho e a Santa Compaña* interpretada pola compañía Lambríaca Teatro, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

30 de marzo de 2009

O eurodeputado betanceiro, D. Antolín Sánchez Presedo participou na sede das Nacións Unidas en Nova York, nunha reunión da Comisión sobre Asuntos Financeiros Globais da Internacional Socialista, que estivo presidida polo premio nobel D. Joseph Stiglitz.



1-30 de abril de 2009
Organizada pola Rede de Bibliotecas de Galicia, puido contemplarse estes días no edificio Liceo a exposición titulada *Apaga a luz: Quero medo*.



Pariente

3-4 de abril de 2009
Organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE) coa colaboración do Concello, celebrouse na Praza do Campo o mercado de oportunidades «Mercabetanzos». Nel participaron máis de corenta comerciantes locais. A presentación do evento tivo lugar no Edificio Liceo a cargo da presidenta de ACEBE, Dª Antonia Anido e a alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo.



Pariente

3 de abril de 2009
Instalouse na entrada das oficinas do Concello do edificio Liceo, unha terminal para facilitar o servizo de procura e tramitación de demandas de emprego.

4 de abril de 2009
Organizado pola Asociación Xuvenil Prímula, celebrouse na Aula Municipal de Cultura un concerto do alumnado do Centro de Ensinanza Musical Adagio Cantabile.

4 de abril de 2009
O Concello e a Fundación CIEC (Centro Internacional de Estampa Contemporánea) asinaron un convenio de colaboración. A sinatura do convenio foi formalizada polo presidente da Fundación, D. Jesús Núñez, a alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e o concelleiro de Cultura, D. Pedro Gómez.

4-5 de abril de 2009
Nas pistas de ciclismo do Carregal desenvolveuse o *Campionato Galego de Patinaxe de Velocidade*, organizado pola Federación Galega de Patinaxe de Velocidade e o Concello de Betanzos.

4-19 de abril de 2009
No edificio Liceo estivo instalada a exposición de fotografía *Hermanos Mayo. Guerra Civil española*, organizada pola Deputación da Coruña e o Ministerio de Cultura, que permitiron contemplar un cento de fotografías, moitas delas inéditas, pertencentes ó arquivo da Biblioteca Nacional.

4-12 abril de 2009
Ó longo destes días celebráronse os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo sacerdote betanceiro e párroco de Mugardos, D. Casimiro Fernández, na igrexa de Santo Domingo. Os actos foron organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos. Este ano moitas das procesións programadas non puideron saír pola choiva.


César

5, 19Abril e 10 e 17 de maio de 2009
Celebráronse nestes días as Marchas Populares «Betanzos en Bici», organizadas polo Club BTT Caimanes de Betanzos en colaboración co Concello.
12 de abril de 2009
Finou neste día D. Luís López Cagiao, coñecido como Luís o Selleiro. Foi un dos últimos artesáns tradicionais e colaborador do Arquivo Municipal.
15 de abril de 2009
Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación da obra de teatro «E de maior quero ser…», dirixida ós centros educativos, dentro do Programa *Educar en Igualdade*, organizado polo Consorcio das Mariñas.


Betanzos e a súa Comarca

Abril de 2009
O Concello, a través da concellería de Muller, Familia e Infancia instalou un punto de lectura na sala de pediatría do centro de saúde do Carregal.

18 de abril de 2009
A Asociación de Veciños dos Remedios-A Ponte Vella, a Confraría de Nosa Señora dos Remedios e as parroquias de Betanzos, organizaron unha peregrinación coa Virxe dos Remedios á igrexa de Santa María de Pontevedra para conmemorar o milenario desta igrexa.


Arume




25 de abril de 2009
Ex-soldados de Cruz Vermella que prestaron servizos en Betanzos, reuníronse neste día nunha xornada de irmandade. Con este motivo inaugurouse unha mostra fotográfica que recolleu diferentes momentos da historia da agrupación en Betanzos. Os asistentes foron recibidos no Concello pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo.

25 de abril de 2009
A concellería de Muller, Infancia e Familia organizou para as familias brigantinas unha visita ó Arsenal de Ferrol.
27 e 28 de abril de 2009
Na Praza do Campo estivo instalado o autobús do proxecto «Brújula», promovido pola Asociación Galega de Empresas de Tecnoloxía de Información e Comunicación, onde os nenos aprenderon os riscos de Internet e a maneira de afrontalos. O proxecto, cofinanciado polo Ministerio de Industria, desenrolouse coa colaboración das Federacións de Asociacións de Pais de Alumnos (Confapa) e coa Obra Social de Caixa Galicia.

Abril de 2009

O Concello, a través dun programa de colaboración coa Xunta de Galicia, puxo en marcha un servizo de transporte adaptado, dirixido a persoas con dificultades de mobilidade para favorecer a súa autonomía e integración social.





Abril de 2009

Realizáronse neste mes obras de mellora do rendemento da depuradora, coa ampliación de bombeos da zona das Cascas e da Ribeira.

Maio de 2009

Ó longo deste mes levouse a cabo o programa de actos das Letras Galegas, organizado polo Concello, que este ano estivo adicado a Ramón Piñeiro. Para o seu desenvolvemento contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións municipais como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas, campañas de animación á lectura na Biblioteca Municipal, etc.



César

1 de maio de 2009

O canto dos Maios volveuse oír en Betanzos gracias á recuperación desta tradición pola Escola Municipal de Folclore.



Erias

4-15 de maio de 2009

puido contemplarse no edificio Liceo a exposición documental «Pioneiras, Mulleres Empresarias Galegas», organizada polo Servizo Galego de Igualdade e a Secretaría Xeral da Igualdade e EMEGA (Programa de Estímulo ás Mulleres Emprendedoras de Galicia).

6-31 de maio de 2009
Organizada polo Ateneo Republicano de Galicia, puido contemplarse no edificio Liceo a exposición documental titulada «II República Española. 75º aniversario (1931-2006)».
8 de maio de 2009
A Praza do Campo foi escenario da manifestación de gandeiros da comarca brigantina e Ferrolterra debido á crise do prezo do leite.





8 de maio de 2009
Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar o acto de presentación de *Restauro: Revista Internacional del Patrimonio Histórico*, dirixida polo betanceiro, D. Juan María García Otero (terceiro pola esquerda á beira de D. Alfredo Erias, coordenador xeral e de Dª María Heredia, xefa de redacción). O acto foi presidido pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e contou coa presenza do concelleiro de Cultura, D. Pedro Gómez.

8-10 de maio de 2009
Celebrouse no Carregal a XXIV Festa do Viño de Betanzos, organizada pola Asociación de Colleiteiros, que deu comezo coa lectura do pregón a cargo do Presidente da Fundación Juana de Vega D. Enrique Sáez Ponte.



El Metropolitano

8-10 de maio de 2009
Tivo lugar en Bellavista a IV Concentración de Motos de Betanzos, organizada por Furtivos de Galicia.
9 de maio de 2009
Dentro dos actos elaborados polo Concello con motivo das Letras Galegas, celebrouse na Aula Municipal de Cultura un concerto a cargo da Xove Orquestra de Cámara de Betanzos «Camerata Brigantina».
10 de maio de 2009
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *O club da calceta*, interpretada pola compañía Teatro do Morcego, e organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.
11 de maio de 2009
Visitou a nosa cidade o «Tren do Galego», unha iniciativa de Caixanova dirixida ós nenos, co obxectivo de acercalos a Galicia e ó idioma galego, así como de descubrirlles o pracer de viaxar en tren.
11-12 de maio de 2009
Nos centros educativos da cidade tiveron lugar actividades de conta contos, desenvolvidas pola compañía Duende Sico, e organizadas polo Concello en colaboración coa Deputación da Coruña.

14 de maio de 2009
A poetisa Yolanda Castaño pronunciou unha conferencia sobre o Día das Letras Galegas na Sala Multiusos do edificio Liceo. Presentouse así mesmo, a súa obra *Cando eu saiba ler*, realizada xunto co ilustrador betanceiro Xosé Tomás. O acto foi organizado pola Asociación de Amas de Casa e o Concello de Betanzos.

15 de maio de 2009
Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar un concerto didáctico para alumnos dos colexios da cidade, por conta do grupo *Betan Brass*, formado por alumnos e alumnas do Conservatorio Municipal de Música de Betanzos.

15 de maio de 2009
No Salón de Actos de Caixa Galicia en Betanzos, organizado polo Centro de Maiores de Caixa Galicia, tivo lugar un concerto do Coro Airiños de Caranza.



15 de maio de 2009
Na Aula Municipal de Cultura presentouse o libro *Betanzos. Apuntes históricos de esta Ciudad, que en un manuscrito envió al Ayuntamiento el Licenciado en Leyes D. Ramón Antonio García en 1880. Transcripción e anexo Manoel Lousa Rodríguez de Betanzos*. No acto participou a Agrupación Musical Carlos Seijo.

16-17 de maio de 2009
Tivo lugar no edificio Liceo a «I Mostra de asociacións betanceiras», organizada polo Concello de Betanzos.

17 de maio de 2009
Na Sala Azul do edificio Liceo tivo lugar a entrega de premios do 1º *Concurso de redacción Letras Galegas* dirixido ó alumnado de primaria e máis do *Concurso Contos de Betanzos* de recollida da tradición oral, dirixido a alumnado da ESO.

17 de maio de 2009
Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra *Aeroplanos*, interpretada pola compañía Lagarta Lagarta, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña 2009.



18 de maio de 2009
Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar unha charla lúdico-pedagóxica sobre Ramón Piñeiro, impartida por D. Brais Fernández.

19 de maio de 2009
A alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo mantivo unha reunión co presidente da Xunta de Galicia, onde se trataron, entre outros asuntos, a recuperación do casco histórico e a construción do novo colexio de infantil.

19 de maio de 2009
No IES As Mariñas tivo lugar un concerto didáctico de jazz dentro da II Mostra de jazz galego na comarca Jazz Mariñas, organizado polo Consorcio das Mariñas e patrocinado pola Deputación.

22-23 de maio de 2009

No edificio Liceo desenvolvéronse as *III Xornadas de Paisaxe Cultural do Noroeste. Revalorización da paisaxe*, organizadas polo Concello de Betanzos, o CEIDA e a Fundación Juana de Vega, baixo a coordenación de D. José Crespí Rodríguez. O acto inaugural estivo presidido pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo.



Betanzos e a súa Comarca

23 de maio de 2009

Con diversos xogos e concursos celebrouse no Pasatempo o *I Día da Familia*, organizado pola Delegación de Familia do Concello. No acto colaboraron diversas asociacións e entidades betanceiras.

23 de maio de 2009

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o «Torneo de debate de Betanzos» entre o IES Francisco Aguiar e o IES As Mariñas, coa colaboración da editorial Biblos.

24 de maio de 2009

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *A preguiza*, interpretada pola compañía Teatro del Andamio, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

26 de maio de 2009

No Salón de Actos de Caixa Galicia tivo lugar a representación da comedia, *Un xoguete para Goldoni*, adaptación da obra do mesmo título de Cándido Pazó, polo grupo de teatro do Centro de Maiores de Betanzos de Caixa Galicia.



Betanzos e a súa Comarca

27 de maio de 2009

Na Sala Multiusos do edificio Liceo presentouse a Campaña de Verán da Asociación de Comerciantes de Betanzos (ACEBE). No acto participaron a alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo, a presidenta de ACEBE, Dª Antonia Anido, e representantes de Gadisa, D. Antonio Cortés e Caixanova, D. Javier Álvarez.

31 de maio de 2009

Desenrolouse a XIII Media Maratón «Volta á Ría de Betanzos», organizada polo Club de Atletismo As Mariñas de Betanzos coa colaboración do Concello de Betanzos.

31 de maio de 2009

Organizado polo Concello, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura un concerto do grupo Folk-A-Tones.

Maio de 2009

Concluíron neste mes as obras de acondicionamento das avenidas: Jesús García Naveira, Linares Rivas e Fraga Iribarne.

Maio de 2009

Comezaron as obras de mellora da Travesía da Cortaduría, Irmandiños, Noas, Travesía da Torre, Calexa da Torre, Lanzós e do Ouro, todas elas situadas no casco histórico. Foron incluídas dentro do Fondo Estatal de Inversión Local.



Pariente



Betanzos e a súa Comarca



Betanzos e a súa Comarca

3 de xuño de 2009

Tiveron lugar os actos de celebración do trinta aniversario do club de fútbol Xockey. Por este motivo inaugurouse no edificio Liceo unha exposición de fotografías. O acto foi organizado polo Rotary Club de Betanzos, que contou coa presencia da alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo, e o concelleiro de Educación, Cultura e Deportes, D. Pedro Gómez. Rendéuselle unha homenaxe ó fundador do club, D. Luís Fernández.

5 de xuño de 2009

Un grupo de alumnos de primaria do Colexio Vales Villamarín plantaron varias árbores no parque do Pasatempo para conmemorar o Día do Medio Ambiente. Estiveron acompañados pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e o concelleiro de Cultura, D. Pedro Gómez.



Pariente

7 de xuño de 2009

Celebráronse as eleccións ó Parlamento Europeo, nas que acadou de novo un escano de Deputado o betanceiro, D. Antolín Sánchez Presedo. Licenciado en Dereito (Máster en Dereito da Unión Europea) e cunha longa traxectoria política: alcalde de Betanzos, deputado no Parlamento de Galicia, Secretario Xeral do PS de G-PSOE, candidato á Presidencia da Xunta, Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, Presidente do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Os resultados en Betanzos, nos que houbo unha abstención do 51%, foron os seguintes: PP con 2.502 votos, PS de G-PSOE, 2.106, Coalición por Europa, 422 e outras forzas con 284.



8-14 de xuño de 2009
No edificio Liceo puido contemplarse a exposición didáctica *Galicia Biodiversidade* organizada pola Xunta de Galicia e a Obra Social «la Caixa» coa colaboración do Concello de Betanzos.


Pariente

11 de xuño de 2009
As Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús inauguraron as novas instalacións do Centro Pai Menni, de atención a persoas con discapacidade intelectual, antes denominado Centro Nosa Señora do Sagrado Corazón. Ó acto, que estivo presidido pola conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, Dª Beatriz Mato, asistiron a conselleira de sanidade, Dª Pilar Farjas, o presidente da Deputación, D. Salvador Fernández, a superiora provincial das Irmáns Hospitalarias do Sagrado Corazón, Sor María Carmen Martín, D. Jaime Lafora en representación da familia García Naveira, a alcaldesa de Betanzos, Dª María Dolores Faraldo e varios concelleiros. O arcebispo de Santiago D. Julián Barrio foi o encargado de bendicir o local.

Xuño de 2009
Nas obras que se estaban a levar a cabo na rúa das Monxas e Fonte de Unta apareceron os restos da antiga canalización de auga que partía da fonte do Picho Carolo.


Betanzos e a súa Comarca

12 de xuño de 2009
A alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e varios concelleiros, visitaron as nova pista de pádel e os novos xogos infantís de Bellavista.


Pariente

13 de xuño de 2009
Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto do Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia, en xira dentro do *Festival Mozart Caixa Galicia A Coruña 2009* que organizou a Orquestra Sinfónica de Galicia.

14 de xuño de 2009
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *No es tan fácil*, organizada e representada pola Agrupación Teatral Mariñán.

16 de xuño de 2009

A Rede de dinamización da Sociedade da Información da Xunta de Galicia e o Concello, presentaron no Telecentro a «Memoria dos Oficios», unha iniciativa coa que se pretendeu recuperar e documentar traballos artesanais a través de documentos audiovisuais.





Betanzos e a súa Comarca

17 de xuño de 2009

Na Sala Multiusos do edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro de Luz Pozo Garza con ilustracións de José Valentín, titulado *Deter o día cunha flor*, a cargo da poeta, Olga Patiño. Posteriormente inaugurouse unha exposición dos gravados de José Valentín. No acto estiveron presentes o concelleiro de Comercio e Turismo, D Pablo Tomé e de Educación, Cultura e Deportes, D. Pedro Gómez.

19 de xuño de 2009

A Praza do Campo foi o lugar de partida da *Marcha nocturna en bicicletas*, dentro do programa de actividades do Club BTT Caimanes de Betanzos.



Pariente

19 de xuño de 2009

Visitou a nosa cidade o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, D. Antonio Boné, que estivo acompañado pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e varios concelleiros.

20 de xuño de 2009

No auditorio do Pasatempo tivo lugar o Certame de Danza As Mariñas organizado por Carmen Candales e o Concello. Participaron no mesmo as compañías: Latin Cross, da Coruña; Escola de Danza Sociedade de Sada; Estudio de Danza Allegro, de Ferrol; e as escolas Perla, de Arousa; e Terpsicore, de Betanzos.



Betanzos e a súa Comarca

20 de xuño de 2009

Celebrouse no campo de fútbol do Carregal un homenaxe a Manuel Bujía Cao, «Manucho», quen fora moitos anos xogador do Brigantium e despois utilleiro do equipo. O acto foi organizado por antigos xogadores do Brigantium.

20 de xuño de 2009

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o concerto de *Mónica de Nut Trío*, dentro do *II Festival Jazz Mariñas* organizado polo Consorcio das Mariñas e o Concello de Betanzos co patrocinio da Deputación da Coruña.



Veiga

21 de xuño de 2009

Celebrouse na Praza da Constitución o *XII Encontro de Bandas de Música*, organizado polo Concello de Betanzos coa participación da Banda de Música de Arca, a Banda da Escola Municipal de Música de Oleiros e a Banda Municipal de Música de Betanzos.

24 de xuño de 2009

Reuniuse en Betanzos o Consorcio do Camiño Inglés, que integran 18 municipios co obxectivo de preparar e promocionar esta ruta cara ó Ano Santo. Betanzos asumiu a presidencia do Consorcio.

27 de xuño de 2009

Numerosas persoas congregáronse na Praza do Campo para participar no fin de Festa do Comercio de Betanzos, organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos. Levantou gran expectación entre os asistentes o sorteo dun coche.



Pariente

30 de xuño de 2009

Nun acto que contou coa asistencia do director xeral de Industria, Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces, o director de Negocios Regulados de Gas Natural, D. Antonio Peris e a alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo, inaugurouse o gaseoducto Abegondo-Betanzos que subministra gas ó término municipal.

30 de xuño de 2009

Na sesión do Pleno celebrado na Casa Consistorial, presentaron a súa dimisión o concelleiro de Urbanismo e Persoal, D. Juan García Varela e o concelleiro de Seguridade Cidadá, D. Francisco Manuel Gestal.

Xullo de 2009

Ó longo deste mes celebráronse os Campamentos Urbanos e Obradoiros destinados a nenos entre 3 e 16 anos, co obxectivo de conciliar a vida familiar e laboral.


Pariente

Xullo de 2009

Ó longo deste mes desenvolveuse o programa «Noites de Cine» organizado pola Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos.

Xullo de 2009

Na Aula de Informática da Rede de Telecentros do Concello, desenvolveuse a promoción do IV Concurso de Curtametraxes na Rede *Curtas na Rede*, que convocou a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e o Consello da Xuventude da Xunta de Galicia. Proxectáronse as curtametraxes gañadoras das edicións anteriores.

4 de xullo de 2009

O Pasatempo e o Polideportivo Municipal acolleron a *Xuntanza de Maiores Betanzos 09*, organizada pola Consellería de Traballo e Benestar, como acto de clausura das diferentes actividades organizadas nos Centros Sociocomunitarios da provincia da Coruña.


Pariente

4 de xullo de 2009

Dentro do *Festival Vía Stellae 2009, IV Festival de Música de Compostela e os seus Camiños*, organizado pola S.A de Xestión do Plan Xacobeo da Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Betanzos, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo un concerto do Grupo *Ensamble Iulius XIII*, que interpretou o espectáculo «Ástor Piazzolla e o tango intelectual».


Pariente

8 de xullo de 2009

O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, D. Agustín Hernández e a alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo asinaron en Santiago un protocolo de colaboración para a inclusión de Betanzos como un dos Concellos beneficiados do Fondo Especial do Estado para a obra de remodelación da Praza do Campo. As obras leváronse a cabo ata finais de ano e consistiron na reforma do entorno dos soportais e das terrazas, enlousado da praza, instalación de xardineiras e entorno do palco.

8 de xullo de 2009

Na igrexa de San Francisco, organizado polo Concello de Betanzos, celebrouse un concerto do *Grupo de Música Antiga 1500*, dentro do programa de actos previos á *XI Feira Franca Medieval*.

9 de xullo de 2009

A nova asociación Amigos do Casco Histórico, presidida por D. Antonio Asensi, presentou o *Xogo do Tiruriru dos Mareantes de Betanzos*, un xogo de mesa deseñado por D. Luis Galán e que ten como obxectivo dar a coñecer a historia da cidade.



Erias

10 de xullo de 2009

No edificio Liceo celebrouse un acto de irmanamento coa cidade italiana de Collepasso, dentro do proxecto Europa cos cidadáns, promovido pola Unión Europea. O acto foi presidido polos rexidores das dúas cidades, D. Vito Perrone e a alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo. Estiveron presentes o delegado da Xunta de Galicia na Coruña, D. Diego Calvo, o eurodeputado, D. Antolín Sánchez Presedo, o vicepresidente da Deputación da Coruña, D. Antonio Lagares e o ex ministro de Sanidade, D. José Manuel Romay.

10-30 de xullo de 2009

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «A Autonomía galega nas caricaturas de Siro López», organizada pola Deputación Provincial da Coruña.



Erias

10-12 de xullo de 2009

Celebrouse a XII edición da Feira Franca Medieval con gran asistencia de visitantes. Houbo diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais: tributo das cen doncelas, queima da bruxa, expulsión de leprosos, carreira de bocois e torneos medievais. A feira deu comezo coa inauguración da alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e a lectura do pregón por conta do escritor e periodista betanceiro, D. Xesús Fraga:

Excelentísima rexedora do Concello de Betanzos, conveciños e paisanos, visitantes de lonxe e de cerca, miñas donas e cabaleiros,

Preséntome ante vós coa humildade propia da miña estirpe, a dos labregos que traballan dende hai centos de anos as veigas dos ríos Mandeo e Mendo, as leiras máis fértiles de Europa, cun modesto consello, pero que aceptaredes en toda a vosa sabedoría: esquecede os vosos reloxos, esas máquinas do futuro ás que non daredes uso nos vindeiros tres días. Agora, aquí, neste Betanzos medieval, son as campás que acabades de escoitar as que rexen o voso tempo.

Chegades aquí pola Porta da Vila, polas portas das pontes Vella e Nova, pola do Cristo, como hai cincocentos anos se adiantaban os serventes do Señor de Andade, aos berros de «panadeiras, cocede pan, que está na vila Fernán Pérez de Andrade!». Aquí atoparedes eses mesmos bolos, esas mesmas roscas, que fartaron a cabaleiros e vasalos, que gozaron da hospitalidade pola que este Betanzos segue a ser recoñecido. Trabade na miga preta do pan de maínzo e deixade que vos transporte ás rúas lastradas dun tempo que esta Feira Franca fai revivir, pero que deixou pegadas dabondo e só temos que reparar nelas para saber que nos acompañan dende sempre.

Chegades aquí pola Porta da Vila, a mesma na que locen os escudos de Betanzos, de Galicia e de El-Rei, porque esta cidade sempre tivo claro a quen debía lealdade. Camiñaredes por rúas onde aínda resoan os ecos dos martelos dos ferreiros, onde os da miña estirpe, os labregos, traen as súas legumes



e as súas froitas nun ciclo da fertilidade nunca interrompido, e onde, se prestades atención, pero moita atención, oiredes a buguina coa que na caída da tarde os mariñeiros anunciaban as robalizas, as xardas, que pescaran na ría. Labregos e mariñeiros que intercambiaban os seus papeis e que habitaban esas fermosas mostras de arquitectura popular que son as casas das Mariñas, de balcón e galería, onde quizais aínda poidades ver o maínzo a secar. Ben se que Betanzos é coñecido como a cidade dos cabaleiros. E hai testemuñas fermosas do tempo en que nobreza e clero rivalizaban en fachenda: aí tedes os pazos de Bendaña e de Lanzós, os de Tiobre e da Xerpe, as igrexas de Santiago, de Santa María e San Francisco, onde, de novo con humildade, vos aconsello que non vos perdades o espectáculo dos seus canzorros de sereas e outros seres míticos, nin os sobrios pero magníficos sartegos, en especial o do señor conde. Sei que está mal falar da súa tumba estando el en corpo presente, pero nel atoparedes a mellor escena de caza, unha película medieval en cinemascope, e o ben que lle acaía a armadura ao único señor feudal que alcumaron O Bo.

Pero xa está ben de cabaleiros de espada. Se houbo e hai uns cabaleiros e donas neste Betanzos son os que sustentan a tradición campesiña e dos oficios que, non o esquezamos, son quen mantiveron viva



Pariente


César

esta feira franca co resultado do seu traballo. Son os ferreiros, os ferradores dos Soportais, os mareantes da Ribeira, os zoqueiros, os sombrereiros, os prateiros, os xastres, as panadeiras, os panteleiros, os muiñeiros de Caraña e Roibeira, os carpinteiros, de ribeira e dos outros, os canteiros, os peneireiros, os toneleiros, os labregos e os adegueiros. Sen o seu labor calado non teriamos nin feira nin o espírito comercial que aínda impulsa a vida betanceira.

Así que, se atendedes ao que vos digo, gardade eses aparellos inutilizados que tedes no pulso e deixade que o tanxido das campás vos guíe por estas rúas e estes postos. Dise que cada un fala da feira como lle foi nela, e eu estou seguro de que a hospitalidade destes muros abertos non vos defraudará. Gozade do espectáculo, da pisaxe, da comida e do viño, que os bocois están a salvo e á vosa disposición.


César

Remato, non sen un derradeiro e humilde consello aos visitantes. Non deixedes que tanta beleza engane os vosos ollos: o que tedes ante vos non é nin un espellismo nin un decorado. Aquí hai pedras antigas e fermosas, pero entre elas vive xente de carne e oso, xente que precisa que a vosa presenza aquí traia nova vida a este castro de Untia, esta cidade medieval, este casco histórico que debemos coidar se queremos que manteña e recupere o seu esplendor. E, aos garelos, non sexamos como o cabaleiro do Lazarillo de Tormes, que escondía a fame dentro do esplendor dunha armadura, senón que presumamos con orgullo da nosa xema, pero sen deixar que ese orgullo nos impida ver a necesidade imperiosa de traballar xuntos por esta marabilla que resistiu séculos e agardo que resista moitos máis.

Xesús Fraga



Pariente

14 de xullo de 2009

No edificio Liceo tivo lugar a presentación dos *Libros Galegos contra a Violencia de Xénero*, co obxectivo de recoller sinaturas en toda Galicia e poder dispoñer os concellos dun técnico en violencia de xénero. Esta iniciativa foi promovida polo Concello de Betanzos a través da delegación de Muller, Familia e Infancia apoiada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. O acto presidido pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo contou coa presencia do vicepresidente da Fegamp, D. Francisco Fraga; o subdelegado do Goberno en Galicia, D. José Manuel Pose; a secretaria Xeral de Igualdade, Dª Marta González, a alcaldesa de Arteixo, Dª Pilar Souto, o concelleiro de muller de Curtis, D. Antonio Fraga e a concelleira de Familia, Dª Esperanza Sánchez.

17 de xullo de 2009

Dentro do *Festival Vía Stellae 2009, IV Festival de Música de Compostela e os seus Camiños*, organizado pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo da Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Betanzos, tivo lugar na igrexa de San Francisco un concerto de Mercedes Hernández e Fernando Reyes, titulado «Arias, cancións, motetes e scherzos de Claudio Monteverdi».

18 de xullo de 2009

Na Igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto de canto coral a cargo das agrupacións *Donosti Ereski* de San Sebastián e *Canta Compaña* da Coruña.

22 de xullo de 2009

No pleno deste día tomou posesión do cargo de concelleira do Partido Popular, Dª Lourdes Suárez Fernández, quen entrou a formar parte do goberno municipal asumindo as áreas de Persoal, Feiras e Festas.





24 de xullo de 2009

No pleno tomou posesión do cargo de concelleiro do Partido Popular, D. José Luis Santos Cobelo, quen entrou a formar parte do goberno municipal asumindo as áreas de Urbanismo, Tráfico e Seguridade Cidadá.



Arume

Presentación do Betanzos CF con presencia da alcaldesa, Dª María Faraldo e do concelleiro de Cultura e Deportes, D. Pedro Gómez.

25 de xullo de 2009

Na Praza do Campo celebrouse o Día de Galicia cun festival folclórico no que participaron: o Grupo Folclórico Principado (Lugones-Asturias), o Grupo de Danzas Familia Castellana (Miranda de Ebro-Burgos) e o Grupo de Baile Azougue da Escola Municipal de Folclore do Concello de Betanzos. O acto foi organizado polo Concello en colaboración coa Escola Municipal de Folclore.



Fersal

27 de xullo de 2009

Visitou oficialmente a nosa cidade a conselleira de Traballo e Benestar, Dª Beatriz Mato, quen foi recibida pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e diversos concelleiros. Un dos temas tratados foi o da nova escola infantil no Carregal.



Pariente

31 de xullo de 2009

Dentro das actividades incluídas no programa «Vive Betanzos no verán», organizada polas concellarías de Servizos Sociais e Muller, Infancia e Familia, tivo lugar no adro da igrexa de Santa María un espectáculo teatral a cargo da Agrupación Teatral Mariñán, composto de dúas pezas *Historia de un castillo muy viejo* de autor descoñecido e *A tía lambida* de Blanco Amor.

3-28 de agosto de 2009

No edificio Liceo estivo exposta a obra pictórica de José Luis Fernández Rodríguez (Monforte), baixo o titulo «Mirando a Betanzos».

Agosto de 2009

Neste mes desenrolouse o ciclo de concertos «Un verán de músicas», organizado polo Concello, no que participaron o cantautor *Miks* e grupos como *Los fabulosos cubatas the Fochinck brothers* ou *Los Santos*.

7 de agosto de 2009

No edificio Liceo proxectouse o documental realizado por D. Antonio Río López titulado «San Paio, semblanza dun neno martir». A presentación correu a cargo da profesora de historia e arqueóloga, Dª Ana Romero Massiá.

7 de agosto de 2009

Na Praza da Constitución celebrouse «DesConcerto», organizado por Galiza Nova coa colaboración de Mandeo Records, na que participaron diversos grupos musicais locais como *Quando Vand* ou *Casual Troupe* e os coruñeses: *Skarallados* e *Fracasados de antemano*.

13 de agosto de 2009

No convento de San Francisco celebrouse o tradicional Concerto Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación Carlos Seijo, Coral Polifónica e Banda Municipal de Música. Este ano como novidade contouse coa participación da soprano betanceira, Pilar Pérez Prado.



Arume

14 de agosto de 2009

Na Praza da Constitución, a alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo, coroou á raína das festas, a moza brigantina, Raquel Sánchez Mosquera. Seguidamente desde o balcón da Casa Consistorial, tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do eurodeputado betanceiro, D. Antolín Sanchez. Este acto representou o comezo oficial das festas que este ano, entre outras atraccións, contou coa presenza do cantante Carlos Baute e grupos como Milladoiro. Como novidade hai que salientar o concurso hípico celebrado no Carregal.



Arume

Pregón das Festas

Señora Alcaldesa, Concelleira de Festas, membros da Corporación municipal, amigas e amigos

Antes de nada, grazas por convidarme a ser o mensaxeiro, en grego o anxo, que anuncia a boa nova das nosas Festas Patronais. Quero que as miñas primeiras palabras, tras a cerimonia de Coroación,

sexan de felicitación para Raquel, a nosa fermosa Raíña das Festas, as súas encantadoras damas e os seus distinguidos acompañantes. Non hai eloxios abondos no dicionario. Poden vostedes contemplalos. Son unha mostra espléndida de garelos no novo milenio. O orgullo dos seus maiores e a promesa do noso porvir.



Betanzos sempre puxo as súas festas no máis alto. Así o entendemos todos os que temos exercido de alcaldes ata hoxe, dándolles o mellor de nós mesmos. Iniciámolas ascendendo ao cume da cidade, nesta alegre cerimonia que exalta a beleza e a vida. No mundo clásico, Apolo representaba a beleza e Dioniso a forza vital. Díxose que nesta dualidade está a orixe da traxedia grega. E, por suposto, da festa betanceira.

A festa é a arte suprema. Creación e imaxinación. Por iso, como celtas, inventores da cultura do metal, faremos repicar a campá para anunciar a convocatoria aberta de festexos no bosque urbano brigantino. E en numerosas ocasións a pólvora encherá o ceo de fantasía reproducindo o prodixio oriental de substituír tronos por bombas e lóstregos por fogos de artificio.

O agradecemento de Betanzos é verdadeiro, sentido, e polo tanto perpetuo. O noso patrón San Roque e a nosa patroa Santa María do Azougue, con independencia do seu puro significado relixioso, seguen representando unha guía excelente para os desafíos da nosa sociedade. Vivimos nun mundo que padece unha pandemia e a primeira crise económica global froito da desorde e da avaricia. San Roque foi, con case setecentos anos de adianto, un voluntario europeo dedicado a curar e atender enfermos. Santa María do Azougue, cuxa invocación inspira á convivencia entre civilizacións xa que xunta a palabra Santa, de orixe cristiá, e a palabra Azougue, de orixe árabe, que denomina a praza onde se celebra o mercado, evoca os valores da economía do futuro, isto é, orientada ás necesidades do fogar e das persoas concretas, comprometida radicalmente coas xeracións



Arume

vindeiras, fiable. O seu copatrocinio simboliza a paridade entre home e muller, que tamén pode recoñecerse nas marabillosas escenas de caza de Fernán Pérez de Andrade, que só poden entenderse totalmente se se unen ás de Diana Cazadora.

Betanzos ama a vida. No mellor espírito franciscano, levaremos enriba dos ombros un can e un ramo de uvas sostido polo propio patrón. Ben, un can ou unha cadela, non se sabe. Hai quen di que non ten rabo, mais a súa imaxe nos baixorrelevos das nosas Igrexas non é a dun exemplar incompleto senón superdotado, que toca a gaita. Homenaxeamos así a lealdade e a amizade, auténtica dita e privilexio mesmo no medio dos infortunios. As uvas conteñen unha mensaxe elaborada, lembran que a través do cultivo da natureza e o traballo podemos achegarnos aínda máis aos nosos semellantes. Especialmente co viño; por iso o poeta dixo que o noso viño mariñán «*non é un amigo que é un irmán*». Isto explica que reservemos o ramo de loureiro para coroar as adegas de viño do país, auténticos santuarios irmandiños. Alí, compartindo o viño con tortilla, empanada e outras afamadas exquisiteces mariñás, a confraternidade é perfecta. Todas as mesas chegan a ser unha, a táboa artúrica –a mesa redonda- materialízase nesta cidade chamada tamén por isto cidade dos cabaleiros.


Veiga

El Globo y los Caneiros representan el hermanamiento cósmico y la fiesta total. En todos los planos (vertical y horizontal), por todos los medios (tierra, mar y aire), con todos los elementos (sólidos, líquidos y gaseosos) y a todos los grandes destinos (el cielo y la idílica Arcadia). Si Julio Verne hubiera visto el Globo de Betanzos y participado en alguna Gira a Os Caneiros podría haber anticipado que viviríamos en un mundo global y que el futuro estaría en el retorno a la naturaleza. ¡Ya le hubiera gustado firmar nuestros programas de fiestas!

Gracias a la familia Pita por el globo un año más, gracias también a todos los colaboradores anónimos de los festejos. Me gustaría llamar la atención sobre un aspecto del globo que pone de manifiesto la inmensa creatividad de los brigantinos. Nuestro globo es mucho más que el artefacto volante de papel más grande que se conoce: el Globo de Betanzos es la Revista de Humor más original de nuestro planeta, el Anuario humorístico con el formato más increíble de cuantos existen. Es la única publicación de un solo ejemplar dirigida a todos los públicos, incluyendo los que ya no están con nosotros. Para conseguirlo, no se tira sino que se eleva. Además, según el rito procedente de viejos alquimistas, antes de soltarlo se le da una *reviravolta* para que salga en dirección a nuestros antepasados de los Remedios y a nuestros ancestros de Tiobre. Quiero agradecer a Carlines, a los hermanos Muñoz, a Lito, a Palla, a Galán y a tantos artistas desinteresados la portentosa exhibición de talento que plasmaron en sus cuarterones. Y ya que hablamos de arte en este incomparable entorno monumental y recreativo, admiremos nuestras centenarias danzas gremiales, gocemos con las melodías de nuestra flamante banda de música y reconozcamos la obra de Jesús Núñez, nuestro célebre artista que ha convertido a Betanzos en vanguardia y capital del grabado internacional.



Arume

En Betanzos no conocemos donde empieza lo imposible. Aquí suceden cosas que son, a la vez, inauditas y clamorosas. Vean la estatua de la Caridad y luego la de los hermanos García Naveira. Aprecien como, desde antes de que existieran la telefonía móvil y las redes de tecnología inalámbrica, hay una conversación entre ambas. La Caridad habla y don Juan escucha y actúa. Es un recordatorio de que los valores son como una conversación permanente que nos une y mueve a la acción.

Somos gente de valores, valerosa, y por tanto optimista. Aprendimos que la determinación humana es más fuerte que la ley de la gravedad mucho antes de que el hombre pusiera el pie en la luna, hace 40 años. Aunque según la gravedad todo lo que sube baja, sabemos que somos capaces de conseguir que lo derrumbado vuelva a levantarse y de evitar el declive. Por eso pondremos nuevamente en pie la casa gótica y haremos realidad nuevas proezas y hazañas.



Veiga

Betanzos es un pueblo mágico. Galicia es el «*finisterrae*» porque es el fin de la tierra y también el principio del más allá; por eso Santiago tiene el pórtico de la gloria y Betanzos, la histórica capital donde los ríos van a parar al mar, «*as portas do alén*». Son nuestras puertas medievales. A algunos incrédulos les choca que hablemos de «*a porta da Vila*», «*a porta do Cristo da Ribeira*» y otras que no existen físicamente. Sólo ven huecos y arcos. No estamos equivocados, hay más que retranca en nuestro modo de hablar. Primero decidimos abrir las puertas y después retirarlas para que a nadie se le ocurriese volver a cerrarlas; pero eso no puede hacernos olvidar que el acceso a lo extraordinario sigue ahí. Una buena mirada para descubrirlo es con los ojos abiertos de la fiesta. La fiesta es una sana invitación a soñar despiertos.

Inténtelo. Para empezar, sonrían, es gratis y todos pueden hacerlo; la sonrisa acorta distancias y es idioma universal. Tómense un tiempo libre, jueguen con sus hijos, reúnanse con la familia, estén con los amigos, saluden a los vecinos, visiten a los enfermos, paseen a los inválidos, recuerden a los ausentes, acérquense a quienes les necesitan, arreglen las diferencias, premien a las mascotas,



Arume

sigan algún pasacalle y den gracias por todo. Enróllense y estírense, sean generosos. Coman y beban, brinden siempre. Canten (mejor bien entonados aunque sin dar la nota) y bailen (preferiblemente acompañados y, mejor aún, agarrados), ríanse todo lo que puedan en esta tierra acogedora y servicial… Y no olviden que aquí nunca se toma la última; a lo sumo, la penúltima. Siempre hay que dejar algo para el día siguiente porque la vida es inagotable. Celebrémosla. Experimenten que eso de «*¡vivir en Betanzos que bonito es!*» es más que la letra de una canción.
¡Atención!, las mejores fiestas del mundo van a comenzar. Gracias por el programa municipal de festejos. Tened presente que en Betanzos el programa somos todos porque en este pueblo libre, divertido y cosmopolita todos están llamados a disfrutarlas y a pasarlo bien, ahora y siempre. Salud y felicidad para todos. Se os quiere.
Os invito a cerrar conmigo este pregón pronunciando las palabras que vais a adivinar después de las mías: ¡Viva Betanzos!, ¡VIVA!, ¡Vivan nuestros patronos!, ¡VIVAN!, ¡Vivamos todos!, ¡VIVAMOS!

Antolín Sánchez Presedo

15 de agosto de 2009

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Alicia Río Santos, que recibiu a coroa de mans da alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo. Seguidamente Juan González deu lectura ó pregón infantil.



Arume

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque
Atópome novamente ante a túa xenerosa presenza, como Alcaldesa de Betanzos, en representación de todos os cidadáns, para renovar o agradecemento, a mediación e axuda que en momentos especialmente difíciles nos prestaches cando a enfermidade e as pestes nos asolaban. Un ano máis, axeónllome ante Ti coa humildade propia da significada representación que teño, pero ao mesmo tempo co

orgullo e o privilexio da testemuña deste pobo agradecido, fágoche esta sentida presentación en demanda de axuda e auxilio que sempre tiemos de Ti.

Cando intercediches tan decididamente por nós, fuches quen de librarnos da peste. A sociedade actual ten outras para as que che pido a Túa axuda. Nunca debimos pensar que os bos tempos ían ser eternos, e agora atopámonos no medio dunha crise económica que espalla as súas sombras por todas partes. E tamén Betanzos sufre os seus efectos, como se dunha peste antiga se tratar. Hai quen perde o seu traballo, hai empresarios que xa non poden resistir máis e mesmo a algunhas institucións públicas se lles plantexan dificultades. Pero, con todo, o máis preocupante pode ser a perda da ilusión, da esperanza no futuro, porque iso sí que nos levaría ao fracaso de verdade.

Esta é a razón principal pola que estou hoxe diante de Ti, para que nos ilumines, Señor, o camiño, para que nos axudes a buscar no fondo dos nosos orazóns todo aquilo que nos fixo fortes ao longo da historia. Volver a mirarnos nas nosas tradicións, e, ao mesmo tempo, aprender a innovar, a buscar outros camiños, sabendo que todos estamos neste mundo e que o que fagamos aquí afecta dalgunha maneira a todos os demais. En todas partes temos que aprender que o noso futuro vai unido ao dos demais seres, que todas as formas de vida están ligadas entre sí dalgún xeito e que agora chegou o momento de cambiar vellos hábitos. Xa ves que non é pouco o que residen fora pero que manteñen raíces co seu pobo, sen esquecernos tampouco dos nosos veciños máis próximos, os da nosa comarca, nin tampouco os da nosa Comunidade Autónoma.

Pídoche Señor que estas dificultades nos fagan máis fortes e se convertan nunha gran oportunidade de cambio positivo para todos, de maneira que se produza o renacemento dun novo Betanzos.

Non todo se fai con cartos, os galegos en xeral e os betanceiros en particular sabémolo ben. Aforza está nos nosos corazóns. E falando de betanceiros, hoxe é o día no que teño a obriga de lembrar tantos e tantos emigrantes da nosa terra que anda polo mundo. Sei ben que non se lles pasará a ningún por alto que hoxe é o Teu día. E sei tamén que á beira desa lembranza estará máis dunha bágoa. Para todos eles, para as súas familias, para os seus fillos, pídoche tamén a túa proteción, que saiban que nós tampouco os esqueceramos, que sempre os levamos no noso pensamento e no noso corazón. Ao igual que os inmigrantes que hoxe forman parte do noso pobo, aqueles que viñero doutras terras na procura un futuro mellor para eles e para os seus fillos. Nós sabemos ben o que é iso, e abrímoslles os bazos hoxe e todos os días. Porque eles tamén son betanceiros na medida en que queiran selo.



Árume

Señor San Roque, pídoche tamén e máis nestes días, a túa olabroración para acabar co terrorismo. Fai que non queden máis seres humanos desamparados e sen os seus queridos por unha lacra social que non se xustifica. Protexe igualmente, a todos aqueles que están a participar en conflictos internacionais, algún deles betanceiro, en busca da paz, a tolerancia e o respecto dos dereitos humáns.

Pídoche tamén polos nosos maiores, mulleres e homess, homes e mulles para que lles deixen anos de descanso os que nos poidan transmitir as súas vivencias e para que nós tamén poidamos aprender das súas

esperiencias. Tampouco te esquezas da nosa mocidade, protéxeos para que atopen unha solución digna as súas vidas, máis nestes tempos que nos toca vivir, prémiaos para que non franqueen fronte aos obstáculos do día a día.

Enche tamén de diálogo, comprensión, solidariedade as nosas vidas, máis, se cadra, de cara ao ano que ven, Ano Xacobeo, no que Betanzos representa pola súa historia e situación, un punto importante do camiño.

Señor San Roque, teño tamén que falar das mulleres, polas que, como xa che pedín noutra ocasión, sofren abusos e malos tratos e por aquelas que viven en países con culturas que non permiten o desenvolvemento de sistemas políticos-xurídicos, capaces de ecoñecer os seus dereitos polo feio de nacer muller.

Señor San Roque , os betanceiros seguimos a confiar na túa xenerosidade, por eso che dedicamos o mellor das nosas festas, o día grande no que facemos un rjitual que ven do máis fondo das nosas tradicións galegas e que debemos lembrar o resto do ano: comamos, cantemos e danzemos xuntos.


César

Xuntos é a palabra, porque xuntos podemos enfrontarnos a calquera cousa. Xuntos faremos posible o futuro.

Intercede por nós nestes tempos, protéxenos tí só sabes facelo.

Deus o queira.

María Faraldo
Alcaldesa de Betanzos

16 de agosto de 2009

O globo de papel, que vén realizando a familia Pita desde o século XIX, emprendeu como cada ano a súa viaxe cara ó ceo brigantino, despois de dar un pequeno susto antes de despegar.

18 e 25 de agosto de 2009

Gran cantidade de persoas en lanchas engalanadas disfrutaron destes dous días de festa polo río e campo dos Caneiros.


Veiga

23 de agosto de 2009
Celebrouse no edificio Liceo o III Torneo San Roque de xadrez, organizado polo club Xadrez Betanzos, que acolleu preto dun cento de participantes. O gañador foi Walter López Rodríguez.

24 de agosto de 2009
Na praza do Campo desenrolouse o espectáculo lúdico musical *Cultura en ruta* froito dun convenio entre Caixanova e o Concello. Participaron nel a compañía *Clown Roi*, *O Cagabolas*, *La Banda del Camión* e o grupo *Brath.*

1-13 de setembro de 2009
No edificio Liceo estivo exposta a obra pictórica de Rocío Osorio (Xixón), titulada «Tantos lugares por habitar».

6 de setembro de 2009
Na praza do Campo desenrolouse o *Día da Bicicleta* organizado polo Club BTT Caimanes Betanzos.

7 de setembro de 2009
O Concello recibiu da Obra Social Caixa Galicia mil libros infantís, co obxectivo de acercar ós nenos ás enfermidades dexenerativas como o alzheimer ou o párkinson. Os libros repartíronse entre os centros educativos da localidade.


Veiga

8 de setembro de 2009
Celebrouse a tradicional romaría dos Remedios no barrio da Ponte Vella, que congregou, como ven sendo habitual, a numerosas persoas da comarca.

12-13 de setembro de 2009
Celebrouse na praza do Campo a *III Edición da Festa da Tortilla de Betanzos*, organizada polo Concello coa participación de restaurantes da cidade. A festa deu comezo coa lectura do pregón a cargo do periodista, D. José Manuel Orriols. A presentación dos actos correu a cargo do periodista coruñés D. Pablo Portabales. O premio para a mellor tortilla foi para o bar O Pote, que estaba integrado por: Dª María Jesús Fernández, Dª Lidia Mª Vargas e D. Alberto García.


César

15 de setembro de 2009
Presentouse en Abegondo a asociación para o desenrolo rural *Mariñas-Betanzos*, conformada por dezaseis concellos: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza, Paderne e Sada. O acto estivo presidido polo alcalde de Abegondo e presidente da asociación, D. José Antonio Santiso, o vicepresidente e alcalde de Paderne, D. Cesar Longo, así como o xerente da entidade, D. Jorge Blanco.



Betanzos e a súa Comarca

18 de setembro de 2009

Visitou a nosa cidade o conselleiro de Xustiza, D. Alfonso Rueda, quen estivo acompañado pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e varios concelleiros. Na visita estivo presente a posibilidade de creación dun cuarto xulgado en Betanzos.



18 de setembro de 2009

Na Sala Multiusos do edificio Liceo presentouse o nº 31 do Anuario Brigantino. O acto estivo presidido pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo, a quen acompañaban D. Jesús Veiga, en representación da Deputación Provincial, o concelleiro de Cultura, D. Pedro Gómez e o director da publicación, D. Alfredo Erias. A presentación correu por conta do letrado do «Consejo de Estado» e ex ministro de Sanidade, D. José Manuel Romay Beccaría.



Arume

19 de setembro de 2009

Organizada pola Organización Literaria Pluricultural Amencer, tivo lugar na Sala Multiusos do Liceo a escolma poética *Latidos-latexos*, con poemas de Lucía Vilches, Oscar de Souto, Carmen Corral, Antón Borrazás e Begoña Picón.

21 de setembro de 2009

Visitou a nosa cidade o conselleiro do Territorio, D. Agustín Hernández, quen estivo acompañado pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo. Un dos temas a tratar foi o de mellorar a seguridade vial na ponte sobre o ferrocarril en Infesta e a estrada en dirección a Abegondo.



Pariente



29 de setembro 2009

Visitou Betanzos a profesora holandesa Mireille Madou na compaña de diversas persoas, entre as que se atopaba Danielle H.A.C. Lokin, directora do Museo Gemeente de Delf, Holanda. Mireille Madou é unha gran amiga do Museo das Mariñas (na foto, co seu director) desde hai moitos anos e a ela se debe a doación dos gravados do Apostolado de Rubens, procedentes de Amberes (s. XVII).

1 de outubro de 2009

Dentro do *XX Festival Internacional de Música de Pulso y Púa, Cidade de Cristal* que organiza a Agrupación Musical Albeniz, coa colaboración do Concello de Betanzos, tivo lugar na aula de Cultura un concerto de *Irina Kazimirskaia & los trovadores de Logroño* (A Rioxa).



2-11 de outubro de 2009

Desenvolveuse no edificio Liceo o Festival Internacional de Títeres *Galicreques 2009*, no que participaron os seguintes grupos: Títeres de Bienteveo (Arxentina), Teatro Escena (Galicia), Teatro Arbolé (Aragón), Vagabundo Títeres (Chile), La Rana Sabia (Ecuador), La Hormiga (Arxentina), Los Bufones (Arxentina), Panta Rhei (Euskadi) e Ángeles de Trapo (Uruguay). Puido contemplarse así mesmo a exposición titulada «Títeres en Hispanoamérica». O certame, organizado pola Asociación Barriga Verde, contou co patrocinio da Deputación Provincial do Consorcio das Mariñas e coa colaboración do Concello.

3 de outubro de 2009

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra titulada *Mentirosos*, por conta da compañía *Sal-Monela Teatro*, coa colaboración do Concello de Betanzos.

3-4 de outubro de 2009

Celebrouse na Praza do Campo a IV edición de *Mercabetanzos*, contando con abundante público en busca das oportunidades de temporada. Foron 35 os comercios participantes.



Pariente

10 de outubro de 2009

A alcaldesa, Dª María Faraldo Botana, descubriu (xunto a D. Andrés Otero Botana, concelleiro que na anterior corporación iniciou as obras) a placa que inauguraba o edificio do Matadeiro despois da súa rehabilitación en varias etapas. Por este motivo realizouse unha exposición de fotografías relativas á zona en que está enclavado o edificio e titulada «Un barrio en imaxes».

11 de outubro de 2009

No marco dos actos da hispanidade, a Asociación Galega Centro Betanzos de Bos Aires recibiu a Medalla de Honra da Emigración na categoría de ouro. Foille outorgada polo ministerio de Traballo e Inmigración, pola súa labor pioneira do asociacionismo e na atención das necesidades dos emigrantes, así como pola salvagarda da cultura galega. Fixo a entrega a directora xeral da Cidadanía Española no Exterior, Dª Pilar Pin. No acto estivo presente o embaixador de España, D. Rafael Estrella.

13 de outubro de 2009

Enmarcado dentro dunha campaña de promoción do Viño da Terra, tivo lugar unha xornada adicada a achegar ós máis pequenos os traballos de elaboración do viño, comezando coa vendima e o pisado da uva. Na organización da xornada participaron as asociacións de pais dos colexios Vales Villamarín e Atocha, as Bodegas de Viña Ártabra e o Concello.

14 e 19 de outubro de 2009

Desenrolouse na Aula Municipal de Cultura o Programa *Bocaberta* de dinamización lingüística, dirixido ós escolares do Concello. Púxose en escea o espectáculo Lingua máxica, por conta de Crystyan Magic e *Contos musicados* por conta de Servando Barreiro.

15-31 de outubro de 2009

Ó longo destes días puido contemplarse no edificio Liceo a exposición de fotografía «Galicia en foco, o fotoxornalismo galego» organizada polo Club de Prensa de Ferrol.

16-17 de outubro de 2009

No Paseo da Tolerancia celebrouse a *BrigoBirra 2009*, que organizaron os establecementos de hostelería da Cañota-Fonte de Unta. Contaron con diversas actuacións musicais como *Casual Troupe*, *Captain Morgan*, *Aerosoul*, *Qando Band*, José Luis «O de Uxes», *Skarallaos*, *Black Bum* e *Chingüeys*.



César

21 de outubro de 2009

Visitou a nosa cidade o delegado do goberno en Galicia, D. Antón Louro, que foi recibido na Casa Consistorial pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e o tenente de alcalde, D. Javier de la Fuente. O obxectivo da visita foi comprobar diversas obras realizadas cos Fondos Estatais de Inversións Locais.

19-25 de outubro de 2009
No edificio Liceo desenvolvéronse sesións de simulación de observación das estrelas patrocinadas pola Obra Social La Caixa.



Erias

29 de outubro de 2009
Neste día a empresa adxudicataria comezou o derribo de varias estruturas de edificios que estaban sen rematar e en proceso de abandono no entorno do parque do Pasatempo.



Pariente

6 de novembro de 2009
Unha subvención da Consellería de Cultura e Turismo permitiu dixitalizar unha parte dos fondos conservados no Arquivo Municipal de Betanzos. Nun acto celebrado no propio arquivo, o representante da empresa adxudicataria, D. Carlos Raya fixo entrega á alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo dos

fondos dixitalizados. No acto estiveron presentes o tenente de alcalde, D. Javier de la Fuente, o concelleiro de Cultura, D. Pedro Gómez e o director do arquivo, D. Alfredo Erias. Cando sae á luz este Anuario Brigantino xa pode verse esta dixitalización en internet:

http://hemeroteca.betanzos.net



Betanzos e a súa Comarca

6 de novembro de 2009

Supermercados Gadis e a Concellería de Muller, Familia e Infancia presentaron a campaña «Leo, Leo...Que les», consistente en instalar no supermercado un punto de lectura para os máis pequenos. Na presentación do posto estivo presente o director de marketing de Gadisa, D. Antonio Cortés, o tenente de alcalde, D. Javier de la Fuente, a concelleira de Muller, Infancia e Familia, Dª Esperanza Sánchez e a bibliotecaria da Biblioteca Municipal Castelao, Dª Pilar Vázquez.



Erias

7 de novembro de 2009

Como ven sendo tradicional, os betanceiros que cumpriron o medio século reuníronse para celebrar o acontecemento.

8 de novembro de 2009

Organizado polo Concello e dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC representouse na Aula Municipal de Cultura a obra «Só», interpretada pola compañía Abada Teatro-Carlos Blanco.

9-10 de novembro de 2009

María Jesús Fernández Losada, como gañadora da *III Edición da Festa da Tortilla de Betanzos*, participou no *XI Campeonato de Tortilla de Patata*, trofeo Coca-Cola, de nivel nacional en Alicante, onde acadou o terceiro posto.



Betanzos e a súa Comarca

9 de novembro de 2009

Visitou a nosa cidade o conselleiro de Cultura, D. Roberto Varela, quen foi recibido pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e varios concelleiros. Un dos temas que se tratou foi a necesidade dun auditorio e a posible asimilación da xestión do CIEC (Centro Internacional de Estampa Contemporánea) pola Xunta de Galicia.



César

19 de novembro de 2009

Dentro do *Programa Bocaberta* de dinamización lingüística, dirixido ós escolares, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a actividade *Creando historias* por conta de Anxo Fariña.

22 de novembro de 2009

Dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC e organizado polo Concello, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación teatral da obra «O día do pai» interpretada pola compañía Malasombra.

20 de novembro de 2009

Na Sala Capitular do Concello, con motivo do Día Mundial da Infancia, alumnos dos colexios da cidade exerceron de concelleiros e presentaron varias propostas, nunha sesión presidida polo tenente de alcalde, D. Javier de la Fuente e a concelleira de Muller, Infancia e Familia, Dª Esperanza Sánchez.



21 de novembro de 2009


A igrexa de San Francisco foi elixida pola Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, que dirixe D. Xosé Luis Foxo, para gravar un CD e DVD. No evento participou a Coral Polifónica de Betanzos. A alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo fixo entrega dunha placa conmemorativa ó laureado director.



Pariente

23-28 de novembro de 2009





Celebrouse ó longo destes días o *II Festival Internacional de Cine Documental das Mariñas Xanela ao Mundo (XÓM)*, organizado polo Concello coa colaboración da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, e baixo a dirección do cineasta brigantino, D. Xosé Carlos Soler. Presentáronse un total de sesenta e cinco traballos, dos que resultou gañador «El Rebusque» de Monica Moya, un documental sobre a realidade de Bogotá. Paralelamente ó festival presentáronse os traballos realizados polos alumnos do Taller de Creación Audiovisual. A entrega de premios tivo lugar no edificio do antigo matadoiro, nun acto presidido pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e no que estivo presente o director xeral de Medios da Xunta de Galicia, D. Alfonso Cabaleiro.

25 de novembro de 2009

En conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, tivo lugar na praza da Constitución unha concentración presidida pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo, e que contou coa presencia de varios concelleiros, alumnos da cidade e público en xeral.

1 de decembro de 2009



Pariente

A partir deste día e ata o mes de xaneiro desenvolveuse o programa de festexos do Nadal organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Marina García Gómez do colexio Nosa Señora do Carme de Atocha, que resultou gañadora do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.

3 de decembro de 2009



Pariente

A alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e o director xeral de Promoción do Emprego, D. Andrés Hermida, o tenente de alcalde, D. Javier de la Fuente e o concelleiro D. Andrés Porcas, presentaron en Caraña a Escola Obradoiro do Río Pelamios, co obxectivo de acondicionar o entorno do río de Caraña e ó mesmo tempo empregar a trinta e cinco persoas do Concello.

4 de decembro de 2009

No edificio Liceo a alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo, o tenente de alcalde, D. Javier de la Fuente e o delegado de Cultura, D. Pedro Gómez, presentaron o primeiro «Ciclo de Teatro en Familia», co obxectivo de facer disfrutar dos espectáculos teatrais a pais e fillos conxuntamente.

6 de decembro de 2009

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra «Nunca Menos» interpretada pola compañía *Fulano, Mengano e Citano*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

10 de decembro de 2009

O Presidente da Deputación da Coruña, D. Salvador Fernández Moreda e o responsable da área económica, D. Antonio Lagares, presentaron na Deputación da Coruña a campaña «Refuxios do Mandeo», co obxectivo de dinamizar a economía e potenciar unha rede hoteleira de calidade nos concellos polos que atravesa o río Mandeo, a través do Fondo Europeo do Desenrolo Rexional.



Betanzos e a súa Comarca

10 de decembro de 2009

O presidente de Portos de Galicia, D. José Manuel Álvarez-Campana, visitou a zona do porto onde se ten proxectado construír un complexo náutico deportivo. Na visita estivo acompañado da alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e varios concelleiros.



Pariente

11-XII-2009 // 15 de xaneiro de 2010

No edificio Liceo puido contemplarse unha exposición de gravados do artista betanceiro José Valentín, titulada «Brevidades». Ademais das obras o artista deu a coñecer ó público asistente o proceso de creación nun pequeno taller na propia sala.

11 de decembro de 2009

No edificio Liceo tivo lugar unha conferencia de D. Francisco González Barona, directivo de *Grenpeace*, titulada «Cambio climático. Retos para salvar el clima».

11 de decembro de 2009

Socios do Centro de Maiores de Betanzos levaron a cabo a «Operación Carballo», que consistiu na plantación de varias destas árbores na zona do Carregal. O acto coordinado pola Obra Social Caixa Galicia, contou coa presencia da coordinadora de Centros de Maiores de Caixa Galicia, Dª Ana Doval a directora do centro de Betanzos, Dª Pilar Lamas e a concelleira de Sanidade e Servizos Sociais, Dª María Jesús Teijo.

12 de decembro de 2009

Na Sala de Usos Múltiples do Liceo presentouse a campaña «Navidad en colorines Betanzos-Puerto Príncipe», na que participaron 800 alumnos de infantil que enviaron postais de Nadal e aportacións económicas a nenos de Porto Príncipe. O acto foi presentado pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e a concelleira de Familia, Dª Esperanza Sánchez. O Concello contou para a realización da campaña coa colaboración de Cruz Vermella e da Obra Social Caixa Galicia.

12-13 de decembro de 2009

Celebrouse no Cantón Claudino Pita o mercadillo de Nadal, organizado polo Concello para a promoción do comercio. O acto de presentación realizado pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo, tivo como novidade os dous baules de Verona adquiridos polo Concello, e a presencia do vicecónsul de Italia, D. Francesco Milani, que por este motivo estivo presente no acto.

12 de decembro de 2009

No edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Arela miúda en: O recuncho de Anabel» interpretada pola compañía *Arela das Artes*, no *I Ciclo de Teatro en Familia* organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

13 de decembro de 2009

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto do *Grupo Folck-A-Tones*, organizado polo Concello de Betanzos.

15 de decembro a 15 de xaneiro de 2010

Desenrolouse o Concurso fotográfico dixital «E ti... como o ves?», organizado pola Concellería de Sanidade, Servizos Sociais, Emigración e Xuventude, dirixido a rapaces de entre 12 e 18 anos. O tema a plasmar foi o relacionado co tempo de lecer e/ou os hábitos de vida saudable.

16 de decembro de 2009

Visitou os centros educativos da cidade a delegada de Educación, Dª María Teresa Villaverde, que estivo acompañada pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo, o concelleiro de Educación e Cultura, D. Pedro Gómez e diversos concelleiros. Na imaxe, co director do Colexio Vales Villamarín, D. Andrés Otero Martínez.



Pariente

19-20 de decembro de 2009

Celebrouse no Cantón Claudino Pita o mercadillo de Nadal, organizado polo Concello para a promoción do comercio.

20 de decembro de 2009

Dentro dos actos de Nadal inaugurouse no edificio Liceo o belén móbil que organiza a Asociación de Amigos do Belén, dirixidos por D. Manuel López Castro.

20 de decembro de 2009

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Pingueiras e tarteiras» interpretada pola compañía Teatro do Andamio, no I Ciclo de Teatro en Familia organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

21 de Decembro de 2009

Presentouse no Instituto de Ciencias Biomédicas Abel Salazar da Universidade de Porto, dentro do Mestrado en Medicina de Catástrofes a tese «Naufraxio do Prestige. Os Implicados», realizada por Sandra Cristina dá Rocha e Silva. A tese estivo dirixida polo médico brigantino Carlos M. Fernández Fernández, Doutor en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela, e profesor invitado neste Mestrado da Universidade de Porto


Erias

22 de decembro de 2009

No IES As Mariñas e organizado polo Concello de Betanzos tivo lugar a conferencia titulada «Frío polar, a miña experiencia na Antártica» a cargo da doutora en bioloxía, Dª Adoración Sánchez Mata.

24 de decembro de 2009

Faleceu neste día o compositor betanceiro Carlos López García Picos. Nado en Betanzos en 1922, formou parte da Banda Municipal e posteriormente nos anos corenta emigrou para Arxentina, onde residía xa boa parte da súa familia. Na Arxentina seguiu vinculado á música e dirixiu o Coro do Centro Galego e o Coro Os Rumorosos do Centro Betanzos. Foi alí onde se inclinou pola composición musical, escribindo as primeiras obras, que lle valeron recibir unha beca en 1957 do goberno Arxentino para estudar en París. Volveu á súa cidade no ano 1984, fundando a Asociación Galega de Compositores, da que foi presidente. Foi colaborador do Arquivo Municipal, onde deixou copias de boa parte das súas obras. As súas cinzas foron depositadas no río Mandeo, no lugar da Cangrexeira, como era o seu desexo. Desde o Arquivo Municipal e o Anuario Brigantino lembrámolo con agarimo.

26 de decembro de 2009
Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Cósima» interpretada pola compañía Sarabela Teatro, no I Ciclo de Teatro en Familia organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.
27 de decembro de 2009
Na Sala de Usos Múltiples do edificio Liceo tivo lugar o Torneo de xadrez do Nadal organizado polo Club de Xadrez de Betanzos.
27 de decembro de 2009
Dentro do Programa de Festexos de Nadal celebrouse na Residencia García Irmáns unha *Xornada de convivencia coa terceira idade*, coa participación da Banda Municipal de Música de Betanzos, a Agrupación Musical Carlos Seijo e a Escola Municipal de Folclore.
28 de decembro de 2009
Organizada pola Concellería de Muller, Infancia e Familia, realizouse unha excursión en familia a «Ocio Nadal» na Feira de Mostras de Ferrol.
29 de decembro de 2009
Dentro do Programa de Festexos de Nadal e organizado pola Delegación de Cultura e a Asociación de Amigos da Banda de Betanzos, celebrouse na Igrexa de San Francisco o tradicional Concerto de Nadal a cargo da Banda Municipal de Música e do Coro do Conservatorio Municipal.
30 de decembro de 2009
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o espectáculo de maxia «A Feira Máxica do Nadal» por conta do mago Cayetano Lledó, organizado polo Concello de Betanzos, dentro do 4º Circuíto Galego de Maxia patrocinado pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.
31 de decembro de 2009
Morreu neste día D. Manuel Bujía Cao, coñecido como Manucho, que estivo vinculado ó longo de toda a súa vida ó equipo de fútbol da cidade: primeiro como xogador e despois como utilleiro do equipo.


Veiga

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traduccións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servicios, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e *Abstract*

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluirase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique*. Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indicarase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluirase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espacios á marxe, indicarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo: <http://hemeroteca.betanzos.net> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.



Obra de María Manuela.



Obra de María Manuela.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2009, Nº 32,
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE
2010